



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 22

Sesión plenaria
8 de outubro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-ini49vTQ2-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 12119 (12/CPP-000024)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para dar conta dos principais eixes e liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2025, así como dos proxectos de lexislatura en que traballa o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 11694 (12/CPP-000023)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición dos 25 deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego, para explicar a súa renuncia a negociar co Goberno español unha mellora do financiamento de Galicia e unha quitación da débeda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

Punto 2. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2023 (doc. núm. 11139, 12/IVAL-000001)

2.1 11139 (12/IVAL-000001)

Valedor do Pobo

Informe anual correspondente ao ano 2023

Publicación do Informe anual, BOPG nº 85f1, do 17.09.2024

Punto 3. Mocións

3.1 11985 (12/MOC-000021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 10609, publicada no BOPG núm. 82, do 12 de setembro de 2024, e debatida en sesión plenaria do 24 de setembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

3.2 12028 (12/MOC-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5103, publicada no BOPG núm. 34 f1, do 5 de xuño de 2024, e debatida en sesión plenaria do 24 de setembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024



3.3 12031 (12/MOC-000023)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5504, publicada no BOPG núm. 40f1, do 19 de xuño de 2024, e debatida na sesión plenaria do 24 de setembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

3.4 12068 (12/MOC-000024)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre o balance das políticas de normalización lingüística (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1377, publicada no BOPG núm. 12f1, do 24 de setembro de 2024, e debatida en sesión plenaria do 24 de setembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

3.5 12072 (12/MOC-000025)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara**

Sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2985, publicada no BOPG núm. 22f1, do 8 de maio de 2024, e debatida en sesión plenaria do 24 de setembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 1290 (12/PNP-000136)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que retome con carácter permanente a Tarxeta Básica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

4.2 6570 (12/PNP-000683)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

4.3 6583 (12/PNP-000685)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis**

Sobre determinadas actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co fin de mellorar a xestión do Rexistro vitícola de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024



4.4 6600 (12/PNP-000688)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias de axudas provenientes da propia Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

4.5 7344 (12/PNP-000723)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e doce deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 60, do 05.08.2024

4.6 9906 (12/PNP-000817)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe poñer en marcha na política de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 5. Interpelacións**5.1 2914 (12/INT-000194)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

5.2 10417 (12/INT-000456)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024

5.3 11904 (12/INT-000526)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.112132 (12/POPX-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as medidas que pensa implementar nas políticas da Xunta de Galicia para afrontar os principais problemas que vive a mocidade galega na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

6.2 12133 (12/POPX-000018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración que fai da ampliación do contrato da concesión da AP-9 realizada polo Goberno do Estado en 2000

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 7711 (12/POP-001037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento en Galicia da proposta de gratuidade da matrícula universitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

7.2 11435 (12/POP-001794)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante os acordos adoptados relativos aos agrupamentos de alumnado de diferentes ciclos educativos no CEIP Castro de Ouro, de Alfoz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.3 11517 (12/POP-001805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas da comunidade educativa do CPI Castro Baxoi, de Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.4 11544 (12/POP-001808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a dotación dos centros educativos da Costa da Morte do necesario persoal docente das especialidades de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024



7.5 12115 (12/PUP-000045)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

7.6 8491 (12/POP-001420)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis

Sobre os pasos que vai dar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura da Ribeira Sacra ao seu recoñecemento como Patrimonio Mundial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024

7.7 9066 (12/POP-001484)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre as características das denominadas «microformacións», programa formativo impulsado pola Xunta de Galicia para que as persoas xa empregadas obteñan novas capacitacións adaptadas á demanda do tecido produtivo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

7.8 11578 (12/POP-001812)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre os usos que se lles está a dar aos centros de formación e experimentación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.9 12118 (12/PUP-000046)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre o alcance previsto do paquete de medidas anunciado polo Goberno galego para solucionar o problema dos stocks de viño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente solicita a todas as persoas presentes que garden un minuto de silencio e condenen o asasinato machista que se produciu en Moaña.

As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno e da Mesa do Parlamento e as persoas invitadas presentes na tribuna, en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 11.)

O señor presidente xustifica a inasistencia da deputada dona Silvia Longueira Castro (S) e comunica as alteracións da orde do día. (Páx. 11.)

Pide a palabra a señora Rodil Fernández (BNG) para manifestar unha cuestión relacionada coas alteracións da orde do día. (Páx. 11.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia o debate acumulado de dúas comparecencias do presidente da Xunta de Galicia, as rexistradas cos documentos 12119 e 11694. (Páx. 12.)

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para dar conta dos principais eixes e liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2025, así como dos proxectos de lexislatura en que traballa o Goberno galego. (Punto primeiro da orde do día.)

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición dos 25 deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego, para explicar a súa renuncia a negociar co Goberno español unha mellora do financiamento de Galicia e unha quitación da débeda. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 35.), Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 38.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 412) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 46.).

Réplica do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 50.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 50.) Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M) (Páx. 55.), o señor Gómez Besteiro (S) (Páx. 57.), a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 60.), o señor Pazos Couñago (P) (Páx. 62.) e o señor presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 65.)



Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2023. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo. (Páx. 67.)

A señora vicepresidenta primeira, Candia López, acompaña a valedora do pobo ata o estrado. (Pax. 67.)

Exposición da valedora do pobo: Sra. Fernández Galiño. (Páx. 67.)

A señora vicepresidenta primeira, Candia López, acompaña a valedora do pobo, que abandona o salón de sesións. (Páx. 73.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 73.), Sra. Castro Rey (S) (Páx. 75.), Sr. Insua Lema (BNG) (Páx. 78.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 81.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 85.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 91.) e Sr. Lorenzo Gómez (P) (Páx. 93.).

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 96.)

Suspéndese a sesión ás tres e dezaoto minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) anuncia o debate acumulado de dúas mocións, as rexistradas cos documentos 12028 e 12031. (Páx. 98.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais. (Punto terceiro da orde do día.)**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 99.) e Sra. Castro Rey (S). (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 105.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 107.).

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG) (Páx. 111.) e da Sra. Castro Rey (S) (Páx. 112.).



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre o balance das políticas de normalización lingüística. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 114.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 119.)

A señora Queixas Zas (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 122.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López, sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Méndez López (S). (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Insua Lema (BNG) (Páx. 127.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 130.).

Nova intervención da señora Méndez López (S). (Páx. 133.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar: rexeitada por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 8 abstencións. (Páx. 135.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para aclarar que hai unha única proposta de transacción que funde os textos do BNG e do PSdeG. (Páx. 135.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos.

Rexeitadas por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 135.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre o balance das políticas de normalización lingüística: rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 136.)



Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López, sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 136.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que retome con carácter permanente a Tarxeta Básica. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Espinosa Mangana (S).* (Páx. 136.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 138.) e *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 140)

Nova intervención da señora Espinosa Mangana (S). (Páx. 143.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día. (Pax. 144.)

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 144.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 148.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 153.)

O señor Pazos Couñago (P) solicita a palabra por alusións, que lle é concedida polo señor presidente. (Páx. 155.)

O señor presidente comunica o pasamento do pintor ourensán Alejandro Gómez Cruz, «Alexandro», que conta con obra no Parlamento, e amósalle o recordo e o cariño do Parlamento.

A señora Prado Cores (BNG) solicita a palabra, que non lle é concedida polo señor presidente. (Páx. 156.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Antes de escomezar co desenvolvemento do pleno prégolles ás súas señorías e tamén á xente que nos acompaña na tribuna do Parlamento que gardemos un minuto de silencio e condenemos o asasinato machista que estes días se produciu en Moaña.

Gardamos un minuto de silencio.

(As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno e da Mesa do Parlamento, e as persoas invitadas presentes na tribuna, en pé, gardan un minuto de silencio.)

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Comezamos a orde do día.

Xustifica a inasistencia a esta sesión plenaria a deputada dona Silvia Longueira. Comunícase tamén unhas alteracións da orde do día que todos vostedes coñecen e que xa foron remitidas aos grupos parlamentarios.

(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)

¿Si, señora Rodil?

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, bo día, presidente.

Eu quería manifestar unha cuestión de orde previa ao inicio da sesión plenaria, precisamente a respecto da orde do día e das modificacións que, como ven vostedes, se levaron a cabo aquí na Presidencia do Parlamento. Eu teño que manifestar que lamentamos moito desde o Bloque Nacionalista Galego que se estea rompendo mesmo o que é unha cortesía parlamentaria. Estanse facendo alteracións sen nin sequera consultar as deputadas e os deputados afectados por esas mudanzas na orde do día. O que vemos dende o BNG é que se está pregando precisamente a ordenación do debate aos intereses non só do Goberno da Xunta, senón aos intereses do Partido Popular dentro desta Cámara. Entón queríamos deixar constancia e hoxe manifestar o rexeitamento do noso grupo e pedir que se volva, polo menos, á cortesía habitual de consultar coas deputadas, cos deputados —cos grupos parlamentarios, en definitiva— esas alteracións da orde do día, que en moitos casos nin sequera coñecemos no día de hoxe cal é a súa motivación ou xustificación.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Vostedes saben que a orde do día se compón na Xunta de Portavoces. Ese mesmo día a asistencia parlamentaria remite o que se aprobou na Xunta de Portavoces e, posteriormente, se



hai algunha alteración que se nos comunica á Presidencia a través de relacións parlamentarias, trasladámosllela aos grupos; como foi, neste caso, o coñecemento que tiveron vostedes o venres das alteracións que hai. Se houbo algún problema sería o momento, ao mellor, de convocalo. En todo caso, ese é un documento informativo.

(A señora vicepresidenta, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

Iso é unha decisión de vostedes. Eu aquí non escoitei que a señora Olalla Rodil pedise unha votación. Pero saben que, se iso é así, onde se aproba unha votación, un cambio ou unha alteración da orde do día é no pleno. Eu non entendín que o pedise.

Entón, se lle parece, continuamos coa orde do día. O primeiro punto son comparecencias.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Neste caso, a do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, acumúlase á solicitada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para dar conta dos principais eixes e liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2025, así como dos proxectos de lexislatura en que traballa o Goberno galego

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición dos 25 deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego, para explicar a súa renuncia a negociar co Goberno español unha mellora do financiamento de Galicia e unha quitación da débeda

O señor PRESIDENTE: Sen máis, escomezamos. Para iso, ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías. Deputados do Grupo Popular, do Grupo do BNG, do Grupo Socialista e do Grupo Mixto. Convidados presentes. Medios de comunicación. Galegas e galegos.

Mañá fará seis meses dende que pronunciei neste Parlamento o meu segundo discurso de investidura. Aquí, ante os representantes que escolleu o pobo galego, presentei naquel momento as liñas xerais de actuación sobre as que creo que debe transitar Galicia no seu camiño cara á próxima década.

Señorías, a nosa comunidade votou en febreiro coa tranquilidade que ofrecía contar xa dende o 1 de xaneiro cuns orzamentos para este ano 2024 que aseguraban que as institucións galegas funcionarían fose cal fose o rumbo de futuro que escollesen os galegos. Así é, pasase o que pasase o 18 de febreiro, as galegas e galegos sabían que non deixarían de ter ningún so día o colchón dunhas contas públicas razoadas e proporcionadas. E, como pasou o que pasou, a próxima semana a Xunta aprobará un ano máis os orzamentos de Galicia para o



ano 2025; sen sobressaltos, sen estridencias e sen liortas. Coma sempre, como cada ano dende 2009, Galicia funciona. *(Aplausos.)*

Como vimos facendo dende o ano 2009, primeiro aprobamos os orzamentos e despois executámolos. No 2022 cumprimos cunha execución do 99 por cento dos orzamentos; no 2023, 29,6, practicamente o cen por cento e con menos déficit e con menos débeda que o ano anterior. E os de 2024, que está a piques de rematar o exercicio orzamentario, van seguir a mesma partitura. O mesmo podemos dicir dos fondos europeos, os MRR e os Next Generation. O Ministerio de Economía acaba de certificar que Galicia está nos postos cabeceiros —se non está á cabeceira— entre as comunidades que os están a adxudicar con máis axilidade. Tal e como reflicten os datos —insisto— do Ministerio de Economía, o 88 por cento dos fondos europeos previstos para este ano xa chegaron aos seus destinatarios.

Señorías, por desgraza o que en Galicia é un hábito noutros lugares estase convertendo nunha excepción. Lemos con asombro que o Goberno central asegura que os retos da España de 2025, do ano que vén, vanse poder afrontar perfectamente —dinnos agora— coas contas do 2023; como se o país non evolucionase, como se as demandas non mudasen moi rápido e como se o deber dun goberno non fose ir ao paso dun pobo que non deixa de avanzar. Lemos tamén con inquedanza as noticias que explican que hai case trinta mil millóns de fondos para España provenientes da Unión Europea no aire, na incerteza absoluta, nestes momentos. Están esperando a que o Goberno aprobe máis dunha ducia de leis para cumprir os compromisos que lle exige a Unión Europea antes desta libranza, e nada sabemos de se isto vai ser posible.

E, como a grande maioría dos galegos, asistimos perplexos e —¿por que non dicilo?— fundamentalmente preocupados a unha negociación entre o Goberno central e os seus socios de lexislatura na que toda a conversación está xirando sobre privilexios fiscais, amnistías, presos... e na que pouco, ou máis ben nada, se fala de economía familiar, dos servizos públicos ou da vivenda. Non se fai nada pensando no mañá e no conxunto do país dende o Goberno central. E isto é moi preocupante. É moi preocupante a situación e o rumbo do noso país. Esa preocupación polo que estamos vendo no panorama nacional motívame —motívanos— aínda máis para blindar a estabilidade de Galicia a toda costa. Onde alí vemos febleza, aquí temos que ser firmes. Onde alí hai sometemento e exixencias das minorías, aquí temos que velar polas prioridades de todos. Onde alí o valor da palabra reduciuse practicamente a cero, aquí seguiremos defendendo máis ca nunca que a política consiste en cumprir os compromisos. *(Aplausos.)*

Seguiremos polo tanto, señorías, co estilo Galicia. O estilo Galicia é mostrar ante unha cidadanía saturada de anuncios que despois nunca se levan a termo que aquí somos diferentes. Recordarán que ao principio desta lexislatura presentamos unha ambiciosa axenda de medidas para os primeiros cen días de goberno. Hoxe está en marcha, e algunhas medidas xa cumpridas no seu cen por cento. A primeira matrícula gratuíta en todos os graos xa é efectiva neste curso universitario. O solo industrial da Xunta, gratuíto durante oito anos para todas as empresas que o pidan. As mil novas prazas en residencias, centros de día e centros de discapacidade son realidade comprometidas para os primeiros cen días que están executadas ou en marcha. Quixemos —non tiñamos que facelo, en principio,



pero quixemos — sometermos a este exame ante a cidadanía galega de comprobación rápida. Queríamos demostrar que eramos merecedores da confianza que nos deron en febreiro. Polo tanto, señorías, o ritmo de traballo dos primeiros cen días será o que manteñamos — non pode ser doutra maneira — durante os máis de mil catrocentos desta lexislatura. Como dixemos, e como fixemos e faremos, Galicia cumpre. *(Aplausos.)*

Solicitei —é o que nos trae hoxe aquí— comparecer ante esta Cámara para explicar os obxectivos que nos marcamos, por suposto, para o ano 2025, co novo orzamento e tamén, como se verá nesta explicación, con horizonte de lexislatura, porque moitos dos proxectos que empezarán no 2025 terán a súa continuidade nos anos seguintes. Son obxectivos que, como ocorre coas administracións responsables, teñen que materializarse nuns orzamentos que o conteñen todo: o resumo dun goberno, do que quere facer, da súa planificación, do seu vieiro, de a onde quere chegar e de como manexa os recursos públicos están nos orzamentos. Por iso son tan importantes e por iso non é o mesmo telos que non telos, por moito que algúns se empeñen en dicir o contrario porque non poden aprobalos.

En xuño comezamos a elaborar os nosos orzamentos. En xullo, pese a que o Goberno central aínda non aprobara a axenda de estabilidade, sacamos adiante o teito de gasto máis alto da historia da autonomía: preto de catorce mil millóns de euros. E, en outubro, no mes no que andamos, aprobaremos un ano máis uns orzamentos ambiciosos; ambiciosos, pero tamén realistas. Ambiciosos, para sentar as bases da Galicia da vindeira década; iso si, sen hipotecarnos para o futuro. Algunhas das súas claves son as que veño explicar hoxe, e comezo a facelo.

A primeira, fundamental e tema que condiciona moitísimas cousas, é o financiamento autonómico. Señorías, non podemos esquecer que todas as contas públicas neste momento van estar marcadas por un importante e decisivo factor de incerteza. Estou a falar das enormes dúbidas que existen sobre o futuro do financiamento autonómico no seu conxunto. Non está de máis recordalo: o financiamento autonómico é o sustento principal que permite prestar os servizos da sanidade pública, da educación pública, dos servizos sociais públicos; en definitiva, de todo aquilo que a xente espera da súa administración.

O nacemento da España das autonomías —que, non por casualidade, foi paralelo ao da España democrática— non foi nin moito menos sinxelo. E se hoxe os novos servizos públicos son motivo de orgullo para todos os españois é porque, ao longo destas décadas, se entendeu que cada comunidade autónoma debería ter capacidade para desenvolver a política que mellor encaixase nos seus territorios, a máis conveniente; iso si, dentro dun marco de responsabilidade e de solidariedade mutua. Sen embargo, neste momento asistimos a todo o contrario. Asistimos a unha emenda á totalidade da España autonómica. Estase proponendo pasar dun sistema que, aínda que imperfecto —e, polo tanto, perfeccionable, por suposto—, tiña vocación de equilibrio; e iso era o principal. Estase proponendo cambiar ese sistema por un que proclama sen complexos e consolida e consagra a desigualdade entre territorios.

Creo sinceramente que poucas dúbidas debería haber sobre que a repartición ten que basearse no que necesita cada territorio para prestar os servizos públicos coa mesma calidade; en todo o territorio nacional. Creo que poucas dúbidas debería haber tamén sobre que un



veciño, por exemplo, de Navia de Suarna ou do Rosal merece ter unha sanidade de calidade igual que un da Seu d'Urgell ou un que viva no centro de Madrid. E tampouco debería haber dúbidas de que é inxusto —moi inxusto, tremendamente inxusto— que agora se pretenda facer táboa rasa e non se distinga entre os que cumprimos e os que non; entre os que apertarnos o cinto cando era necesario e os que viviron a todo trapo; entre os que gobernamos pensando no futuro e os que só o fixeron pensando nos seus intereses partidistas e bastante insolidarios. (*Aplausos.*)

Nas últimas semanas, señorías, estamos escoitando voces que nos piden que aceptemos, si ou si, que tanto se a débeda de cada comunidade autónoma é alta —altísima, como é a das algunhas comunidades autónomas—, baixa —como a de Galicia— ou na táboa media, ten que repartirse a partes iguais entre todos. Non é o momento agora de facer cálculos, que ademais xa están feitos por economistas independentes, pero isto suporía para Galicia, cando mínimo, botar enriba das costas de cada galego 500 —495 euros, para ser exactos— máis de débeda por asumir a débeda dos demais a cambio de que se asumise a nosa. Este é un negocio ruinoso e, fóra de condicionantes políticos, creo que o entende —ou debería entender— calquera.

Hai nesta Cámara quen pide que expliquemos por que nos opoñemos a isto. Eu creo que é evidente. Máis ben penso que debería ser o contrario: os que defenden un negocio tan ruinoso deberían explicar por encargo de quen están defendendo isto; a quen lle deben esa submisión e a quen lle deben ese empeño en que se faga o que lle convén a uns, pero non a Galicia. Tamén hai quen pide pasar dun modelo de corresponsabilidade, de solidariedade e de igualdade na prestación dos servizos básicos a outro modelo que se basea no «sálvese quen poida»: que cada comunidade recade o que poida pola súa conta e que gaste pola súa conta.

En primeiro lugar: ¿en que nación insolidaria queremos converter o noso país, España? E segundo: ¿que negocio ruinoso traería para Galicia? ¿Que cálculos fixeron sobre o gasto que agora mesmo está facendo o Estado e que deixaría de facer? Eses cálculos din claramente que Galicia saíría perdendo; e saíría perdendo por moito, máis de dous mil millóns de euros. E non é que o diga eu; é que o din informes de economistas reputados. Sen ir máis lonxe o da semana pasada, o do Foro Económico de Galicia, evidencia o que levamos tempo advertindo. Por certo, un dos cofirmantes dese informe foi candidato do Partido Socialista e antes membro do BNG. Supoño que non será sospeitoso de falar en nome do Partido Popular; aínda que, ¿quen sabe? Con tal de que a vostedes lles saian os cálculos... Ese informe di que Galicia perdería 634 millóns de euros —e dío negro sobre branco— se se materializase o financiamento singular para Cataluña que vostedes defenden. Ese informe di que Galicia perdería nada máis e nada menos que 2.128 millóns de euros se se xeneralizasen en toda a nación, en toda España, os modelos de singularidade que vostedes están reclamando.

Se o futuro do financiamento autonómico para España é este modelo ruinoso para o noso pobo, dende logo, señorías, que non conten con nós baixo ningún concepto. (*Aplausos.*) Afirmo aquí e vouno facer sempre: Galicia non vai ser subordinada de ninguén. Ningún goberno nin ningún territorio fará que Galicia renuncie aos nosos dereitos e intereses lexítimos. Non queremos ser máis que ninguén, pero tampouco —e baixo ningún concepto— seremos menos.



As posicións de Galicia, ademais, son coñecidas e, por certo, compartidas por moitos territorios, non só os gobernados polo Partido Popular; hai territorios gobernados polo Partido Socialista que seguen cos mesmos presidentes que estaban cando asinaron estes principios. Declaración de Santiago, ano 2020. Tan coñecidos e compartidos son estes principios que os plasmamos nunha declaración, nesa Declaración de Santiago, sete comunidades autónomas —insisto— de todos os partidos, incluído o Partido Socialista, e cos mesmos presidentes actuais. Eses principios pedían —e seguen pedindo— un sistema de financiamento que achegue recursos dabondo para atender os servizos públicos en todo o territorio; dende a costa ata a montaña, das cidades ás vilas, da España que vai en metro ata os que se despracen no autobús de liña, todos teñen os mesmos dereitos. Esas declaracións pedían —e seguen pedindo— un sistema de financiamento que atenda os factores que máis encarecen no día de hoxe a prestación dos servizos públicos: o avellentamento da poboación e a dispersión poboacional; diso en Galicia sabemos bastante. Eses principios pedían —e seguen pedindo— un sistema de financiamento dialogado, pactado entre todas as comunidades, con luz e taquígrafos; entre comunidades iguais, sen privilexios e sen amaños previos. Eses principios pedían —e seguen pedindo— un sistema de financiamento no que o Goberno central si ten que incrementar as súas achegas.

Existe no día de hoxe un déficit de miles de millóns de euros entre o que as comunidades autónomas investimos e gastamos na prestación de servizos públicos básicos e o que recibimos. Solucionar ese desaxuste, ou polo menos recoñecelo para empezar a solucionalo, sería unha excelente base para chegar a un acordo, xa que nos piden unha base. En Galicia acércase aos mil millóns de euros. Non imos aceptar que unhas comunidades autónomas están mal financiadas e outras están ben... Todas están mal financiadas e, polo tanto, todos deberíamos pedir unidos ese bo financiamento. Gustaríame, con toda sinceridade, poder contar co seu apoio nunha cuestión que —créanme— non é de partido, non é do Partido Popular e non é do Goberno da Xunta; é —ou debería ser, tamén para vostedes— unha cuestión de país.

Imos apoiar tamén os 313 concellos de Galicia na súa demanda dun financiamento municipal xusto. Teñen razón. Ten que estar acorde aos servizos que están prestando. E, dende logo, a negociación dun novo marco económico para o eido local é inseparable do modelo de financiamento autonómico; aquí, pero tamén, e previamente, a nivel estatal.

En Galicia estamos facendo un esforzo importante. Neste ano 2024 a Xunta superou a barreira, por primeira vez, dos seiscientos millóns de euros de transferencias directas aos concellos, un seis por cento máis que no ano 2023. Outro dato importante reflicte que os fondos autonómicos para os concellos medraron dende o ano 2009 un 38 por cento. Os orzamentos da Xunta medraron un 25 por cento. Polo tanto, hai 13 puntos máis de diferenza a favor do financiamento autonómico.

Este é o camiño que queremos e debemos seguir, e o que estamos seguindo. ¿É dabondo? Por suposto que non, pero a saúde financeira dos concellos está nas prioridades da Xunta de Galicia; todo o contrario que o Goberno central. Vimos a súa última decisión: impoñer —e moitos países de Europa non o están facendo— un novo imposto á recollida de residuos. Acabamos de ter que compensar, con cargo ao financiamento autonómico, ese maior gasto



que van ter que facer os concellos. O mesmo poderíamos dicir tamén, por exemplo, desa débeda que se vai acumulando ano tras ano do Goberno central coa Xunta de Galicia respecto ás prestacións de dependencia: 2.500 millóns de euros que non se recoñecen nin hai ningunha perspectiva de que se vaian pagar. No ano 2025, señorías, imos destinar 20 millóns de euros a compensar a suba do canon de Sogama, forzada pola nova lexislación a nivel estatal. Ese é un exemplo de como tratamos esta cuestión nun lado e noutro.

Outra cuestión na que é importante e urxente empezar a chegar a acordos é a que se refire aos servizos sociais básicos que prestan os concellos; concretamente o SAF, o Servizo de asistencia no fogar. A competencia é certo que é municipal, pero tamén é certo e somos perfectamente conscientes de que, sen a axuda doutras administracións, os concellos non serían quen de poder prestar —polo menos nas condicións debidas— un servizo tan necesario. A Xunta xa está poñendo doce euros por hora a cada concello para o mantemento do SAF. É máis da metade da factura total, en moitos casos. O Goberno está poñendo, no mellor dos casos, 2,5 euros; 12 fronte a 2,5. Con todo, a Xunta é consciente de que é necesario seguir axudando. Polo tanto, avánzolle que comezaremos a negociación dunha senda de alza da colaboración da Xunta cos concellos para o Servizo de asistencia no fogar, que terá xa o seu reflexo —se chegamos a un acordo— no ano 2025 e seguintes. Iso si, agardo que esta vez —e por unha vez— o Goberno central cumpra coa súa parte. Será imposible que isto teña efectividade e será imposible que os concellos poidan saír adiante na prestación do SAF se non nos implicamos todos. Agardo que esta vez, fóra das proclamas que fan grupos da oposición, lle esixan, como lle exiximos nós, un compromiso fehaciente ao Goberno central. A ver se esta vez é verdade. *(Aplausos.)*

E, señorías, a Galicia da vindeira década exige tomar solucións con perspectiva. As decisións que tomamos hoxe van ter repercusión non mañá senón moito máis adiante, se están ben tomadas. O curtopracismo, normalmente, en política vale de pouco. O que deixemos sementado para as vindeiras xeracións é tanto ou máis relevante que os froitos que poidamos recoller hoxe ou mañá ou pasadomañá.

Falo de iniciativas pioneiras que está tendo Galicia e que terán moitísima proxección no futuro. Intelixencia artificial, por suposto. Antes de que remate 2024, a Xunta de Galicia aprobará o proxecto da primeira lei de intelixencia artificial en Europa de carácter autonómico. A nosa comunidade xa é sede da Axencia Española de Supervisión e vaise converter así en referente no enfoque seguro e ético desta tecnoloxía. No día de hoxe, señorías, a intelixencia artificial xa está servindo para mellorar moitos servizos públicos en Galicia. Na sanidade, por exemplo, xa ten un bo número de aplicacións: detectar de xeito precoz o cancro de mama, analizar imaxes radiolóxicas ou apoiar os médicos de familia no seguimento dos seus doentes. Nos vindeiros meses dixitalizaremos —e para iso haberá nos orzamentos as consignacións correspondentes— as UCI de todos os hospitais públicos, para que a intelixencia artificial sirva tamén para monitorizar o estado dos doentes e prever a súa evolución. Tamén a aplicaremos na diagnose do cancro de próstata ou da análise de anatomía patolóxica.

Tamén no eido da educación as aplicacións da intelixencia artificial terán as súas consignacións orzamentarias. Fomos pioneiros en España en introducir unha materia de intelixencia



artificial, e agora prestaremos apoio aos colexios e institutos que comecen a utilizala sistematicamente para facilitar o traballo e mellorar a aprendizaxe dos alumnos.

Señorías, temos o talento, temos a traxectoria e temos o *know-how*. Asegúrolles que a ciencia será unha das grandes prioridades para a Xunta nesta lexislatura; (*Aplausos.*) e, por suposto, tamén nos orzamentos. Onte mesmo o Consello deu luz verde a un investimento de 55 millóns de euros. É certo que unha parte importante proviña de fondos *Next Generation*, fondos de Europa, pero tamén é certo que hai un cofinanciamento, un esforzo importante dos fondos propios da Xunta de Galicia.

Dotaremos a nosa comunidade dun centro de supercomputación, un ordenador aínda máis potente nun novo edificio, equipos de computación cuántica e novas infraestruturas para elevar moitísimo a capacidade de almacenaxe de datos, que é a tecnoloxía do futuro. Hoxe, ademais, hai máis profesionais que nunca dedicados ao I+D+i en Galicia; o seu número incrementouse nun vinte e catro por cento nos últimos quince anos. E Galicia é pioneira en regular a carreira investigadora do persoal da Administración.

E hai que seguir por este camiño, da man dos científicos; hai que ir da man dos científicos. Por iso, hoxe quero facer tamén dous anuncios. O primeiro é que, antes de que remate este mesmo ano, contaremos cun plan galego de investigación e innovación para coordinar e maximizar todos os esforzos neste eido; e, por suposto, este plan terá os seus correspondentes reflexos orzamentarios no 2025 e seguintes anos. (*Aplausos.*) O segundo é que Galicia vai crear unha fundación para o impulso da ciencia. ¿Que vai facer? Pois fichar investigadores en todo o mundo de alto potencial, estean onde estean, para traelos aquí e reforzar o tecido autonómico do I+D+i en Galicia. Traballarán en Galicia, en primeiro lugar para Galicia e dende Galicia para o resto do mundo. (*Aplausos.*) Non é, señorías, nin máis nin menos que a continuación da boa política levada ata o de agora que supuxo o programa Oportunius, que axudou a traer de volta a Galicia dezasete profesionais de primeirísimo nivel.

Se a ciencia é importante, a educación —vinculada directamente con ela— non o é menos. No día de hoxe Galicia non ten en ningún caso por que envexar o sistema educativo público de ningún territorio. Ninguén, señorías, no día de hoxe ofrece coma nós unha educación cen por cento gratuíta, dende que entramos nunha gardería ata que saímos cun título universitario ou de FP debaixo do brazo. Ninguén, señorías, escolariza na educación infantil, unha etapa clave, como se fai en Galicia: máis do sesenta por cento dos nenos e nenas. Cifras que están por riba das que se rexistran en países tradicionalmente punteiros na educación infantil; países escandinavos —Dinamarca, Noruega...—, que estamos por enriba deles. E ninguén conta na Formación Profesional cunhas taxas de inserción laboral tan altas como en Galicia: o oitenta e cinco por cento e case o cen por cento na Formación Profesional Dual. Unha porcentaxe que, ademais, se disparou dende o trinta por cento que había no ano 2009 ata cifras récord tan altas como as que acabo de expoñer. Non é casualidade señorías, que o número de alumnos de ciclos tamén se multiplícase por dous e que cada vez estes ciclos sexan máis prestixiosos.

Este é o camiño, e seguirá merecendo o esforzo orzamentario no ano 2025 e seguintes. Porque a nosa política educativa leva anos sendo avalada polos resultados. O informe Pisa si-



túanos por riba da media española e dos países desenvolvidos en case todos os ámbitos e líderes en áreas como a ciencia e o pensamento creativo. O abandono escolar quedou reducido á terceira parte, do vinte e seis por cento ao nove por cento nos últimos quince anos. Disto creo que hai que sentirse especialmente orgulloso, porque agora as aulas son capaces de enganchar a cada vez máis rapaces e rapazas. Programas como o FPGal360 conseguen —ou queren conseguir— que practicamente o cen por cento dos alumnos se forme ata polo menos os dezaoto anos e tamén recuperar persoas que no seu día deixaron de formarse, que deixaron permanentemente os estudos e agora queren volver a eles.

Ademais, hai que dicir que, malia a evolución demográfica, Galicia ten máis profesores que nunca. Hai poucos meses chegamos a un acordo para mellorar as súas condicións e reducir a carga burocrática que soportan. Por suposto, isto terá o seu correspondente reflexo nos créditos, especialmente do capítulo I dos orzamentos do ano 2025.

Señorías, se apostamos pola educación é porque apostamos tamén pola mocidade. Cremos na mocidade e apoiarémola no necesario para que poida desenvolver todo o seu enorme potencial. En Galicia, afortunadamente, hoxe contar cunha boa formación xa non é o problema que era antes; xa non depende da capacidade económica para garantir a igualdade de oportunidades. Agora depende, como creo que ten que ser, basicamente do esforzo que cada quen estea disposto a facer. Este é o camiño: igualdade de oportunidades garantida pola administración e, a partir de aí, cultura do esforzo e tender cara á excelencia.

Ademais da educación para que a mocidade, como dicía, desenvolva todo o seu potencial, fai falta facer outros moitos esforzos. Son moitos, como dicía, pero un deles— probablemente o que agora require a máxima atención por parte das administracións, un esforzo con maiúsculas— é o que se refire ao acceso á vivenda. Un problema que é certo que está xeneralizado —non só entre a mocidade, pero especialmente entre a mocidade— e que lle condiciona o comezo da súa vida independente e tamén o desenvolvemento da súa carreira profesional.

Hoxe un alugueiro e unha hipoteca é un importantísimo quebradoiro de cabeza para moitísimas persoas —insisto, especialmente mozos— e a Xunta de Galicia é perfectamente consciente. Dende logo, a solución é complexa e depende de moitos factores. Todos temos que comprometernos. Está claro que non pasa por apelar simplemente á solidariedade dos propietarios e dende logo non facemos nada criminalizando os propietarios e botándolles a culpa de todo. Ao contrario, hai que darlles seguridade, estimulalos para que poñan as súas vivendas no mercado de alugueiro. E, ao mesmo tempo, por suposto, dende as administracións temos que promover a construción de novas vivendas para incrementar a oferta.

Temos feito xa moitas cousas dende a Xunta de Galicia para garantir o dereito a unha vivenda digna: bonos para o alugueiro, avais para os mozos e mozas que queiran comprar un piso, redución de impostos, protección aos propietarios que desexan alugar... Estamos desenvolvendo solo residencial para vinte mil vivendas en réxime de protección construídas por iniciativa privada e temos ese compromiso, que estamos cumprindo semana a semana, do Consello da Xunta de Galicia para duplicar en só unha lexislatura, en só catro anos, o parque público de vivenda. Dos 4.000 inmobles actuais temos que pasar a 8.000, e deles 1.200 xa están en tramitación ou en construción nos primeiros cen días desta lexislatura, señorías. *(Aplausos.)*



Para conseguir este obxectivo hai que facer moitas cousas, dicía que era un esforzo multi-sectorial. O primeiro, loxicamente, é dotar con recursos para poder cumprir estes obxectivos. O 2025 verá como se triplican practicamente os orzamentos adicados á vivenda: pasamos de apenas 45 a 126 nos orzamentos do ano 2025. E isto, que é importante, ten que ir acompañado das medidas legais de choque que permitan incrementar dun xeito rápido a oferta de vivenda e atallar así a crise de prezos e de escaseza desta vivenda. Polo tanto, faremos reformas legais para que no ano 2025 queden reducidos á metade os prazos de tramitación do novo solo residencial para vivendas protexidas. Ampararémonos nunha figura que o permite, que son as declaracións de proxectos de interese autonómico. Quedarán reducidos os prazos á metade. Imos facilitar tamén moito máis a conversión de locais comerciais a vivenda. Xa fixemos un decreto neste sentido, pero detectamos unha serie de inconvenientes que queremos superar. Polo tanto, todos os concellos que así o desexen, sen necesidade de modificar o PXOM, poderán facilitar e acelerar a conversión de locais comerciais a vivenda; sempre e cando cumpran condicións, en principio, sinxelas: estar situados en edificios de carácter residencial e cumprir as normas de habitabilidade, agás altura de chan a teito —que poderá ser de 2,30 metros—; e non haberá necesidade de contar cunha reserva de prazos de aparcadoiro. Sen dúbida, isto será, xunto coa vontade dos concellos, un estímulo para que haxa máis conversións de locais comerciais a vivenda.

E, ademais, outorgaremos de xeito excepcional, durante un prazo tamén excepcional de tres anos, a cobertura legal para permitir que se recuperen os edificios que agora están inacabados por mor da crise económica e que poderán reanudarse sempre e cando tivesen licencia no seu momento e sempre e cando dediquen a metade das súas vivendas a un réxime de vivenda protexida.

Sen ningunha dúbida, máis alá de plantexamentos ideolóxicos que escoitamos moito e que non levan a nada, máis alá de promesas baleiras de miles e miles e miles de vivendas que nunca vemos, estes son resultados e accións que van ter efectividade. *(Aplausos.)*

E sen dúbida, señorías, se seguimos falando de mocidade outro gran problema da xente moza é atopar un traballo que se adapte á súa, en xeral, excelente formación e lles faga polo tanto sentirse realizados e ben remunerados. Eu aspiro a unha Galicia na que as miñas fillas, igual que as fillas e fillos de todos vostedes e da xente que nos poida estar vendo, poidan, se así o desexan, vivir e traballar dignamente en Galicia; e, por suposto, conseguir que aqueles que tiveron que marchar, se o desexan, poidan retornar á súa terra.

Eu creo que quedan perfectamente retratados, cada vez con máis claridade, aqueles que predicán sobre unha suposta emigración masiva da mocidade que as cifras desmenten. O saldo migratorio positivo é de 24.000, no último ano do que hai datos coñecidos. Esas mesmas persoas que sempre predicán o peor, que sempre predicán o desastre, son as mesmas que fan todo o posible para acabar coas oportunidades laborais que poidan xerarse en Galicia, especialmente para a nosa xente moza.

Direino todo o claro do que son capaz: é intolerable que para unhas minorías, que normalmente sempre están á esquerda —e ás probas me remito—, non haxa ningún proxecto que sirva e que sempre exista unha escusa para boicotealo. Isto é unha realidade. Por suposto



que os proxectos industriais enerxéticos teñen que respectar o medio ambiente e o patrimonio cultural. ¡Faltaría máis! Os que incumpran non poderán —nin poden— asentarse en Galicia, e hai moitos exemplos de informes da administración que o impediron. Pero, señorías, os competentes para certificarlo non son vostedes, nin ningunha minoría; son os funcionarios e os técnicos, e nunca as minorías de pancarta e megáfono. *(Aplausos.)*

Esas minorías, ¿poden ter máis decibelios? Si, probablemente. ¿Poden facer máis ruído? Sen dúbida. Pero os técnicos teñen a formación, a información e a competencia necesaria e moitos de vostedes póñena, sen ter nin idea, sistematicamente en cuestión. Un respecto para os funcionarios da Xunta de Galicia, señorías. ¡Un respecto! *(Aplausos.)* Igual que manifesto o meu respecto por aquelas persoas que de boa fe poden opoñerse a estes proxectos, moitas veces pola desinformación e a intoxicación da que son obxecto sistematicamente polas minorías interesadas. *(Murmurios.)* Esta é unha realidade, aínda que escoza.

E quen crea que isto empeza e remata nunha empresa concreta non está entendendo nada; está equivocado. Igual que a algúns no seu día non lles valía a AP-9, nin lles valía Alcoa, nin lles valía Reganosa, igual que hoxe a eses mesmos ou aos seus sucesores non lles valen os eólicos, nin as explotacións mineiras, nin as hidráulicas nin calquera outra enerxía necesaria para abastecer as industrias do futuro, a eses mañá a empresa que non lles valla será calquera outra. Aquí isto non vai nin da defensa do medio ambiente, nin dos nosos recursos hídricos nin da defensa dos montes. Nese caso seríamos —somos— os primeiros en estar de acordo. Do que realmente vai isto, o que os ten a moitos de vostedes fóra de si, é da posibilidade de que Galicia sexa un próspero país baixo unha dirección política que non sexa a súa. ¡Vostedes saberán por que! *(Aplausos.)*

Este é un asunto moi serio, transcendental. Os trens pasan só unha vez. Galicia está agora nos obxectivos de moitos investidores, que ven que temos condicións para as industrias do futuro. Hai moitas incertezas e moitos esforzos e moitos obstáculos que salvar para conseguir eses investimentos polos que todos os territorios loitan. Iso si, hai unha cousa segura: eses investimentos non van vir nunca, en ningún caso, se perciben esa hostilidade que vostedes se empeñan en mostrar. Onde ven que non os queren, deciden rapidamente e con moita facilidade ir a outros lugares.

Por iso, non esquezamos nunca que as minorías, minorías son; por moito ruído que fagan. Os que sempre o politizan todo, señorías, son os de sempre e coñecémolos de sobra. A inmensa maioría dos galegos queren traballo, queren progreso e queren futuro e este Goberno vai a estar ao seu carón, que non lles caiba ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

Eu téño claro, clarísimo: os proxectos industriais que non veñan aquí van ir para outros territorios, porque ao final están considerando varias posibilidades. Por iso, cando escoitamos dicir que queremos que veñan aquí empresas simplemente porque somos —e dise alegremente— «amigos dos empresarios», que sempre son supostamente malvados, eu digo que, efectivamente, somos amigos dos que crean riqueza, dos que crean postos de traballo; e nin os insultamos nin os facemos espantar por estar todo o día sendo hostís a eles e facer todo o posible para que vaian a outros territorios. Iso Galicia non o pode permitir e este Goberno non o vai permitir. *(Aplausos.)*



Estamos do lado da xente. A xente quere preservar o medio ambiente, quere preservar Galicia —querémolo todos—; pero tamén quere traballo, quere futuro, quere que as industrias se instalen aquí, queren vivir e traballar en Galicia. Vostedes, unha vez máis, están do lado incorrecto da historia. Ou ben por plantexamento puramente ideolóxico —sempre non—, ou ben por cambios de criterio, ao final non se sabe o que pensan. Sinceramente, non sei o que será peor; e non miro para ninguén.

A Galicia que prospera. Falemos de impostos, tamén. É certo que hai incertezas, pero hoxe, con toda a prudencia pero tamén cun realismo optimista, podemos dicir que Galicia é unha terra que medra e unha terra que avanza. Somos no día de hoxe a única comunidade que nos últimos vinte anos medrou por riba da media da Unión Europea. O noso PIB foi o segundo que máis medrou de España dende o ano 2009. O ano pasado superamos por primeira vez os 30.000 millóns de euros en exportacións e este ano seguimos subindo, cando están baixando noutras moitas comunidades as cifras de exportación. O investimento estranxeiro medra en Galicia e baixa na media de España e o índice de confianza empresarial, a pesar dos seus esforzos, duplica o do conxunto do Estado. Tamén a produción industrial crece ao dobre de ritmo que no resto de España. O paro está hoxe en mínimos históricos e en Galicia hai máis persoas que nunca cotizando á Seguridade Social.

En consecuencia, e coa prudencia pero tamén —insisto— cun realismo optimista que nos permiten as cifras, os datos e a planificación de ter orzamentos, os orzamentos do ano 2025 recollerán unha nova actualización á alza do cadro macroeconómico. O crecemento do noso PIB pasará do 1,8 que estaba previsto para o ano 2024 a un 2,1 no ano 2025. Contamos con acabar o vindeiro ano —o ano 2025— co desemprego no 9,1 por cento, despois de que lo-grásemos por primeira vez deixalo xa por debaixo de dous díxitos hai xa bastantes meses.

Todo isto, ademais, sen recorrer a endebedarnos. O ano que vén os orzamentos da Xunta de Galicia terán déficit cero, entre outras razóns porque todo o déficit queda reservado, apartado, para a administración máis endebedada da historia de España, que é o Goberno central do señor Sánchez; todo un tres por cento fronte ao cero por cento das comunidades autónomas prestadoras dos servizos básicos. Por iso é tan importante sentarse canto antes e pedir o financiamento que agora non temos para estes servizos.

Todos estes resultados que acabo de explicar son a mellor motivación para perseverar na política económica coa que nos conducimos. Escoito por aí que temos que facer un xiro radical, e eu poño estes datos encima da mesa. Temos o aval da sociedade galega; tivémolo hai apenas seis meses e tivémolo nos últimos anos. Quere dicir que algo estaremos facendo ben e algunha conexión estamos facendo coa maioría da sociedade. ¿Que hai que seguir mellorando? Por suposto. ¿Que hai que seguir facendo reformas e escoitando e mirando o panorama? Por suposto. Pero, miren, hai datos incontestables: mentres o Goberno de España subiu os impostos 69 veces —69 veces— nos últimos seis anos o Goberno de Galicia, o Goberno da Xunta, baixounos 112 veces dende o ano 2009. (*Aplausos.*) Dende o ano 2013 non subimos dende a Xunta de Galicia ningún imposto; iso si, reducímolos moitas veces, sempre que puidemos. Os fogares galegos con rendas baixas e medias están entre os que menos impostos —autonómicos— pagan en España. Somos a comunidade autónoma cos impostos máis baixos para comprar unha vivenda, tanto no rural como para colectivos prioritarios. E



somos o territorio, dende este ano, onde menos se tributa pola compra dun coche de segunda man, que son a maioría das compras. Galicia é o único lugar de España no que familias de dous fillos teñen os mesmos beneficios fiscais que as familias numerosas no IRPF.

Mentres, a gran contribución do Goberno central para reducir o custo da vida —a última, polo menos, desa longa lista de 69 en 6 anos— é empezar a aumentar o IVE dos produtos básicos, dicindo que as cousas miraban moito para os consumidores —dubido moito que sexa así—. E, dende logo, é intolerable e incomprensible —e hai que seguir denunciándoo— que o Goberno central siga pensando que o peixe e a carne son alimentos de luxo e non alimentos de primeira necesidade. Hai que baixar o IVE do peixe e da carne canto antes, señorías. ¡Canto antes! (*Aplausos.*)

En definitiva, o balance da Xunta de Galicia, fiscalmente e noutras moitas cousas, é exactamente o oposto ao do Goberno central. Cada galego paga de IRPF cincocentos euros menos dos que pagaba no ano 2009 ao ano. O 99,9 por cento —practicamente o cen por cento— das herdanzas deste país entre pais e fillos non tributan; e xa está todo listo para que, a partir do ano que vén, nos orzamentos do ano 2025 tamén se pague menos polas herdanzas entre parentes colaterais; ata 25.000 euros non terán que aboar nada en impostos. É dicir, dúas de cada tres herdanzas entre irmáns, entre tíos, entre sobriños, entre sogros, entre cuñados, entre xenros ou entre noras estarán totalmente libres de impostos. Dúas de cada tres. E o terzo que teñan que pagar terá unha exención inicial de 25.000 euros. Estes son feitos que avalan a política fiscal deste Goberno. (*Aplausos.*)

E, señorías, como lles dicía antes un goberno forte é o que sabe que unhas economías familiares sólidas e unha normativa que favorece esta solidez son as claves para poder contar cun estado do benestar áxil e eficaz. A Xunta —todas as administracións, pero a Xunta de Galicia—, en nome de quen falo, ten que ser impulsora do crecemento e nunca un obstáculo. O papelame e a burocracia deben ser os mínimos necesarios, case que residuos do pasado. Deste xeito, garantiremos que os proxectos cumpran coas normas, pero que tamén sexan de áxil tramitación, que ás veces é tan importante como ter axudas económicas.

Simplificar é o obxectivo da Oficina Económica de Galicia, que dende súa posta en marcha atendeu xa máis de sete mil consultas de particulares e empresas e está sendo requirida para imitar noutras moitas comunidades autónomas; entre elas, Asturias, aquí ao lado, e non gobernada precisamente polo Partido Popular. Simplificar é o obxectivo dos proxectos industriais estratéxicos, unha figura creada hai pouco tempo que reduce á metade —entre outras vantaxes— os prazos de tramitación e da que xa neste momento se están a beneficiar dez proxectos industriais que mobilizan 2.000 millóns de euros e van crear 1.400 empregos directos. Simplificar é mobilizar os recursos que están sen uso. Non teñen por que estalo. Acabamos de dar outra mostra de que, ademais de falar, facemos. Velaí a oferta de máis de medio millón de metros cadrados de solo empresarial a custo cero en euros durante os primeiros oito anos.

E simplificar será tamén o obxectivo dunha nova figura da ordenación que poremos en marcha no ano 2025, tamén coas súas correspondentes consignacións orzamentarias. Esta figura vai permitir crear novos polígonos industriais de xeito áxil, superando todos os obstáculos



que agora mesmo se dan, que moitas veces fan que non estea acompañada a vontade de crecemento das industrias coa disposición de chan. Queremos combinar a tramitación empresarial coa tramitación urbanística; simultaneamente, acompañala e coordinala moito máis. Estes novos desenvolvementos de solo industrial terán como núcleo un proxecto industrial estratéxico. Esa será a base. Polo tanto, axilizaranse os prazos. Deberán reservar espazo para máis empresas ou futuras ampliacións para non ter que volver outra vez empezar todo o proceso cando hai máis necesidades de chan. Deberán contar tamén con zonas reservadas para instalacións enerxéticas das que poidan alimentarse tamén as empresas que se instalen no futuro no novo polígono. Este é un dos grandes problemas que estamos atopando agora nos polígonos existentes.

O autoconsumo vai ser unha das mellores fórmulas para garantir unha subministración enerxética renovable, sustentable, barata e cun baixo impacto paisaxístico. Isto está na liña dos países máis avanzados e Galicia tamén vai ir por aquí. Apostar por sistemas de autoconsumo renovables para incrementar a autonomía enerxética, reducir os custos de transporte en rede e aforrar na factura eléctrica.

Porque, non se enganen, señorías, para falar de industria —polo menos, da industria do futuro— hai que falar de enerxía e tamén das enerxías do futuro. Galicia, coas enormes posibilidades que ten, quere ter voz propia neste debate. Temos unha enorme capacidade e enormes posibilidades —se os de sempre nos deixan— para ser líderes. Nesa liña vai a Lei de recursos naturais. Estase a debater neste Parlamento —como saben— e é a constatación de que a nosa comunidade pode e tamén quere —que é moi importante— poñer o seu vento, a súa auga, as riquezas do seu solo —en definitiva, a riqueza natural que temos— ao servizo da xente respectando o medio ambiente. A nosa riqueza enerxética debe ser tamén unha fonte de riqueza social. A ver se o entenden algunhas e algúns dunha vez. ¡A ver se o entenden! *(Aplausos.)*

E si, esta filosofía tense que plasmar na realidade. Para iso naceu a sociedade mixta Recursos de Galicia, que tan nerviosos e nerviosas pon a algúns. ¿Cal é a meta desta sociedade innovadora e que suscitou moitísima expectación e moitísimas peticións de explicacións para facer o mesmo en moitos sitios? Pois nin máis nin menos que garantir que a produción enerxética teña un retorno no territorio no que se asenta, territorios concretos e tamén o territorio de Galicia, respecto a empresas tractoras. Para iso contamos cunha ferramenta, que é a comercializadora. Esta posibilitará descontos no prezo da enerxía para comunidades que conviven con parques eólicos e para industrias que teñan potencial tractor.

Imos tamén, por certo, seguir avogando —como lle trasladei á ministra saínte e futura comisaria de Transición Ecolóxica e tamén ao presidente do Goberno, teño que dicir que con pouco éxito— por algo fundamental: de nada serve atraer industrias, de nada serve conseguir investimentos aquí se despois esas industrias non van ter a potencia eléctrica que necesitan para funcionar. Polo tanto, a cobertura eléctrica dos grandes proxectos industriais é unha necesidade, aquí e no resto do territorio de España, no día de hoxe non atendida polo Ministerio de Industria nin polo Ministerio de Transición Ecolóxica e na que deberiamos —desde logo, nós imos facelo— insistir con moitísima forza.



Igual que insistiremos para que remate o bloqueo eólico. Non vou facer aquí comentarios a situacións xudiciais. A diferenza doutros e doutras, cando non nos gusta o que fai un xuíz o que facemos é, por suposto, dicilo, e despois recorrer e esperar a que ditamine a xustiza, as instancias superiores. Xa o fixeron, xa sabemos os resultados. Polo tanto, seguiremos confiando na xustiza. E, mentres, seguiremos explicando o que está pasando aquí, que xa é observado con moita preocupación; tamén en Europa están a punto de abrir un expediente pola lentitude no despregue das enerxías verdes e xa deron toques de atención. Haberá que explicarlles que está pasando aquí. A min gustaríame, e é imprescindible —xa sei o que hai, pero teño que pedilo—, unha unidade de acción para defender un desenvolvemento renovable ambicioso e respectuoso co territorio e co medio ambiente. É posible, é necesario. Galicia xógase o seu futuro e espero que dunha vez e por unha vez o entendan. (*Aplausos.*)

Señorías, insistirei as veces que faga falta: Galicia non pode e non vai deixar pasar o tren de converterse nunha potencia enerxética renovable. As industrias do futuro —e do presente, porque xa están aquí— funcionarán con enerxías limpas ou non funcionarán. Polo menos, non funcionarán en Galicia; funcionarán nos territorios onde teñan estas enerxías. Por iso, nas vindeiras semanas comezaremos a actualización do Plan eólico. Xa ten máis de vinte anos; é necesario facer esta actualización. (*Murmurios.*) Non se poñan nerviosos. ¿Que queremos? Producir máis, producir en menos superficie, producir con seguridade xurídica, repotenciar, ser máis eficientes e darlle futuro a Galicia. ¡Que non o entenden nin de broma! (*Aplausos.*) E, por suposto, coa transparencia que non houbo na época do Bipartito. Iso por suposto.

Emprego e comercio. Señorías, creo que o mercado laboral está en boa forma; pero hai que melloralo, porque hai moitas ameazas e moitas eivas. Polo tanto, seguirá sendo unha das nosas prioridades, especialmente de cara á xente nova —outra vez a xente nova—. No 2025 elaboraremos a estratexia Mocidade Activa, vinte millóns de euros de consignación nos orzamentos do ano 2025 para incentivar a contratación de xente nova e formala, para que poidan realizarse e para que poidan aproveitar todo o potencial que teñen.

Somos tamén conscientes de que os autónomos son un piar —moito máis en Galicia— fundamental da nosa economía e da nosa sociedade. E nós queremos mimalos, queremos tratalos ben, queremos axudalos nas moitísimas dificultades que están atravesando; tanto os que levan xa tempo traballando e queren seguir ao pé do canón como os que están pensando se vale a pena emprender. Para iso, simplificaremos a tramitación de todas as axudas destinadas a eles e manteremos tamén importantes bonificacións como a cota cero para novas altas ou as axudas para a remuda xeracional. Todo iso terá consignación no ano 2025. Tamén aprobaremos un novo plan estratéxico do comercio local, que ten que adaptarse aos novos tempos. Ao mesmo tempo, manteremos os bonos comercio, que tan bo resultado están dando en anteriores edicións.

No vindeiro ano tamén axudaremos con asignacións económicas as empresas que están a sufrir un problema que, por desgraza, xa é xeneralizado —non só en Galicia, senón noutras moitas comunidades autónomas—, a falta de man de obra para cubrir vacantes, ás veces moi urxentes na súa cobertura. E farémolo cunha estratexia baseada, primeiro, en afinar coa formación e na busca, a través dos servizos públicos de emprego e doutros sistemas, das



persoas axeitadas para a demanda das empresas, e, ao mesmo tempo, seguiremos incidindo na Estratexia Retorna, para permitir a volta de galegos de orixe e dos seus descendentes que están na diáspora e que poden ser unha man de obra moi valiosa e moi formada en moitos postos que se están buscando en Galicia agora mesmo.

E respecto do sector primario, señorías, o rural galego vai seguir avanzando, ten que seguir avanzando en relevo xeracional, en xeración de valor engadido e en produción de alta calidade.

Ningunha comunidade autónoma produce tanto leite coma nós; somos líderes. Agora, o reto é seguir apoiando todas as iniciativas; apoiar, por suposto, os produtores, a industria transformadora para que de cada litro saquemos o máximo rendemento, tamén en prezo. Polo tanto, seguiremos incentivando a transformación do leite, estamos chegando a porcentaxes moi salientables, pero aínda se poden mellorar, e perseverando para que os produtores perciban sempre un prezo xusto.

Igualmente, seguiremos loitando cóbado con cóbado cos afectados pola última pandemia que afecta o gando vacún, a enfermidade hemorráxica epizoótica, con medidas de prevención sanitaria e tamén de compensación, que terán consignacións económicas no ano 2025.

E, igualmente, seguiremos axudando os produtores de carne; haberá consignacións importantes para axudalos en momentos que seguen sendo difíciles.

E tamén, por suposto, no sector vitivinícola, tanto a aquelas denominacións de orixe que están funcionando moi ben, que están tendo unha actividade exportadora magnífica —hai que seguir axudándoas, incentivándoas—, como a aquelas que poidan ter dificultades, como é o caso da Ribeira Sacra, con axudas para momentos difíciles e tamén co compromiso de facer cambios no futuro para superar esta situación difícil actual.

Seguiremos, por suposto, impulsando o relevo xeracional no rural, pensando nos que viven e traballan hoxe, pero tamén, sobre todo, nos que o teñen que facer no día de mañá para garantir o futuro. Haberá un plan de relevo xeracional amplo, con máis medidas para a formación e para a incorporación ao agro, con dotacións económicas. O banco de explotación será unha ferramenta fundamental e botará a andar a finais deste ano.

Tamén faremos unha clara aposta pola mobilización da terra agraria, tan difícil pero tan necesaria en Galicia. Hai que ampliar as producións, sacarlles a máxima rendibilidade e produtividade, especialmente as que agora están ermas. Neste sentido, os polígonos agroforestais serán un instrumento fundamental.

E tamén, por suposto, unha xestión ordenada do noso monte, da nosa enorme riqueza forestal. Hai que aproveitar toda a súa diversidade, que a temos. Iso si, dentro do máximo respecto á propiedade, que en Galicia e respecto do agroforestal é especialmente complexa. E por iso apostaremos por figuras como as agrupacións forestais de xestión conxunta, que están tendo moi boa acollida no sector.



E no noso mar somos conscientes de que os bancos marisqueiros aínda padecen as secuelas das chuvias do outono do ano pasado. E para apoiar a súa recuperación, ademais das axudas que xa percibiron, lanzaremos o ano que vén o plan de competitividade e sustentabilidade do marisqueo, dotado de 123 millóns de euros. ¿Para que? Pois para rexenerar os bancos danados, para a creación de novas zonas de traballo e tamén para o aproveitamento de especies que poidan complementar a fonte principal de ingresos deste sector.

No ano 2025, entre outras medidas, tamén daremos seguridade a máis dos douscentos trinta concesionarios actuais de Portos de Galicia. Faremos unha reforma da normativa que permitirá ampliar os prazos máximos de concesión a aquelas empresas que comprometan un investimento mínimo en Galicia de medio millón de euros.

Turismo. Señorías, no vindeiro ano imos seguir coidando unha fonte de riqueza que neste momento está entre un 11 e un 12 por cento —xa veremos como remata o ano—, sempre á alza, do noso PIB e da nosa man de obra.

Hai que deixar á marxe —digámolo claramente— actitudes turismofóbicas, moitas veces de raíz ideolóxica. Non representan o sentir común dos galegos, e dígoo ben claro. Hai que seguir avanzando, por suposto, cara a un turismo sostible, de calidade e con capacidade para perdurar no tempo; que todo aquilo que está facendo que tanta xente que antes non viña veña a Galicia, e esa xente poida seguir vindo.

Todo apunta a que nesta mesma semana superaremos o número de peregrinos que rexistramos en todo o ano pasado, que xa foi un ano récord. Só quero dicir que as cousas se están facendo ben, só quero dicir que o Camiño de Santiago, por moito que a algúns lles amole, hai que seguir coidándoo; é marca Galicia, é *mascaró*, trae moita xente a Galicia, non só peregrinos. E por iso no ano 2025, ademais de seguir coidando os camiños, de seguir coidando os albergues, de seguir fomentando a iniciativa privada de tanta xente nova que se está beneficiando diso, tamén con axudas económicas que seguirán no ano que vén, comezaremos un plan de fomento da mobilidade segura, para evitar eses puntos negros onde os peregrinos conflúen con tráfico en estradas especialmente concorridas, puntos perigosos que hai que ir eliminando paulatinamente.

E, por suposto, tamén seguiremos afondando nun dos tesouros de Galicia, de grandes oportunidades: o turismo termal, que tantos beneficios está evidenciando, por exemplo, en zonas interiores en Ourense e na Ribeira Sacra, especialmente coa chegada do AVE. Faremos un plan estratéxico para o turismo termal e seguiremos aproveitando o enorme potencial da marca Galicia Calidade, que tamén fala e fala moi ben de todos nós. (*Aplausos.*)

Señorías, que quede claro que queremos que nos visiten, queremos que nos sigan visitando, queremos que o fagan cada vez máis persoas, iso si, que o fagan co respecto de sempre. Os galegos non somos xente hostil, os galegos somos xente respectuosa e xente educada. E todos os que sexan coma nós, respectuosos e educados, serán benvidos, veñan de onde veñan e péselle a quen lle pese, señorías. (*Aplausos.*)



Así mesmo, a Lei de acompañamento dos orzamentos deste ano incluírá as disposicións para que naza e poida ser efectiva a chamada «taxa turística». E os concellos que así o desexen poderán impoñela. Iso si, sempre e cando cumpran cunha serie de condicións coñecidas dende hai moitísimo tempo, e ata hai cinco minutos perfectamente aceptadas. Esperemos que sigan na mesma liña que se mantivo sempre, a liña da coherencia. Cando se pide unha cousa hai que aceptar os pactos que levan a que iso se consiga. Polo tanto, a recadación e a xestión dela serán directamente dende cada concello, como sempre se falou. Terá que ir destinada, como é lóxico, na súa maior parte, unha parte moi importante dos recursos que se obteñan, á mellora da sustentabilidade turística. Para iso son as taxas turísticas. E, por suposto, terá que estar dialogada e acreditado este diálogo co sector turístico.

E, por último, en materia turística seguiremos moi atentos á evolución do compromiso acordado no último Consello Xacobeo celebrado —se non me engano— en Pamplona, onde se determinou que os incentivos fiscais dos patrocinios do Xacobeo comezarían en xaneiro do ano 2025. ¿Que pasa? Que agora se nos di que son necesarios os orzamentos. Outra vez: a diferenza entre ter orzamentos ou non telos. Polo tanto, se como todos nos tememos os orzamentos do Estado nin están nin se lles espera, espero que o Goberno central habilite, como fixo outras veces para asuntos —na miña opinión— non tan transcendentales, a figura do decreto lei e permita que en Galicia os que desexen patrocinar actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo o poidan facer dende o 1 de xaneiro do ano 2025. *(Aplausos.)*

Sanidade. Señorías, a prioridade que a Xunta de Galicia outorga aos servizos públicos creo que está fóra de toda dúbida. Investimos case un cincuenta por cento nos servizos fundamentais, servizos que a xente espera de nós cada vez con máis calidade; un 45 por cento máis, por certo, nestes servizos que a comezos da década pasada. ¿E por que? Porque é lóxico, porque é o que hai que facer, porque se os orzamentos crecen e as necesidades non deixan de medrar hai que priorizar e hai que estar á altura das demandas da xente.

Galicia está a apostar por unha sanidade de calidade, especialmente nestes últimos tempos pola sanidade preventiva, que tan útil é se as cousas se fan ben. Hai que anticiparnos á aparición de posibles doenzas. Nestes anos consolidamos, e por aí seguiremos no ano 2025 coas correspondentes dotacións orzamentarias, programas de vacinación, os máis completos do mundo nalgúns casos; recoñecido por todos os expertos en prevención.

Temos tamén en Galicia plans para a detección precoz de cancros de colon, cérvix e mama, e impulsamos tamén de xeito pioneiro o cribado do cancro de pulmón e do cancro de próstata. Contamos co cribado neonatal —isto é moi importante e non o dicimos as veces suficientes— máis amplo, con moita diferenza, de toda España. Identifica trinta e sete patoloxías, só sete son obrigatorias segundo o Sistema nacional de saúde. E imos seguir ampliándoo, en novembro con tres novas patoloxías e no 2025 incorporando as cardiopatías conxénitas. E para todo isto fan falta recursos orzamentarios, que estarán novamente no ano 2025. *(Aplausos.)*

Señorías, ¿a sanidade ten problemas? Por suposto, sempre o recoñecemos. Mais sempre nos opuxemos a esa visión catastrofista e non real que algúns e algunhas queren dar sempre do sistema sanitario público en Galicia.



A maioría dos galegos considera que a sanidade funciona ben, pero tamén é necesario que mellore, por suposto. E iso nós seguiremolo aplicando. Non somos alleos aos principais problemas que condicionan hoxe en día a nosa prestación sanitaria e que son comúns a toda España. O principal: a falta de médicos en determinadas especialidades. Esperemos que, por fin, o Goberno central entenda que hai que facer avances nesta materia. Están empezando a ir polo bo camiño, esperemos que se manteñan e non se boten atrás e que se dean conta de que isto é un asunto fundamental.

Mentres, volveremos ter un investimento récord en materia sanitaria. Dedicarémonos outra vez especialmente á atención primaria. E no ano 2025 verá a luz un novo plan de recursos humanos, que terá un mapa preciso dos profesionais sanitarios dispoñibles e dos que están formándose. O que queremos é actualizar o mapa de recursos humanos conforme as circunstancias actuais, que son cambiantes, e, polo tanto, hai que adaptarse a elas. Hai que ter en conta as novas características do sistema sanitario, os novos perfís profesionais, as novas prestacións que hai que ofrecerlles aos pacientes, as potencialidades que ofrecen as novas tecnoloxías e a aplicación, nomeadamente neste eido, da intelixencia artificial.

Avanzaremos e seguirá habendo consignación récord para a mellora dos edificios e dos equipamentos da sanidade pública: 238 millóns de euros nos orzamentos do ano 2025. Nesas partidas irán obras en hospitais e centros de saúde, equipos, por exemplo, para o Novo Montecelo de Pontevedra, modernización de moita maquinaria, moita aparataxe nos hospitais públicos; por exemplo, todos os ecógrafos dos hospitais comarcais ou o pioneiro centro de protonterapia que se está construíndo en Santiago de Compostela.

E, por suposto, señorías, Galicia ten que seguir atendendo cada vez con recursos crecentes a saúde mental. Hai un plan que despregamos durante a pasada lexislatura, e nel xa están incorporados máis de douscentos corenta profesionais especializados. Permitted elevar un 35 por cento as *ratios* de psicólogos clínicos e permitiu poñer en marcha hospitais de día infanto-xuvenís e unidades de prevención de suicidio en todas as áreas sanitarias.

Neste 2025 queremos seguir e pisar o acelerador. Por tanto, renovaremos e ampliaremos o Plan de saúde mental para afrontar con máis garantías aínda os retos pendentes, haberá unha liña de axudas específicas para atender as persoas con trastornos alimenticios, haberá máis axudas para as asociacións que actúan no tecido social e poñeremos un foco moi especial nos máis novos. A idade máxima para atención infanto-xuvenil pasará dos quince aos dezaioito anos.

Deporte, relacionado tamén coa saúde. Apostaremos polo deporte para seguir aumentando a capacidade de ser unha poboación saudable dende a base ata a cima. Estamos tremendamente orgullosos dos nosos deportistas, aos que recibín hai pouco en Santiago. Bateron un novo récord de olímpicos galegos de participación e tamén de medallas e de diplomas. Isto quere dicir que hai un traballo importante no deporte, por así dicilo, de elite, que tamén é moi importante. Pero tamén hai que seguir contando co deporte de base. Hoxe contamos con máis licenzas federativas que nunca, con máis mulleres federadas facendo deporte que nunca e con máis rapaces facendo deporte escolar que nunca.



Polo tanto, temos que seguir por aí tamén con recursos orzamentarios. E en 2025 seguiremos mellorando os programas e as infraestruturas que se necesitan para facer deporte, tanto atendendo aquelas que teñan un uso máis intensivo e, polo tanto, necesitan reformas ou ampliacións como colaborando cos concellos en pequenas infraestruturas deportivas, que, sobre todo, nos concellos máis pequenos son fundamentais.

E, señorías, nun tempo no que por fin vemos que a nivel nacional os temas de conciliación e no que atinxe ás familias empeza a ser relevante, en Galicia levamos moito tempo traballando neste eido. Somos xa líderes en escolarización na etapa dos 0 a 3 anos, con esa educación infantil gratuíta. E tamén somos imitados por outras comunidades autónomas con medidas como a Tarxeta Benvida, as casas niño, as casas do maior ou os bonos Concilia Familia.

Sen dúbida, o traballo en conciliación vai ser sempre unha tarefa permanentemente inacabada, pero é a base dunha política exitosa en materia de igualdade. No vindeiro ano, por exemplo, investiremos 10 millóns de euros no que se refire a seguir favorecendo a promoción da igualdade real. De nada serve o progreso noutros ámbitos se despois dentro de cada fogar, dentro do convencemento de cada persoa perviven exercicios de roles que xa non son propios destas épocas. Nunca terían que telo sido en ningunha, pero, dende logo, moito menos nestas épocas.

Por exemplo, aumentaremos as axudas destinadas a homes que reducen a súa xornada laboral para o coidado dos fillos. Seguiremos favorecendo todo o que poidamos a conciliación entre a vida laboral e a vida familiar.

E, por suposto, seguiremos, persistiremos e insistiremos na loita sen cuartel contra a violencia machista. Tivemos —hoxe acabamos de gardar un minuto de silencio— que lamentar o último asasinato machista, en Moaña. Polo tanto, temos que seguir perseverando; non é só cuestión de recursos, pero tamén é cuestión de recursos. Seguiremos mantendo de xeito único no día de hoxe esa asignación mensual para que as mulleres poidan rachar coa súa situación. Seguiremos, polo tanto, apoiando as vítimas e os seus fillos con recursos, con instalacións de habitabilidade, con axudas, sobre todo, no primeiro momento cando máis as necesitan. Seguiremos colaborando coas entidades que fan ese impagable labor de apoio ás vítimas de violencia machista, e, por suposto, tamén cos concellos, claves nesta loita que algún día teremos que gañar. *(Aplausos.)*

Persoas maiores. Señorías, as persoas maiores importan, importan moito, e, polo tanto, a Xunta vailles dedicar moita atención. É fundamental que estas persoas saiban que, con independencia da idade que teñan, esas actitudes idadistas son absolutamente impropias e que hai que erradicar de Galicia, e con independencia da idade que teñan, teñen moito para aportar e seguir sumando nunha Galicia mellor.

Cada galego, teña a idade que teña, sobre todo cando ten unha idade avanzada, debe ter a capacidade de escoller como quere envellecer, segundo os seus gustos, preferencias e necesidades. Agora mesmo, máis do noventa e oito por cento das persoas dependentes, recoñecidas cunha grave dependencia, contan cun servizo ou prestación. Isto sitúanos como a



terceira comunidade máis avanzada de España neste campo. Dende o ano 2009 Galicia triplicou as prazas de residencias financiadas con fondos públicos, onde pasamos de 5.000 a 15.000 prazas. Por suposto, somos conscientes de que queda moitísimo traballo por facer.

Hai moitos fogares, e sabémolo, que seguen esperando máis tempo do debido por unha valoración da dependencia ou para que se lles asigne un servizo unha vez que estean valorados. Por iso, en 2025 faremos un plan de choque —xa o estamos ultimando— para reducir estes prazos, e ten que seguir sendo unha das grandes prioridades do Goberno.

A administración é a que ten que adaptarse ás circunstancias dos dependentes e as súas familias, e non ao revés. Polo tanto, unificaremos a tramitación da dependencia e da discapacidade nun único procedemento, e simplificaremos as súas revisións para conseguir axilización de prazos e para conseguir darlles as prestacións canto antes. E para isto tamén haberá recursos orzamentarios no ano 2025. *(Aplausos.)*

E, señorías, unha Galicia que funciona ten que ser unha Galicia vertebrada. Creo que houbo moitos avances, calquera persoa que leva tempo sen vir a Galicia reconece que se avanzou moitísimo en comunicacións terrestres, pero hai que seguir facéndoo. Isto é unha das claves do noso progreso: mellores infraestruturas tecnolóxicas pero tamén infraestruturas físicas de transporte.

Galicia conta nestes momentos con máis de mil catrocentos quilómetros de vías de altas prestacións; dez veces máis das que tiñamos hai só trinta anos. Hai que seguir avanzando e hai que seguir estendendo as vías de alta capacidade, as autovías, alá onde son máis necesarias.

O ano 2025 será un ano tamén de obras importantes. Entre elas haberá máis, pero, entre outras, seguirase insistindo na autovía Tui-A Guarda, para a que xa se aprobou o trazado e no vindeiro ano avanzaremos coas obras, que requiren aínda un investimento importante, próximo aos cen millóns de euros, pero é un investimento necesario. Na autovía Nadelas-Sarria, no 2025, remataremos coa tramitación ambiental para aprobar o trazado do treito que aínda falta, e comezaremos a construíla inmediatamente. Na autovía Santiago-A Estrada continuaremos coas obras que están en execución, e no ano que vén prevemos licitar unha nova franxa, que conectará Pontevea e O Rollo. Seguiremos tamén pendentes doutras administracións na rolda de Lugo, por exemplo, para saber se podemos investir como nos comprometemos, e outras moitas infraestruturas públicas, que serán anunciadas convenientemente na comparecencia en materia de infraestruturas.

Igual que no transporte público. A importancia do transporte público para a vertebración de Galicia non ofrece dúbidas. Temos unha poboación dispersa e, polo tanto, necesitamos unha boa rede de transporte público. Hoxe en día, nove de cada dez galegos teñen unha parada de autobús a menos de 500 metros do seu domicilio, e os menores de 21 anos e os maiores de 65 anos xa viaxan gratis nos transportes que dependen da Xunta. Hai que seguir perseverando, hai que seguir construíndo instalacións da intermodalidade e hai que seguir reforzando as liñas de bus con máis demanda, por exemplo, as liñas directas entre as sete cidades. É un compromiso de lexislatura, e xa a principios do ano que vén empezaremos coa liña A Coruña-Lugo, ata completar todas aquelas ás que nos comprometemos.



E, por suposto, a AP-9. Señorías, na audiencia co presidente do Goberno, con Pedro Sánchez, intentei directa e expresamente arrancarlle un compromiso sobre o sentido da votación no Congreso dos Deputados respecto da transferencia da AP-9. Teño que dicir que non me contestou, o cal non é un bo sinal e o cal deixa moi en evidencia os compromisos que nos anuncia o BNG cada vez que vén aquí. Espero que estea á altura do que acordou este Parlamento. Espéro de todos os partidos, incluído o meu, pero xa o dou por suposto. O que me preocupa é ese silencio, ese case descoñecer os compromisos que había, tanto respecto das rebaixas como respecto de posibles traspasos.

O traspaso é posible, ten que ser posible, é case inescusable. Tamén son necesarias as rebaixas, tamén hai que afondar no posible rescate da concesión. Dende logo, nin vale esa carta aos Reis Magos que presentou o BNG nin vale esa cantidade enorme de cartos moi por enriba do custo real da que fala o ministro de Fomento. Unha cantidade axeitada, unha cantidade asumible é a que presentou o estudo independente da Xunta de Galicia.

Polo tanto, temos que negociar, temos que conseguir que, igual que se fixo noutros lugares, o Estado se plantexe o posible rescate da concesión, e mentres afondar de verdade nas rebaixas comprometidas. Xa vimos que este ano hai unha cifra récord nas subidas, e das baixadas ninguén sabe, dinnos que é cousa do presuposto. Nada se sabe dese compromiso electoral do candidato socialista de gratuidade. Non vou dicir o comentario cando dixen iso na entrevista, señor Besteiro, pero polo menos contribúa vostede a que lle cumpran aínda que sexa un só compromiso dos que nos contaron que estaban pechados e non sabemos absolutamente nada. *(Aplausos.)*

E, señorías, sen saír do campo das transferencias, quero pensar que esta vez e quero confiar en que o que se me dixo vai ser realidade, despois de ter que recorrer ao Tribunal Constitucional, defendernos máis ben no Tribunal Constitucional fronte ao recurso que nos plantexou o Goberno central. Recurso que tanto falar de diálogo, sen ningún diálogo previo, avisando o mesmo día que se ía plantexar, e unha vez que se acordou que había que plantexalo, o Tribunal Constitucional deunos a razón, deunos a razón de xeito palmario. E agora o que toca é cumprir con Galicia e cumprir sen máis escusas.

É certo que tiven unha carta do ministro Torres, o ministro de Política Territorial, na que dicía que empezou o proceso de transferencia; é certo que mandaba un documento inicial. Teño que dicir que non temos as mellores novas dese documento. Quero pensar que, como toda negociación, é un documento inicial.

Agora, digo aquí unha cousa claramente diante do Parlamento, diante dun Parlamento que non se opuxo á Lei do litoral, e tamén teño que recordalo, a pesar que despois non actuaron en consecuencia: a Xunta de Galicia vai exixir o traspaso da xestión do noso litoral exactamente nas mesmas condicións, como mínimo, que lles foi traspasado a outras comunidades autónomas. Non imos tolerar en ningún caso un traspaso en peores condicións; nin máis que ninguén, nin menos. E iso que quede claro. *(Aplausos.)*

Señorías, falando de patrimonio, hai que falar de patrimonio natural e patrimonio cultural. Temos en Galicia un inmenso patrimonio natural e do medio ambiente, que conservamos



entre todos —a Xunta de Galicia a primeira interesada—, cun valor incalculable. Polo tanto, iso ten que motivarnos a estar moi orgullosos e moi vixiantes da súa preservación.

Creo que imos polo bo camiño, xa que reducimos as emisións de gases contaminantes tres veces máis rápidos que a media de España e de Europa; o 42 por cento do territorio galego está protexido baixo algunha figura de protección, e o 80 por cento das masas hídricas que dependen da Xunta de Galicia están en bo estado, vinte e catro puntos máis que a media do noso país, de España.

Hai que continuar por ese camiño, e farémolo. No vindeiro ano aprobaremos dúas leis de gran calado: a lei do clima e a lei de administración ambiental simplificada. A primeira lei do clima vai establecer políticas transversais en todas as áreas e accións de goberno. ¿Para que? Para seguir loitando contra o cambio climático e para avanzar no camiño das enerxías limpas e renovables. Pero tamén —e isto atinxe a segunda lei— para avanzar nesta axenda é preciso simplificar a normativa vixente, que ás veces é farragosa, ás veces innecesaria nalgúns trámites e ás veces carente doutros trámites necesarios. Polo tanto, esta lei de administración ambiental simplificada vai ser fundamental.

Van ser leis facilitadoras do desenvolvemento de Galicia e da súa protección. Adaptarannos á normativa comunitaria e farán que todo sexa máis áxil, máis sinxelo, sen perder en ningún momento as garantías de seguridade e estrita observancia da normativa. *(Aplausos.)*

Galicia, polo tanto, ten que ser aínda máis verde e aínda máis azul, e neste senso van as actuacións. Onte mesmo, no Consello da Xunta de Galicia, aprobamos a Estratexia de creación de infraestruturas verdes, pola que buscamos, xunto cos concellos das grandes cidades, seguir favorecendo a construción ou a rexeneración de espazos verdes, de infraestruturas que teñan que ver coa preservación do cambio climático, con menos consumo de carbono, con menos contaminación. Para iso dotaremos nos orzamentos do ano que vén 3 millóns de euros para colaborar, para axudar os concellos, e empezando polas cidades, na construción ou no mantemento ou mellora das súas infraestruturas verdes.

E tamén avanzaremos a carón dos concellos na xestión dos residuos con eses 20 millóns de euros, tanto para compensar as subidas dos impostos estatais como para mellorar a xestión que fan, por exemplo, dos residuos téxtiles, con esa nova planta que imos construír en Cerceda.

E seremos tamén consecuentes coa necesidade de poñer en marcha canto antes o mercado voluntario de créditos de carbono, que está contemplado na Lei de recursos naturais e que se vai desenvolver no seguinte ano por decreto, e tamén terá consignacións orzamentarias e axudas.

E dicía que temos un riquísimo patrimonio medioambiental, pero sen dúbida tamén un riquísimo patrimonio cultural, empezando pola nosa lingua, un dos sinais de identidade dos que temos que estar máis orgullosos. Hoxe máis que nunca é necesario falar do galego en positivo. Hoxe máis que nunca é necesario que o galego sexa unha marca de orgullo de identidade na que caibamos todos. É unha porta para moitísimas oportunidades, e nunca funcionará nin baixo a perspectiva da imposición nin baixo a perspectiva do monolingüismo. Galicia xa dixo que non a iso. *(Aplausos.)*



Nunca antes houbo tantos galegos e galegas que soubesen falar, ler, escribir a nosa lingua e, ao mesmo tempo, nunca antes foi tan necesario seguir promocionando o seu uso, prestixiala, atraer a xente cara a ela; non utilizala como ningún símbolo de identidade, símbolo excluínate, símbolo ideolóxico. Hai que facer que amen o galego tanto os que nacemos aquí como os que viñeron doutros lugares para converterse en galegos por libre elección. Ese é o camiño e iso vai seguir este Goberno. *(Aplausos.)*

E todo isto acompañando e fomentando, por suposto, a existencia dun sector cultural galego cada vez máis en alza, que é unha fonte de riqueza, xera moitos postos de traballo, é movemento económico, pero, sobre todo, é identidade de pobo, dá emprego a moitas familias e fai que nos sintamos orgullosos a inmensa maioría dos galegos. Queremos contribuír a que isto siga así. O ano que vén haberá consignacións orzamentarias para despregar xa totalmente a Rede Adival e permitir que todos os recunchos de Galicia, os lugares máis pequenos, poidan tamén desfrutar de actividade cultural de calidade.

Seguiremos traballando na modernización das infraestruturas culturais, especialmente das máis senlleiras; o teatro Fraga creo que un bo exemplo. Seguiremos poñendo en valor o mellor do noso patrimonio, facendo o empurrón final para conseguir a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, por exemplo. E seguiremos, por suposto, apoiando as industrias audiovisuais, as industrias musicais, que fan que nos sintamos especialmente orgullosos, porque son marca Galicia en todos os sentidos. *(Aplausos.)*

Remato xa, señor presidente. Señorías, ao longo desta comparecencia debullei algún do eixos de actuación principal da Xunta de Galicia para o ano 2025 e en parte para toda a lexislatura. Loxicamente, son moitos máis, pero haberá tempo de explicalos durante as comparecencias de cada departamento. Pero estes son os eixos principais, as intencións, tamén políticas; para iso serve un orzamento, para marcar unha dirección política no emprego dos recursos de acordo cos compromisos que adquirimos cada un na recente campaña electoral.

Agardo —e dígoo sinceramente—, xa sei que é difícil, pero eu nunca vou renunciar a obter o seu apoio nalgunha destas iniciativas; algunhas son absolutamente lóxicas, e se tiveran nalgúns casos a liberdade para tomar iniciativas sen ter que estar mirando a quen lle parece mal ou non probablemente as apoiarían. Espero que haxa esta valentía nalgunha das iniciativas.

Eu, dende logo, estou especialmente orgulloso de que Galicia non estea impregnada dese enrarecido —¿por que non dicilo?— clima de crispación e de división que está definindo os espazos públicos, políticos e debate noutros lugares. Aquí, afortunadamente, non. Polo tanto, o que debemos facer os representantes públicos é, parafraseando o presidente Adolfo Suárez, elevar á categoría política de normal a práctica cotiá do que a nivel de rúa xa é normal. A xente non discute como ás veces se discute, coa crispación que se discute nos espazos políticos.

Hai que ofrecerlle á xente que nos observa e que nos coloca aquí máis altura de miras, non rebaixar por sistema o nivel dos debates. Hai que ofrecerlle á xente a visión de futuro; non pensar que a política é curtopracismo. Por iso, eu falo tamén de obxectivos de lexislatura.



Hai que ofrecerlle á xente menos politiquero para entendernos e máis Política —con maiúsculas—. Non alimentemos polémicas estériles, interesadas, leas que ás veces son absurdas, por moito que algúns ou algunhas crean que iso lles vai dar un rédito no curto prazo. Xa viron hai pouco que non. Galicia falou hai oito meses, Galicia xa escolleu. O momento de confrontar xa pasou ou debería ter pasado, e agora chegou o tempo de traballar. Asegúrolles que o meu Goberno o vai facer, a Xunta vaino facer; xa o está facendo e hai que seguir, xa tivemos cen días onde marcamos obxectivos que están cumpridos.

Señorías, asegúrolles, co aval do feito, co aval da confianza recibida hai poucos meses, con toda humildade tamén, pero tamén con toda a firmeza, que en 2025 imos seguir cumprindo, sempre. Para iso son os orzamentos dos que hoxe falei, para iso son os orzamentos, que entrarán en debate en breves días neste Parlamento.

Hai que seguir traballando cada día sen descanso por Galicia. Cada un terá as súas conviccións e os seus plantexamentos, pero ese debería ser o obxectivo común: Galicia, por riba dela, para min, para todos —ou así debería ser—, non debería haber nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ao Grupo Popular diríalle que se van facer rimos coas palmas, polo menos fagan un polirritmo; non todos a negras, outros a corcheas, outros a tresillos.

Eu teño a impresión de como se me desen un texto de dúas páxinas, e logo que me desen para o comentario de texto tres liñas; porque o señor presidente falou unha hora e media longa e dannos dez minutos para comentar o que dixo. Como comprenderán, non se pode facer de xeito moi bo, pero, ben, imos intentalo, pois tomei aquí unhas notas. Un atópase ás veces na posición do asno de Buridán, porque falou de tantas cousas que xa non se sabe por cal empezar.

Empezou falando do que vai ser, seguramente, a mai do año nas próximas semanas e nos próximos meses, do financiamento autonómico; ese é o debate que está aí na mesa a nivel nacional. E vostedes saben que moitas veces cando se vive un momento histórico, ás veces no propio momento non se coñece a importancia e a transcendencia que pode ter; esa clase de cousas vese *a posteriori*. E, seguramente, cando recordemos estes momentos, dentro de ao mellor cinco, seis ou dez anos, darémonos conta do momento importante que se está vivindo no país por motivo do debate do financiamento autonómico. Estase debatendo un modelo, cambiar un modelo que está caducado, e vaise debater cal vai ser o seguinte.



O triste do tema —na miña opinión— é que ese debate teña lugar por unha condición ata certo punto bastante arbitraria, que é que o señor Sánchez poida manter a súa cadeira no Goberno de Madrid. Porque vostedes saben que unha das características do Estado de dereito non é que soamente todos esteamos suxeitos ás normas, senón que a propia construción das normas non sexa arbitraria e non sexa discrecional. Entón, se vai cambiar a normativa de financiamento autonómico, o ideal sería que fose por uns motivos xustos, uns motivos obxectivos, por uns motivos racionais, e non por unha cuestión conxuntural, como pode ser, tal e como quedou a distribución de escaños no Parlamento español, que un presidente se plantexe a cuestión e que trate de resolvela por esa cuestión que —xa digo—, parece, ¡home!, non vou dicir discrecional, pero paréceselle bastante. Pero, en todo caso, esa vai ser a cuestión.

E aquí vaise xogar no campo ideolóxico desde varias posturas, polo menos a nivel deste Parlamento. Temos, por un lado, a posición do Partido Socialista, que eu penso que é a máis cómoda. Eu penso que o Partido Socialista neste Parlamento vai facer o que diga Sánchez. Sánchez decide facelo dunha maneira, pois esa vai ser a maneira que defendan. Sánchez cambiará de opinión e decidirá facelo doutra maneira, pois eles tamén, o Partido Socialista deste Parlamento apoiará esoutra maneira.

E logo están os outros dous, o que eu entendo que vai determinar bastante a cuestión, as posturas do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego. No fondo está o modelo que teñen cada un dos dous partidos maioritarios nesta Cámara sobre o que é o Estado, sobre o que é o país de España e o país de Galicia.

Por un lado, temos o Bloque Nacionalista Galego. Eu aí fixeime antes nunha camiseta que trae un deputado, que pon: «Creo / Creo / Creo», que o vin que antes, e acordeime de que esas foron as palabras de Pardo de Cela cando saltaba a súa cabeza nas escaleiras do cadalso na praza de enfrente á catedral de Mondoñedo, cando lle cortaron a cabeza e mentres entretíñan a súa muller na ponte do Pasatempo. Sabemos que o Bloque Nacionalista Galego pensa que, desde ese momento en que lle cortaron a cabeza a Pardo de Cela, Galicia é unha nación ocupada por unha potencia estranxeira. Iso é como pensan eles; eu non vou facer ningún tipo de xuízos. É dicir, o que pensa o Bloque, o que pensa concretamente a UPG, que é quen controla o Bloque, é que vivimos en Galicia nunha potencia baixo a ocupación dunha potencia estranxeira. E, polo tanto, o seu obxectivo a longo prazo é reverter esa situación. Estou —digamos— levando ao extremo para efectos didácticos as posturas, para que sexan máis comprensibles.

Digamos que o Bloque Nacionalista Galego non é un partido ao uso, o Bloque Nacionalista Galego é un apostolado. Transmiten esa idea, son semente para o futuro. Non é casual que moitos dos fundadores do Bloque pasaran polo seminario, non é casual, porque esa visión transcendente... ¡Olló!, que non estou xulgando, quero deixar claro que isto é algo que eu opino, pero de xeito obxectivo; non estou dicindo nin que estea ben nin que estea mal; iso tamén o podería dicir, pero non é o que estou dicindo agora.

Entón, o Bloque Nacionalista Galego vai aproveitar calquera oportunidade que lle dea historia para achegarse o que poida a esa situación da independencia de Galicia, que —xa digo que eles fan apostolado— será na seguinte xeración ou na seguinte ou na seguinte, cando cadre.



Neste momento, eu penso que entenden que ese debate do financiamento autonómico debilita os lazos co Estado central e, loxicamente, van tratar de aproveitalo para conseguir ese obxectivo. Como digo, é a súa liña mestra; o demais son conxunturalidades máis ou menos do momento. Por exemplo, pódense preocupar moito pola sanidade pública, pero eu penso que, por exemplo, se mañá se demostrase obxectivamente, cientificamente que a sanidade pública funcionaría mellor e os pacientes estarían mellor atendidos devolvendo as competencias ao Estado central, o Bloque oporíase. ¿Por que? Porque iría en contra dese obxectivo final da autodeterminación.

E, por outro lado, temos a postura do Partido Popular, que é xusto a contraria. O Partido Popular pensa nun Estado centralizado, pensa que é a realidade actual; ou sexa, a realidade actual é que Galicia forma parte de España, é un país que ten as normas que ten e as circunstancias que ten. Entón, o que trata é de manter ese equilibrio e a esa situación de país no que vivimos, que é España.

O tempo voa e tiña un montón de cousas.

Entón, nesa situación vaise debater a cuestión. Eu penso que Pedro Sánchez vai seguir o vello adagio romano *divide et impera*, divide e vencerás. Se fala con cada un dos presidentes pola súa conta, sen facer unha conversa en conxunto, vai negociar con cada un pola súa conta, e entón el vai estar no medio. Vostedes xa coñecen a teoría das redes, ¿non? A teoría das redes di que aquel nó polo que pasa máis fluxo de información acaba acumulando o poder. Pois aquí eu penso que a estratexia de Sánchez é esa. Vai pretender falar con cada presidente por separado, prometerlles a cada un. ¿*Qué hay de lo mío? Yo voy a lo mío.* E, ao final, Pedro Sánchez acabará acumulando poder por esa teoría xeral das redes.

E, por outro lado, está o Partido Popular, que pretenderá todo o contrario nunha conferencia de presidentes, en coherencia tamén con esa imaxe de país, o único que ten; aínda que esta descentralizada a súa administración nas autonomías, e nalgunhas en concreto, como saben, cun réxime especial de concerto, no que tamén habería moito que discutir. Pero, ben, auga pasada... Cando foi aquilo do café para todos, xa sabemos o que pasou.

Quero dicir que estaremos moi atentos, porque desde a nosa óptica concreta de Ourense, á fin e ó cabo —agora si, xa me cingo ao motivo concreto polo que estou aquí, que é a defensa dos seus intereses— eu non sei cal das dúas maneiras vai ser a mellor para a provincia de Ourense, porque o que nos interesa a nós desde Ourense é que cheguen os máis cartos posibles para a nosa provincia, con independencia de que o xeito de financiamento sexa un ou sexa outro. Loxicamente, o Bloque Nacionalista Galego defende a quitación da débeda porque é o pai da criatura que o pactou; entón é normal que o defendan. Esas cousas son totalmente comprensibles.

Só dei unhas pinceladas rápidas porque este tempo non dá para nada. Apuntei aquí algunhas cousas que dixo o presidente, que máis que ser uns orzamentos, porque eu non lle oín ningunha cifra, non sei se ao mellor algunha, pero nin en termos absolutos nin en termos relativos lle oín falar de cifras, falou máis ben de estratexias globais de goberno para a lexislatura en xeral. ¡Home!, chocoume un pouco o que falara de cambios normativos, falou



de cambios de varias leis, pero as leis fainas o Parlamento. Xa sei que o Partido Popular ten a maioría neste Parlamento e que vostede é o presidente, pero ese acto falido de falar de que vai aprobar unhas leis, cando o presidente da Xunta non aproba as leis, apróbaas este Parlamento. Polo menos, puido ter dito: espero que o Parlamento aprrobe as leis que traia aquí. Pero, claro, ese é un acto falido do subconsciente de que, á fin e ao cabo, se vai aprobar o que eu diga.

Nada, teño aquí moita cousa para tratar e seguir apuntando, pero nada, teño dez segundos, que non dá para máis. Espero que ao longo da lexislatura poidamos seguir falando disto como bos amigos todos.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor Ojea tivo dez minutos, o mesmo que van ter o resto dos grupos, non dez segundos.

Ten agora a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Non vai ser tan animada, pero vaiamos ao gran e á cuestión que nos trae hoxe aquí.

Señor Rueda, mentres vostede falaba hoxe aquí de anuncios que imos cualificar de rimbombantes, hai un mínimo de dezaoto mil persoas que esperan e desesperan por acadar unha vivenda que poidan permitirse pagar. En Galicia, unha persoa morre cada día na espera polo recoñecemento da dependencia, mentres vostede reduce un 6,4 por cento o gasto nesta materia. «Gobernantes sen alma» acábanlle de chamar os directores xerentes dos servizos sociais. Listas de espera en sanidade, problemas no transporte en autobús, non só no ámbito rural senón tamén no ámbito urbano, fondos que non se executan, falta de oportunidades e oportunidades perdidas na modernización de Galicia. ¿Sóanlle eses problemas, señor Rueda? Escoitándoo aquí hoxe parece que non, que non lle soan de nada. Se seguen sen telo claro, pregúntenlles aos alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas, porque os concellos de todas as cores políticas alertan de que están ao borde do colapso, porque se lles carga con competencias que son da Xunta, competencias impropias deles, sen darlles os recursos necesarios para atendelas. Centros escolares, garderías, axuda no fogar etcétera. Vostede invita e eles son os que pagan. As súas contas fallan e a súa execución tamén, señor Rueda.

En formato simple, ¿como son e como se fan as contas? Pois haberá que ter en conta o contexto, a previsión sobre o que vai acontecer nun futuro, e dende aí e a partir de aí partir do que se debe, estimar o que se ingresa e decidir como gastas e onde gastas.

Dende hai xa algún tempo, en Galicia, ao Goberno e ao Partido Popular non lles interesa falar de economía. A resposta pode ser porque o crecemento da economía no conxunto de España non para de marcar datos tremendamente positivos. E iso hoxe recoñéceo todo o mundo: o Instituto Nacional de Estatística, a propia OCDE e o Fondo Monetario



Internacional, e eu creo que tamén os empresarios que falan con vostede e operan no mercado nacional son quen de dicir que esas cifras son reais.

Pero Galicia non é quen de seguir ese mesmo ritmo, perde pulo. ¿E isto en que se traduce, señor Rueda? Pois en que, por exemplo, o emprego en Galicia manteña a segunda taxa máis baixa de todo o Estado. A economía crece menos, pérdense empresas e o emprego crece menos que no conxunto do Estado.

E a todo isto sumámoslle un dato que é relevante, como o deste mes de agosto, publicáboo un medio de comunicación galego: «*Galicia es la comunidad donde más suben los precios*». Es-tivemos este verán cunha infracción por riba do 3 por cento, máis que no resto de España. ¿E isto que significa? Pois que no último ano ir ao supermercado, comprar a roupa, repostar o combustible, en definitiva, chegar a fin de mes, é moito máis difícil para os galegos que para o resto dos cidadáns do noso país.

Vaiamos coas contas. Débeda. Nada dixó disto, nada dixó da débeda de Galicia. Se hoxe quixeramos pagar toda a débeda que ten Galicia teríamos que usar un orzamento dun ano completo, máis ou menos. Pero a vostede non lle parece un dato importante para falar da débeda. É previsible que as contas galegas, se son nese apartado similares ás do ano 2024, ocupen un dez por cento do seu orzamento total. Só o pago da débeda váiselle dedicar á consellería, que vai ser a terceira consellería da Xunta de Galicia, por riba incluso da de Política Social, tanto como toda a Atención Primaria de Galicia.

¿Dáse vostede conta do que sería poder ter o dobre de cartos que temos para axilizar as axudas aos dependentes, para dotar de cuidadores as persoas que o necesitan, para aumentar enormemente o volume de profesionais da sanidade ou para reducir as listas de espera? Non podemos porque dedicamos un euro de cada dez ao pago da débeda.

Os socialistas impulsamos unha medida de condonación da débeda pública nas comunidades autónomas. Galicia pode aproveitarse, pero vostede prefere que sigamos pagando, non falar do tema, ignoralo. ¿Por que vostede se nega a que se lle condone a débeda a Galicia? Esa resposta que é incapaz de contestar.

Ingresos. Vostede pasa o día falando de como ingresan os demais: eu quero máis... Ben, eu podo entendelo, pero entón falemos como persoas adultas. Falemos de por que estando vostede co presidente do Goberno non foi capaz de falar diso, de poñer enriba da mesa as necesidades singulares de Galicia, de falar de financiamento. Non, vostede cumpre o que lle din, que iso hai que falalo no ámbito multilateral. Eu xa lle digo: diso están falando outros presidentes das comunidades autónomas, incluído Page, ¡eh!; todos están falando diso nos encontros bilaterais. Ao mellor, a vostede non llo contan, pero a realidade é esa. (*Risos.*)

Nosotros defendemos a reforma do modelo de financiamento, e dicímosllo ademais dende o punto de vista que defendemos pública e abertamente a singularidade de Galicia —esa da que vostede non quere falar co presidente do Goberno—, o envellecemento, a dispersión poboacional, a situación xeográfica onde se atopa Galicia. A oportunidade que se abre agora, cun



Goberno que ofrece máis fondos ás comunidades autónomas, precisa dun presidente da Xunta que pense en Galicia, non do que lle mande Alberto Núñez Feijóo dende Madrid. *(Aplausos.)*

Pero hai máis que falar de ingresos, señor presidente, hai máis cousas que falar dos ingresos, porque a Xunta ten as súas vías. Sensato creo que non é moi sensato estar todo o día pedíndolle ao Estado cunha man e, por outro lado, rebaixar os impostos ás rendas máis altas do noso país. A min non me parece sensato nin coherente; a vostede probablemente si. Hai que ser responsables, señor Rueda, no campo fiscal. Cando lle toca cobrar, encárgase de que o fagan os concellos ao Estado. Vostede non quere asumir novas responsabilidades fiscais na recadación dos impostos, non quere. Élle máis cómodo así, porque así tampouco somos capaces de avaliar cal é a súa eficiencia na xestión do Goberno. É o momento de que a Xunta se faga cargo dos seus impostos, que teña capacidade inspectora, que teña capacidade de recadación. ¡Claro que si! ¿Ou é que ten medo ao que poida facer a súa administración mantendo esas capacidades? *(Aplausos.)*

Ao final, vostede non quere nin máis competencias nin asumir maiores competencias tamén no ámbito fiscal. ¿Cal é a defensa de Galicia por tanto? ¿Que presidente temos que nos defende con máis competencias e máis capacidades, sobre todo, próximas ao territorio?

Gastos. No terreo dos gastos, señor Rueda, vostede non mellora en todo o anterior. Por un lado, están os cartos que veñen doutras administracións. Os fondos europeos, por exemplo, chegan a Galicia, pero vostede non é capaz de executalos. A metade deles quedaron sen executar no ano 2022. Non o digo eu, dio o Consello de Contas. Son 600 millóns de euros que as empresas non puideron investir en renovación tecnolóxica, en formación de traballadores, en medidas de remuda xeracional. E todo porque vostede non é capaz de executalos.

O seu grande investimento da semana pasada: a comercializadora de enerxía, ese grande investimento que anunciou hai uns días, anunciouno con pompa, publicidade e fume. Quixo vostede contar que ía poñer en marcha algo parecido a unha empresa pública para abaratar a enerxía. ¡Por fin, entendeu que esa era unha posibilidade que se abre, e que llo demandabamos dende as diferentes forzas políticas! E, por tanto, eu pensei nun primeiro momento que caera xa desa burra e entendera esa cuestión; é dicir, conceptos como participación pública, beneficios para a comunidade, garantías medioambientais. Pero, non, dixo «renovable, pública e barata», e lémbreme aquilo de Santillana del Mar: *que ni es santa, nin es llana, ni tiene mar.*

Quere vostede ser o adañ das renovables, pero cada día que pasa co seu Goberno perde presenza a forza eólica no noso territorio. Conta que vai ser máis barata para todos, pero ao día seguinte xa di que non vai ser para todos, que vai a ser para algúns, para algúns colectivos; para todas as empresas non, para algunhas empresas. E conta que vai ser un sistema público, cando podendo facelo directamente público ao cen por cento montaron de maneira opaca un entramado de sociedades onde a Xunta ten só o 30 por cento, e o demais son unha rede de empresas participadas por outras empresas, onde hai parte das enerxéticas e fondos de investimento. Ao final, vostede foi a Sober, pero vai acabar pasando por Panamá. Eu estou seguro diso. *(Aplausos.)*

Como vostede comentou, pero creo que con algunha confusión, en materia económica precisamos ser máis eficientes nesa execución de fondos que vostedes non fan, pero ademais



onde temos un enorme reto en investimento de I+D+I que colabore coas nosas empresas para facelas algo que é necesario: máis competitivas e máis fortes.

E os socialistas apostamos tamén por impulsar decididamente o emprego en idades mozas, señor Rueda. Hai 42.500 desempregados rexistrados menores de 35 anos, teñen un paro do 27 por cento. Un plan de emprego para a mocidade que invista 100 millóns de euros anuais podería empregar de maneira estable a máis de vinte e cinco mil mozos e mozas nunha lexislatura. Custaría menos da metade do que vostede decidiu non cobrarlles aos que teñen máis dun millón de euros de patrimonio en Galicia. E eu non sei canto mundo coñece, pero eu coñezo máis xente en paro que xente que teña máis dun millón de euros en patrimonio. *(Aplausos.)*

Sanidade, señor Rueda. Por moito que vostede queira contar historias para disparar a culpa cara a fóra, coma sempre, a situación das listas de espera na sanidade que hoxe chegan á atención primaria precisa de melloras, sobre todo, na contratación. Galicia, como o conxunto de España, non ten un problema de formación de profesionais, o que sucede en Galicia é que temos un problema de contratación.

Vivenda. A súa implicación en políticas de vivenda brilla pola súa ausencia ata o día de hoxe. Ademais de deixar de boicotear e torpedear a aplicación da Lei de vivenda, debe aumentar o parque de vivenda pública. Hai dezaoto mil persoas, como dicía ao principio da miña intervención, no Rexistro oficial de demandantes de vivenda pública en Galicia, case catro veces máis que hai seis anos. No entanto, nos quince anos de Goberno do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: ...—vou rematando— construíron en Galicia menos vivenda pública que os catro anos que gobernou o Partido Socialista con Emilio Pérez Touriño á fronte. Resultado: prezos imposibles, que son un lastre para a nosa mocidade e para as familias con máis dificultades. Rectifique, señor Rueda, e fáganos caso para afrontar un problema ao que xa chegamos tarde, pero que non podemos demorar máis.

En definitiva, señor Rueda, hai razóns para tomar decisións de calado en Galicia, claro que as hai, pero vostede parece que non as ve, ou míraas dende outro lugar, que eu creo que aínda é peor.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Xa un non sabe se é mellor que vostede actúe ou que quede quieto. Temos oportunidades de rectificar, ten varias propostas enriba da mesa. Sempre lle dixen, e mantéño aquí nesta Cámara, que esa será a nosa actitude. Por agora seguimos esperando a que vostede exerza verdadeiramente de presidente e non teña que esperar a que alguén lle mande whatsapps co que ten que facer, e non cito quen. Fágase, señor Rueda, presidente dunha vez e falemos das cousas verdadeiramente importantes que lle interesan aos galegos e ás galegas, as cousas verdadeiramente importantes de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Rueda, pensei que era máis valente. Se vostede estivese tan convencido da súa xestión como presidente, hoxe convocaría o debate do estado da nación e non se escondería detrás dunha comparecencia, na que vostede ten tempo ilimitado e ao BNG só se lle permite falar dez minutos. *(Aplausos.)*

Pensei tamén que era vostede máis demócrata, ou polo menos iso nos dicía aquí hai seis meses nesta Cámara cando afirmaba: «Quero presidir unha terra na que os galegos con diferentes ideas poidan atopar puntos de encontro». Pero a realidade é que vostede é un presidente que foxe do debate do estado da nación, no que poderíamos buscar eses puntos de encontro que ese momento histórico así require.

E ademais fixo hoxe unha intervención na que cargou contra todos e todas as que non pensan como o Partido Popular, aos que menospreza e insulta. *(Aplausos.)* Chegou a falar de minorías ruidosas. ¿A que minorías se refire, señor Rueda?, ¿aos setecentos quince mil galegos e galegas que non votaron Partido Popular nas pasadas eleccións?, ¿a eses que vostede despreza? *(Aplausos.)* Escoite e respecte a xente que non pensa coma vostede.

Notouse na súa intervención que non ten ningún proxecto de futuro nin ningunha alternativa que darlles os galegos e ás galegas, por iso veu cun refrito de iniciativas xa presentadas —algunha por certo que xa hai meses dicían que estaban en funcionamento— e con anuncios nos que copia o BNG. Animámoslos a que nos sigan copiando, como na defensa dunha fundación pública para a ciencia, porque así avanzará este país. *(Aplausos.)*

Dixo tamén que a política consiste en cumprir a palabra. Como vostede, señor Rueda, quen hai menos dun ano votaba neste Parlamento a favor dunha quitación da débeda. ¿Cal é o valor da súa palabra despois de velo como renega das súas propias votacións? *(Aplausos.)* Aínda non deu explicacións de por que non quere que Galiza aforre miles de millóns de euros. ¿Por que, señor Rueda? ¿Que lle molesta?, ¿que o conseguiu o BNG? ¿Iso é o que lle molesta? Señor Rueda, dunha vez por todas, poña Galiza por diante dos intereses do PP. *(Aplausos.)*

Segue sen explicar por que reduce a 700 millóns de euros —o outro día creo que dixo 1.000 millóns, ¿non?— un déficit financeiro, cando ten a un organismo como o Consello de Contas, que lle está dicindo que ese déficit financeiro é de 1.500 millóns de euros. ¿De verdade cre que minimizando o problema que temos co financiamento vai poder conseguir un mellor financiamento? ¿De verdade cre que rebaixar as exixencias de Galiza á hora de negociar o financiamento é unha boa idea? Eu non sei que cursiño fixo vostede de negociación, señor Rueda, pero é evidente que a Galiza si lle vai mal.



E tamén segue sen explicar por que quere deixar Galiza atrás, porque lle nega a Galiza o que xa ten Euskadi, o que vai ter Cataluña e que vostede non quere para Galiza: a chave dos seus cartos. ¿Sabe cal é a explicación a todo isto, señor Rueda? Servilismo e submisión ao Partido Popular de Madrid. *(Aplausos.)* É vostede o presidente máis desleal da historia. Vostede non está traballando para os galegos e para as galegas, vostede traballa para o Partido Popular e para as empresas amigas. Vostede non está cos que queren crear riqueza, vostede está ao lado dos que queren enriquecerse á custa de Galiza. *(Aplausos.)* Eses son os que vostede defende, familiares do Partido Popular que imos investigar, claro que si. *(Aplausos.)*

¿Sabe para quen traballa? Vostede traballa para o *lobby* eléctrico, ao que lle pon unha alfombra vermella para que se forre roubándonos o noso vento. E este plan de espolio ten agora unha nova fase, e é usar ese cebo dun anuncio —que, por certo, fixeron despois dun retiro espiritual nun hotel de luxo— onde avanzaban a creación dunha comercializadora, iso si, o 70 por cento privada. Unha comercializadora que é unha cortina de fume —xa o dixeron—, pois o que queren é ver se conseguen acalar toda a crítica que hai e toda a indignación social que hai co espolio eólico deste país. *(Aplausos.)*

Mire: Barcelona ten unha comercializadora; Madrid mañá mesmo pode crear unha comercializadora e ten cero eólicos. Polo tanto, unha comercializadora non é un elemento de compensación por ter os nosos montes cheos de muíños; ao contrario, é que vostedes queren poñer recursos públicos para que as eléctricas non teñan que compensarnos á custa dos seus beneficios. *(Aplausos.)* Este é o despropósito que vostedes están poñendo en marcha. Porque a súa obsesión non é desbloquear o desenvolvemento eólico, a súa obsesión é desbloquear o espolio eólico deste país para que o *lobby* eléctrico siga forrándose á custa dos galegos e das galegas. Esa é a súa primeira prioridade.

¿E sabe cal é a súa segunda prioridade, señor Rueda? É colocarnos unha bomba ambiental no corazón de Galiza, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* permitir que unha multinacional como Altri poña unha macrocelulosa contaminante, que, por certo, non quere Portugal. Por algo será, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Fala de industrializar, pero non foi capaz de salvar nin unha soa empresa en crise. E entre o ano 2009 e o 2023 perdemos 27.000 postos de traballo na industria. Fala de industrializar e crear emprego, pero a súa proposta é darlle 250 millóns de euros a Altri, poñendo en risco catro mil empregos e tres mil explotacións na comarca de Arzúa e da Ulloa, e catro mil empregos na ría de Arousa. A proposta do BNG... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —señora conselleira, tranquilícese que estou no uso da palabra, ¡reláxense, por favor!— ...a proposta do BNG é que eses... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que lles proe cando falamos dos seus amigos, *(Aplausos.)* eu enténdoo porque vostedes están aquí para defender as multinacionais, non a xente traballadora, non os pequenos e medianos autónomos. *(Aplausos.)* Iso é o que quere defender o BNG. Por iso, dicimos que non lle queremos dar 250 millóns de euros a unha multinacional para que contamine o noso país, senón que o que queremos é que eses 250 millóns de euros se lles dean á xente do mar, á xente do rural, ás pequenas empresas que están poñendo en marcha proxectos nesa zona e para coidar o territorio desde o río Ulla á ría de Arousa. *(Aplausos.)*



Miren: Galiza necesita propostas para o século XXI, e a súa grande aposta é repetir o que fixo Franco hai máis de sesenta anos ao colocarnos outra bomba ambiental neste país. Señor Rueda, está máis ancorado no pasado do que eu pensaba. *(Aplausos.)*

Neste debate do estado da nación trucado, no que a súa covardía non lle permite convocalo, aproveitou tamén para falar de vivenda. Dixo que a cidadanía estaba falta de promesas, de miles de vivendas que nunca chegan. Eu non resumiría mellor a política do Partido Popular en materia de vivenda. *(Aplausos.)*

E volve, si, facer anuncios de miles de vivenda; van cambiando. Pero ¿sabe detrás da súa propaganda que queda? Queda o seu boicot ás medidas valentes a favor da xente que está tomando o Concello de Santiago para regular as vivendas de uso turístico; queda tamén o seu boicot aos concellos que lle están pedindo declaracións de zonas tensionadas para que non siga subindo o alugueiro de maneira desproporcionada. E tamén debaixo desa propaganda, ¿sabe o que queda? Que a súa primeira medida en materia de vivenda foi aumentar un 30 por cento o prezo da vivenda protexida. ¿Como non? Unha vez máis, cando ten vostede que elixir entre o negocio duns poucos ou os dereitos da maioría, o Partido Popular sempre elixe o lado equivocado. *(Aplausos.)*

Por suposto, en materia de servizos públicos, a súa intervención deixa claro que viven nunha realidade paralela. É que vostedes ven o *Telexornal* e cren que é a realidade; este é un problema. Nesa realidade do *Telexornal*, claro, para o señor Rueda na sanidade non hai listas de espera. É que non temos once mil nenos e nenas sen pediatra; non hai miles de persoas que están agardando por unha primeira cita en materia psicolóxica. Nesa ensoñación que nos constrúe a TVG non hai problemas na educación pública. Recomendolle que falen cos pais e nais que cada ano están pelexando —si, coa pancarta, señor Rueda— *(Aplausos.)* para que os seus fillos e fillas poidan ter a educación que necesitan con necesidades especiais. Debería escoitalos. *(Aplausos.)*

E a gravísima situación que temos na dependencia tápase con anuncios repetidos. Hoxe vostede fixo un anuncio que é exactamente o mesmo que xa fixeran o 10 de xuño en materia de servizo de axuda ao fogar, exactamente o mesmo. É que teñen tan poucas ideas, avanza tampouco, que teñen que vir con este refrito. Pero ¿sabe o que saben as persoas usuarias do SAF e os concellos afogados porque vostedes os cargan con competencias impropias? Que nesta lexislatura o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG de elevar a 20 euros o que se paga por hora. Iso é o que ten que vostede explicar: ¿por que non quere mellorar o financiamento e o funcionamento dun servizo esencial?

E, por suposto, isto non o van ver na TVG, esa cuestión, non. Aínda que aquí eu creo que as cousas van ir a peor porque debe parecerlles pouco o nivel de manipulación —teñen aí unha folga indefinida convocada polos traballadores— que agora a súa gran proposta é darlle unha nova volta de torca á manipulación nos medios cunha lei que quere nomear a dedo polo Partido Popular o próximo director...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato, presidente— e recortar a presenza do galego. Hai ducias de televisións en castelán, só hai unha en galego, pero ao Partido Popular parécelle moito, e por iso tamén quere recortar. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, está tan orgulloso do galego que vostede vota neste Parlamento en contra de que o galego se poida falar no Congreso e no Senado. Está tan orgulloso do galego que foi o primeiro en poñerse detrás dunha pancarta en contra da nosa lingua; unha vergoña que o vai acompañar sempre, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: —Remato, presidente.— Gustaríame acabar facéndolle unha petición: deixe de traballar para o centralismo madrileño; deixe de traballar para as eléctricas e as multinacionais; deixe de poñer o Partido Popular por riba de Galiza; deixe de ser o presidente do «non» e diga «si», si a poñer a riqueza eólica ao servizo do país,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...si a defender a xente do mar e do rural...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...fronte a bomba ambiental de Altri...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...si a un sistema de financiamento xusto que nos dea a chave dos cartos,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...si a defender Galiza fronte ao egoísmo centralista...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señora Pontón.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminou o seu tempo.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.



(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Non, terminou o tempo.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señora Pontón. Xa terminou o seu tempo.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Non a están escoitando... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non a están escoitando.

(Aplausos prolongados.)

Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Lamento que non tivera tempo de acabar o vídeo, señora Pontón; *(Risos.)* o Regulamento e as restricións é o que teñen.

Eu creo que debo comezar —alguén ten que facelo— agradecéndolle ao presidente da Xunta a súa comparecencia, porque creo que, ademais de ser un exercicio de transparencia, pode aportar polo menos dous beneficios importantes: o primeiro, facilitar aos cidadáns que coñezan cales van ser os principais obxectivos do 2025 para o Goberno que lexitimamente elixiron, e o segundo, creo que vai proporcionar unha interesante válvula de escape para que a oposición poida canalizar a frustración e a xenreira que leva arrastrando dende o 18 de febreiro. *(Aplausos.)* ¡Supéreno!, ¡de verdade! *(Aplausos.)*

Eu, sinceramente, penso que os galegos estarán satisfeitos ao comprobar que as preocupacións e prioridades do seu Goberno son as mesmas preocupacións e prioridades que comparte a inmensa maioría dos galegos. máis e mellores servizos para as familias galegas, unha sanidade en constante progreso, unha política social coas maiores coberturas da nosa historia e un sistema educativo máis accesible da nosa contorna e cuns resultados e uns índices de calidade sen precedentes. Creo que os galegos queren máis e mellores oportunidades de futuro para a xuventude galega, unha aposta decidida pola vivenda, pola creación de emprego de calidade, polo apoio ao emprendemento e por potenciar o talento propio e atraer o talento de fóra. Creo que queren unha máis e mellor Galicia, defendendo un trato xusto ás necesidades específicas desta terra dentro dun marco de solidariedade compartido entre todos os pobos de España e tamén de Europa, e posibilitando un desenvolvemento sustentable do inmenso potencial natural, paisaxístico, industrial, cultural e turístico que contén esta terra e este pobo. E, afortunadamente, creo tamén que os galegos coñecen cal é a fórmula para despreñar todo ese potencial: máis Galicia, máis Partido Popular de Galicia, máis Goberno de Alfonso Rueda; de feito, catro anos máis, señorías, ¡catro anos máis! *(Aplausos.)*



Respecto do segundo punto de interese do que falaba desta comparecencia, eu creo que o pasado 18 de febreiro os galegos apostaron claramente pola estabilidade institucional, pola planificación rigorosa e pola defensa dos intereses de Galicia. E ese, exclusivamente ese e non outro motivo, é polo que Alfonso Rueda é o presidente da Xunta de Galicia, e vostedes a oposición máis malhumorada da historia de Galicia. A decepción pola derrota eu creo que é comprensible, pero tamén creo que esta manifesta incapacidade para asumila, para superala e para transformala nunha actitude útil para o conxunto da sociedade galega comeza a resultar preocupante. Polo tanto, pídolle de verdade, pois xa pasou o tempo de lamberse as feridas. E a vostede, señora Pontón, que lle pedía ao Goberno que deixara de traballar, eu voulle pedir xusto o contrario; eu empézolle a pedir á oposición que traballe, que fagan algo, que se poñan as pilas, que fagan algunha aportación máis alá do sempiterno «non» que remata cada unha das intervencións de quen aspiraba a ser presidenta desta terra. ¡Que sabios son os galegos, señora, canta sabedoría agocha este pobo! (Aplausos.)

Mire, a derrota do PSdeG e do BNG nas pasadas eleccións autonómicas derivou —e iso é o preocupante— en profundas crises de liderado e, consecuentemente, tamén nun cambio das prioridades políticas de ambos os dous partidos. Os intereses de Galicia foron relegados e agora hai que pronunciarse en favor dos dogmas de partido. Xa non é prioritario atender á maioría dos galegos, xa non aspiran a representar a pluralidade da nosa sociedade, xa non cabe todo o mundo nos seus proxectos, porque agora o importante, o realmente urxente é convencer os propios, a calquera prezo.

A fachada de tolerancia, moderación e concordia caeu co mesmo estrépito co que caeron as súas posibilidades electorais e volveron os vellos modos da esquerda galega: fanatismo, dogma e submisión ao líder.

Señorías, eu pido ao líder do Partido Socialista de Galicia unha mínima lealdade ao lexítimo Goberno galego. Pido ao líder do PSdeG que se atendan ás xustas demandas dos galegos, pido ao líder do PSdeG que remate o desprezo constante ás institucións galegas, pido ao líder do PSdeG que se deixe de utilizar Galicia como moeda de cambio; pídollo ao líder do PSdeG e tamén llo pido ao señor Besteiro, agora mesmo ausente. Pero nalgún momento talvez decida exercer. (Aplausos.)

E a min créanme: é perfectamente comprensible o temor do señor Besteiro a un tudancazo. Eu creo que o entendemos todos, pero tamén teñen que entender vostedes, señores do PSdeG, que os intereses de Galicia non poden estar supeditados a que o señor Besteiro reciba unha chamada de Moncloa ou que o señor Sánchez reciba unha chamada de Waterloo. Creo que todos coincidiremos en que vostedes non teñen dereito a que os problemas do señor Besteiro sexan os problemas de Galicia e a que os problemas do señor Sánchez sexan os problemas de España.

O señor Besteiro equivócase en cada unha das ocasións nas que ten que tomar partido. Mire, cando falamos da cesión da competencia do litoral, púxose do lado das reivindicacións do País Vasco e de costas ás xustas reivindicacións de Galicia. Cando falamos de financiamento, púxose de lado do concerto catalán e novamente de costas aos intereses de Galicia. Se falamos da desfeita ferroviaria, ponse do lado dese ministro que afirma que o ferrocarril vive o



mellor momento da súa historia, e novamente deu as costas aos intereses dos galegos. Porque o señor Besteiro forma parte desa longuísima lista de socialistas que exerceron de voz do seu amo. E pronto formará parte da longuísima lista de cadáveres políticos que se agochan no armario do señor Sánchez. A estas alturas deberían entender que a lealdade e a submisión non son garantía de nada neste PSOE. E, por certo, se nos vai dar leccións o señor Besteiro de ir recibir instrucións de Panamá, creo que ten asesores moi cualificados cerca do seu asento, non fai falta que recorra aos do Partido Popular.

Pero miren, sendo ao mellor o señor Besteiro o mellor exemplo posible de submisión, que o é, debo recoñecer que ninguén iguala a señora Pontón cando de fanatismo ideolóxico se trata. A demostración de fervor, radicalidade e obstinación do BNG nos últimos meses non ten parangón posible. Cuestionan absolutamente todo: cuestionaron hoxe o Regulamento da Cámara, cuestionan o resultado das urnas, cuestionan a opinión dos expertos, chegaron a cuestionar hoxe o destino dos fondos europeos —que parece que vostedes manexan ao seu antollo, como se puideran decidir—...; cuestionan todo. Nada resulta xusto se non é do gusto do BNG.

A min paréceme que é preocupante, ¿non?, o seu cambio de postura é preocupante. Miren, antes de votar, vostede compareceu prometendo rexeneración democrática, a continuación intentou convencer os galegos de que o señor Maduro era un exemplo de cualidades democráticas. A min paréceme que é un exemplo preocupante se pretende vostede democratizar a nosa terra.

Antes de votar, por certo, prometían reindustrializar Galicia. ¿Vostedes acórdanse do Plan de reindustrialización de Galicia do BNG? Pois hoxe, ademais de facer o de sempre, que é bloquear e dicir que non a calquera proxecto para esta terra, veu vostede aquí insultar os mesmos empresarios cos que acudiu a facerse fotos durante toda a campaña electoral. Señora Pontón, é máis falso o seu apoio á industria que unha moeda de chocolate. Sinceramente, non ten vostede credibilidade ningunha, ningunha, ningunha. (*Aplausos.*)

Pero, sinceramente, creo que nada exemplifica mellor o fanatismo da señora Pontón que a súa postura respecto do financiamento de Galicia e da condonación da débeda autonómica, a tal punto que vostede está disposta a conducir Galicia ao abismo económico con tal de non desviarse un milímetro da ortodoxia nacionalista.

Señorías —recordarano vostedes—, nesta Cámara constituíuse unha comisión de estudo para facer —intentabamos— unha proposta conxunta respecto do financiamento autonómico. Eu vou facer un recordatorio. Compareceron alí once persoas. Todos e cada un dos comparecentes propostos polo PP ou o PSOE rexeitaron contundentemente a posibilidade dun concerto económico para Galicia, por consideralo lesivo; todos eles profesionais de recoñecidísimo prestixio: dous conselleiros, catedráticos de economía, doutores en economía por universidades galegas, de Oviedo e de Sevilla —se non recordo mal—, profesores titulares de economía, profesores de economía aplicada. Todos dixeron que non, sen excepción; sete profesionais de recoñecido prestixio que coincidiron en rexeitar iso, aos que debemos engadir don Xoaquín Fernández Leiceaga, doutor en Economía pola Universidade de Santiago, profesor titular de Economía Aplicada, vicerreitor económico da Universidade de San-



tiago, concelleiro nacionalista en Compostela, senador, voceiro socialista nesta Cámara e candidato socialista á Xunta de Galicia —por certo, con cinco escanos máis que o actual candidato, cómpre recordalo—. Pois joia!, parece que bastou unha simple chamada de Moncloa para eliminar dun plumazo o posicionamento histórico, académico e político do PSdeG para substituílo pola submisión ás ordes do señor Sánchez. *Quo vadis?*, socialismo galego. De verdade que é moi preocupante. (*Aplausos.*)

Pero a señora Pontón, sempre competitiva, non aceptaba quedar segunda nesta disparatada carreira. Ademais de todos os nomeados, o BNG engadiu a comparecencia de don Bernardo Valdés Pazos, profesor de Economía Aplicada da Universidade de Lugo, e de don Alberto Turnes Abeleda, doutor en Economía Aplicada da Universidade de Santiago. Ambos descartaron contundentemente a conveniencia dun concerto para Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pois nada disto desalenta o BNG da señora Pontón, que pretende convencernos de que estes dez especialistas na materia están todos errados e o único, o único comparecente que está en posesión da verdade é o último deles: don Xosé Díaz Díaz, traballador de Astano, sindicalista, exdeputado do BNG, sen currículo, sen currículo académico coñecido, sen estudos de economía acreditados e sen máis produción que un libro publicado por Sermos Galicia, editorial de cabeceira do BNG. Insistía a señora Pontón: economista, economista. Economista porque o din vostedes e (*Murmurios.*) porque traballou —di el— como economista en Astano cando o ascenderon dos talleres á oficina, pero ninguén sabe en que universidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu rétoa aquí a que traía exactamente o currículo académico deste insigne economista. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, non. Señora Pontón, unha falta de respecto é que se desbote...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...a opinión de dez economistas reputados e vostedes simplemente adopten a exixencia dun señor que ninguén reconece no ámbito académico, absolutamente ninguén. (*Murmurios.*) Iso si que é unha falta de respecto.

Señor Ojea, dicía vostede que o do BNG é apostolado. Non é certo: é unha seita, é unha seita. Cando se desafiaba absolutamente toda a opinión académica publicada, absolutamente todo, cando se fai de lado todos os argumentos económicos que aportaron aquí todos e cada un dos especialistas que chamamos a comparecer nesta Cámara, (*Murmurios.*) incluídos os dous do BNG...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e vostedes veñen aquí porque atoparon unha persoa á que non coñece ninguén no ámbito económico que di que o mellor para Galicia sería o concerto económico, que curiosamente só defende o BNG, vostede está disposta, con tal de reforzarse ante as súas bases, a tirar Galicia polo sumidoiro da economía. Afortunadamente, aquí hai un presidente, un goberno e un grupo que non llo van tolerar.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda especial de aclaracións, neste caso réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Unha cuestión formal, para empezar. Señora Pontón, artigo 141 *bis* do Regulamento do Parlamento galego: con carácter anual, o pleno celebrará o debate sobre política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou presidenta da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, se vostede quería outro tipo de debate, faltoulle un pequeno trámite, que era gañar as eleccións, señora Pontón. E, polo tanto, mire..., (*Aplausos.*) ...faga un debate co seu Goberno na sombra. (*Murmurios.*) Si, máis nada, máis nada. Hai que gañar as eleccións, señora Pontón. Presidente ou presidenta, neste caso foi presidente e, polo tanto, eu acato o Regulamento da Cámara. Vostede, como non lle convén, fai así como con todo.

Vou intentar, como sempre, responder, non a todo, porque foron moitas cousas das que falan os portavoces.

Señor Ojea, dicirlle que estou de acordo co que dixo. (*Murmurios.*) Si, si, e grazas por dicir a verdade, señor Besteiro. O Partido Socialista vai facer o que diga Sánchez. Amén, por suposto. (*Murmurios.*) Por suposto, amén. Á señora Pontón non a escoitou, porque escoitar a todos os portavoces debe ser... Eu si a escoitei e está ben que lle escoitara o que dixo tamén sobre o BNG. Penso que tampouco é tanto esforzo, pero non todos o escoitamos.

Vostede, señor Ojea, dixo, efectivamente, o que pensa todo o mundo. Señor Besteiro, incluído vostede. Sábeo de sobra. Vostede vai facer o que lle diga non Pedro Sánchez, non Pedro Sánchez, que dubido... Non sei se teñen unha relación moi fluída, non me deu esa impresión cando estiven con el que a tiveran, pero ao mellor si e disimula moito comigo; non me deu esa impresión. Pero alguén lle dará... É que é evidentísimo. Iso si, deben estar un pouco despistados cos seus cambios de opinión, que primeiro di unha cousa e ao día seguinte se matiza a vostede mesmo, e di unha cousa e a súa contraria. É difícil seguilo e, sobre todo, así é difícil crelo. *Quo vadis?*, Partido Socialista. Diciao o señor Alberto Pazos e vemos por aí algunha enquisa que vai polo mesmo vieiro.

Non estou de acordo, dicía o señor Ojea, en que sexa cómoda esa postura, pero o contrario implicaría ser valentes. E vostedes probablemente agora mesmo non están en disposición de selo. E esta é a verdade. Calquera cousa que veña de Madrid é o que vostedes van amparar; pensao todo o mundo.

E respecto do BNG hai unha frase gloriosa, señora Pontón. Insisto: ¡que pena que non a escoitara! Supoño que quedará no *Diario de Sesións*. O BNG defende a quitación da débeda por-



que *es el padre de la criatura*. (Murmurios.) Efectivamente, e non hai outra, e esa é a maneira de pensar que ten o BNG. (Aplausos.)

Agora falaremos un pouco diso e do rigor co que vostedes falan dalgunhas cousas.

Respecto á tramitación de leis, teño que dicirlle, señor Ojea, que ten razón. Efectivamente, non hai maneira de falar, nós aprobaremos o proxecto de lei e terá que vir ao Parlamento, despois o Parlamento decidirá. Efectivamente, temos un grupo maioritario. Pero apróboo o Parlamento, eu doulle moita importancia ao Parlamento, por iso estou hoxe aquí. Nunca me escoitará a min dicir nin verá xustificar, como fixo o Partido Socialista, que o poder lexislativo é perfectamente prescindible e que en realidade estorba un pouco. Eu nunca direi iso, creo no Parlamento e por iso estou aquí hoxe, efectivamente. (Aplausos.)

Señor Besteiro, empezou vostede falando de gasto social. Mire, en Galicia o ano pasado volvemos bater o récord no orzamento de gasto social, nunca dabondo, por suposto; por iso volve subir este ano; pero mire, 476 euros por habitante; a media estatal son 436. Polo tanto, ese escenario que vostede di de Galicia non é verdade, o 9 por cento máis que a media estatal; insisto: non dabondo, haberá que volver subilo; 75.800 atendidos, 98 por cento, 7 puntos máis que na media. É certo que hai que valorar máis rápido para que despois a xente que está valorada tamén teña prestación.

Pero mire, dígolle unha cousa: iso non lle mereceu, por suposto, nin ao BNG nin ao Partido Socialista, ningún comentario. ¿Podo ter algunha esperanza de que vostedes reclamen que o Goberno central pague a súa débeda en materia de política social, en materia de dependencia? 2.500 millóns acumulados, tamén dos gobernos anteriores, pero tamén o reclamabamos nese momento. Ao final tiña que ser isto un 50-50 e está sendo un 70 por cento a Xunta e un 30 por cento o Estado. Vostede, que tan amigo é de facer cálculos, o se podía facer se houberse cartos; mire, pasaríamos de 655 a 900 millóns de euros. ¿Sabe que de cousas se poderían facer con 250 millóns de euros máis, señor Besteiro? ¿Vai reclamar vostede? Díxenllo tamén ao presidente Sánchez e miroume, nada dixó e dixó que, tamén como todo, que llo pasaría ao ministro correspondente, e así levamos xa un montón de tempo.

2.500 millóns de euros que se nos debe, 70 por cento, 20 por cento máis do que estamos poñendo sempre. ¡É que, de verdade, falar de cifras con vostede...!

Dixo que dedicamos 1 euro de cada 10 a pagar a nosa débeda. Señor Besteiro, imos pagar 188 millóns de euros de intereses pola débeda. Imos aprobar un orzamento de 14.000; vostede di: 1 de cada 10. ¡Home, señor Besteiro!, un pouco de rigor. Estas son as cifras do señor Besteiro, estas son as cifras de vostede. (Aplausos.)

Por certo, está moi ben sabelo. Non lle parece sensato baixar impostos, non lle gusta, fastídialle, di que non serve para nada. Pois eu creo que á xente si que lle gusta pagar menos que pagar máis; a xente entende que sempre que se poida; para iso hai que ter unhas contas sa-neadas.



E fíxese: cun 0 de déficit, o Estado o 3 por cento, non sei se dixo que somos das comunidades autónomas máis endebedadas. Pero mire as cifras. O país máis endebedado en relación co PIB, non sei se do mundo, pero está na cabeceira, é por desgraza o noso; digo por desgraza, porque esa débeda tamén é nosa, dos galegos, e este ano queda con todo a marxe de déficit que vai deixar a Unión Europea. Ás comunidades autónomas, nada, nada de endebedamento para pagar a sanidade, os servizos sociais, educación; a pulmón. Afortunadamente, en Galicia podemos facelo, e podemos baixar impostos tamén, señor Besteiro, esa é a diferenza. Pero está ben que a xente tome nota, no hipotético caso de que se de vostede dependera, non lle gusta nada baixar impostos e o que lle gusta e lle parece conveniente e faría é subilos. Que tome nota a cidadanía galega.

Igual que tomei nota doutras cousas. Teño aquí outras cifras. Apuntei aquí outras cifras, xa digo, non todo, pero algunhas que me chamaron a atención: Plan de emprego. Falou dun plan de emprego de 100 millóns de euros; di que é menos da metade do que lles perdoamos anualmente aos ricos no imposto do patrimonio. Señor Besteiro, 17 millóns de euros, vostede di que 100 é menos da metade de 17. Iso é o seu rigor. E, por certo, 17 en bonificacións, 28 recadados en inspeccións aos que vostede chama ricos. Polo tanto, este goberno inspecciona e os que teñen que pagar impostos páganos, señor Besteiro. (Aplausos.)

Parón eólico. O outro día estiven en Alcoa, aínda o están esperando. Vostede foi alí en campaña electoral dicir que ía desbloquear en días o tema das PPA, por aqueles informes que dependían do Goberno central. Non fixo nada, señor Besteiro, xa se lle esqueceu probablemente. Están preguntando se sabemos se vostede fixo algo. ¡Home!, eu pódolle preguntar aquí directamente ou pódeno contar, foi un compromiso que adquiriu. Eu cando vin que o adquiría, dixeron: ¡oxalá sexa así! Xa vexo a súa influencia.

Cóntame as reunións que outros presidentes autonómicos, incluídos os do PP, tiveron con Pedro Sánchez. Ben, ao mellor Pedro Sánchez cóntalle o que falou con outros presidentes; o que falou comigo a vostede non llo conta nin de broma, señor Besteiro, está clarísimo. (Aplausos.)

Mire, no fondo eu comprendo que tiña que defender, pero recorde que o día seguinte das eleccións do 19 de febreiro dixo que, despois de estar nove días aquí en campaña, o problema era a febleza dos líderes rexionais. Polo tanto, eu creo que, en fin, esa defensa acendida que, non sei, non lle honra porque prexudica Galicia, debería tomalo en serio, non vai solucionar nada máis que o do litoral, como dixeron na miña intervención, e xa veremos o presidente do Goberno. Por iso lle digo que estaría ben que vostedes empuxasen, é do seu mesmo partido, deféndeo aquí a morte, como dixo o señor Ojea.

Polo tanto, a min gustaríame aproveitar iso para que se dera conta de que algunha cousa tiña que facer por Galicia. E non as está facendo, e eu síntoo moitísimo.

E tiña que facer vivenda. Mire, non foron capaces de dicirnos aínda onde están eses miles de vivendas. Dixeron 180.000, foron aumentando o número para toda España; en Galicia varios miles; aínda non sabemos onde está a primeira, señor Besteiro. E, mentres, nós xa temos



en marcha 1.500 das 4.000 que construiremos durante esta lexislatura. Esa é a enorme diferenza, señor Besteiro: falar menos e facer máis. ¡Tantos anuncios!

Di que non cumprimos a declaración de zonas tensionadas. Pero é que se aínda non o pediron, é que con vostedes non falan nin os seus alcaldes e alcaldesas, estouno vendo, e preocúpame moito. ¡Ah!, ¿a da Coruña non dixo tamén que a ía pedir, señor Besteiro? (*Murmurios.*) ¡Ah!, ben, primicia: na Coruña xa non a queren, está moi ben, está moi ben, ¡vale, moi ben!

Do Bloque, o mesmo. Á velocidade que van as cousas en Santiago, entre que nolo anuncian e nolo dan, poden pasar meses e meses. Supoño que lles gustaría dicir que nós somos insubmisos ás leis. Non, non, cumprimos as leis, aínda que non nos gusten, recorrémolas, pero mentres cumprímolos, e, polo tanto, se algún concello se decide, porque a lei leva en vigor tempo e non houbo ningunha petición no día de hoxe que se poida considerar, ben, pois teremos que cumprir unha lei que non nos gusta e que é prexudicial. Esa é a enorme diferenza entre un goberno democrático e un goberno que non o é.

Ao final díxome que eu non fago nada, pero que é mellor que non faga nada; non me enterei moi ben se teño que facer algo, se non. En fin, señor Besteiro, bastante desnorte, sinceramente. Eu laméntoo e gustaríame que vostedes tiveran un pouco máis de peso alá e aquí, e sería bo para o país, sinceramente, pero non lle vexo moitas trazas.

E, señora Pontón, cando falo de minorías ruidosas, que lle quede claro que me refiro a algunhas plataformas que vostedes alentan e despois non teñen a valentía de recoñecer. E di-reino moitísimas veces (*Aplausos.*). Isto é o que hai.

Ao final ventilou o tema do financiamento dicindo o que di sempre, que gañaríamos miles de millóns que estamos perdendo. Dá igual. Díciallo o señor Alberto Pazos, dá igual o que digan os expertos e incluso expertos que foron do BNG, dá igual. A vostede vállelle a opinión que lle conveña, vállelle a opinión que xustifique o que si van facer ou polo menos van intentar, se non o impedimos nas comunidades autónomas, que de verdade lle importan ao señor Sánchez, que son onde están os seus socios, aos que vostedes lles deben todo, os que os deixaron, se me permite, un pouco en evidencia, pois por exemplo coas listas europeas; sempre os van xustificar. É increíble o que vostede defende para Galicia. Todos os expertos económicos, todos, están dicindo que non hai maneira, que perdemos máis de 2.000 millóns de euros.

Paréceme que dixo, coa quitación da débeda, que ao renunciar estamos perdendo miles de millóns de euros. Señora Pontón, pero se a débeda non vai desaparecer; o único é que asumiría unha pequena parte dos intereses e esa débeda mutualizaríamos e colleríamos a de todas as comunidades autónomas, que a teñen moito máis inflada que nós. Díxeno na miña comparecencia: 500 euros máis débeda de cada galego, sen comelo nin bebelo, débeda doutros. Pero ¿que negocio ruinoso é ese, señora Pontón?

Díciame que eu non tiven a valentía de plantexar o financiamento singular na reunión. Primeiro dixen que non ía a iso. Eu quero falar en condicións de igualdade, non quero que me



fagan apaños con outras comunidades autónomas, non podo lexitimar iso. E, en todo caso, xa lle adianto, díxeno na rolda de prensa: é que quen non falou nada diso, logo díxome que non iamos chegar a ningún acordo, foi o propio presidente Sánchez. Por tanto, isto é o que hai, e contemos a verdade tamén aí.

Falou do de sempre, os seus clásicos, señora Pontón. A min xa me preocupa un pouco. Hai días —eu achácoo a que non hai moito argumento, cando non lle interesa— contestáronme. Hai algunhas propostas que eu fixen, esperei que as comentara, parézanlle ben ou mal. No da axenda de gasto do SAF, vostede ventílaio dicindo que o que tiñamos que facer é pagar 20 euros e xa está. Dá igual que plantexemos, dá igual que o Estado deba e non estea disposto a pagar nada. Iso foi o que lle dedicou.

E despois o seu clásico de sempre, o que mellor sabe facer, no que cre de verdade: as faltas de respecto; os amigos empresarios, a alfombra vermella para colaborar no espolio eólico de Galicia. Por certo, estamos agora mesmo en 3.900 megavatios, que é o 40 por cento menos do que vostedes tiñan previsto cando era o Bipartito, o Bipartito que vostede apoiaba. Polo tanto, se ter moitos eólicos é un espolio, vostedes lévannos un 40 por cento de vantaxe, se tiveran podido, señora Pontón, un 40 por cento de vantaxe. (*Aplausos.*)

Covarde, o *francomodín* tamén o sacou a pasear, falou de Franco; o *lobby* eléctrico, que se forra coa nosa submisión. Todos son os seus clásicos, señora Pontón, todo o que leva repetindo vinte e cinco anos neste Parlamento, e cada vez que lles preguntan se están de acordo con iso, os galegos din maioría absoluta para o PP, para os amigos dos empresarios, para os amigos do *lobby*. Mire, con estes clásicos, ¿sabe o que máis me doe? Porque a isto xa estou acostumado, xa a coñecemos de sobra. E díxeno na miña intervención e repítoo: o absoluto desprezo aos técnicos, o pensar que vostede o sabe todo e técnicos que levan toda a vida formándose, que se xogan o seu prestixio coa súa firma e que pensan moito as cousas antes de firmalas, non merecen ningunha consideración pola súa parte. Iso si que é soberbia e iso si que é sectarismo e iso si que é faltarlles ao respecto a servidores públicos. (*Aplausos.*) Volvo dicir: un respecto para os servidores públicos.

Miren, as prioridades da Xunta son as prioridades dos galegos, e a min gústame pensar —díciáo no peche da miña intervención— que somos unha excepción a todas esas liortas. Eu dende logo vouno seguir intentando. Loxicamente, téñome que defender de palabras moi grosas, unha vez máis de todo iso que vostedes di sempre, *lobbys*, ben, todo iso que lle dixen. Pero quero seguir sendo unha excepción. Podía contestar coa mesma virulencia coa que vostede ataca, pero creo que non é plan. Sinceramente, eu téñome que dedicar a outra cousa, este grupo tense que dedicar a outra cousa.

Mire, menos ideoloxía e máis traballo, menos sectarismo e máis eficacia. Entre dogmas e crecemento, señora Pontón, eu, o meu Goberno, este grupo, vai escoller sempre crecemento, e, polo tanto, estou orgulloso de que Galicia vai ter en 2025 uns orzamentos unha vez máis, e xa van moitos anos, estou orgulloso de vir aquí e non contar ese conto que contan os que non son capaces de aprobalos dicindo que é moito mellor e que ao final ter orzamento ou non telo é o mesmo. Ter orzamento é importantísimo, ter orzamento é fundamental. Ter orzamento é o vieiro para que os países que queren medrar poidan seguir facéndoo.



Polo tanto, con esta folla de ruta que hoxe presentei, e que será presentada formalmente dentro duns días, estamos marcando o compás dun goberno que quere traballar e, polo tanto, quero afirmar outra vez que sempre nos guiaremos pola voz da xente que nos puxo aquí, que nos deu a súa confianza e á que nunca imos defraudar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda especial de aclaracións, Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Vou aproveitar para dicir algunhas cousas que non me deu tempo dicir no primeiro turno. Sinxelamente, apuntar algunhas cuestións relacionadas co que dixo o presidente Rueda.

Falou de moitas cousas. Pois, por poñer un exemplo, falou do financiamento local. Efectivamente, os concellos necesitan mellorar o seu financiamento. Hoxe saía na prensa, como todos seguramente verían, que os concellos están ao borde do colapso pola asunción de competencias impropias sen iren acompañadas do correspondente financiamento. É un tema recorrente, pero, ben, dalgunha maneira hai que solucionalo.

Falou dun tema moi importante, que eu considero moi importante, que é a atención ao profesorado, falou do incremento do número de profesores e da atención ao profesorado. Hai unha cuestión moi importante, e é que os profesores aguantan hoxe en día unha presión importantísima, porque nas súas mans está o conseguir que os rapaces e que os novos tomen posición crítica fronte a todo ese bombardeo que teñen hoxe en día nas redes sociais e en todos os medios de comunicación tecnolóxicos. Porque hoxe en día a influencia que poida ter a escola e mesmo a familia na formación dos rapaces é mínima, pola estimulación por outras vías, que non fai falta xa que as especifiquemos, que todos as coñecen; aos rapaces compráselles un móbil desde moi novos e manexan as tecnoloxías que permiten o acceso aos seus cerebros por parte moitas veces de identidades e de persoas con intereses espurios —que non imos agora nomear—, e a loita contra todo iso recae hoxe en día, fundamentalmente, no profesorado, que ten que ser, polo tanto, dotado de medios, dotado de prestixio, e todo o que é contorno do profesorado, como son as escolas, como son os institutos. É importante prestar atención a iso.

Falou, por exemplo, da conversión de locais comerciais en vivendas. Efectivamente, os que temos responsabilidades municipais sabemos que o comercio mundial cambiou, a xente hoxe compra —segundo din as estatísticas— a partir das 10 da noite na súa casa, sentado no sofá; a meirande parte das compras que se fan hoxe en día fanse ás 10 da noite, sentados no sofá, desde un teléfono móbil. Iso fai que, loxicamente, os locais comerciais das cidades xa non existan como tales; nalgún caso convértense niso que lle chaman *showrooms*, ou sexa, meros escaparates onde despois se vai mirar, pero despois pídese a cousa por Internet. E, loxicamente, neses locais, habendo incluso como hai un problema de vivenda, moita xente nos concellos está facendo modificacións para pedir licenzas. E o futuro tamén un pouco vai por



aí, porque o comercio, antes ou despois, como o entendemos ou como o levamos entendido nas últimas décadas, vai cambiar no sentido en que todos sabemos.

Falou da enerxía, das necesidades da enerxía da sociedade en xeral, e da galega en particular. Efectivamente, a enerxía é un problema, vai ser, sempre foi un problema. E, efectivamente, a enerxía é un ben fundamental; ao mellor no futuro terá que ser, como a sanidade ou como a educación, subministrada por empresas públicas.

Xa sabemos que falou desa empresa na que participa, pero sen a maioría do accionariado, a Xunta de Galicia. Non imos xulgar a priori esa empresa. Pero ben, o importante é que non deprede os recursos ambientais da comunidade autónoma e, sobre todo, que redunden no benestar de todos.

Tamén é unha cousa importante, que ao mellor tamén debería facer o Estado, a Administración, a concienciación contra o consumo frívolo de enerxía, porque ás veces consómese moitísima enerxía por parte dos cidadáns e por parte de todos de xeito frívolo; pasa un pouco como a xeración frívola de lixo; ao mellor tamén está un pouco na liña de facer unha enerxía sostible, que vai pois ao mellor porque diminúa o seu consumo frívolo, especialmente das que non son renovables.

Falou da ciencia. Efectivamente, a ciencia é fundamental. Na creación de industrias que sexan sostibles e que non atenten co medio ambiente ten moito que dicir a ciencia. O progreso da ciencia e o progreso dos coñecementos fan posible que a tecnoloxía e as industrias que emerxan a partir de aí poidan ser progresivamente sostibles, non contaminar, etc., etc. E por iso é importante o investimento en ciencia, que tamén parece ser que algo falou diso o Consello.

Falou das infraestruturas. Eu aproveitaría para recordarlle a autovía que vai —ou que debería ir— de Celanova ata a fronteira portuguesa cerca de Lindoso, por poñer un exemplo concreto.

Falou da necesidade da preservación do medio ambiente, do equilibrio ecolóxico. Mire, un síntoma importantísimo, un síntoma sinxelo de que está —digamos— perdido o equilibrio ecolóxico do noso monte é a inmensa presenza de porcos bravos, de xabarís, que están chegando ás cidades. Iso non é casual, iso é porque iso que os ecoloxistas chaman o equilibrio ecolóxico está pois totalmente roto, por diversos motivos que todos estou seguro que coñecen, pero haberá tamén que tomar medidas contra iso, e contra as especies invasoras. Tamén na provincia de Ourense máis dunha vez levo recordado o problema medioambiental que hai coas mimosas. Hai moitas máis especies invasoras, sobre as que creo que tamén hai algunha moción prevista.

E recordarlle que cando sempre se fala das singularidades de Galicia con respecto ao resto de España, para facer pois iso no que se está agora, no que que estamos, a nivel do Estado, discutindo o financiamento, que vai ter que cambiar, porque —digamos— o que está en vigor está caducado, sexa dun xeito ou doutro, xa falaba na miña primeira intervención que teremos que estar moi atentos a como se resolve esa cuestión.



Pero, despois, Ourense tamén ten unhas singularidades con respecto ao resto de Galicia, que eu tamén lles faría notar. A singularidade principal xa pode ser que non ten mar.

A min gustaríame regalarlle —eu o outro día bromeaba cun amigo sobre que me gustaría regalarlle, señor Rueda— un reloxo de cuco, un reloxo de cuco que ao dar as horas, en vez de dicir «cucú cucú», dixera: «acórdate de Ourense, acórdate de Ourense». (Risos.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor OJEA BOUZO: A ver se llo encargo por aí a algún reloxeiro.

Falando de costas, pois efectivamente tamén hai unha singularidade do país galego con relación ao resto das costas de España; basta con mirar no mapa que a xestión da costa galega debe ser moito máis particular e moito máis singular que o resto do país. A min faime moita graza cando ás veces fala a xente, se fala ás veces de tantos quilómetros de costa; eu sempre quedo pensando que tantos quilómetros de costa a que resolución de rectificación, porque todos vostedes saben que a costa non ten unha lonxitude determinada...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor OJEA BOUZO: ..., a costa é un fractal, como se chama en matemáticas, dependendo da resolución a que rectifique a costa, ten unha lonxitude ou outra. Vostede pode percorrer a costa dando pasos dun metro ou dando pasos de medio metro ou dando pasos dun centímetro; iso vaille dar unha lonxitude de diferente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor OJEA BOUZO: E pode parecer unha cuestión —digamos— menor...

O señor PRESIDENTE: Señor Ojea, mire o cronómetro.

O señor OJEA BOUZO: ...pero quero dicir que non é mesmo medir a costa para os efectos dos bivalvos e do marisqueo, en que cada centímetro importa, que para os efectos de facer unha carretera.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa está entendida a cuestión. Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, vostede plantexa as cousas e a verdade é que non saio do meu asombro. Pide consenso. Consenso non é que todos teñamos que facer o que vostede quere. Consenso, si voulle dicir o que é. Consenso é traer as cousas fundamentais dun país, aínda que un partido teña a maioría absoluta, traer a este Parlamento as cuestións que consideramos estratéxicas, non soamente os orzamentos, proxectos estratéxicos industriais.



Podemos non compartir ao final a idea de se é estratéxico ou non, pero eu creo que un partido —aínda que teña maioría absoluta— é capaz de traer a este Parlamento os consensos sobre proxectos industriais estratéxicos ou sobre a enerxía, e a contradición, os debates, creo que é enriquecedor, pero non é o que fai vostede. Vostede plantexa unha cuestión e, se non nos sumamos á súa posición, di que non hai consenso. Mire, consenso é cando un vai falar co presidente do Goberno dos intereses que ten Galicia e os plantexa abertamente, as súas necesidades. No como e no onde pode haber diferenzas, pero as necesidades, os déficits que ten Galicia e como, dende o punto de vista de Galicia, se solventan todas esas necesidades.

Mire, nós non defendemos o concerto tributario, porque o que hai en Cataluña non é un concerto en puridade; serán outros os que defenden o concerto. O que defende o Partido Socialista é ese financiamento singular que atenda ás necesidades de Galicia. (*Aplausos.*) Dous, que teña en conta un mecanismo de solidariedade entre os territorios; claro que si; ¿por que isto vai de territorios?; non, vai de persoas e vai, loxicamente de modelos, pero na atención ás persoas. E tres, creo nun financiamento autonómico onde haxa corresponsabilidade.

Por iso o que lle digo é que vostede permanentemente di o que lle ten que dar o Estado —por certo, tamén llelo di aos concellos—, pero vostede baixa os impostos —non terxirse as miñas palabras nin diga o que eu non dixen—, vostede báixalles os impostos ás rendas máis altas de Galicia (*Aplausos.*) e despois di que os cartos non lle chegan; ¡ai!, é que non me chegan.

Mire, o Partido Popular no ano 2009 fixo un comentario exactamente igual do sistema de financiamento autonómico que hoxe dixo vostede que era bo e equilibrado. ¿Sabe o que dixo o seu partido no ano 2009? Que era un sistema de financiamento autonómico ao servizo do presidente —por aquel entón, loxicamente, non era este, era o anterior—. Din vostedes o mesmo en calquera situación.

E a incoherencia é tal que nos leva a dicir que non é vostede capaz de dicir por que non quere que lle condonen a débeda ou parte da débeda. ¡Oia!, discutamos como, en que proporción, en atención a que, se é de renda per cápita, se é de territorio, se é de peso no produto interior bruto; discutamos o como. Pero negarse xa a falar é unha sobrada, señor presidente, é unha sobrada, e eu non creo que esteamos en condicións para ir de sobrados pola vida.

Plantéxanse as cuestións e eu dicíalle: hai outros presidentes e aí están as súas declaracións. Mazón está aberto a falar da condonación da débeda; é do seu partido. Por certo, o presidente da Rioxa dixo unha cousa parecida tamén; vostede non; dixo que era unha reunión que fora moi positiva e que tivera a posibilidade de plantexar as necesidades da Rioxa, e que ía como presidente da Rioxa e non como presidente do Partido Popular. Esa é a diferenza no que estamos falando. Por tanto, ¿podemos falar de financiamento? Claro que podemos falar.

Agora imos falar do plan eólico. ¡Home!, un pouco de responsabilidade tamén nas cousas. Haberá que dicir que dende o ano 1997 non hai un plan eólico e que vostedes levan quince anos gobernando e non se plantexaron nin tan sequera modificalo. (*Aplausos.*) Pero benvidos a ese campo, que é o que nós expresamos nos últimos meses que era por onde debía moverse o futuro.



Mire, fállolle tamén da débeda, do financiamento e das novas competencias. ¿Que é o que quere Galicia ser de maior? ¿Que é o que quere un presidente da Xunta, dunha comunidade histórica como é Galicia, para o seu país? Iso é do que eu lle estou reclamando que se poida falar, e que fale, e a partir de aí votaremos en maioría, e vostedes gañarán, pero formen parte dese debate estrutural e importante para Galicia, do que debe ser o debate necesario para Galicia.

Cuestións puntuais, algunha cuestión puntual. Matrícula gratuíta: non é universal e, por tanto, non beneficia a universalidade dos estudantes universitarios.

Saldo migratorio de titulados. Si, si, dixo vostede que entraban máis que saían, un saldo positivo. Datos do Instituto Galego de Cualificacións. En 2023 saíron, fóronse 7.623 mozos titulados, pero chegaron 3.553. Aquí, en Lugo e en Madrid ese é un saldo negativo.

Vivendas. Hoxe xa o vimos nun medio de comunicación: máis de 1.400 vivendas. O lóxico é que un presidente da Xunta chegue aquí e diga que iso, efectivamente, ben, pois o dixo un medio de comunicación.

Fonte de financiamento, fondos de recuperación do Goberno. (*Aplausos.*) A incoherencia é total, porque, mire, os fondos de recuperación do Goberno probablemente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, do Goberno, que foi quen os trouxo, a pesar do voto en contra do Partido Popular para que viñesen eses fondos, ¿recorda? Cando Feijóo non quería que nos deran fondos a España (*Aplausos.*). A mesma posición galeguista que cando vostedes se opoñen tamén ao sistema que nos permite baixar a enerxía, porque este é un marco global entre Portugal e España, por iso a excepción ibérica funciona e outros métodos non funcionan tan eficazmente.

Ben, pois dicíalle que, efectivamente, nese sentido vostedes son absolutamente incoherentes. E o coherente é chegar aquí e dicir: ¡joia!, miren, os fondos de recuperación do Goberno é o maior esforzo de cogobernanza nos últimos corenta anos en democracia, porque vostede xestiona o 50 por cento dos fondos europeos que veñen deses fondos de recuperación. Por certo, apúrense un pouco, que van un pouco lentos, o 45 por cento executado, non convocado; e, por tanto, hai que darse máis présa e non perder oportunidades. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, hai que ser un pouco máis xeneroso para que a xente entenda por que vostede non quere que se lle condone a débeda a Galicia. Debe explicalo, hai que explicalo, e entrar no debate, eu admito ese debate, se nos interesa máis un sistema ou outro, se perdemos ou se gañamos, ou con quen temos que ir nesta partida. Agora, o que non entendo é que se negue a falar desa cuestión, que se ampare simplemente no que lle din desde Madrid para intentar condicionar o Goberno de España.

Teremos uns novos presupostos, eu estou convencido de que si, pero, se vostede quere ter eses orzamentos, tamén é moi libre de facer unha cousiña: traer o listado das necesidades de Galicia, plantexalas, defendelas e propoñelas ao propio Goberno. ¿Por que vostedes non queren votar a favor deses orzamentos? Porque están máis cómodos, uns, vostede non. Fágame caso.



De todas as formas, notei algún cambio na actitude en relación coa AP-9. Non pediron perdón, evidentemente, por estar na situación na que estamos, de ter que pagar as peaxes, pero xa vexo que está no camiño de manter as bonificacións desa AP-9 e, por tanto, coincidindo en que o traspaso é posible, que, efectivamente, temos que seguir explorando a vía dese rescate, desa invalidez dese contrato de ampliación da AP-9. Pero quedo coa frase, que queda aí, de que vostede está de acordo con ese camiño das bonificacións, de seguir aumentando as bonificacións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: É o que nós defendemos. Por certo, é o que nós votamos aquí e en Madrid. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu quero empezar deixando algo moi claro: a pesar dos insultos, a pesar das provocacións, a pesar dos ataques persoais, desde o BNG non imos caer na estratexia do Partido Popular de querer converter o Parlamento nunha lameira; para iso xa está o Partido Popular e o señor Rueda. *(Aplausos.)* Non, non imos entrar na súa estratexia de insultos e ataques persoais. É a súa forma de entender a política, e sobre todo é a mellor mostra de até que punto non teñen un proxecto que defender, porque non saen aquí a defender con orgullo o que están facendo, saen aquí facer a peor das políticas, e desde logo o BNG nunca vai estar aquí, porque nós respectamos este país e a súa cidadanía.

E —insisto— hoxe non hai debate do estado da nación porque o señor Rueda non quere, porque prefire esconderse nun debate no que el fai o debate do estado da nación e ao resto nos retira tempo para poder debater sobre o futuro do país. Así é como entende vostede a democracia. E tamén teño que dicirlllo: é un síntoma de covardía política e de que non está tan seguro da súa xestión como presidente. *(Aplausos.)*

E, ademais, é que temos moitas mostras neste Parlamento, que pode acreditar o propio presidente na Cámara. ¿Ou neste Parlamento se permite a delegación de voto? E estivemos funcionando con delegación de voto. ¿Ou acaso non se cambian os trámites, non se cambia o funcionamento do Parlamento se os grupos están de acordo? O problema é que vostede demostrou, señor Rueda, que non é valente, e que foxe do debate e, desde logo, que ten un pouquiño de alerxia á democracia.

E eu, desde logo, son das que creo que un país hai que construílo entre todos e todas, temos que ter capacidade para debater desde as nosas diferenzas sen necesidade de caer nesa baixa política que practica o Partido Popular, que en vez de defender os seus argumentos vén aquí intentar desacreditar a oposición e insultarnos.



E, ademais, é que a min o que me parece grave é que o presidente da Xunta teña ese concepto, que veña aquí dividir o país entre bos e malos, que veña aquí falarnos dos bos galegos e dos malos galegos, que veña ademais dicirnos, si, si, que hai unhas minorías que o molestan, unha minorías ruidosas que molestan o señor Rueda na súa atalaia de maiorías absolutas.

¿De que minorías ruidosas nos fala, señor Rueda? ¿Dos pais e das nais que están reclamando que os seus fillos e fillas con necesidades educativas especiais teñan a atención que merecen? ¿De que minorías ruidosas nos fala? ¿Dos pais e das nais que queren que os seus fillos e fillas teñan pediatra en pleno século XXI? *(Aplausos.)* ¿Dos que queren ter un médico de atención primaria? ¿De que minorías ruidosas nos fala, señor Rueda? ¿Dos 715.000 galegos e galegas que non votaron o Partido Popular? ¿Esa é a minoría que o molesta a vostede, señor Rueda? ¿Sabe o que lle pasa? É que vostede non respecta a quen pensa diferente, e ese é o primeiro principio que hai que aplicar nunha democracia. *(Aplausos.)*

E mire, a min non sei que me reprocha da quitación. ¿Pero que nos reprocha, señor Rueda? Mire, o BNG defende a mesma posición agora que hai un ano, e a nosa posición está en función dos intereses de Galiza, e vostede non pode dicir iso. ¿A min sabe o que me dá pena? É que a posición de vostede nin tan sequera a define vostede, é que lla define en Madrid o Partido Popular, porque vostede non está exercendo como presidente de Galiza, senón que está exercendo como recadeiro da rúa Génova, e non lle pagan para iso os galegos e as galegas.

¿Como pode dicir que non nos interesa reducir a débeda pública?, esa que, por certo, vostedes triplicaron mentres recortaban en sanidade, en educación e en dependencia. ¿Como non nos vai interesar reducir a terceira partida de gasto dos orzamentos da Xunta? É que unha redución de miles de millóns significaría que imos ter máis recursos para a sanidade, para a educación ou para a dependencia, porque imos pagar menos, imos pagar menos nos intereses dunha débeda que vostedes dispararon.

¿E sabe por que vostede non quere a quitación da débeda, porque non quere ter a chave dos nosos cartos? Porque vostede é o presidente máis submisivo ao centralismo que recorda este país, e nin tan sequera ten autonomía para decidir a posición sobre o financiamento, porque lla marca o Partido Popular desde Madrid. Ese é o problema. *(Aplausos.)*

Mire, falounos tamén aquí de desprezo aos expertos. Pero se aquí os únicos que cargaron contra os expertos foron vostedes con ese informe do Consello da Cultura, que dicía que Altri é unha bomba para este país, e por riba dixeron que nin o leran. ¡É que é o colmo, señores do Partido Popular! E este sabe vostede que é un debate no que desde o minuto 1 o Partido Popular está facendo de comercial de Altri. Polo tanto, non se escondan detrás de supostos expertos, cando saben que ese é un proxecto que apoian desde o principio.

Criticounos tamén que falamos pouco sobre o seu anuncio sobre a dependencia. Eu non o ía dicir, pero, xa que o pide, pois, a verdade, non fixemos ningún comentario porque que vostede veña aquí anunciarnos unha medida que leva un ano no decreto que publicaron sobre dependencia, en fin, déixao a vostede en mal lugar. *(Aplausos.)* Sobre todo porque ¿sabe que se necesita?, ¿sabe que se necesita para acelerar os trámites da dependencia? Que haxa máis



equipos de valoración. ¿E sabe que votou vostede cando o trouxo aquí nesta lexislatura o BNG, que pediamos duplicar os equipos? Votou en contra, señor Rueda. Polo tanto, menos anuncios e máis traballar lealmente para que as persoas dependentes non morran agardando por un dereito que teñen.

E a min, por último, señorías, señor Rueda, gustaríame acabar facéndolle unha petición: a petición de que deixe de traballar para o centralismo madrileño, que deixe de traballar para as eléctricas e as grandes multinacionais, e que se poña a traballar por Galiza, que deixe de poñer o Partido Popular por riba de Galicia. Deixe vostede de ser o presidente do «non» a Galiza, deixe de dicirlle «non» a Galiza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e diga «si» a poñer a riqueza eólica ao servizo do país, «si» a defender a xente do rural e do mar fronte á bomba ambiental de Altri, «si» a blindar os servizos públicos empezando pola sanidade, «si» a un sistema de financiamento xusto que nos permita ter a chave dos nosos cartos, «si» a defender Galiza fronte ao egoísmo centralista.

É vostede o presidente do «non» a Galiza. Ía dicir que era moi bravo aquí co BNG, pero a verdade é que realmente este é un presidente moi manso aquí, non co BNG, senón cos grandes *lobbys* económicos que queren aproveitarse deste país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Deixe, señor Rueda, de ser un recadeiro de Génova; se o fai, verá como temos a oportunidade de chegar a moitos puntos de encontro, porque sempre vai ter aquí o grupo do BNG disposto a traballar por Galiza, porque o que sempre fixo, fai e fará o BNG é traballar polo ben de Galicia e da súa xente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón, rematou o seu tempo.

(*Aplausos.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: En fin, grazas, presidente. Tanta barbaridade que desmentir e tan pouco tempo para facelo, pero, ben, por ir aclarando algunha.

Ao señor Besteiro, que hoxe está empeñado en non escoitarme, teño que dicirlle que en Galicia hai unha matrícula universitaria gratuíta e universal para todos aqueles alumnos que saquen con proveito as súas asignaturas. Claro, eu xa sei que o señor Besteiro se identifica mal cos malos estudantes, vistos os resultados que consegue en cada exame ao que se somete. (*Aplausos.*) Eu iso enténdoo, entendo a solidariedade, pero ¡home!, gratuíta e universal para todos na primeira matrícula, para todos.



Pediunos vostede consenso para os proxectos industriais. ¡Home!, se se refire a Altri, eu creo que o que deberían facer é consensuar a postura do PSdeG antes das eleccións coa postura do PSdeG despois das eleccións. Porque, antes das eleccións, vostedes presentaron aquí unha PNL pedindo apoio para esa empresa na que xa revelaban os mesmos datos que agora lle serven para opoñerse a ela. Entón, non é moi serio todo isto.

Da mesma maneira que non é moi serio que veña aquí presentarse como gran defensor da AP-9, chega xusto a tempo para escoitalo. Por certo, foron vostedes os que prorrogaron ata en quince ocasións, en quince ocasións, o prazo de emendas da tramitación da proposición de lei sobre a AP-9, simplemente para que non se debatera. Un pouquiño de memoria e un pouquiño de recato, señor Besteiro. *(Aplausos.)*

Mire, claro que podemos falar do sistema de financiamento, e claro que o sistema de financiamento ten que recoller as singularidades de Galicia, e de todos os demais, pero ten que recoller as singularidades. O que non pode é converter a singularidade no eixo básico do sistema, que é o que está acontecendo en Cataluña, que argüiu como principal singularidade que ten unha renda per cápita máis alta que o resto; é que a singularidade que argúe Cataluña é que son máis ricos, e a vostedes parécelles ben.

Señora Pontón, ¡home!, vinte anos de deputada daban para ler o Regulamento, eu xa non digo máis, e se non, xa que andaba por aí algún bufando, ¡home!, polo menos para buscar un asesor xurídico que perdera un minuto para ver o que pon. «Non caberá debate do estado de política xeral...». Non caberá. É como o dereito na súa cabeza, non caberá, non caberá, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Mire, falou vostede de industria e do apoio á industria. Mire, hai uns días tiven un debate —e teño que dicilo: moi agradable ademais— co seu ponente na Lei de beneficios económicos derivados dos recursos naturais, e fixenlle unha petición a ese deputado, que volvo repetir o meu recoñecemento polo seu talante durante a tramitación desa lei —señor Golpe, dígollo de verdade—; pedinlle que me dixera tres exemplos de industrias que apoiara o BNG. Tres, e deume tres. Pedinlle unha e en realidade deume tres: unha bioplanta de Ence —¡vivir para ver!—, un parque eólico de Endesa e unha fábrica de pneumáticos.

Eu, ¡joia!, tamén digo que curiosamente as tres están nas Pontes. ¡Que mala sorte ten Palas de Rei, que non ten un deputado do BNG aquí que defenda os seus intereses! —parece ser—. Pero teño que dicirlle que desas dúas, desas tres, hai dúas que teñen plataformas montadas polo BNG pedindo que non se instalen. Señor Golpe, teña coidado co que di, que está vostede a dous pasos de integrarse na ultradereita máis rancia e depredadora de Galicia. Teña coidado, que calquera día o liquidan.

Mire, eu quixera manifestar a miña preocupación polo que a señora Pontón considerou un insulto. Eu creo que o currículo laboral dun traballador merece todo o respecto, non o consideraría un insulto xamais. Teño aquí o currículo laboral do señor Díaz: editorial Laiovento, supoño que resultará unha fonte razoable, ¿verdade? Porque vostede enfadouse moito, pero non desmentiu o que eu dixen, ¿verdade que non?; desmentir non o desmente. Nado en Ferrol, traballou desde os 14 anos no taller de maquinaria, no departamento de proxectos e fi-



nalmente como economista do departamento de orzamentos. Foi, ademais, deputado e autor de distintos informes.

Eu respecto moito o señor Díaz, como traballador, como deputado e como escritor; agora, como fundamento intelectual para levar Galicia a un sistema de concerto que non defende absolutamente ninguén máis, ningún dos dez especialistas que concorreron nesa comisión, para iso non, señora Pontón, para iso non. E eu lamento que vostede considere un insulto iso; non o é, créame.

Pero mire, eu tampouco son economista, e aspiro hoxe a poñer un exemplo simple, para que o entendan todos os galegos, incluso vostedes, sobre por que non é un bo negocio o que vos-
tedes propoñen da débeda.

Mire, imos poñer que hai dúas irmás galegas, ás que chamarei —espero non pasarme de sutil— Gala e Cata, ¿vale? Pois esas dúas irmás deciden iniciar, despois de rematar os seus estudos, a emancipación do seu fogar paterno. Gala atopa un bo traballo, decide comprar un piso, que se vai converter na súa vivenda familiar, e un utilitario para servizo da casa; e, como calquera de nós, pois ten que subscribir unha hipoteca e un crédito persoal. Cata, que é bastante máis ambiciosa, decide comprar unha gran masía no Empordà, adquire un vehículo de luxo —porque lle gusta ter chofer— e, ademais, quere expandir o seu pequeno negocio de exportación e compra distintos baixos comerciais nalgunha das principais vías das cidades europeas máis importantes, hipotecándose nunha cantidade moito máis importante, ¿verdade? Cando chega o tempo da crise, Gala pois fai unha serie de axustes na economía familiar para ter un pouco de folgura e poder chegar a fin de mes, e Cata decide que é mellor para manter o seu ritmo de vida seguir endebedándose, pedir novos créditos e non rebaixar en nada o seu nivel de vida. E, mire, eu ata aquí non teño nada que reprocharlles nin á Gala nin a Cata, pero o problema vén despois cando Cata, afogada polos créditos, pídelle axuda a papá e dille: papá, necesito axuda, que non chego a fin de mes. E papá convoca as dúas fillas e dilles: mirade, vou anticiparvos a herdanza, pero, en lugar de repartir os cartos, o que vou facer é asumir as vosas débedas. E grazas a esta xenial idea, esgotaremos a herdanza, e, iso si, Gala será dona dun piso e dun utilitario e Cata dunha luxosa masía, dun coche de altísima gama e dun feixe de locais nas mellores rúas do mundo. Foron felices, comeron perdices e, segundo vostedes, teñen que estar moi satisfeitas porque as dúas viron reducida a súa débeda. *(Aplausos.)*

A min chámenme raro, pero creo que a maioría entenderíamos a indignación de Gala. E agora imaxinen que tivera que escoitar na súa casa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que algún dos seus fillos tentara convencela de que acaban de facer un gran negocio. Pois eu penso que esa muller pensaría o mesmo que pensamos os galegos cando vostedes defenden este disparate, que ou non estamos defendendo os mesmos intereses ou que xa temos identificado o tonto da familia. Afortunadamente, señorías, os galegos creo que demostraron unha grande intuición para detectar aqueles que son desleais coa súa casa e tamén aqueles aos que lles faltan algunhas luces, e por iso sabemos que ese



fillo de Gala nunca chegará a presidente da Xunta. Os galegos para iso teñen gustos moito mellores.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Ben, señor Ojea, moitas grazas polo ton construtivo en todas as intervencións. Tomo nota do reloxo de cuco, que non é mala idea.

Señor Besteiro — ¡home!, está vostede aquí, porque antes non estaba, dígoo por iso—. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale, moitas grazas polo detalle. Mire, eu admito a contradición, por suposto; o que levo moito peor, sobre todo porque vale de pouco e menos en política, é ver como vostede un día ten unha opinión sobre unha cousa, ao día seguinte toda a contraria, despois se o matiza ningún entendemos nada. Iso non é bo, señor Besteiro, dígollo sinceramente.

Respecto da débeda —é que xa llo expliquei—, é un negocio ruinoso, mire por onde o mire, e vostede sábeo perfectamente; polo tanto, pouco ten que explicar. Sábeo, ademais, porque o está facendo Pedro Sánchez, e fin da historia.

E, señora Pontón, mire, sempre o mesmo con vostede, un clásico segue outro clásico. O primeiro é a intervención que tivo e todo o que me dixo: covarde, recadeiro, submisivo, franquista, servil, os que espolian a Galicia, rendido aos meus xefes das grandes empresas. E despois, na segunda intervención, é dicir que está indignada polos insultos que eu lle dei pero que vostede non vai insultar. Un clásico, e así levamos vinte e cinco anos, señora Pontón, *(Aplausos.)* levamos vinte e cinco anos.

Mire, é unha pena para Galicia, sinceramente —para min non, eu estou encantado, oxalá sigan vostedes dous—, ¡a min que non mos cambien, eu estou encantado!, *(Risos.)* pero é unha pena para Galicia. Egoistamente, quérolle dicir que sigan moito tempo, pero para Galicia probablemente non é bo, e eu creo que o meu deber é intentar buscar o mellor para Galicia. E por iso o proxecto de goberno que se materializa nos orzamentos, dos que hoxe dei as liñas xerais, non se esgota —e volvo insistir niso— no ano que vén; para o ano que vén tamén son, hai que ir ano a ano, por suposto. Pero son orzamentos de lexislatura e, se me apuran, máis aló da lexislatura.

Queremos preparar a Galicia da vindeira década —como dixen—, e a Galicia da vindeira década ten que ter mellores servizos públicos, ten que ter máis crecemento económico, mellores infraestruturas, máis oportunidades para todo o mundo, empezando pola mocidade. Ten que haber un goberno que sexa capaz de converter ese proxecto en realidade e creo sin-



ceramente que eu o teño; estou moi orgulloso do meu Goberno, do meu grupo e por iso creo que aquí podíamos remar todos xuntos. E por iso volvo dicir que non perdo a esperanza de que nalgunha das cousas moi difíciles de non defender —se mo permiten— terei o seu apoio, aínda que sexa un apoio suave.

Hai unha folla de ruta e presenteina —por recordar algunha cousa moi rápido—: unha fundación para o impulso da ciencia; non falaron para nada diso, nin o nomearon —creo que é moi importante—. Capacidade e vocación, esa fundación para fichar investigadores de elite procedentes de todo o mundo que queiran volver a Galicia; xa estamos en conversas e ven en Galicia agora un destino atractivo, e eu celébroo moitísimo, porque iso supón moitas cousas.

Queremos lanzar un combinado de medidas legais de choque, señor Ojea, aprobadas polo Parlamento —ou, se non, non serán efectivamente—, pois para favorecer que aumente a oferta de vivenda. Detectamos os problemas, os embudes que hai ás veces e as cousas que se poden mellorar; e, polo tanto, hai que acelerar os prazos, hai que baixar prezos, hai que facilitar a reconversión dos baixos en vivendas onde se poida, que parecía que era unha especie de tabú. Hai que darlle amparo legal a todo iso, non hai que ter medo a plantexalo, e plantexáremolo aquí no Parlamento.

E, por suposto, unha defensa incansable dos intereses de Galicia en materia de financiamento autonómico; crin que se ía falar máis de financiamento autonómico; dixen na miña intervención que condiciona toda a prestación de servizos públicos. E eu teño clarísimo, teño clarísimo que ninguén nos vai impoñer as posturas que non sexan as que lle conveñen a Galicia; pois, por iso mesmo, porque foron os galegos os que nos deron o mandato de facer esa defensa.

E, desde logo, ninguén nos vai facer defender nunca posicionamentos que ou nos coloquen en posición de desigualdade con outros ou nos fagan perder oportunidades ou nos metan en negocios ruinosos que se fan para xustificar o que si que é negocio para outros, pero para Galicia en ningún caso.

Aquí falouse de cifras, eu creo que todo o mundo sabe no fondo que as cifras son as que se están dicindo; dinas todos os economistas, salvo que sexan do BNG ou do PSOE, incluso algúns que son do BNG ou PSOE, pero son xente seria. E eu agradézolles que teñan esa valentía e esa honradez de dicir o que hai, o que todo o mundo sabe, o que todo o mundo coñece que se está facendo pensando noutros territorios e en prexuízo de Galicia.

Polo tanto, este goberno da Xunta vai seguir sendo o de todos os galegos sen matices. Efectivamente, é a miña obriga, os que nos votaron maioritariamente outra vez o 18 de febreiro e os que non o fixeron. Teño perfectamente presente que hai xente que nos votou e outra que non. Tamén teño presente que temos un programa electoral de moitas medidas coas que nos presentamos á investidura e que temos que cumprir, por iso empezamos xa acelerando con esas medidas dos cen primeiros días.

Pense o que pensa a xente, e vote o que vote, ten todo o dereito do mundo a que o Goberno da Xunta —con acertos e con erros, que tamén os temos e os teremos— intente-



mos facelo o mellor posible. Polo tanto, con responsabilidade, con ilusión, con experiencia —porque a experiencia tamén é importante para facer ou non facer ou non dicir segundo que cousas—, con diálogo —sigo dicíndoo, non renuncio a el, xa sei que ás veces é unha palabra baleira, pero a miña obriga é intentar conseguilo, aínda que ás veces reciba, ás veces non, sistematicamente, moitas veces, insultos que, insisto, creo que demostrarei que non penso contestar—, e sobre todo coa confianza que nos outorgaron os galegos unha vez máis —e xa van unhas cantas— o 18 de febreiro, seguiremos traballando para que Galicia medre e Galicia progrese, non só a Galicia do ano 2025 —para iso son estes orzamentos— senón a Galicia —queremos ser ambiciosos— de moito máis alá, a Galicia da próxima década.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2023

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto segundo da orde do día: Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2023. Isto en concordancia coa norma terceira das normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo e o acordo tamén da Mesa e da Xunta de Portavoces do 1 de outubro de 2024. En aplicación desta norma e as relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa, o debate ante o pleno do informe celebrarase de acordo cos seguintes procedementos: a valedora do pobo exporá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións o pasado 20 de setembro; ao seu remate, a valedora abandonará o salón de sesións e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións. Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, as representantes e os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de dez minutos cada un para fixar a súa posición respecto do informe presentado consonte o acordo da Mesa da Xunta de Portavoces do pasado 1 de outubro.

Con motivo deste debate, non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo das posteriores iniciativas regulamentarias.

Rógolle á vicepresidenta primeira, a señora Candia López, que acompañe a valedora do pobo ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención ante o Pleno.

(*A señora vicepresidenta primeira, Candia López, acompañe a valedora do pobo ata o estrado.*)

Ten a palabra a valedora do pobo, dona María Dolores Fernández Galiño.

A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño): Bo día, presidente do Parlamento de Galicia.

Membros da Mesa do Parlamento de Galicia.

Deputadas e deputados.



Estamos aquí para presentar o Informe correspondente á actividade da Valedora do Pobo no ano 2023.

O señor PRESIDENTE: Perdoe un segundo, é que parece que non se escoita alá moi ben. A ver.

A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño): ¿Agora escóitase? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: A ver. Non. (*Pausa.*)

A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño): No ano 2019 a Comisión Europea para a Democracia a través do Dereito, adscrita ao Consello de Europa, subliña que as institucións dos defensores do pobo teñen un papel importante no fortalecemento da democracia, o Estado de dereito, a boa administración, a protección e promoción dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

Nese mesmo ano comezou o mandato esta valedora e, en liña cos principios de Venecia, presentamos perante o Parlamento un decálogo que manifestaba un compromiso sobre dez aspectos de dereitos humanos: a garantía e promoción da igualdade de mulleres e homes, a loita contra a violencia de xénero, a violencia e o acoso, a explotación humana, os dereitos das persoas con discapacidade, a loita contra as discriminacións e a loita contra a pobreza, a promoción dos colectivos desfavorecidos, a garantía dos dereitos dixitais, o dereito a institucións sólidas e o dereito ao medio ambiente.

Desde entón, o decálogo inspira o traballo da institución no que se refire ás competencias de garantía, fomento e promoción dos dereitos humanos da cidadanía. En todos os informes presentados ante o Parlamento de Galicia nos seguintes anos de mandato dáse conta dese compromiso co decálogo ao longo de todos os capítulos. Porén, desde ese ano 2019 o capítulo primeiro de cada informe desenvolve temáticas específica sobre dereitos humanos, sempre no contexto dos acontecementos vividos e das queixas tramitadas.

Este ano o concepto escollido é o da interseccionalidade e o da discriminación interseccional. Pero, antes de entrar nel, cómpre botar a vista atrás, aos tópicos dos anos anteriores. Así, no ano 2020, falamos dos obxectivos de desenvolvemento sostible en relación con dez puntos do decálogo. No ano 2021 falamos da discriminación directa e da discriminación indirecta en relación coas mulleres, as persoas maiores, as persoas con discapacidade e as persoas de colectivos LGTBI. No ano 2022 puxemos o enfoque nos dereitos humanos das persoas maiores e no idadismo.

A presentación do informe anual das actuacións da institución do ano 2023 constitúe unha ocasión acaída para facer fincapé en que as causas de discriminación xa analizadas en anos anteriores (xénero, discapacidade, persoas maiores, pobreza, exclusión social, raza...) adoitan manifestarse de xeito acumulativo ou interseccional, e poñen nunha situación de clara desvantaxe e vulnerabilidade as persoas que a sofren. E así non está na mesma situación unha muller con discapacidade que unha muller ou un home sen discapacidade. E iso visualízase no acceso ao emprego, na súa autonomía persoal, na violencia de xénero ou na violencia sexual.



Falabamos da autonomía persoal. Pois no ano 2020 —no ano 2020 aínda— modificouse o Código penal para prohibir a esterilización forzosa de persoas con discapacidade intelectual. E entre o ano 2015 e 2020 foron esterilizadas 396 persoas con discapacidade. E, segundo datos proporcionados polo Cermi, a maioría son mulleres.

As mulleres con discapacidade tamén sofren máis violencia de xénero, un 17 por cento máis que as mulleres sen discapacidade; sofren violencia de longa duración, aquela que se prolonga máis de cinco anos. Pero as mulleres con discapacidade vítimas de violencia sexual tamén se someten a unha dobre ou, en moitas ocasións, a unha tripla discriminación por esa vitimización secundaria ou terciaria: cando denuncian e non son cridas polo feito de ser mulleres e incluso moitas veces porque teñen unha patoloxía mental producida pola trata e polos anos de abusos, e tampouco por iso son cridas.

Creo oportuno traer hoxe aquí as palabras de Gisèle Pelicot —todos coñecemos o caso que se está enxuzando estes días en Francia—, cando ela di: «Entendo que as vítimas non denuncien. Desde que entrei ao tribunal síntome humillada; chamáronme alcohólica».

A pesar desta realidade dentro das causas de discriminación, na realidade da vida tradicionalmente as leis e as políticas construíronse verticalmente: unha lei, unha política de discriminación; dando lugar a unha ausencia de interseccionalidade estrutural. Pero tamén hai unha ausencia de interseccionalidade simbólica, porque non se percibe socialmente; así, por exemplo, dáse menos valor a un feminicidio dunha muller que exerce a prostitución, ou na afiliación por adopción de menores estranxeiros, en caso de sucesos violentos, xérase unha falsa conciencia social sobre a perigosidade dos menores, especialmente se proceden doutros países.

Durante o ano 2023 foron múltiples as actuacións onde a interseccionalidade foi tomada en consideración. Delas quero destacar neste momento algunhas cunha especial transcendencia, pero o Informe, dende logo, abunda en moitas máis: a interseccionalidade no ámbito da conciliación, persoas coidadoras, menores e discapacidade. Aquí a queixa está relacionada coa imposibilidade de que un neno con discapacidade poida ser admitido nos campamentos de verán do concello. A razón estribaba en que un dos requisitos para ser admitidos é que os dous pais traballen, descoñecendo que, sobre todo cando a discapacidade é de orixe, moitos dos pais teñen que deixar de traballar e, singularmente, son as mulleres as que o fan. Polo tanto, quedan expulsados deses campamentos, desas escolas de verán, eses nenos con discapacidade porque os dous pais non están dados de alta na Seguridade Social.

A vulnerabilidade tecnolóxica, a idade e a contorna dixital. Aquí fixemos unha recomendación no suposto de declaracións responsables de talas para que no momento de solicitar autorización se lle participe a o ou á particular que a declaración responsable a pode emitir tanto por teléfono como por correo postal, sen obrigalo a entrar nunha complexa operación de manexar unha web ou un correo electrónico.

A erradicación dos asentamentos chabolistas e de infravivendas, o dereito ao realoxo participativo. Aquí é claro ver a discriminación e o trato inxusto das persoas xitanas, que tamén moitas veces se entrecruzan con casos de discriminación, como pode ser o xénero, a disca-



pacidade e a aporofobia. Sostemos, igual que mantén a Fundación Secretariado Gitano, o desmantelamento dos asentamentos, a erradicación do chabolismo e o realoxo das familias, tendo en conta a súa participación no proceso, así como a perspectiva da infancia e de xénero para asegurar intervencións que garantan a igualdade.

A discapacidade e muller vítima de violencia de xénero. As mulleres con discapacidade poden verse sometidas a unha discriminación múltiple polo feito de seren mulleres e polo feito de teren discapacidade, e digo que así nos chegaron actuacións de ser vítimas de violencia de xénero. Neste caso, recomendamos que se promovesse a reforma normativa reguladora do procedemento de valoración da discapacidade para dar prioridade a todas as persoas que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, aínda cando o procedemento non estea en curso.

Discapacidade de mulleres con fibromialxia. A fibromialxia é unha enfermidade feminizada. O 90 por cento das persoas afectadas son mulleres. Por ese motivo recomendamos que a valoración da fibromialxia se faga de xeito dilixente, tendo en conta as especificidades da enfermidade, e tamén que se aceleren, que non se demoren, as valoracións de fibromialxia que se consideren prioritarias, co fin de que non se prexudique a inserción e a inclusión laboral das moitas mulleres afectadas.

As mulleres cuidadoras de persoas con discapacidade e as dificultades engadidas nos coidados. Aquí estamos pensando nas cadeiras de rodas, que tanto facilitan a vida das persoas porque son eléctricas e son sinxelas de manexar, pero pídesse que o usuario desa cadeira de rodas estea en condicións auditivas, físicas e musculares de manexala. E, cando non é así, quen ten que manexar a cadeira é a cuidadora, e moitas veces trátase, ademais, de discapacidades de orixe, pois xa é unha persoa maior que ten os seus propios problemas e as súas propias dificultades e que, polo tanto, se vai ver discriminada porque non ten os cartos para poder adquirir esa cadeira de rodas.

Estamos facendo alusión a persoas que viven no medio rural, a menores con discapacidade, pero tamén moitas das causas de interseccionalidade que estamos poñendo de manifesto se refiren a mulleres, porque o prexuízo de xénero é un prexuízo que está invisible, que está omnipresente e que ademais muta, adáptase, e por iso vai sempre a ir da man doutros prexuízos, como poden ser os raciais, os relixiosos, a discapacidade, o idadismo ou os prexuízos ruralistas.

Para rematar esta exposición de casos, vou expoñer o caso de cando se considera ou non unha situación de abandono para efectos administrativos. Considérase que non hai abandono cando a persoa dependente está convivindo cunha persoa que non está nunhas adecuadas condicións de saúde ou de capacidade para poder atender as tarefas de coidado. Aí non se considera que hai desamparo. Pero, cando estamos falando doutro tipo de circunstancias, como coidados na contorna familiar, aí si que parece que se exige, que se pide esa salubridade, por así dicilo, ese benestar da persoa que se está plantexando como posible cuidadora.

Dentro do ámbito da vivenda e do desafiuzamento, vese a interseccionalidade de xeito case, case continuo, pois vemos o caso do desafiuzamento dunha muller de etnia xitana con catro



fillos; dunha muller embarazada, nai de dous menores; dunha muller migrante desempregada e nai dun neno menor; ou dunha muller con 90 anos e con síndrome de Diógenes.

Pasamos agora a facer unha breve incursión nos datos cuantitativos, que tanto as resolucións como o estado das resolucións como os datos cuantitativos están subidos no Informe, e teñen o enlace ao texto completo da resolución e ao estado en que estaba de aceptación ou rexeitamento no momento do peche do exercicio.

O número de actuacións foi de 25.227. Isto quere dicir que no ano 2023 acudiron á institución da Valedora do Pobo 25.227 persoas para presentar reclamacións ou pedir orientación ou asesoramento sobre os seus temas. Son persoas que acoden trasladando problemas que lles afectan e que eles perciben como perentorios no exercicio dos seus dereitos humanos, na súa vida cotiá. E máis, aínda cabería dicir que eles, as persoas que se dirixen á institución, as persoas queixantes, son os protagonistas do Informe.

En atención presencial, houbo un total de 1.706, cunha media de 142 mensuais. En atención telefónica, unha anual de 7.180, cunha media mensual de 598.

Expedientes de queixa foron 16.417. Se dos expedientes de queixa sacamos as queixas colectivas, que computarían como unha, quedaríamos con 3.737 asuntos. Como xa dixen, o total de actuacións foron 25.227.

Quero facer tamén alusión ao rexistro histórico de resolucións da Valedora do Pobo do ano 2023, que foi de 649 resolucións, fronte ás xa non poucas 503 do ano 2022, o que supuxo un incremento en resolucións dun 29 por cento. Foron respondidas, á data 30 de decembro, 509, e aceptadas, respecto das rexeitadas, o 85,6 por cento.

Quero tamén dicir que é un volume de actividade alto, un volume de queixas que xa dixen que eran 16.417, e quero tamén contrarrestalo un pouco co número de queixas inadmitidas, porque inadmitimos o 2,11 por cento das queixas, admitimos o 96,36 por cento das queixas e remitimos a outras defensorías o 1,53 por cento das queixas.

A medida de traballo que ten a institución —e teño que lembrar que no ano 2021 traballamos 21 persoas na institución, incluíndo a Comisión de Transparencia—... Quero dar un dato: a entrada de documentos —que implica entrada, rexistro, distribución, estudo, análise, valoración e, no seu caso, saída— foi de 25.426 documentos, e saíron 22.843.

As áreas da institución. Iso vese porque están as áreas detalladas. Ademais, levamos un sistema estatístico. Hai estatísticas xerais, logo tamén por administracións e logo, en cada área, vai a estatística da área coas queixas admitidas, coas queixas excluídas, coas queixas resoltas e coas resolucións. Ao final, vai o enlace das resolucións e tamén os asuntos que se concluíron positivamente; é dicir, que se concluíron sen necesidade de que a Administración chegase a plantexar unha resolución ou unha recomendación.

As áreas da institución con máis actividade foron: sanidade, cun 22,11 por cento; emprego público e traballo, cun 12,09 por cento; e inclusión social, cun 10,02 por cento. Son, pois, os



asuntos principais vinculados aos dereitos sociais e aos servizos públicos, alicerces do Estado de benestar, como tamén son a vivenda e a educación.

E, xa para rematar, quero dicir que quen está máis nas marxes precisa máis da igualdade que prometen as nosas leis antidiscriminatorias, as nosas políticas públicas e os nosos movementos sociais. Tomalos en conta equilibra a loita pola igualdade cara ás persoas e colectivos con maior necesidade de igualdade, volve situalos no centro das políticas públicas, crea alianzas e estratexias comúns entre movementos sociais e axuda a que todo o conxunto da sociedade avance.

Dicía na comparecencia da Comisión de Peticións que se trataba de dar voz aos sen voz. Naquel momento falaba dos enfermos de ELA, pero hoxe vou falar de Fadoua Akkar, que foi asasinada hai tres días. Era unha muller en extrema vulnerabilidade, se atendemos ao que acabamos de dicir da interseccionalidade: era muller, era migrante e era marroquí. Incluso os propios achegados a ela dicían: «Aproveitouse de que ela non sabía falar ben castelán». A voz, dar voz é moi importante. Fadoua foi a terceira vítima galega do ano, deste ano. Antes está Andrea, unha rapaza de 24 anos, e despois está Mercedes, unha muller de 74 anos. A violencia contra as mulleres non distingue idades, formación, cultura e patrimonio; está, como xa digo, omnipresente; está en todas as partes e, ademais, é invisible e muta.

En definitiva —e remato—, tomar en consideración a situación das mulleres, das persoas con discapacidade, das persoas maiores, das persoas en situación de vulnerabilidade económica, das persoas migrantes, das persoas discriminadas por etnia ou por raza e doutras persoas nas marxes está na esencia da institución da Valedora do Pobo, e actualizamos ese compromiso día a día tomando como referencia o decálogo que serve de compás do noso traballo.

Quero facer un agradecemento a todo o equipo da Valedora do Pobo, porque somos poucos, pero estamos comprometidos. Quero dicir que, sen eles, isto non sería posible.

E tamén quero facer unha especial mención do programa de bolsas para persoas con diversidade funcional, do que me ides permitir unha reflexión persoal. Para min foi unha das cousas máis satisfactorias desde que estou na institución da Valedora do Pobo. Tiven un grao de satisfacción grande ao compartir o bo facer das persoas que se foron sucedendo nos respectivos programas. Dinme que non diga os nomes, pero sei que está aí Rocío, sei que está aí Moisés... Quero expresar a satisfacción de estar o día a día con eles, do que aprendemos, do que maduramos como persoas... Só é comparable, sinceramente, coa xusta materialización da súa inserción laboral, que merecen, como deixaron patente no seu paso pola institución da Valedora do Pobo.

E con isto xa remato.

Moitas grazas a todos. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, valedora.



Acompáñea, vicepresidenta primeira. *(A señora vicepresidenta primeira, Candia López, acompaña a valedora do pobo e abandona o salón de sesións.)*

Tal como expliquei antes, agora corresponde a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición sobre o informe.

Comezamos polo Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Quero agradecer á señora valedora do pobo que comparecese para darnos este informe, que algúns de nós, loxicamente, xa coñeciamos por formar parte da correspondente Comisión de Peticións.

A min gustaríame aproveitar o tempo da miña intervención para facer un apunte moi concreto. Na comisión, un compañeiro deputado preguntoulle á valedora se algunhas das peticións que se facían non deberían ser desbotadas por, ao mellor, non proceder, e ela agora dixo que algunhas, efectivamente, eran desbotadas. Eu penso que algunhas en concreto, ás que me vou referir, non deberían ser tramitadas pola Valedora do Pobo. E vou concretar.

Algunhas veces, grupos políticos, grupos municipais ou algúns concellos recorren á Valedora do Pobo para protestar por determinadas cousas, ben porque o alcalde se retrasa en darlle unha documentación ou por cuestións semellantes. Pero un grupo político non é unha muller en silla de rodas, inmigrante... Un grupo político non pertence a ningún dos colectivos de discriminación primaria ou secundaria dos que falou a valedora do pobo hoxe e o outro día na comisión. Un grupo político ten recursos, un grupo político ten voz. Falaba agora a valedora do pobo de que a institución era «a voz dos sen voz». Un grupo político, sobre todo cando é dun partido político que mesmo ten responsabilidades de goberno, ao mellor ao nivel do Estado, ten voz. Entón, é un pouco sangrante que se gasten os recursos tan necesarios da Valedora do Pobo, que fan falta. Xa dixo antes canto trámite, canta burocracia, cantas persoas hai traballando para resolverlles os problemas a esas persoas que, efectivamente, están nunha situación de precariedade social para poder solucionar estes problemas tan puntuais, porque, ao mellor, non teñen cartos para comprar unha silla de roldas ou ao mellor non teñen medios para acudir á Administración para que poida socorrelos nun problema concreto. Un partido político non é iso, un partido político pode acudir aos tribunais. E falaba de dereitos humanos. Un partido político non é un ser humano, ten dereitos, pero non ten dereitos humanos.

E digo isto porque o partido político ou o grupo político que recorre á Valedora do Pobo para facer publicidade dunha causa política benefíciase xa só con que se lle admita a trámite a cuestión que plantexa. Un grupo político presenta na Valedora do Pobo unha proposta «x» —que, ao mellor, ten toda a razón na queixa, e eu non estou discutindo iso—, pero, ao mellor, ese non é o lugar onde ten que presentar esa reclamación. O que pasa é que é moi sencillo porque ao outro día xa ten media páxina ou unha páxina na prensa que di: «A Valedora



do Pobo admite a trámite, a protesta «x» do partido «y». E, claro, con iso xa sacou unha rendibilidade política por utilizar ese trámite, cando, ao mellor, está consumindo recursos que a institución da Valedora do Pobo podería estar dedicando a unha desas persoas das que falaba a valedora do pobo en situación de precariedade, en situación de discapacidade física ou psíquica, etc.

Entón, a min gustaríame aproveitar esta intervención para facer esa reflexión.

Eu falaría, poñendo o exemplo do que pasa ás veces no ámbito xurídico, do principio de mínima intervención do Código penal. Cantas veces se leva unha cuestión pola vía penal e o señor xuíz do penal di: mire, señor, igual ten moita razón no que di, etc., pero a vía penal inhíbese ao máximo. Isto pode levalo pola vía civil, ou isto pode levalo pola vía laboral, ou isto pode levalo pola vía do contencioso, etc.

Eu penso que tamén debería haber unha especie de intervención da Valedora do Pobo moi específica para eses casos. Non sei que porcentaxe dixo —pero moi pequena— de casos que eran desviados a outras institucións. Eu penso que non son suficientes, porque eu coñezo varios casos, concretamente de partidos políticos, ou ao mellor tamén dalgunha outra asociación, que teñen recursos suficientes, voz mediática e capacidade, porque teñen asesores e avogados, sen ter que recorrer á figura da Valedora do Pobo.

Entón, esta era a cuestión que quería facer: un respecto para a institución, que foi concibida e foi creada para valer pola xente que non ten outros recursos para solucionar esa clase de problemas, da que ela nos falou agora e nos puxo moitísimos exemplos, e que algúns deles, de escoitalos, nos poñen o coiro de pita. Entón, sencillamente, esa reflexión.

Non sei cal é o regulamento interno á hora de decidir que cuestións se admiten a trámite e cales non, pero a moitas das cuestións que chegan á Valedora do Pobo debería dárseles curso por outras vías, vola vida xudicial, etc. E a próxima vez que vexamos unha noticia do tipo: o grupo municipal do concello tal recorre á Valedora do Pobo para protestar por tal..., ao mellor, xa nos cambia a cuestión coñecendo o informe. É dicir, vaille dedicar tempo a iso, cando hai tanta xente que está necesitada da axuda da Valedora do Pobo por estar nesas condicións de discriminación, nesas condicións de precariedade e cando este grupo político podía estar utilizando outros recursos, os seus recursos —que os ten— en levar a cuestión aos tribunais e en non aproveitarse xa do simbolismo mediático que ten a figura da Valedora do Pobo, do Valedor do Cidadán, a nivel do Estado.

E nada máis.

Non consumo así a totalidade do tempo. Creo que esta reflexión, aínda que é unha aportación puntual, pode ser interesante.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día. Bueno, xa boa tarde, pola hora que é.

Bo día, valedora, señora Fernández Galiño.

Quero, en primeiro lugar, agradecerlle a súa exposición e o traballo feito durante todo este ano a vostede, pero tamén a todo o equipo. Temos a sorte en Galicia de ter unha valedoría do pobo altamente comprometida coa defensa da igualdade e un informe que volve reflectir que o feminismo é o selo de identidade desta institución e que incide, ademais, na protección da institución das persoas que se atopan nas marxes.

Vostede falaba desa discriminación sexista interseccional e dicía que poñían neste ano o foco nela. E nós, os socialistas, defendemos tamén a necesidade de que dende o público se poña nisto o foco. Por iso, quero iniciar a miña exposición tendo unhas palabras de lembranza a Fadoua Akkar, unha veciña de Pontevedra, ademais, que foi asasinada por un asasino machista onte, do que esperamos que recaia sobre el toda a xustiza que merece. *(Aplausos.)*

Por iso queremos tamén, como dicía, parabenizala por poñer o foco nesa interseccionalidade, pola súa ampla actividade relacionada coa igualdade, polos traballos e artigos sobre feminismo e esa terceira edición dos premios Valedora.

E como fala este informe das causas de discriminación de xeito acumulado e interseccional, non quería tampouco deixar de nomear e de falar —como tamén fai unha breve referencia o informe— da nosa situación política internacional. Onte fixo un ano do terrible atentado do grupo terrorista Hamás sobre a poboación civil israelí, e un ano tamén da resposta desproporcionada e xenocida do Estado de Israel contra a poboación palestina, que xa se entende, ademais, por outros países e que leva máis de 50.000 mortos. Gustaríame aproveitar para que nos preguntemos aquí, señorías, cando van ter o mesmo valor as vidas humanas, segundo o territorio onde se naza.

Voltando ao seu informe —e quero parabenizala estritamente polos récords en reclamacións atendidas e resoltas, por ese 95 por cento de asuntos admitidos; por ese 29 por cento máis que en 2022 de asuntos resoltos—, nós queríamos analizar polo miúdo todos estes asuntos que chegaron á Valedoría durante todo este ano, pero é moi difícil en dez minutos, aínda que si extraemos algunha conclusión. E as conclusións que extraemos son que manifesta claramente as políticas liberais que exercita o Partido Popular e como a última década de goberno do Partido Popular en Galicia está marcada polos recortes en política social, sanidade ou educación e por unha obsesión sesión patolóxica polos axustes acelerados e inequitativos dos déficits públicos. Este camiño ofreceu mal os datos en canto á actividade económica, pero ofreceu efectos devastadores nos niveis de cohesión social da nosa sociedade galega.



E isto reflíctese nas reclamacións da maioría das queixas que chegan á Valedoría: as relacionadas con sanidade, o 45,59 por cento, e cos aspectos sociais, o 12,74 por cento; reclamacións que chegan á Valedoría e que coinciden moitas veces con carencias de xestión, que os socialistas vimos denunciando aquí, no Parlamento, dende hai anos.

E dicía eu que en dez minutos é imposible facer un balance polo miúdo. Pero, centrándome, por exemplo, na sanidade, hai que dicir que está moi lonxe desa sanidade pública que todos reivindicamos. Está máis preto dese facer negocio coa saúde das persoas e de escatimar recursos en relación coa sanidade. Por iso, a atención sanitaria no día de hoxe é o principal problema dos galegos e galegas, e por iso ocupa un papel un tanto por cento destacado nese volume de queixas ou reclamacións: falla de persoal suficiente porque non se cobren as baixas ou traslados, ou atrasos nas consultas de atención primaria, pero tamén nas de especialidades, sabendo que é importante atender a tempo unha doenza pola cronificación da enfermidade e polo dano que isto supón para o paciente.

Ou en canto á saúde mental, que é claramente ineficiente en Galicia, e é necesaria unha reformulación total. As queixas reflicten que é necesario aumentar a dotación de recursos humanos, pero tamén de recursos materiais, porque non hai centros; por exemplo, no caso dos menores, son escasos os recursos públicos para atender os menores con problemas de saúde mental.

Ou no eido da inclusión social. Galicia debe recuperar as bases lexitimadoras do seu contrato social, aquel polo que os cidadáns, independentemente da súa condición social ou persoal, volven á súa condición de dignidade persoal e de igualdade de oportunidades. E nós temos unha Consellería de Política Social que vive á marxe disto, e vive á marxe disto porque son numerosas as queixas, e a Consellería de Política Social é, precisamente, a que ten que atender esas persoas que se atopan nas marxes. E, ademais, hai un dato que aparece reflectido no informe: a falla de resposta da Consellería a moitas das recomendacións da Valedoría do Pobo.

Tamén o modelo de residencias públicas, que tamén aparece reflectido, porque moitos maiores sen recursos económicos seguen a sufrir esa soidade non desexada, ou moitos son trasladados a moitos quilómetros do seu domicilio e pasan os últimos anos da súa vida lonxe da súa familia ou do seu contorno.

Ou o servizo de Axuda no Fogar, que está asfixiando os concellos, porque están a asumir o custo nunha proporción inasumible. Iso fai que teñan longas listas de agarda. Ou a modificación desa Lei galega de inclusión, que permitiría compatibilizar a Risga e o ingreso mínimo vital. Ou os puntos de encontro privatizados, cando estamos a falar de datos moi sensibles, de servizo ás familias, e con falla de formación en igualdade das traballadoras destes en moitas ocasións. E o mesmo acontece cos servizos do Imelga, que informan sobre a custodia dos menores, que é moi importante para o seu futuro. Polo tanto, como existen varias queixas en relación a isto, sería necesaria unha fiscalización por parte da Consellería de como están a funcionar.

En relación aos menores, hai ese interese de que se necesite unha superior protección por parte do público. Falamos dos procesos de acollemento e adopción, que teñen unha resposta



pública tardía que ás veces non prioriza ese interese do menor do que falaba, ou da infradotación do persoal, cando falamos, como dicía antes, de saúde mental dos menores.

En relación coa educación, dezasete advertencias tivo que facer a Valedora á Consellería de Educación por non remitir o informe solicitado; á Consellería de Educación, no que é unha falta total, xa non só de educación da Consellería, senón tamén de lealdade institucional. Cremos que é preciso reformular o sistema educativo galego e unha maior atención individual. Hai que recoñecer socialmente eses docentes, que son os que poñen a primeira pedra para construír a sociedade do futuro. A educación ten que ser o motor do cambio en Galicia, e necesitamos esa educación sexual para que non se dean casos de violencia de xénero como o de onte en Pontevedra. É a adecuación baseada no principio de equidade; iso implica, como mínimo, cumprir polo menos o acordo acadado cos sindicatos do ensino; ese acordo que establecía as *ratios* de docente por alumno que non se están a cumprir. Non se están a cumprir nin en Pontevedra, nin na Costa da Morte, nin en Boiro, nin en Ferrol, nin en Lousame, nin en Valdoviño, nin na Pobra de Brollón ou en Alfoz, nin na Cañiza, nin en Vigo... E podería seguir citando concellos onde non se está a cumprir, como xa denunciámos neste Parlamento.

Ou os nenos con TEA, ese trastorno do espectro autista co que están diagnosticados moitos nenos e nenas en Galicia. É necesario implementar programas específicos e coordinados entre as consellerías de Sanidade, Educación e Política Social, comezando pola atención temperá, que é fundamental para mitigar este padecemento, e continuando cunha protección específica.

A atención temperá é insuficiente en Galicia. Iso fai que se dean altas *a diestro y siniestro*, cando aínda non a poden ter eses menores. A política social nisto non está nin se lle espera. Non hai programas nin de respiro, nin de conciliación, nin de ocio. As políticas nos centros escolares, tampouco, porque, como dicía, non se cumpran as *ratios* de docente por alumno. Os escolares neurodiverxentes ou con calquera outra discapacidade teñen que asistir a colexios ordinarios, pero para iso hai que dotalos de profesorado adecuado, porque é un dereito para eles e porque nos enriquece como sociedade.

No cátering dos comedores escolares, é imprescindible que existan produtos de proximidade en Galicia. Ou esa subvención ás ANPA. En moitas ocasións hai nenos e nenas que teñen a comida principal do día. Polo tanto, teñen que subvencionar este servizo que están a levar a cabo as ANPA, sobre todo cando se trata de familias en risco de exclusión.

Ou o fondo solidario de libros. Tamén hai queixas sobre a gratuidade, porque, como se optou por dúas posibilidades, o fondo solidario de libros ou o E-Dixgal, neste segunda oportunidade, moitas veces os departamentos queren libro e, entón, non os subvenciona a Xunta, nin subvenciona tampouco nesta segunda oportunidade o material escolar, o que fai que estas familias, moitas veces sen recursos, teñan que asumir estes custos.

E podería seguir con moito máis, como en relación ao uso do galego, que a Administración galega non dá exemplo, e demostra o seu raquitismo nas políticas lingüísticas, ou no caso de incendios forestais.



Pero, como teño tempo limitado, quero dedicar os últimos segundos a volver parabenizar a todo o equipo da Valedoría do Pobo polo seu traballo, por enfrontar durante este ano un récord histórico en resolucións, o que demostra un claro compromiso coa institución que representan.

E nós, por outra banda, dende o Partido Socialista, seguiremos insistindo en fiscalizar dende o Parlamento todo o labor que fai o Goberno galego para intentar mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Óscar Insua.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Boas tardes e benvida de novo ao Parlamento, señora Fernández Galiño. Xa puido observar vostede o interese que suscita o seu informe nas bancadas do Partido Popular cando veu aquí informar.

Xa van cinco anos desde que foi elixida como valedora do pobo neste Parlamento, un mandato que se esgota este mesmo ano, e, como ve, pasa o tempo, pasan os anos e os problemas, as queixas da cidadanía, non mudan moito. Despois de ler o seu informe, podemos concluír, señorías, que Galiza non funciona, mal que lle pese ao señor Rueda.

Comentáballes na comisión da pasada semana que non era fácil facer unha valoración en dez minutos de todo o informe do ano 2023, tendo en conta que estamos ante un documento que engloba toda a actividade desenvolvida pola Valedoría no tocante a todas as administracións coas que se relaciona e a todas as materias que foron obxecto de queixa e análise. Por tanto, non podemos pararnos a valorar cada unha das áreas do documento, sendo para nós todas elas de igual importancia, mais o tempo limítanos a que nos cingamos a considerar as cuestións máis relevantes.

En primeiro lugar —e máis alá das estatísticas comparativas con anos anteriores—, son de destacar as áreas con máis volume de asuntos que tiveron entrada na Valedoría do Pobo; referímonos á sanidade, con 825, o 22,11 por cento do total. A verdade é que poñemos de menos as referencias no seu informe hoxe aquí a esta materia, non sendo a demanda maioritaria das queixas. É dicir, sorpréndenos que vostede, non tendo que render pleitesía a ninguén, pois deixase pasar por alto as referencias aos datos da sanidade; queixas sobre listas de espera, sobre déficit de médicos e persoal sanitario e queixas tamén sobre o interese superior do menor.



Outras áreas son emprego público e traballo, con 451, o 12,09 por cento; queixas referidas todas elas a dereitos económicos, a dereitos á saúde, ao dereito á conciliación ou á formación, tamén á materia de inclusión social, o 10 por cento; queixas sobre rendas de inclusión social, sobre atrasos nas valoracións da discapacidade, persoas vulnerables e dependencia, listas de agarda en prazas de residencias, queixas sobre o SAV, queixas sobre centros de día, que non hai en moitas das comarcas do noso país, persoas con ELA, etcétera.

Non sei se lles soan de algo estes problemas. Non sei se hai que traducírllelos ao inglés aos señores do Partido Popular para que entendan que, efectivamente, existen.

E se a isto lle sumamos os 201 asuntos de medio ambiente, que son o 5,39 por cento, xa temos xusto a metade dos asuntos en catro áreas só —en catro áreas— de 22 materias. Son do que máis se queixan os cidadáns galegos; toda unha declaración de intencións, porque coinciden xusto coas políticas que mellor se lle dan ao Goberno galego, xusto coas materias polas que máis apostan e invisten para ben dos nosos compatriotas: a sanidade pública, os servizos sociais públicos, as políticas activas de emprego e o medio ambiente, as catro patas fundamentais da mesa de traballo do Consello da Xunta do Partido Popular.

Para nada nos debe estrañar este dato revelador, porque as queixas dos galegos e das galegas tamén coinciden en proporción coas iniciativas que levamos presentando este grupo parlamentario —o BNG— co fin de mellorar e resolver esas demandas da cidadanía, sobre todo a respecto da sanidade pública, que o PP se empeña en desmantelar, en denigrar, co obxectivo de poder xustificar así a necesidade de facer concertos coa sanidade privada, que din vostedes que son máis eficientes, claro, para darlles así entrada aos negocios privados na sanidade, aínda que iso supoña aumentar en moitos casos o gasto dúas ou tres veces máis. ¡Total, tanto lles ten!, sempre teñen para meterlle a culpa ao sanchismo.

Pero esta é a crúa realidade, e o exemplo témolo en Vigo, non só xa polo coñecido sobrecusto do hospital, que xa todos sabemos, senón tamén pola negativa, por exemplo, por activa e por pasiva, a dotarse dunha unidade de queimados en vez de contratala a Povisa. Nos últimos vinte anos non quixeron abrir unha unidade de queimados. ¿Por que?, ¿por que?, se poderían aforrar uns cuantos millóns de euros.

A sanidade privada non é máis eficiente, mentira; os ineficientes son vostedes, os xestores que deciden con microcirurxía e total impunidade deostar a sanidade pública para encher os petos da sanidade privada, dos negocios dos amigos, mentres os galegos e as galegas se queixan do parapeto da Valedora do Pobo.

A verdade é que ten que ser moi duro, señora Fernández, Galiño, ver que en moitas ocasións non se pode facer nada, aínda que os cidadáns teñan toda a razón do mundo, pero é máis duro se coñece que os culpables directos que provocan eses problemas non son outros que os mesmos que a sentaron a vostede nesa institución.

Tamén quixeramos resaltar as queixas recibidas por vulneración dos dereitos lingüísticos e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero. Seguro que lles resulta sorprendente a máis dun aquí, no Parlamento, porque aínda non hai quince días que



o señor conselleiro de Cultura dixo que o galego nunca tan ben estivera, que vai como un tren. Non sei se irá como os Alvia ou se irá como os Feve do norte, por unha vía tan estreita, tan estreita, que, desde logo, vai afogar a nosa lingua.

¡Menos mal que temos ese informe seu, señora valedora!, que non é sospeitosa de ser marxista, comunista, filoetarra nin bolivariana, e que pon de manifesto a triste realidade que sofren moitos galegos e galegas e que está moi lonxe dese mundo feliz no que din os populares que vivimos aquí, en Galiza. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, quixera destacar tamén as referencias que fai no informe ao incumprimento do artigo 9 do noso Regulamento en canto ao dereito de acceso á información pública que temos os deputados e as deputadas desta Cámara a respecto dos datos, informes ou documentos que podemos solicitar da Administración. Vostede mesmo conclúe: «O acceso dos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia á información é un dereito fundamental derivado da representación política que ostentan e do exercicio do cargo representativo. Consta que se deu resposta a unha parte importante das solicitudes de acceso, pero consta tamén que non se deu nun bo número das iniciativas, precisamente as que son obxecto das presentes queixas. Das 610 solicitudes do BNG polo artigo 9, tan só 280 se atopaban en trámite» —a metade—.

A vostede dixéronlle que a intención era dar resposta expresa a esa solicitude da Valedoría, mais a realidade é que moita documentación solicitada, incluso a que se solicitou na pasada lexislatura, aínda non se entregou. E digo eu que pensará un cidadán normal, de a pé, porque, se non respectan os dereitos dos deputados, con todas as prerrogativas que temos, ¿como van respectar os seus dereitos?

Por último, non quero deixar de mencionar o deber de colaboración coa institución que deben ter as administracións públicas en cumprimento do artigo 26 da Lei da Valedora do Pobo. Informa vostede que no 2023 non foi necesario formular declaracións de hostilidade e entorpecemento, non obstante, si tiveron que facer recordatorios dos deberes legais e das advertencias de declaración de hostilidade.

Destaca entre todas a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, á cal lle tiveron que facer 17 requirimentos. Recomendolle —non sei, igual o conselleiro lle toma tamén a vostede o pelo, en fin...— á señora valedora que nestes casos faga uso da postestade do artigo 27 e dea conta ao Ministerio Fiscal para o exercicio das accións que poidan proceder, porque en verdade é unha vergoña, e máis vindo de quen a votou para exercer o seu cargo.

En definitiva, dicía vostede, e repetía hoxe, que era quen lles daba a voz aos sen voz, pero que estaba limitada porque vostede só tiña a *autoritas* —falaba na comisión o outro día— e que necesitaba a *potestas* para resolver a gran maioría dos problemas que lle chegaban. Eu hoxe volvo recomendarlle e darlle un consello, que non é outro que: que o grupo que a propuxo —e que igual lle renova o mandato, e que teñen a *potestas*, que a usan tamén para investila— lle faga un pouquiño máis de caso a vostede, que ten a *autcoritas*; é dicir,



que fagan efectivas as súas recomendacións e suxestións, que non son moi distintas daquelas nas que levamos insistindo nós aquí como BNG, neste Parlamento, coas nosas iniciativas.

E se cre que nada máis se pode facer dende a Valedoría do Pobo para ser máis eficaz na defensa dos intereses dos galegos e das galegas, sempre lle queda volver coller a espada e a balanza, coa venda nos ollos, claro, para outorgar dereitos; iso si, con toda a forza da lei, porque dende alí si que ostentaría a *potestas*, ademais da *auctoritas*.

Porque, como lle dixen o outro día, a Valedoría do Pobo é o máis semellante ao Muro das Lamentacións, de Xerusalén: todo o mundo acode a queixarse, a poñer o seu papeliño nos furadiños, pero todo o mundo sabe que quen está detrás dese muro che é o Goberno do PP, que, como bo sionista, oídos xordos e limpeza étnica desas minorías ruidosas que din, e veña vasoira, e veña varrer papeliños para deixar máis sitio. *(Aplausos.)*

Señorías do Partido Popular, sexan formais e cumbran, cando menos, as suxestións e recomendacións da Valedora do Pobo, polo menos no tocante á sanidade e aos servizos sociais. Fáganlle algo de caso a quen vostedes mesmos avalaron no cargo.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora valedora, benvida vostede e todo o seu equipo, que hoxe nos acompañan. Unha vez máis, grazas pola súa intervención e por cumprir fielmente as funcións da institución que representa: fomentar, promover, protexer e garantir os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas. Na defensa dos dereitos humanos tamén nos atoparán ao Partido Popular, iso si, sen cortapisas ideolóxicas, porque en Galicia residen migrantes, como vostede ben dicía, pero tamén refuxiados de guerras inxustas e exiliados da miseria e da represión de ditaduras. Por tanto, dado que están nunha situación de vulnerabilidade, tamén temos que prestarlles servizos sanitarios, educativos, de vivenda e de emerxencia social. E, por iso, falar de dereitos humanos, tamén é falar do pobo ucraíno, inxustificadamente invadido por Rusia, falar dos nenos e das nenas e mulleres brutalmente asasinadas e violadas a mans dos terroristas de Hamás. E, como dicía a señora Castro, onte cumpriuse un ano dese atentado terrorista, que foi a maior matanza de xudeus dende o Holocausto e que desencadeou un ano de conflito con trágicas consecuencias para o pobo palestino. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Prado del Río para uns segundos o seu discurso.)*



Dende o Partido Popular de Galicia, señora Castro, lamentamos profundamente a morte de todos, dos asasinados o 7 de outubro a mans dos terroristas de Hamás, pero tamén de todos os que morreron neste último ano a consecuencia dese nefasto día que comezou unha guerra absolutamente inxusta. (*Aplausos.*)

E tamén, como feministas, lamentamos e condenamos as violacións que os terroristas de Hamás fixeron sobre mulleres, nesa noite do 7 de outubro, que estaban desfrutando dun concerto tranquila e pacificamente. Non hai que ser feministas selectivos, señorías.

E por suposto temos que falar tamén do pobo venezolano, ao que se lle está furtando do dereito a elixir democraticamente o seu futuro. Por iso é acaído falar neste momento de persoas vulnerables, que vostedes pretenden invisibilizar. Hai que visibilizar e dar voz, como dicía a señora valedora, ás persoas máis vulnerables; unha vulneración dos dereitos humanos que é a nosa obriga denunciar e especialmente condenar, por moito que algúns prefiran poñerse de perfil e outros directamente poñerse sempre do lado dos malos, logo de que o Bloque Nacionalista Galego se negase de xeito reiterado nesta Cámara a condenar a invasión rusa de Ucraína e o terrorismo de Hamás. Perdemos a esperanza de que se sumen a esta causa, porque a súa alma soviética llo impide.

Pero aínda agardamos que cedan á evidencia dos feitos que están a acontecer en Venezuela, que dunha vez por todas deixen de apoiar o ditador Maduro e que se poñan do lado da democracia. Dicía a súa lideresa que non teñamos alerxia á democracia. Non teñan alerxia á democracia e por unha vez deixen de negar a realidade, porque, miren, a realidade é esta: (*A señora Prado del Río mostra un documento.*) «*Las actas que desnudan el fraude de Maduro*». Estas son as actas que demostran que Edmundo González é o presidente lexítimo de Venezuela. (*Aplausos.*) Aquí están as actas que poñen en evidencia unha vez máis que o Bloque Nacionalista Galego se puxo do lado incorrecto da historia. Pero, bueno como xa están en Nadal, feliz Nadal e a ver se reconsideran a súa postura, señorías.

Dito isto, e pasando do xeral ao concreto, no informe que hoxe desmenuzamos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, son dereitos humanos tamén. Eu xa sei que a vostedes lles fai moita graza e rin moito, pero mírenlles aos ollos a todos eses venezolanos que viñeron aquí cunha man diante e outra detrás. Non teñen traballo, non teñen vivenda, e están pendentes de que lles convaliden os títulos en educación, esa educación da que vostedes falan. Veñen coa súa titulación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e non poden traballar no seu traballo porque non hai un goberno de España que axilice os trámites para homologarlles os títulos. (*Aplausos.*) Si, señorías, dóelles. Mírenlles á cara e díganllelo á cara.

Eu dicía, señora valedora, que un ano máis volve ser fiel ao seu mandato, volve velar polos dereitos dos galegos e fiscalizar a actuación da Administración autonómica, e que un ano máis volve acudir aquí, á casa de todos os galegos, a dar conta dun informe que é o fiel reflexo da preocupación dos galegos; unha preocupación —e unhas preocupacións— que, por



sorte, son tamén as ocupacións do Goberno galego, porque, fronte á esquerda do non, do catastrofismo inxustificable e da busca permanente de rédito político, a calquera prezo, para nós, para o Partido Popular de Galicia, as preocupacións dos galegos e das galegas son a nosa ocupación e tamén son a motivación do Goberno presidido por Alfonso Rueda.

Señor Insua —que lle gustan moito as porcentaxes—, mire, á vista do informe, efectivamente, o tema que máis preocupa aos galegos e ás galegas, sen dúbida, é a sanidade. ¿Sabe vostede cal é a actividade sanitaria ao ano só en primaria? ¿Sábeo? Dígolla eu: mire, 24 millóns de actuacións en sanidade en primaria, e xa non lle falo da hospitalaria. Na porcentaxe de queixas que hai no informe, ¿sabe cal é a cifra? O 0,0003, señor Insua. Anote nas súas porcentaxes de preocupacións. (*Aplausos.*)

E por iso o Goberno galego se ocupa de garantir unha sanidade pública de calidade que funciona e seguirá funcionando pola mañá, pola tarde e pola noite, en inverno e tamén no verán, porque non está de máis recordar que este verán, que se presentaba complicado, cun Ministerio de Sanidade de brazos cruzados e cun BNG e un PSOE alarmando de xeito inxustificable, Galicia actuou e tomou medidas para reforzar o persoal e garantir unha asistencia sanitaria de calidade, o que permitiu que nos meses de xullo e agosto —tome nota nas súas cifras, señor Insua— contásemos con 1.500 profesionais máis que o ano pasado, que se realizasen 1.400 cirurxías máis e que se atendesen 5.000 chamadas máis no 061. Non sei, señora Castro, se isto é o que vostede di que é un negocio, pero, bueno, mire, mentres a oposición vive inmersa nunha campaña que poderíamos chamar de batas negras e persiste en dar as costas á realidade, a sanidade funciona cada día máis e mellor. ¿E isto sabe que permite? —Si, ría, señor Insua, voulle dar datos.— Mire, que o Sergas puidese administrar o fármaco contra o cancro metastásico antes de que o Ministerio autorizase o seu financiamento; que se poida ampliar ata os 18 anos a atención infantoxuvenil en saúde mental; que nos hospitais galegos xa se estea empregando a intelixencia artificial para axudar os médicos aos seus diagnósticos; que Galicia conte co calendario de vacinacións máis amplo do mundo —si, do mundo, aínda que lles pese—; que sexamos unha das comunidades cos TAC e mamógrafos máis modernos, e un longo etcétera de fitos que fan da sanidade pública galega un referente, por moito que a oposición queira negalo, deostando os profesionais que fan isto posible.

Continuando co informe, aos galegos tamén lles preocupa a vivenda, e por iso a Xunta se ocupa de facilitar o acceso a ela do mellor xeito que pode, construíndo máis vivenda pública e ofrecendo axuda para alugar ou mercar, porque esas son as políticas de vivenda que funcionan e non aquelas que só buscan un intervencionismo que só serve para que, en vez de baixar os prezos, suban e haxa menos oferta, e poñerse do lado dos ocupas, en vez de apoiar os propietarios, para que haxa máis vivendas dispoñibles no mercado, ou como prometeu Pedro Sánchez, señora Castro. Estas son as vivendas (*A señora Prado del Río mostra unha fotografía.*) que prometeu Pedro Sánchez poñer no mercado, e, mire, seguen así no día de hoxe e xa van alá bastantes meses dende que prometeu que estas vivendas da Sareb serían as que poría á disposición dos galegos e das galegas.

Por iso eu lles recomendaría, señorías do PSOE, que, en vez de apoiar o Goberno de Sánchez na súa chantaxe ás comunidades autónomas, apoiem o Goberno galego na súa reclamación de máis fondos para poder construír máis vivendas.



Mire, señor Insua, non é vostede moi orixinal con iso de abafar a lingua. ¿Sabe quen dixo iso de «abafar a lingua» antes? Pois o señor Alonso Montero, que dixo aquilo de: «O BNG é como esas nais que queren moito os nenos pequenos; que os apertan tanto que os abafan». Teñan coidado de non abafar vostedes a lingua de tanto querela. (*Aplausos.*)

E tamén, no ámbito da igualdade, o informe aborda en varias ocasións o caso dunha rapaza que presentou unha queixa relacionada coa inseguridade que padecen as estudantes no Campus e nas rúas de Santiago de Compostela —por certo, gobernada polo Bloque Nacionalista Galego—, pois hai un amplo número de casos de acoso. Eu pregúntome que fai a alcaldesa nacionalista, feminista, ecoloxista e todos os «-istas», pero que despois, cando chega a hora da verdade, non fai absolutamente nada.

O único que fixeron o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista foi poñer unha lei, a do «só si é si», que puxo na rúa a milleiros de violadores e agresores sexuais. (*Murmurios.*) Xa sei que non lles gusta, pero iso vai no seu curriculum feminista, señorías.

E, miren, a nova Lei de igualdade da Xunta de Galicia si incluíu a promoción de espazos urbanos seguros e libres de violencia sexual e de acoso, incluíndo paradas a demanda do transporte público, melloras na iluminación e sinalización urbanas. E o concepto clave do informe, señora valedora, é a interseccionalidade da discriminación que sofren as persoas, especialmente as mulleres, como consecuencia da combinación simultánea de múltiples factores, como o sexo, a condición económica, as capacidades cognitivas ou a educación.

Na mesma liña das súas propostas vai precisamente a nova Lei de igualdade de Galicia, señora valedora: regula conceptos novidosos como o do benestar laboral, mediante a promoción da conciliación e a flexibilización horaria...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e o teletraballo e incide en medidas concretas contra a discriminación múltiple das mulleres con discapacidade.

Respecto da dependencia quero dicirlle, señora Castro, que se o Goberno de España lle dá á Xunta de Galicia 2.500 millóns de euros que lle debe, porque non está cumprindo a Lei de dependencia, a partir de aí haberá moitas máis prazas en residencias públicas, milleiros de horas de servizo de axuda no fogar e moita máis atención á dependencia.

Remato xa, presidenta. Para que Galicia siga funcionando é necesario que sigamos contando co traballo de institucións como a Valedora do Pobo, que busquen a excelencia no mellorable, que poñan luz alá onde non alcanza a vista e que traballen para que Galicia siga superándose a si mesma.

Grazas polo seu traballo, señora valedora, e a todo o seu equipo.

Bo día. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rematado o Informe da valedora e a rolda dos grupos parlamentarios, eu tamén quero agradecer o traballo da mesma e de todo o seu equipo.

Avanzamos coa orde do día, co apartado de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Iglesias Rei.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Esixir o cumprimento rigoroso dos requisitos esixidos pola lexislación ambiental, así como a avaliación por parte da Xunta de Galicia do principio de “non causar ningún prexuízo significativo ao medio ambiente” establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles (regulamento de taxonomía).*
- 2. Que o Goberno galego esclareza por escrito de maneira formal a realidade do proxecto empresarial vinculado á empresa Altri, no que se motiven os cambios producidos no proxecto ata que se declarou polo Consello da Xunta de Galicia o PIE (Proxecto Industrial Estratéxico), a previsión sobre os tipos de actividade empresarial que se van desenvolver, os cambios na política forestal galega, o número de empregos previstos, así como as necesidades de recursos e de axudas públicas expresados pola empresa ao goberno galego ao longo do tempo.*
- 3. Que o Goberno galego expoña publicamente no Parlamento galego os compromisos de financiación ou axudas públicas con fondos propios asociados á intención da empresa de implantarse en Galicia, tendo en conta que as condicións de innovación do proceso empresarial produtivo, de económica circular e de descarbonización, non parecen cumprirse no proxecto Altri.»)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a moción, e por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.



Bo día a todas e a todos.

Hoxe levamos así unha sesión de demostración de lama, de lama abonda, acabamos de velo agora hai uns minutos. Pero tamén levamos unha boa mostra, ao longo desta intensa mañá aquí no pleno do Parlamento, de desprezo; de desprezo á democracia, de desprezo á diversidade de opinións, en definitiva, de desprezo ao pluralismo político que integra e atravesa a sociedade galega. Hai milleiros de persoas neste país que non pensan como penso eu e hai milleiros de persoas neste país que non pensan, sobre todo, como pensan vostedes. (*Murmurios.*)

É unha forma de facer política, de tratar a quen pensa diferente, a que leva amosado ao longo desta sesión o Partido Popular, que é bastante habitual por membros do Goberno galego. Tamén hai quince días, cando debatíamos a interpelación da que deriva esta moción a respecto do proxecto da macrocelulosa de Altri na comarca da Ulloa, o Goberno galego amosou moito desprezo. Desprezo á evidencia científica que integran eses informes do Consello da Cultura Galega que alertan dos enormes prexuízos que carrexaría en todos os ámbitos —o ambiental, o hidrolóxico, o patrimonial, o turístico, o social e o económico— de chegarse a implantar este proxecto, esta bomba ambiental no corazón de Galiza.

Desprezo tamén —e vímoloo moito estes días, onte mesmo— á poboación que se opón a ese proxecto, a esa macrocelulosa, a esa bomba ambiental. Vostedes desprezan e insultan, ademais sen o máis mínimo rubor, máis de vinte mil persoas que puxeron o seu nome, o seu apelido e o seu carné de identidade para dicir que non están de acordo con este proxecto de macrocelulosa no concello de Palas de Rei. Desprezan, sobre todo, a xente deste país e o seu medio de vida. E, xustamente, a conselleira remataba a súa intervención cunha frase que é tremendamente reveladora dese desprezo —collo o *Diario de sesións* para non cometer erros— e remataba, ademais, con esta frase: «*por Deus...*», —bueno, e pola Virxe— «*...digan nalgún momento que proxectos queren vostedes para Galicia que vaian máis alá dos arados, os carros e as corredoiras*». E eu preguntome: ¿de verdade pensan isto vostedes, señorías do Partido Popular, de quen ten unha granxa e produce leite, de quen ten unha granxa e produce ovos ou de quen ten unha explotación e fai queixos neste país? (*Aplausos.*) ¿De verdade desprezan tanto, señorías do Goberno e do Partido Popular, un sector primario que non só é sustento de quen traballa del, senón que nos pon alimentos enriba da mesa a todas e a todos? Que eu quero lembrar: a celulosa soluble non se come; o leite, os ovos e o queixo, si. (*Aplausos.*)

O PP —vímoloo ao longo desta sesión— intenta acusar todo aquel que se opoña a este proxecto de macrocelulosa en Palas de Rei de ir en contra do progreso: ecoloxistas radicais, minorías ruidosas, antiindustrias, demagogos e irresponsables que queremos vivir nas cavernas; somos profetas do non, que queremos inhibir a chegada de investimentos estranxeiros —isto volvémoloo oír hoxe pola mañá— e, sobre todo, dicían que eramos agresivos. Calquera insulto lles vale a vostedes para non ter que vir aquí e defender as súas ideas con argumentos racionais.

Na interpelación, señorías, deixabamos claro —ao abeiro dos informes científicos, técnicos e académicos do Consello da Cultura— que este proxecto de macrocelulosa que impulsa Altri non vai traer nin traballo, nin riqueza, nin progreso a este país. Máis ao contrario: vai supor,



de levarse a cabo, un enorme prexuízo —como lles dicía— en moitísimos ámbitos. Moitos ámbitos que van moito máis alá da Ulloa, que van moito máis alá das comarcas afectadas. Porque este é un debate que implica o conxunto da sociedade galega e, sobre todo, que ten moito a ver —xa que se falaba da próxima década— co futuro deste país. Este é un debate sobre que modelo de industria queremos e defendemos, sobre que modelo de desenvolvemento social e económico ten cadaquén para este país. Aquí —como en todo nesta vida— hai dúas opcións: a que representa o Bloque Nacionalista Galego e a que defende o Partido Popular. A que representa o BNG e que defendemos na nosa moción hoxe: un modelo de desenvolvemento endógeno; é dicir, baseado nos propios recursos, no peche de ciclos produtivos, na xeración de valor engadido, na aplicación de innovación e de coñecemento ás producións, especialmente a aquelas de base local.

Por iso na nosa moción, señorías, propoñemos que se apoie con eses 250 millóns de euros nun plan plurianual todo ese tecido produtivo, todo ese tecido económico e social das comarcas da Ulloa, da Terra de Melide, de Arzúa e do Deza. En primeiro lugar, mobilizando esas terras que queren ocupar cunha fábrica de celulosa para mobilizar superficie agraria útil que permita dar máis base territorial ás explotacións da zona, impulsar programas específicos dirixidos ás pequenas e medianas empresas, ás cooperativas e crear un grande polo agroalimentario nunhas comarcas que —insisto— son enormemente, tremendamente produtivas no sector primario e agrogandeiro. Aí están os datos do que representa a denominación de orixe Arzúa-Ulloa. E tamén o impulso dunha empresa dirixida á reciclaxe —si— de téxtil que hoxe temos nas nosas casas e que necesita ter unha segunda vida. Apostar, polo tanto, polo desenvolvemento —como facemos desde o BNG— centrado no aproveitamento dos recursos que xa temos.

¿E que fai o PP? ¿Que defende, señorías? ¿Que defenden, señorías do Partido Popular? Fan de comercial de Altri, apostando por unha empresa que se define a si mesma como unha «industria de enclave» —páxina 454 do estudo de impacto ambiental— que pretende única e exclusivamente queimar madeira de eucalipto para producir celulosa, exportándoa para fóra. O máis vello que se leva facendo desde os anos 60 e 70 neste país. Iso non é progreso. (Aplausos.)

¿Que defende o BNG? No BNG defendemos un modelo de desenvolvemento sustentable; é dicir, que aposte por modelos industriais que se poidan manter sen esgotar os recursos. Porque a auga, a biodiversidade e a terra non son bens infinitos, non son mercadorías que se poidan repoñer nin moito menos son palabras ocas nas que envolverse. Por iso, nós propoñemos na nosa moción desenvolver un proxecto de protección e recuperación das augas do encoro de Portodemouros e a mellora de toda a calidade da auga da ribeira do Ulla, en cumprimento da Directiva marco da auga que xa hoxe está incumplida.

¿Que fai o PP? Facer de comercial dunha fábrica que consome nun só día máis auga que os milleiros de persoas que vivimos en toda a provincia de Lugo: 535 de litros de auga por segundo. O PP defende un modelo de proxecto industrial que, cos datos —insisto— da propia empresa, di que verterá ao río Ulla auga a unha temperatura de 27 graos —non sei se agora imos converter as troitas en pirañas ou noutra especie exótica—: táboa tres do estudo de «La afectación al dominio público hidráulico del vertido».



O seu, señorías, —e con isto remato— é un modelo absolutamente depredador. ¡O que lles está dicindo a xente é que non o quere! E fíxense que vostedes son os primeiros que saben que a xente das comarcas afectadas —e, nomeadamente, do concello zona cero de Palas de Rei— non o quere. A primeira vez que vostedes se dignaron a baixar a Palas de Rei pasara medio ano desde que se coñecera o proxecto de construción da macrocelulosa de Altri. Leváronvos dúas conselleiras, a secretaria provincial do partido, a secretaria xeral do partido a nivel galego e o mesmísimo alcalde, pero vostedes dignáronse única e exclusivamente a reunirse con vostedes mesmos e a porta pechada. (*Aplausos.*) Se é tan bo, se o quere tanto o a xente, ¿á que lle escapan?

Están a tempo, señorías, de recapacitar, de deixar de facer de comerciais deste proxecto...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e, sobre todo, de poñerse do lado da xente e da defensa da vida.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Iglesias Rey.

A señora IGLESIAS REY: Bos días a todos e a todas.

Altri, sen dúbida ningunha, é un proxecto político abandeirado polo Goberno galego do PP. Lembro alá polo mes de marzo cando dixó a señora Lorenzana en sede parlamentaria que Altri era só un proxecto empresarial privado. E non é así. Altri é un proxecto político. Foron vostedes o que fixeron de Altri un proxecto político; collérono como bandeira electoral e dedicáronlle moitas atencións. Fíxose político porque, se realmente fose un proxecto privado e se se cumprisen os requisitos medioambientais, os técnicos e os urbanísticos, evidentemente, non se faría todo o que fixo o Goberno do PP co proxecto Altri. Explícome. Como dixó o noso voceiro, o señor Rueda foi perder o tempo nesa visita institucional que fixo a Madrid con Pedro Sánchez. Ata López Miras seguro que conseguiu máis para Murcia, non sendo nacionalidade histórica, que o señor Rueda. É verdade que non falou do sistema de financiamento autonómico, tampouco falou da condonación ou da quitación da débeda, pero si que falou do proxecto político de Altri. Si que falou dese proxecto político.

Fronte a isto, os socialistas de Galicia estamos convencidos de que todo proxecto industrial que queira implementarse no noso país ten que cumprir tres condicións: a sustentabilidade ambiental —evidentemente—, a sustentabilidade económica e tamén a sustentabilidade social. (*Aplausos.*) E sempre o dixemos; sempre, sen excepcións. Poden ver as comparecencias nesta sede parlamentaria e tamén as declaracións do noso voceiro, José Ramón Gómez Besteiro.

Certo é —hai que dicilo tamén— que aos socialistas nunca nos gustou nada nadiña o proxecto Altri e sempre mantivemos a mesma postura dentro do equilibrio e coherencia política



que pretendemos practicar nesta lexislatura, pese a quen pese. Coherencia que, por certo, non atopamos nos demais grupos parlamentarios representados nesta Cámara. Observamos un pouquiño —iso é moi galego— como se empezan os marcos a mover e segundo os intereses partidistas.

Direi máis, sobre o cumprimento dos requisitos medioambientais temos que dicir tamén ben alto e claro —e, se queredes, podedes ver a miña comparecencia do 24 de abril, onde o dixemos sempre— que o proxecto Altri, ademais de cumprir cos requisitos da declaración ambiental estratéxica, ¿que ten que cumprir máis? Ten que cumprir, evidentemente, para acceder ao financiamento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, o principio de non causar dano significativo ao medio ambiente; é dicir, un regulamento comunitario, o regulamento de taxonomía. ¿Está avaliando o Goberno galego realmente o proceso de innovación no proceso produtivo, se se cumpren os requisitos de descarbonización ou se realmente o proxecto é tan innovador en temas de economía circular? Isto é moi importante, porque os criterios teñen que estar definidos con carácter previo e deben ser avaliados, evidentemente, polos expertos e expertas nos que sempre se escudan; polos mesmos empregados públicos da Xunta, pero tamén do Ministerio e tamén da Comisión Europea, señorías do PP.

Por iso non saímos do asombro. Porque este sábado a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, afirmou —e cito textualmente— que «cos datos que temos, Altri hoxe é viable desde o punto de vista medioambiental». Por iso nos preguntamos: ¿que información ten a conselleira, que non sabemos os galegos e as galegas? ¿Que tipo de presión quere exercer con esas declaracións públicas sobre o traballo, no que sempre se escudan, que teñen que facer os técnicos e técnicas? Volvo reiterar: mesmo os empregados públicos da Xunta de Galicia que hai que respectar, pero tamén a avaliación que ten que facer o Ministerio e a Comisión Europea do principio de non causar dano significativo.

Ben, ao mellor é que está acostumada a esa forma de facer unha política —e, permítame, con todo o respecto— máis casposa, pola porta de atrás. Como cando foi a Bruxelas preguntar pola cuestión prexudicial do Tribunal Superior de Xustiza, polo parón eólico —responsabilidade absoluta do Goberno galego, que levan quince anos gobernando—. (*Aplausos.*) Agora si, van aprobar un novo plan sectorial eólico despois de aprobar as catro iniciativas presentadas por este Grupo Socialista en contra de aprobar un novo plan sectorial eólico de Galicia. Sempre opacidade e sempre transparencia no Goberno galego. Non saben facer política en maiúsculas. Esa é a única verdade do proxecto de Altri.

E tamén xa non saben que facer coa pataca quente. Os do «si», pero tamén os do «non» por sistema. Porque o argumentario do BNG tamén mudou co tempo. ¿Que pensa facer o BNG se realmente a Xunta emite unha declaración ambiental favorable? ¿Falou o BNG nalgún momento de que tamén é importante o financiamento e a viabilidade económica do proxecto? Eu penso que non. Os tres criterios que sempre dixen —sustentabilidade ambiental, económica e social— sempre foron postos enriba da mesa polos socialistas de Galicia.

O señor Rueda vai en caída libre co proxecto de Altri. Ten que dar urxentemente explicacións e responder estas cuestións. ¿Ven vostedes razoable que haxa máis dun ano que a empresa



saiba que a Xunta quere investir —díxoo o señor Rueda aquí en sede parlamentaria— e non o saibamos os demais? ¿Que liñas de financiamento vai poñer a Xunta con fondos propios? ¿Canto? ¿Por que criterios? ¿Dálle ao Goberno galego igual o baile de cifras no emprego e os problemas medioambientais que pode xerar? ¿E os cambios na política forestal galega danlle igual ao Goberno galego? ¿Foi correcta a decisión política —política, reitero— da ubicación na comarca da Ulloa? ¿É viable economicamente un proxecto que pretende obter axudas públicas por 250 millóns de euros, case un vinte e cinco por cento do investimento, señorías? Eu penso que non. (*Aplausos.*) Deputados, isto non é serio e rigoroso; ou se está a rir o Goberno galego do PP de todos os galegos e as galegas, que é o que tememos. En definitiva, incógnitas e preguntas, todas elas sen despezar e das que debería dar explicación urxente o presidente de todos os galegos e as galegas.

Presentamos unha emenda de substitución á moción do BNG, porque os socialistas galegos sempre mantemos a mesma coherencia argumental co proxecto Altri, que pivota en tres puntos moi claros. O primeiro, o cumprimento rigoroso dos principios medioambientais; declaración ambiental estratéxica, pero tamén avaliación do principio de non causar dano significativo ao medio ambiente. O segundo, que o Goberno galego aclare de forma escrita os avances e modificacións do proxecto vinculado a Altri: tipo da actividade, volume de investimento, empregos, financiamento, cambio na política forestal... E, o terceiro requisito, que o Goberno galego expoña publicamente neste Parlamento os compromisos de financiamento ou axudas públicas con fondos propios asociados á intención da empresa de instalarse en Galicia. De non aceptarse a nosa emenda, solicitamos a votación por puntos. Apoiamos todo menos o punto número 1 da moción do BNG, porque non compartimos, como dixen, que a Xunta teña que rexeitar xa de plano o proxecto Altri. Tense que tramitar a declaración ambiental estratéxica e a autorización. Consideramos que este punto non é rigoroso e, por tanto, tampouco o compartimos.

En resumo, señorías, permítanme dicir que este debate vai encamiñado onde sempre estivemos os socialistas de Galicia, aportando sempre o mesmo argumentario dende o principio: coñecer información; pero por parte do PP, que é o que ten que dar explicacións —o presidente Rueda— das tres vertentes do proxecto.

En definitiva, a pelota está no tellado do señor Rueda, do Goberno galego, ao que lle toca gobernar. Deixen de tirar balóns fóra, porque xa non cola con Altri. Todo o malo que pasa en Galicia é culpa de Pedro Sánchez; que ata ten secuestrado o expediente da macrocelulosa, chegou a afirmar a señora Lorenzana. Cando creo que os únicos secuestros que temos aquí os galegos e as galegas son o sobrecusto do Hospital Álvaro Cunqueiro; a prórroga da AP-9 con Aznar ata 2045, cando estaba Feijóo por medio; a falta de pulo do Goberno na economía; a parálise do sector eólico e dos proxectos industriais estratéxicos; e a deterioración e privatización paulatina dos nosos servizos públicos. Todo por decisións do PP de Galicia. Toca facer un pouco de autocrítica, con humildade, para enderezar e mellorar, señorías. Non todo se soluciona con retiros en Sober.

E, para rematar, fago miñas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.



A señora IGLESIAS REY: ...as palabras do señor Rueda este venres no Foro da Toxa. Cada día que pasa pensamos os socialistas galegos que o Goberno galego vai en caída libre co proxecto de Altri. ¿Por que? Porque deberían dar explicacións de forma urxente sobre eses tres requisitos: sustentabilidade ambiental, sustentabilidade económica e sustentabilidade social. Como sempre dixemos os socialistas. Porque, facendo as cousas con xeito, chegamos ao punto no que sempre estivemos os socialistas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Ben, como xa temos manifestado noutras ocasións —porque este é un tema que xa empeza a ser recorrente e seguramente se seguirá falando del no futuro, ata que finalmente se resolvan as cuestións no ámbito administrativo que se teñen que resolver—, a nós tampouco nos gusta o proxecto de Altri na Ulloa. Pero, claro, unha cousa son os gustos de un e outra cousa é o que pode ser.

Efectivamente, todos os indicios, todos os estudos e todas as publicacións dan a impresión de que o proxecto de Altri alteraría substancialmente a ecoloxía non soamente da zona, senón de zonas máis alonxadas, pola cuestión do río. Tamén hai outras cuestións como son as turísticas do Camiño de Santiago, outras cuestións como son a preservación desa especie botánica endémica, única no mundo por estar nun substrato edafolóxico único, etcétera.

Pero, claro, nós non somos ninguén para impoñer a nosa opinión, porque para iso hai uns técnicos e para iso hai uns servizos que son os que teñen que, con base nos seus coñecementos e nas súas competencias, dicir a última palabra en relación a se ese proxecto realmente impacta negativamente no ambiente na forma en que determinados sectores din ou non. A min, particularmente, se me guíase polo instinto ou polas corazónadas, paréceme que si. A expresión de «bomba ecolóxica» non me gusta, pero quero dicir que sería unha cuestión negativa. Pero non deixa de ser iso, unha corazónada e un indicio con base na información parcial que teño e nos coñecementos que teño. Loxicamente quen ten que decidir, finalmente, é a burocracia, os técnicos que teñen que dicir se ao final rexeitan o proxecto con base nos informes e con base nas análises. Teñen que decidir se, efectivamente, hai un impacto ambiental. Ademais, se a cuestión vai ser financiada con recursos públicos teñen que cumprirse unhas condicións adicionais, como tamén xa se dixo aquí.

Loxicamente, estamos condicionados polo imperio da lei. Non pode deixar de dárselle licenza a unha empresa se cumpre todos os requisitos legais, porque o contrario sería prevaricar. Gústanos moito a Ulloa, gústanos moito a ecoloxía, gústanos moito todo iso, pero tamén nos gusta que se cumpra a lei, porque hai ese vello adagio latino —que non sei como se di en latín—: «que se cumpra a lei, aínda que pereza o mundo». Quero dicir que, se non estamos atentos ao cumprimento da lei, pois entón xa non sei a onde imos.



Eu tamén comprendo a postura do BNG, como xa dicía antes. O BNG ten unha cosmovisión —que é a que ten, xa dixen antes que non a xulgo, senón que sinxelamente a defino— que considera que Galicia está ocupada polo Estado español. Entón, non se consideran emocionalmente vinculados polas normas e polas leis españolas. Porque eles están nun país imaxinario no que as leis deberían ser outras e Galicia debería ser independente e as leis españolas son as leis dun país estranxeiro de ocupación. Entón, por iso, nesa situación mental tamén comprendo que o argumento da lei ao mellor tampouco lles vale. (*Murmurios.*) Entón, esa tamén é unha visión que hai que ter en conta.

Efectivamente, a verdade é que a min paréceme sospeitoso, porque, claro, non parece ser unha actitude obxectiva da Xunta de Galicia. Parece haber unha especie de proselitismo a favor da instalación da empresa. Parece como se se quixesen dar vantaxes adicionais e tal. Argumentan que é un proxecto estratéxico, que é unha cuestión que daría moito emprego e que crearía industria en Galicia. Nós, claro, tamén preferiríamos industrias non contaminantes, industriais baseadas nas novas tecnoloxías, na intelixencia artificial e non unha industria con moitas características da época da Revolución Industrial. Pero, ben, volvo repetir: o respecto pola lei entendemos que ten que ser escrupuloso e que, se terminan por cumprir as normas e as leis, non imos poder dicir nada.

A verdade é que hai moitas cuestións que ás veces fan pensar a un. A empresa vaise asentar nunha gran finca que nalgún momento chegou a construír un propietario, que ademais estaba moi relacionado co tema da gandería e co tema da agricultura, e parece ser que lle gustaba moito iso. O seu soño era facer unha grande explotación agropecuaria. Ao final fixo un coto de caza e agora parece ser que ese señor xa non está e os seus herdeiros encontraron a solución de venderlle a parcela a unha empresa. Tamén xustamente vai ser o mellor sitio onde había unha parcela desas características. Ben, quero dicir, a min tamén me gustaría que a Ulloa tivese empresas de natureza agropecuaria. O que pide na moción o BNG sería estupendo, pero, claro, iso é un brinde ao sol. Sería estupendo, pero, claro, teñen que asentarse empresas, ten que dar traballo, ten que funcionar. Claro, tamén, se se vai instalar unha empresa que vaia en contra dos intereses, dos beneficios e do traballo das empresas que xa están asentadas de tipo agropecuario ou turístico etcétera, pois tamén mal...

Pero, ao fin e ao cabo, todo isto son unhas reflexións que están condicionadas, como dicía antes, ao cumprimento da lei. Se ao final os informes técnicos din que o proxecto é inviable por ser o impacto ambiental moi grande e incompatible cos principios de sustentabilidade e ecoloxismo etcétera, pois xa está; «*miel sobre hojuelas*», como se suele dicir. Se ao final di que, coa man na lei, non se pode deixar de darlle licenza á construción, pois non queda máis remedio. ¿Que despois se requiren recursos públicos? Aí si que tamén teremos algo que dicir, loxicamente, porque se se van consumir recursos públicos nunha proporción significativa, entón ao mellor tamén xa hai decisións políticas polo medio que tomar. Porque xa non é cuestión soamente de que se cumpran determinadas cuestións técnicas. Os recursos públicos tamén deben ser asignados, no caso de que se lle axude a unha empresa privada, con moito coidado.

Entón, ben, a nós tamén nos parecen que os informes do Consello da Cultura Galega pois informan como pode informar eu ou como pode informar calquera outra entidade. Pero,



claro, tampouco é vinculante nin é o organismo que ten que decidir sobre iso. Pode decidir sobre a afectación de Altri —eu que sei— a Asociación de afeccionados ao parapente, que poden verse afectados polo fume. Pois tamén podería dicir o que pensaba, loxicamente. Tamén o podería ter posto nas alegacións; nesas alegacións que din que son fotocopias unhas das outras. Pero ben, quero dicir que o Consello da Cultura Galega tamén podía —non sei se o fixo— rexistralo como alegación.

A nós parécenos ben a cuestión, como motivación política, a moción do BNG. Tamén nos parece ben a cuestión de votar por puntos, porque, claro, está o que dicía a señora Patricia: se se cumpren determinadas cuestións legais, non podemos negarnos á implantación.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

O certo é que levamos unha mañanciña completa. Entre «bomba ambiental» e «proxecto político» así estamos, señora Iglesias.

Mire, señora Rodil, unha puntualización: eu estiven nesa reunión, a que se reuniu en Palas, e fóra había doce persoas contadas. Doce persoas. Polo tanto, chegar aquí á sede parlamentaria e dicir falsidades é grave, por moito que vostedes estean acostumados a iso. Eu, sinceramente, señora Rodil, respéctoa moitísimo como parlamentaria. Paréceme unha parlamentaria das mellores que temos neste hemiciclo, pero creo que si que debería ler con detemento todos os informes publicados; con detemento, non 8.500 folios en quince días, como se gabou de facer aquí. Iso axudaríalle a interpretarlos ben, que é unha capacidade que, como digo, eu lle presumo.

Seguen coa teima, señores da oposición, de dicir que o proxecto que se está a avaliar é diferente ao que se presentou hai uns anos. Iso é falso. Teñen que ler a hemeroteca, non hai máis que botar unha ollada ás noticias publicadas no 2021, no 2022 e 2023, na que destacados dirixentes do PSOE e do BNG reclamaban con vehemencia o proxecto da biofábrica para o seu municipio. A eles si que lles gustaba ese proxecto, señora Iglesias. O motivo do seu cambio de criterio é moi sinxelo. Non é outro que o resultado do pasado mes de febreiro. Así-mano, señorías: a maioría silenciosa dos galegos non acepta o seu discurso contra unha Galicia reindustrializada dun xeito sostible.

Piden apoiar o tecido socioeconómico das comarcas afectadas polo proxecto de Altri a través de mobilización de superficie agraria útil e tamén piden axilizar os procesos de concentración parcelaria. Pero, ¿vostedes cren que os podemos tomar en serio, señorías? Lémbrolles que neste Parlamento na anterior lexislatura aprobouse a Lei de recuperación de terra agraria, unha lei que tiña como obxecto principal loitar contra o abandono e a infrautilización das terras e facilitar unha base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisen.



E, ¿que votaron as señorías do BNG e tamén as do PSdeG? En contra. E todo apunta a que farán o mesmo coa Lei de aproveitamento dos recursos naturais de Galicia, pero iso aínda o iamos ver no seguinte capítulo.

Por certo, señora Rodil, non estaría de máis que explicasen de onde se van detraer eses 250 millóns que piden para as comarcas afectadas. Porque non todo vale. Para vostedes si, pero para este grupo, que somos un grupo serio, non todo vale. *(Aplausos.)*

Miren, como comprenderán, así é imposible manter un debate serio e rigoroso, cando unha das partes só mente e enreda con bulos e mentiras. Por exemplo, a suposta eucaliptización de Galicia. E voulo explicar rápido porque non teño moito tempo. Miren, en Galicia córtanse cada ano seis millóns de metros cúbicos de eucalipto. Destas cortas, máis de dous millóns transfórmanse aquí, en Galicia, e un total de catro saen fóra como madeira de rolla; van a Asturias, ao País Vasco, a Aragón e a Portugal sen ningunha transformación. Altri transformaría 1,2 millóns de metros cúbicos de eucalipto. Polo tanto, en Galicia existen os recursos suficientes para atender as industrias que pechen ese ciclo e deixen o valor engadido aquí na nosa comunidade. Deixen xa de enganar con isto. Non hai unha eucaliptización. Repítollo, tome boa nota: vendemos fóra 4 millóns sen transformar dos que Altri podería transformar 1,2 millóns. Isto é circularidade, señora Rodil. Sexan coherentes co que promulgan.

O impacto dos recursos hídricos de Galicia. Estamos a falar dunha planta que ten unha tecnoloxía innovadora, para un aproveitamento máis eficiente da auga captada. Polo tanto, a dispoñibilidade de auga para outros usos na comarca estaría garantida. Deixen de mentir con isto tamén.

Señorías, precisamente o proceso de tramitación ambiental no que nos atopamos é a garantía de que a Xunta só respaldará a implantación de novas actividades económicas no territorio que sexan compatibles co decidido impulso ao sector primario galego. Sectores aos que lles pido, tamén, que dunha vez por todas deixen de prexudicar e de patrimonializar como seus.

Piden reprobar as palabras do presidente na súa moción; unha manipulación máis para confrontar co Goberno da Xunta. Pero mire, señoría, son vostedes os que deben pedir desculpas. Reitero o dito polo presidente na comparecencia esta mañá, teñen unha oportunidade de ouro: poden saír aquí e mirar á cámara —que lles gusta moito— e pedir desculpas aos técnicos da Xunta de Galicia; moitos deles funcionarios, coma moitos de vostedes. Funcionarios que, día a día, están sendo desacreditados coa súa teima de enlamar. Vostedes si que enlaman por intereses políticos.

Miren, entre tanta desinformación estamos perdendo unha grande oportunidade de falar do verdadeiramente importante, do cumprimento das normas vixentes e da oportunidade que temos de reindustrializar o noso país. Voulles ensinar unha portada (*O señor Lorenzo Gómez amosa un exemplar do xornal Nós Diario.*) ¿Sóalles? É o seu diario de cabeceira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, xa sabemos que vostedes teñen moito que ver con este diario. «A macrocelulosa de Altri dependerá da presión social e da empresarial». Diario moi serio, eh. Miren, por moito que vostedes pretendan e por moito que o poñan nos titulares do seu periódico non é certo. Miren, sobre esa presión social á que se refiren, aquí está vostede, (O



señor Lorenzo Gómez amosa un titular de prensa.) un mes despois do seu batacazo electoral: «o BNG anuncia unha ofensiva contra o proxecto de Altri, ao que cualifica de “auténtica bomba ambiental”». ¿Saben cal é a súa presión social? (O señor Lorenzo Gómez amosa un exemplar do xornal Nós Diario.) Esta outra: «El 99 por ciento de las alegaciones contra la planta de Altri son de corta y pega.» ¡Veinticuatro mil alegaciones, 99,9 por ciento de corta y pega! (Aplausos.) ¿E vostedes son serios? ¿Vostedes din e piden seriedade?

Miren, voulle dicir eu de que depende a instalación de Altri no noso territorio: depende do estrito cumprimento das normas —normas das máis respectuosas co medio ambiente de todo o mundo— e tamén depende dos fondos europeos, señora Iglesias; eses que Sánchez prefire comprometer para outros territorios, unha vez máis atacando Galicia. As exixencias de avaliación ambiental son as mesmas para Altri que para calquera proxecto que se pretende instalar no noso territorio. Chámese Altri ou non, as mesmas esixencias, nin máis nin menos. Pero vostedes seguen instalados no «non polo non», sen dar absolutamente ningunha alternativa nin proposta en materia de promoción industrial. ¿Cal é o seu modelo industrial? (A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Porque o acaba de dicir agora mesmo. Pero, de verdade, palabras baleiras. Concrete: ¿que industrias son as que vostedes apoiarían?; ¿como?; ¿onde? ¿Cal é o impacto negativo? Explíquemo: ¿cal é o impacto negativo dun proxecto que crea cincocentos empregos directos e dous mil indirectos? Gustaríame que me respondese, señora Rodil. Moito me temo que non imos ter a resposta, porque son o partido do «non polo non».

Do PSdeG aínda esperamos a que se aclare, pero vista a actitude do seu voceiro neste Parlamento, pouco podemos esperar, señora Iglesias. O último que nos faltaba é escoitar o PSdeG falar de coherencia esta mañá.

Miren, vostedes están por inocular medo á xente utilizando unha linguaxe hiperbólica, falando unha e outra vez de «bomba ambiental», de toneladas de emisións tóxicas á atmosfera e aos ríos ou as imaxes manipuladas de peixes cheos de *pellets* ou poñendo chimeneas ao fondo nas imaxes das visitas dos alcaldes a Altri en Portugal. Nada novo. O mesmo BNG de sempre. Xa o fixeron máis veces e non van parar coas súas mentiras tratando de intoxicar a sociedade galega.

Xa remato, presidenta. Decía Abraham Lincoln: «Pódese...» (Murmurios.) Pídolles, por favor, un pouco de respecto, ese que tanto están pedindo aquí unha e outra vez; que teñen a pel moi fina, pero cando os demais estamos falando non dubidan en rirse dun. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor.

O señor LORENZO GÓMEZ: Xa remato, presidenta. Decía Abraham Lincoln: «Pódese enganar a todo o mundo algún tempo, pódese enganar a algúns todo o tempo, pero non se pode enganar a todo o mundo todo o tempo. De aí a importancia da verdade». (Murmurios.) Presidenta, así é imposible.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Está vostede rematando, só queda unha última intervención. Xa imos con moito atraso, a ver se escoitamos. Quédanlle dous segundos.



O señor LORENZO GÓMEZ: Pois miren, xa remato; agora, si. Vostedes poden defender o que queiran, poden seguir enlamando e intoxicando sen límites éticos, pero o que non deberían facer, por respecto e dignidade ao noso país, é seguirlle mentindo á sociedade galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Peche da autora da moción, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de máis, para que non se me esqueza, non imos aceptar a emenda do Partido Socialista. Desvirtúa completamente a nosa iniciativa e, en todo caso, creo que é importante deixar claro neste Parlamento cal é a posición política que defende cada forza, cada grupo, a respecto desta cuestión.

Señor Lourenzo, que dicía que había doce veciñas e veciños alí en Palas de Rei cando, efectivamente, vostedes foron alí. Para ser tan poucos, ¡déronlles coa porta nos fociños e non quixeron nin sequera escoitar o que as veciñas e os veciños de Palas de Rei lles querían dicir! (*Aplausos.*)

Eu volvo ao que dicía ao comezo da miña intervención, que é o desprezo máis absoluto a milleiros de persoas que, efectivamente, —non un corta e pega— co seu nome, cos seus apelidos e co seu documento de identidade, lles dixeron que non queren esta bomba ambiental nin na comarca da Ulloa nin en Galiza. Pero, para iso, en vez de desprezar, hai que escoitar o que lles están dicindo; escoitar e ler. Eu non me gabo de ler nin rápido nin despacio, pero todas as afirmacións que fixo o Bloque, as opinións que manifestou o Bloque, todo o que di o BNG está sostido sobre a análise dos documentos. Eu cheguei aquí citar as páxinas dos estudos de impacto ambiental e das declaracións de impacto ambiental. É que aquí vostedes son incapaces de defender. ¿Vostedes están a favor de poñer na Ulloa unha macrocelulosa que vai verter á auga do Ulla, que xa está contaminada, auga a 27 graos, señor Lorenzo? (*Protestas.*) ¡Home non! ¡Se está no estudo de impacto ambiental! ¡*Es que es alucinante!* Vostedes están ou a favor ou en contra dunha industria.

Dime o señor Lorenzo que non vai promover eucaliptización, porque aquí...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: A min non me importa que berren. ¡Que berren!

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si que lle importa, señora Rodil, porque esa non é a imaxe que debemos dar aquí, honestamente.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ai, bueno, dígallelo aos seus. Tamén ten razón.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Parei o tempo e cando se tranquilicen... Saben que vai a sesión con moito atraso; vostedes mesmos... Respéctense o turno de palabra. Quédalle un minuto e medio e pode continuar.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Di que non vai promoverse máis plantación de eucalipto, que vai presionar base territorial e que lle vai quitar superficie agraria útil, como xa advirten os propios expertos —cate-dráticos en economía aplicada e economía agraria do noso país—, porque hai millóns de toneladas de eucalipto que marchan para fóra e non van a ningún sitio. Mire, eu véñolle dunha zona, toda a cornixa cantábrica, desde Ortegá ata a Ribeira de Piquín, na que van para unha fábrica que ten Ence en Navia. ¿Vostede pensa que iso non vai a ningún lado? ¿Vostede pensa de verdade que a xente deste país pensa que está podrecendo a madeira de eucalipto no monte galego? Isto o que vai traer é máis presión sobre unha base territorial e unha superficie agraria que necesitan as explotacións; as explotacións do Concello da Agolada, que levan vinte anos esperando un Goberno do Partido Popular que lles dá coa porta nos fociños mentres lle pon a alfombra vermella ao proxecto de Altri en Palas de Rei. (Aplausos.)

Ademais, dígollo con todas as letras: pónenlle a alfombra vermella a Altri porque a Xunta é xuíz e parte. Fálase moito de que son os técnicos da Xunta os que teñen que avaliar; a Xunta é promotora desta empresa e deste proxecto industrial desde o momento en que o declarou un proxecto industrial estratéxico, como poden vostedes ver na Lei de medidas fiscais, de acompañamento aos orzamentos de 2023, onde —eu dicíao na miña primeira intervención o día da interpelación— vostedes atan de pés e mans a propia administración e compromé-tense a, se no prazo dun ano non lle dan para adiante, indemnizar con medio millón de euros públicos este proxecto como industrial e estratéxico.

E fálase moito de que hai que esperar polos informes dos técnicos. Eu veño dunha provincia onde temos boas mostras de proxectos industriais ou enerxéticos que saíron adiante con todos os informes da Xunta de Galiza e que foron paralizados, sentenza firme mediante do Tribunal Supremo, pola xustiza por ilegais. O caso dos parques eólicos Sasdónigas I e II no concello de Mondoñedo ou o parque eólico da Serra do Oribio, construído sobre unha Rede Natura 2000. Eu mesma trouxen esa cuestión a este Parlamento e vostedes dicíanme o mesmo que me acaban de dicir agora, que ía en contra dos técnicos e que non respectabamos os traballadores e as traballadoras da administración.

Vostedes —e con isto remato, señora presidenta— decidiron facerse os mellores valedores, os maiores comerciais deste proxecto industrial, en contra do que lles está dicindo este país e a xente, sobre todo, deste país; para poñerlle unha alfombra vermella contra todo e contra todos e para pasar por riba dos propios concellos. ¿Onde están as normas urbanísticas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...do Concello de Palas de Rei, das que vostedes pasan por encima declarando este proxecto como industrial e estratéxico? ¿Ou os propios propietarios



das terras? Alguén falaba aquí dos propietarios das terras aos que xa ameazou o propio, o mismísimo, presidente da Xunta cunha expropiación se non vendían.

Deixen de facer de comerciais de Altri. Póñanse a favor das comarcas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e deste país e, sobre todo, da riqueza e os postos de traballo que xeran os sectores produtivos galegos, as explotacións agrogandeiras e industrias de moitos ámbitos e sectores que teñen na comarca da Ulloa...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Rodil. Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...todas afectadas por Altri, un bo exemplo de riqueza e de potencialidade neste país. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Dado que o remate da sesión da mañá atrasouse unha hora, como saben, atrasamos o inicio trinta minutos. É dicir, reanudaremos a sesión ás dezaseis horas e trinta minutos.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás tres e dezaoto minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Reiniciamos a sesión.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos proceder ao debate acumulado das mocións 3.2 e 3.3, que se acumulan para efectos de debate. A 3.2 é do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a 3.3 é do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas e, como están acumuladas, o tempo en vez de ser de oito minutos pasa a ser de doce minutos cada intervención.

Para formulala, ten en primeiro lugar a palabra don Xosé Luís Bará.



O señor BARÁ TORRES: Non sei, presidenta, se lle pasaron ben o recado da hora ao Grupo Popular, porque parece que ten poucos efectivos. (*Risos.*) Non sei se esta é a medida do interese que sente o Partido Popular por esta materia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Trenor, tranquilícese, que aínda non empezamos.

Ben, para entender este debate concreto ao redor do taxazo do canon de Sogama e todo o que ten que ver coa política de residuos en Galiza, hai que explicar un pouco o contexto no que se producen as últimas medidas, unilaterais e abusivas, establecidas pola Xunta e por Sogama, que, como sabemos, é a alianza da Xunta e Naturgy. Porque vostedes saben escoller ben a parella, señoras e señores do Partido Popular. E o contexto é que a Xunta afoga os concellos con máis competencias, moitas delas impropias, sen recursos para pagalas.

Os concellos sábeno ben —sábeo ben todo o mundo—: están nunha situación límite de asfixia financeira, están lanzando un SOS; non poden máis. Por iso, o que lle pedimos á Xunta e ao Partido Popular é que deixen de atacar, deixen de afogar, deixen de asfixiar os concellos con máis competencias e menos recursos; deixen de gobernar contra os concellos, que é o mesmo que gobernar contra a xente deste país. (*Aplausos.*)

Non lles deberon parecer abondas todas as transferencias sen recursos aos concellos, que no mes de xullo aprobaron o taxazo, a suba do corenta por cento do canon de Sogama, desde os 68 aos 80 euros por tonelada, que teñen que pagar os concellos e, polo tanto, a cidadanía. É unha medida, como xa dixeran, que foi unilateral e en contra da posición da Fegamp, que, como sabemos, é a institución que representa os concellos deste país, gobernados por unha ou outra cor política. E non contentos con esta suba do 40 por cento, resulta que en pleno mes de agosto —que, como se sabe, é un mes onde todo o mundo está en disposición de dar os debates e ver tamén o que se publica por parte da Xunta— anuncian un novo taxazo de Sogama, outra vez do 40 por cento, para elevalo dos 88 euros que xa aprobaron en xullo ata os 108 euros; o que supón practicamente duplicar o canon, desde os 56 euros que custaba no 2023 coa bonificación do 15 por cento ata os 108 euros. Un auténtico sablazo, un auténtico taxazo en dúas fases, que os concellos terán que repercutirles nos recibos ás familias, que xa están máis que castigadas por sucesivos incrementos de prezos, de custo da vida en todos os ámbitos e de perda de capacidade de gasto.

E quedou claro tamén no debate que demos no pasado pleno que non vale a escusa que puxo o Partido Popular de que isto era consecuencia da implantación dun imposto ao depósito e incineración. De feito, agora xa abandonou esa bandeira; xa asumiu que era unha realidade que viña derivada da Directiva Europea de residuos e tamén da lei estatal e que era unha medida progresiva que tiña como obxectivo penalizar aqueles sistemas que están considerados finalistas e que deben ser as últimas alternativas na xerarquía de residuos, que son a incineración e o vertedoiro. Ese diñeiro e esa recadación debe servir para incentivar e para premiar aqueles concellos e entidades que o fan ben, que apostan por outras alternativas.

E miren, a realidade é que se se paga moito por ese imposto, se a Xunta ten que pagar moito por ese imposto —ou Sogama, neste caso— é porque incinera e verte moito. Porque o oitenta por cento dos residuos que chegan a Sogama van a estas solucións finalistas, que son a incineración e o depósito en vertedoiro: nada máis e nada menos que 745.000 toneladas de



residuos das máis de 920.000 que chegan a Cerceda van a estes dous sistemas, que deben ser a última opción e para a Xunta son a primeira.

E vostedes falan moito de economía circular e de sustentabilidade, porque prostitúen continuamente a linguaxe e as palabras, pero en realidade vostedes o que fan é non fomentar a economía circular. Vostedes fomentan un círculo vicioso, o círculo vicioso de recoller o lixo e os residuos nos concellos e mandalos o máis lonxe posible. Esta é a opción que escolleu a Xunta, cun sistema de xestión centralizada de todos os residuos ou de grande parte ou da maioría dos residuos que se xeran no noso país. Un sistema que é absolutamente aberrante nun país coa dispersión de poboación como a que ten Galiza. Escolleron esta alternativa fronte a outra, que debería ser a ideal, de tratamento de proximidade e de converter realmente os residuos en recursos; con xestión de proximidade e, sobre todo, apostando por transformar en recursos a maior parte dos residuos da bolsa, que son os biorresiduos —o que antes se chamaba «materia orgánica»—, que supoñen máis do corenta por cento do total do lixo xerado nos fogares, nas entidades públicas ou nos comercios —na restauración, por exemplo—. Segundo algúns cálculos chega ao cincuenta por cento do total xerado nos concellos.

E con sistemas de proximidade mediante a compostaxe comunitaria e a compostaxe domiciliaria, pola que en Galiza xa apostaron moitos concellos con visións de vangarda. Citei o caso, que é un referente en Galiza, de Allariz, RER, pero tamén podemos citar o caso de Revitaliza, impulsado pola Deputación de Pontevedra, ou de Pontevedra-Composta, que é outro dos concellos que está apostando gradualmente por incrementar a compostaxe domiciliaria e tamén a compostaxe comunitaria, con illas de compostaxe comunitaria onde os cidadáns —eu podo facelo— a 100, 200, 300 metros levamos os biorresiduos e eses biorresiduos transfórmanse en compost. Xa lles trouxen aquí noutras ocasións, e non quero repetirme, mostras dese compost producido en proximidade.

¿E saben cal foi a posición do Partido Popular fronte a esta alternativa avanzada, moderna, sustentable e de proximidade? A alternativa do Partido Popular foi a doutrina do picachón. (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) Este señor é o portavoz do Partido Popular de Pontevedra, nada máis e nada menos, vicepresidente da Deputación de Pontevedra, o señor Domínguez, subido a un composteiro comunitario cun picachón na man para destruílo, ou para simular que quería destruír, atacar e demoler este modelo. Este é o Partido Popular, troglodita en materia de residuos, que se opón aos avances que se dan na sociedade de concellos que apostan por outras alternativas. (*Aplausos.*)

En contra diso, vostedes levan anos apostando por sistemas obsoletos, sistemas centralizados, con ese delirio de dicir que Sogama ten capacidade para tratar todo o lixo xerado en Galiza, máis de un millón de toneladas; que é un auténtico disparate, é un auténtico despropósito e vai en contra de todos os criterios sociais, ambientais, económicos e normativos que queiramos ver e valorar.

E claro, nese delirio e nesa deriva, vostedes apostaron por incrementar a dimensión das instalacións de Cerceda e facer grandes contratos multimillonarios; a maior parte deles, por certo, co mesmo grupo empresarial, para alimentar ese gran monstro da Xunta e de Naturgy,



ese gran negocio da Xunta e de Naturgy. Miren, voules ler só tres dos maiores contratos adxudicados nos últimos anos: contrato de transporte dos residuos adxudicado en 2015 por dez anos a unha UTE liderada por Copasa por 131,7 millóns de euros; planta de clasificación de residuos e elaboración de combustible adxudicado en 2016 por 15 anos á UTE liderada por Valtalia por 275 millóns de euros; ou o contrato da planta de coxeración e termoelétrica adxudicado en 2021 por 10 anos á UTE, tamén do grupo Valtalia, por 238,1 millóns de euros. É dicir, que vostedes adxudicaron nos últimos dez ou nove anos máis de setecentos cincuenta millóns de euros en grandes contratos, que agora teñen que pagar; e por iso se lles descastraron as contas e por iso Sogama está en bancarrota. Esa é a principal causa da situación económica e financeira que ten Sogama neste momento.

E a realidade —e non a podemos tapar, non a podemos negar de ningunha maneira, por moita propaganda que se queira facer— é que temos un grave problema cos residuos, que non é un problema unicamente da Xunta; que non é un problema unicamente dos concellos, senón que é un problema e un desafío de todo o país, de toda a sociedade galega, de toda a xente que vivimos neste país. E un desafío que só se pode asumir cun grande acordo de país en materia de residuos, como levamos propoñendo e insistindo ante os portazos continuos do Partido Popular, que se debe encarar desde a xenerosidade por todas as partes, desde a responsabilidade e desde o realismo. O primeiro, o punto de partida para ese acordo ten que ser tamén unha postura flexible a respecto da fiscalidade e a retirada desas medidas unilaterais que se intentan impoñer.

Tamén con esa vontade de diálogo e de chegar a acordos, o BNG e o PSOE traen hoxe aquí unha proposta de moción transaccionada, cedendo polas dúas partes e poñendo sobre a mesa unha alternativa para afrontar todos eses grandes desafíos que agardamos que o Partido Popular teña a ben valorar. Trasladarémosllela inmediatamente para que poidan valorala. En todo caso, propón: a retirada dese taxazo de Sogama e a apertura dunha vía de diálogo coa Fegamp en materia de fiscalidade e en materia de modelo de residuos; que se faga unha proposta seria sobre o destino deses 12,1 millóns de euros do imposto que se deben repercutir nos concellos para apoiar medidas alternativas de xestión de residuos; tamén o apoio aos concellos na aplicación daquelas medidas derivadas dos cambios legais dos últimos anos, que hai que empezar a aplicar no ano 2025; promover campañas de sensibilización e concienciación; e impulsar de verdade a compostaxe dos bioresiduos, como a grande alternativa de futuro para xestionar practicamente o cincuenta por cento dos residuos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor BARÁ TORRES: Propoñemos, polo tanto, estas medidas, porque só hai dúas alternativas: hai a alternativa da imposición e hai a alternativa da negociación e do diálogo para chegar a un grande acordo de país. Un acordo para avanzar, un acordo para mellorar e para que Galiza deixe de estar no furgón de cola e se sitúe á vangarda dos países de Europa en materia de xestión de residuos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Pois nós hoxe traemos tamén unha moción, que é ao final o resultado da interpelación que fixemos hai quince días á conselleira de Medio Ambiente, a señora Vázquez, que ao final a súa comparecencia fíxose esperar e a verdade é que o resultado foi decepcionante. Bueno, decepcionante máis ou menos, porque a liña que seguiu era un pouco a liña esperada, a liña de falsidades, información sesgada e terxiversación dos termos, como vén facendo dende hai tempo.

Polo tanto, cando planteaba como preparar esta intervención da moción dixeran: imos desenmascarar as mentiras da señora Vázquez. Refírome ás mentiras que contou na interpelación aquí en sede parlamentaria, porque se nos poñemos a desenmascarar as que conta noutros foros —como a entrevista desta fin de semana— non me dá este período de sesións. Pero bueno, imos centrarnos nas que dixon aquí nesta Cámara.

En primeiro lugar, a primeira trola da conselleira de Medio Ambiente: «No Bipartito, Galicia estaba chea de vertedoiros». Iso totalmente coa boca grande e sen inmutarse, cando no Bipartito levabamos catorce anos de goberno en Galicia de Manuel Fraga Iribarne. Ou sexa, despois de catorce anos de Goberno di que no Bipartito había trescentos e pico vertedoiros esparcidos por Galicia. Cando estivo Touriño, foi durante o seu goberno cando se aprobou esa Lei de residuos do ano 2008, que por fin intentou adaptar a lexislación galega ás exixencias estatais e autonómicas e que tiña por obxecto precisamente impulsar a redución, reutilización e reciclaxe e outras formas de valorización. En catro anos pretendía iniciar a implantación dese cumprimento da regra dos tres erres.

A segunda trola da conselleira foi: «Cando Sogama obtiña beneficios bonificábase os concellos; por iso o quince por cento da bonificación». Sogama aínda obtén beneficios, polo tanto, non sei por que fala en pasado; aínda que diga que xa non os ten e que ten perdas. Pero bueno, ata o 2022 é verdade que os beneficios eran millónarios: entre dez e doce millóns anuais. Haino que lembrar. Collín unha noticia do ano 2014 dun diario galego que fala desa suba do canon que se fixo no ano 2014, unha suba do canon do 35 por cento aos concellos e que permitiu que Sogama gañase durante ese ano 2014 7,8 millóns de euros. Despois di que repartían nos concellos; non sei onde repartían... Despois de pasados uns anos, no ano 2019, falou desa rebaixa do dez por cento aos concellos que facían os deberes; e que despois intentou volver subir, pero como os concellos protestaron e había eleccións tivo que incrementar a un quince por cento esa compensación. Polo tanto, segue a obter —se subiu un 35 e ao final nalgúns concellos se impón un 15— beneficios Sogama cunha vantaxe dun 20 por cento. Polo tanto, de repartir aos concellos, nada.

A seguinte trola que contou a conselleira foi: «O Goberno central recada o imposto; hai que pedirlle ao Goberno central a retirada». A recadación do imposto —como xa dixeran o outro día e recalco, por se acaso— é da Xunta, por esa Lei 36/2022, do 27 de decembro,



que modifica a lei que xestiona o réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia. A única competencia da que solicitaron a transferencia en todos estes anos. A Xunta por iso se beneficia da recadación do imposto. A Xunta tamén é a accionista maioritaria de Sogama. Polo tanto, a Xunta recádase a si mesma. ¿Que vai facer o Goberno galego con todos eses millóns anuais que vai recadar co imposto? ¿Que vai facer con todos eses máis de vinte millóns recadados ata o de agora desde a entrada en vigor do imposto? Non o sabemos, porque nin a conselleira nin o presidente Rueda nolo quixeron aclarar.

Cuarta trola da conselleira: «A Directiva europea do ano 2018 non obriga ao imposto; Galicia non deposita en vertedoiro». A Directiva europea do ano 2008 non obrigaba ao imposto, por iso na Lei estatal do ano 2011 non se impuxo; pero si obriga a Directiva do ano 2018, que obrigou os países membros a traspoñelo antes do cinco de xuño de 2020. En concreto di a directiva: «*Al fin de contribuir a alcanzar los objetivos establecidos en la Directiva del 2008, los estados miembros deben recurrir a instrumentos económicos*». E no seu anexo IV bis di: «*tasas y restricciones aplicables a depósito en vertedero e incineración de residuos, como opciones de gestión de residuos menos deseables*». Iso é o que di a directiva. ¿Por que? Pois porque a política de residuos da Unión Europea, para contribuír á economía circular, pretende impedir aquelas formulas de xestión que producen unha contaminación atmosférica como son a incineración e o depósito en vertedoiro. E así o fixeron 27 países; seis non o fixeron porque non hai plantas, dez aplican este imposto e os países do leste pediron unha moratoria: Lituania, Eslovenia, Eslovaquia... Pois é ao que nos queremos parecer aquí en Galicia, a eses países do leste. Despois, en relación á valorización enerxética e á incineración que fai Sogama, nós non nos opoñemos a que sexa unha fórmula subsidiaria de xestión de residuos. Pero digo «subsidiaria», non a forma principal de xestión de residuos, como é en Galicia con ese 61 por cento dos residuos que entran dos concellos.

Quinta trola da conselleira: «O sesenta por cento da suba asúmea a Xunta, porque está a carón dos concellos». Asume o sesenta por cento da suba do canon que cobra Sogama, desa suba de 42 euros/tonelada. Polo tanto, assume 24 euros. Pero se facemos os cálculos e temos en conta que se incrementará 42 euros —e 52 naqueles concellos que tiñan esa bonificación—, os concellos seguen a pagar 17 euros máis por tonelada do que pagaban antes. Ademais, se facemos outro cálculo, se temos en conta as 800.000 toneladas de residuos que entraron en Sogama no ano 2022 e temos en conta que van pagar un incremento da suba de ata 108 euros, o que vai obter de beneficios vai ser 33.600 millóns de euros por culpa do canon. Se restamos o canon que existía anteriormente Sogama por esa suba do imposto —esta é a cantidade que temos que ter— vai obter 24.600 millóns de euros ao ano. Moito máis, polo tanto, do que vai supoñer o sobrecusto que supón o imposto.

Despois, esta é a sexta trola: «Os concellos adscritos a Sogama son libres de decidir o que poden facer». Non é certo. A conselleira sabe que a maioría dos concellos teñen un sistema de xestión de residuos que é adaptado ao modelo Sogama. Polo tanto, precisaría investimentos millonarios ter que modificar este modelo. Ademais, non existen plantas de tratamento en Galicia para poder tratar os residuos de todos eses concellos. Polo tanto, non poden facer o que queiran.



Sétima trola da conselleira: «As políticas de Sánchez de recadación do imposto van en contra do artigo 84 da Lei de residuos». E, se lemos o artigo 84 da Lei de residuos, lemos: «*El impuesto sobre el depósito de residuos en vertedero, la incineración y la co-incineración de residuos es un tributo de carácter indirecto, que recae sobre la entrega de residuos en vertederos, instalaciones de incineración o de co-incineración para su eliminación y valorización energética*». E punto 2: «*La finalidad del impuesto es el fomento de la prevención, la preparación para la reutilización y el reciclado de residuos, con la fracción orgánica como fracción preferente y educación ambiental*». A verdade, non sei, ou eu teño unha falla de comprensión lectora ou non entendo por que vulnera o artigo 84 desta lei. Pero bueno...

E punto oito: «O PSOE e o BNG van ter que xustificar nos concellos que votaron no Parlamento a favor do imposto do lixo». Pois creo que iso, señorías do Partido Popular, temos que afirmalo todos. Porque, miren, o Partido Popular Europeo votou a favor da Directiva europea do ano 2018 que impoñía obriga aos concellos de traspoñer este imposto á lexislación estatal. Lei de residuos do ano 2022, Lei de Sánchez de residuos, esa terrible lei: 182 votos a favor —entre os cales estaba o Partido Socialista—, 70 votos en contra —entre os cales estaban VOX, Esquerra Republicana e os outros partidos cataláns—, 88 abstencións —entre as cales estaba o BNG e o Partido Popular—. Polo tanto, o Partido Popular non votou en contra desta lei. Tampouco emendou ese artigo 84 e 85 que establecía o imposto á incineración e ao depósito en vertedoiro, porque a única emenda que planteou nese sentido —e teño aquí as emendas do Partido Popular— foi a seguinte: «*Artículo 84, se propone añadir: “el impuesto sobre el depósito de residuos en vertedero, la incineración y la co-incineración de residuos es compatible con cualquier tributo local o prestación patrimonial de carácter público no tributaria aplicable a las operaciones gravadas”*». Polo tanto, non só o Partido Popular non impugnou a imposición deste imposto, senón que pretendía que aínda por riba fose compatible con outros impostos de carácter local ou autonómico. Polo tanto, agora piden a retirada de algo do que hai dous anos estaban a favor.

Pois ben, tendo en conta o desmentido de todas estas falsidades e defendendo os socialistas que necesitamos ter un modelo de xestión de residuos diferente en Galicia e adaptado á lexislación estatal e europea, nós transaccionamos co BNG —aínda que si que existían puntos cos que non coincidíamos— cara a ese grande acordo de país do que falaba o voceiro do BNG e cara a poder avanzar neste sentido. Unha transacción na que pedimos a retirada desta suba e a compensación deste imposto, que se estableza con carácter finalista e que poidan compensarse os sobrecostos de xestión que isto xera. Pedimos tamén a posibilidade de sentarnos e acadar un gran acordo de país, entre o Goberno da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente, sentándose coa Fegamp —que é a representación dos concellos— para poder mudar cara a un sistema máis sostible, cara a un sistema que axude os concellos a poder avanzar cara á redución e cara á reciclaxe. E economicamente, porque son programas e procesos moi custosos e que moitas veces, sobre todo os concellos con menos recursos económicos, non poden asumir. Que se axude os concellos de cara á concienciación social, porque nisto temos que estar todos. Nisto non pode estar unicamente a administración, senón que tamén temos que estar a cidadanía.



Polo tanto, neses termos —xa pasaremos a proposta— vai todo este acordo, para por fin poder poñer Galicia no mapa; pero no mapa verde, non no mapa da incineración, no mapa da cinza, no que se atopa agora.

Sen máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto. Señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Bueno, aquí unha vez máis falando do lixo de Sogama. Que se baixe ou que se elimine o canon de Sogama eu véxoo non realista, por diversos motivos. Eu penso que non é realista esa petición que se pide da eliminación do canon, por varios motivos que todos vostedes coñecen. Ímolo ter que asumir.

O que si tamén non vai ser realista é pensar que van asumir o pago os concellos. ¿Por que? Pois porque os concellos —dito así, en termos xerais— non van ter os cartos. Non van ter os cartos moitos deles e a moitos deles ao mellor xa lles estaba custando pagar o canon tal e como estaba ata agora, e no futuro vai ser impracticable.

E deixáselle a responsabilidade de quedar de malos da película aos concellos porque, efectivamente, hai que llelo repercutir aos cidadáns; de xeito directo, ademais, por directiva europea. Xa saben vostedes que as directivas europeas piden que o custo da recollida do lixo e o da auga teñen que ser pagados directamente polos cidadáns coas súas taxas. Entón, os concellos vanse ver nesa dinámica de ter que enfrontarse en moitos casos aos veciños, de perder popularidade. E, ao fin e ao cabo, non van poder, en termos xerais —algúns si, pero outros non—, e os que poidan vai ser con enormes dificultades para asumir outra clase de competencias. Quere dicir que tampouco contén demasiado desde a Administración autonómica e desde a Administración central con que os concellos van acabar na práctica cargando co tema, porque non van dar, non van poder.

Entón, non vai quedar máis remedio que, efectivamente, botarlle unha man aos concellos desde a Xunta de Galicia e dende o Estado central. Estase dicindo que a Xunta de Galicia, posto que vai ser a que cobre eses cartos, que axude os concellos a soportar o canon e mesmo —como xa dixemos algunha vez— a facer campañas de concienciación para que se recicle, para que non se xere tanto lixo, para que haxa separación de residuos etcétera; e, polo tanto, que non se penalice as malas prácticas da cidadanía e dos concellos neste aspecto.

Entón, ao final a moción que trae o BNG e o Partido Socialista propón cousas que antes ou despois vai haber que acabar facendo —creo que xa dixen o outro día—. Pode que sexa antes, pode que sexa despois, pero é un imperativo. Quere dicir que non queda máis remedio que, no futuro, proceder desa maneira, porque se non acabáronos afogando en basura ou afogando en débedas por non pagar, por non poder facerse cargo do enorme consumo de recursos que supón manter o modelo actual de tratamento do lixo.



Entón, loxicamente, a moción en abstracto, tanto a do PSOE como a do BNG, hai que apoiála. Porque en abstracto un non pode votar en contra de que se baixe o canon — aínda que vai ser imposible— e non se pode votar en contra do resto das medidas, que son esencialmente gañar a batalla da mente. Non sei quen dicía que as batallas gáñanse primeiro na cabeza da xente. Efectivamente, o cambio que é difícil e vai ser difícil está na mentalidade da sociedade. Entón, é un desafío, como foi no seu momento o cambio de mentalidade machista da sociedade, o cambio á mentalidade democrática ou grandes cambios globais na mentalidade da xente. Como foron eses e como están sendo outros, o da basura vaise ter que impoñer. Ou sexa, vai ter que haber un cambio de mentalidade da xente, pero, claro, iso non é cousa nin dunha semana nin de quince días nin dun ano. Iso vai levar o seu tempo, pero a cousa vai ter que ir indo por aí.

Entón, poderíamos empezar a enumerar infinidade de malos hábitos cotiáns que seguramente a maioría de nós nos reconeceríamos neles. Desde tirar a colilla ao chan, así, encendida e todo, que é un hábito universal estendido. Vostedes poden ver as rúas das cidades cheas de colillas, cando é algo tan sinxelo como facerse cargo da colilla da mesma maneira que se fai cargo das cascas das laranxas. A ninguén se lle ocorre comer unha laranxa na rúa e ao acabar de comela tirar as cascas así. Pois coa colilla faise. E parece coma se estivese asumido, como se a colilla tivese algún tipo de privilexio con relación ao resto da basura e non houberse que recollela e colocala no sitio, máxime cando é gran contaminante, que contamina a auga e vaise cara ás árbores cando se bota nos maceteiros e despois chove.

O de deixar a basura fóra do contedor. Vostedes, coma min, poderán comprobar un montón de bolsas de basura que están fóra do contedor cando o contedor está baleiro. ¿Por que? Porque a xente chega, débelle dar moita pereza levantar a tapa do contedor e deixa a bolsa fóra. O cal teoricamente é un acto vandálico. ¿Que pasa? O seguinte que chega como vexa a bolsa di «debe estar o contedor cheo» e vólvea deixar. Co cal, á parte de problemas de salubridade, porque veñen as ratas e empezan a andar por alí, increméntase o custo da recollida no caso da empresa concesionaria, porque teoricamente o que ten que facer é baleirar o contedor e nada máis.

Puxen dous exemplos, e podo seguir poñendo corenta ou cincuenta, dos malos hábitos que temos todos. Ímonos incluír todos, porque é así. Son hábitos sociais que están así e que teremos que cambiar na xeración de basura.

¿Que pasa? Que hai intereses creados. Hai intereses creados en contra. Hai intereses creados no tecido empresarial que fomenta unha forma de consumo que xera residuos, tanto nos envases como nos propios hábitos de consumo e tamén están, —¿por que non dicilo?— neste caso concreto, intereses creados difíciles de dilucidar, pero que se intúen, na propia empresa Sogama. Ou sexa, hai uns intereses creados contra os que, se se quere solucionar o problema, hai que ir. Porque tampouco é difícil imaxinar cales son, unha vez que se coñece cal é a composición da empresa. E outros moitos.

Entón, resumindo, eu penso que isto que estou dicindo son cousas que todo o mundo sabe, coas que todo o mundo está de acordo. Pero isto é coma sempre: ¿quen lle pon o cascabel ao



gato? Hai que cambiar os costumes sociais. Hai que facer esa clase de campañas de concienciación, tanto nas persoas como nos concellos que o están pedindo. E vai haber que axudar os concellos quériase ou non se queira, porque os concellos non van poder soportar a carga. Entón, con independencia de que se lles axude aos concellos ou que non, ao final vai haber que acabar facéndoo así. Entón, que vaian pensando os responsables da Xunta o xeito de axudar os concellos. Ao mellor pasa por unha redefinición da planta municipal, que está estes días tamén moi de moda ese tema da fusión para poder unificar servizos etcétera. Pero o que está claro é que o que se pide na moción antes ou despois vai acabar facéndose. E, polo tanto, en abstracto temos que apoialo.

O difícil, como dicía antes, vai ser poñerlle o cascabel ao gato. E, desde logo, non cargar máis os concellos con esta clase de canons e facerse cargo deles desde a Xunta de Galicia, porque non vai quedar outro remedio.

Nada máis. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes.

Grazas, presidenta.

Señor Bará, señora Castro, señor Ojea.

Señor Ojea, créame que tanto en abstracto como en concreto perfectamente pódese votar en contra desta moción. Máis que nada porque, ademais, o señor Bará xa anunciou que estamos a facer un debate sobre unhas mocións que foron transaccionadas, co cal o que estamos a debater non é o que coñecemos todos os deputados desta Cámara. Anunciaron que nos ían pasar esa transacción, pero a realidade é que agora mesmo dous grupos minoritarios chegaron a un acordo, transaccionaron unhas mocións e estamos a facer un debate sobre o que non coñecemos. Esa é a realidade.

Pero, claro, creo que iso é o recoñecemento máis claro de que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia están errando e están a confundir a toda a cidadanía no que se refire a Sogama. Iso xa o recoñecen todos os seus alcaldes. Xa os seus alcaldes están dicindo: «¡Eh!, cambiade o discurso; cambiade o que estades a dicir». Porque a realidade é que o Goberno central meteunos a todos nun lío moi grande e o discurso que están vostedes a ter aquí non arranxa absolutamente nada. Que haxa dúas mocións que xa foron transaccionadas previamente a este debate indica clarísimamente que todo o que fixeron vostedes nesta Cámara relativo a Sogama foi todo un auténtico despropósito, señorías. (Aplausos.)

E miren, mentres que o Goberno do Estado segue a tomar decisións unilaterais e nefastas para a economía da cidadanía —coa complicidade, por suposto, do Partido Socialista de Ga-



licia e do Bloque Nacionalista Galego—, ao resto tócanos adoptar medidas para facer fronte a estas decisións erróneas que están prexudicando os galegos e as galegas.

Como dicía o señor Ojea, do PSdeG non esperamos absolutamente nada. Se Ferraz di que hoxe digan unha cousa van vostedes dicilo; se mañá na continuación do pleno lles din a contraria, van vostedes dicir absolutamente o contrario do que dicían hoxe. Todo porque o manda Ferraz. Pero do Bloque Nacionalista Galego, máis do mesmo. Son vostedes o nacionalismo quizais máis inútil e menos produtivo para a comunidade autónoma. Dá igual absolutamente o tema do que falemos; que falemos de financiamento, que falemos de infraestruturas, que falemos da xestión do litoral... vostedes sempre van estar a favor dun Goberno central que sempre busca lesionar os intereses do Estado, e vostedes aplauden. Supoño que vostedes pensan que canto peor lle vaia a Galicia, mellor vai ir para os seus intereses electorais. Cantas menos industrias veñan para Galicia, mellor lles vai ir a vostedes. Ese é o razoamento que deben de pensar na súa cosmoxía, que lles funciona perfectamente, que lles vai saír ben e que dentro de tres anos e pico pois iso vai ter os seus réditos. Non o creo. Non funcionou ata o de agora e non creo que vaia funcionar.

Saiban todos vostedes que a actualización deste canon é responsabilidade única do Goberno central polas súas inequívocas actuacións, que supuxeron un sobrecusto no último ano e medio de 39 euros por tonelada na xestión dos residuos e que —é importante lembralo— ademais asumiu Sogama sen trasladalo aos concellos. Son decisións baseadas en políticas fiscais penalizadoras para a cidadanía, pero que vostedes aplauden e que a vostedes lles gustan.

E cando enumere trolas, señora Castro, enuméreas ben. Porque seguramente que se conta as trolas do seu Goberno e incluso as súas propias trolas, pois lle saian bastantes máis diso. Miren, se non me equivoco, hai dezaoito países que non incorporaron esas indicacións que sinala vostede dentro da Unión Europea. Pero o seu Goberno, para quen parece que penalizar a cidadanía con impostos é positivo, foron moi rápidos para facelo.

Dicía que eran tres decisións: o imposto estatal sobre a vertedura e a incineración, contemplado na Lei 7/2022, de residuos e solos contaminados; unha orde ministerial que eliminaba a retribución que recibía pola planta termoeléctrica de Cerceda, que, neste caso, non ten nada que ver a aplicación de directivas da Unión Europea; e meten, por outro lado, o imposto estatal de produción de enerxía, que é verdade que tampouco ten que ver coa Unión Europea. Estas dúas últimas medidas corresponden única e exclusivamente a esa voracidade recadatoria dun Goberno que se pensa que canto máis poida prexudicar os cidadáns con impostos, máis crece o Estado e máis poden eles aplicar o que consideran —mellor que os propios cidadáns— que lles vén ben. Medidas que, como saben, rexeitamos desde o primeiro momento, pero é que ademais seguimos convencidos de que este novo imposto á vertedura contradí o espírito da propia norma en canto á reciclaxe. Porque se corre o risco de provocar o contrario e desincentivar gravemente a reciclaxe. Ademais, penaliza aqueles modelos de xestión de residuos que son eficaces, que foron eficientes, como Sogama, e que fixeron un esforzo moi importante para reducir os residuos que se enviaban ao vertedoiro. Que seguramente, señora Castro, como vostede ben sabe, estes residuos contaminan ou emiten un 175 por cento máis de gases de efecto invernadoiro que os que se valorizan enerxeticamente.



En Sogama acadamos que só o vinte por cento dos residuos se destinen ou vaian ao vertedoiro, sendo a media do Estado ao redor do cincuenta por cento.

E recórdolles ademais —como ben dicían vostedes e recordaban— que Sogama ten outra virtude: a adhesión a Sogama é voluntaria. E o sistema, pese a esta actualización, segue sendo un dos máis baratos de España e dos que mellor funcionan, sendo con diferenza o máis barato de Galicia. Decía a señora Castro que era unha trola o de que os concellos se adherisen voluntariamente a Sogama. Señora Castro, eu entendo que algún alcalde que entrou agora, que entrou hai un ano nun concello, poida dicir isto. Hai alcaldes que levan décadas adheridos voluntariamente a Sogama, que podían ter optado por modelos completamente diferentes, que podían ter levado a cabo investimentos co apoio da Xunta de Galicia, co apoio tamén das deputacións e non o fixeron. E non o fixeron porque saben que é un modelo que é máis eficiente e máis económico fronte aos outros modelos; 295 concellos de 313 apostan por Sogama fronte a outros modelos, señora Castro. É, como digo, o máis barato. Ademais, é que temos outros modelos para comparalo, como sabe vostede ben: o de Nostián e o da Serra do Barbanza. Un ten un custo de 119 euros a tonelada e outro de 150 euros a tonelada. Moito máis dos prezos que estamos a falar de Sogama.

Pero vostedes tamén fan unha pequena trampa, porque falan vostedes dos concellos como se non tivesen recursos, como se os concellos non fosen capaces de levar a cabo políticas de tratamento de residuos, de xestión de residuos, de campañas de sensibilización; dan a entender que todos os concellos da nosa comunidade son concellos pequenos que non teñen departamentos, que non teñen capacidade material para poder levalo a cabo. O problema non o temos cos concellos pequenos, señora Castro; o problema témolo con Pontevedra e o problema témolo con Vigo. Pontevedra, da que o señor Bará gábase, alégrase e presume dese modelo, recicla menos do vinte por cento. Menos do vinte por cento, con ese programa que ten tan fantástico; apoiado, ademais, por outro programa que tiña tamén a Deputación de Pontevedra e todo isto. E aínda así non chega ao vinte por cento de reciclaxe. Ese é o gran problema que temos en Galicia.

En Vigo, xa o dicíamos, o 13 por cento é reciclaxe. O obxectivo é ao redor do 55 por cento. ¿Que cabecean? ¿¡Como que non!? Son os datos, os datos que hai, datos oficiais que envían os propios concellos. Envíanos os propios concellos. *(Aplausos.)* Claro, é que, se xa discutimos sobre os datos que os propios concellos remiten para que poidamos falar sobre eles... Eu, home, non invento os datos do Concello de Vigo nin do Concello de Pontevedra. Fíxense que o señor Bará nin cabecea, ¿entenden? Ou sexa, por favor, teñan un pouco de sentidiño.

Como dicía, Vigo. Poño o exemplo de Vigo porque Vigo permite calcular moi ben como se producen todos eses problemas. En Vigo só reciclan o 13 por cento, o 87 por cento envían a Sogama. Pode enviálo a calquera outro sitio. Ten recursos, capacidade e medios para facer o que lle dea a gana; como para ter un modelo específico propio de proximidade, como di o señor Bará, e non andar levando auga dun lado a outro de Galicia. Claro, poderían facelo, e non o fan. Pero aquí o problema é que o 87 por cento o envían a Sogama. Que envían o 87 por cento, ese é o gran problema. Se o fixesen ben, ao redor do 40 por cento sería orgánico, e estaría enviado con materia orgánica, que pagaría moitísimo menos que o que están a pagar agora. Da mesma forma, se acadasen un 30 por cento, que



é o óptimo de envases reciclalos, obterían ingresos. Pagaríalles Ecoembes por xestionar iso. Co cal estaríamos falando non de 100.000 toneladas; estaríamos a falar de ao redor de 40.000 ou 30.000 toneladas, que serían as que realmente enviarían a Sogama, porque sería o último paso, sería o último procedemento ao que terían que recorrer. Pero non, non fan os seus deberes, sácanse os residuos de enriba levándoos a Sogama e logo encima pretenden dar leccións aos demais. E non, porque xa levamos moitos anos falando disto. Levan vostedes moitas décadas gobernando nalgún municipio; podían ter feito moitas das cousas que están a dicir.

Pero nós, señoría, non imos deixar os concellos abandonados. Ese xa foi o compromiso que tivo o presidente da Xunta de Galicia. Froito precisamente dese compromiso, mantívose unha xuntanza coa Fegamp o pasado 27 de setembro onde participou a conselleira e explicóuselles a proposta da Xunta para minimizar o impacto destas medidas establecidas polo Goberno central e que obrigan a esta actualización. A proposta pasa polo establecemento dun canon reducido de 95 euros por tonelada para todos os concellos, que podería baixar ata os 83 euros por tonelada se os concellos cumpren algúns dos seguintes requisitos: algo tan lóxico como, por exemplo, reducir as entregas de lixo a Sogama nun un por cento —estáselles a pedir só que reduzan un un por cento—; ou o que incrementen nun tres por cento a aportación á reciclaxe do contedor amarelo ou do contedor marrón. Falando desas 100.000 toneladas de Vigo, fagan os cálculos. Fíxese o pouco que se lles está a reclamar.

En definitiva, señorías, seguiremos impulsando a colaboración cos concellos que, ademais, xa é reforzada a través do Plan de xestión de residuos municipais de Galicia, creando a Oficina de economía circular de residuos municipais, que se encargará de moitas das cousas que propoñía o Bloque Nacionalista na moción xenuína —porque o contido da transacción aínda non o coñecemos—. Toda esa parte en que vostede falaba de colaboración e asesoramento para a posta en marcha, para a aprobación de ordenanzas, para *ta, ta, ta...* Todo iso está contemplado...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...xa no plan de residuos que se aprobou en agosto, co cal, señor Bará, vostede está a pedir o que nós xa dixemos que iamos facer. Alégrome de poder coincidir polo menos en algo con vostedes.

Tamén, relacionado co novo plan de residuos e en relación o que pide... O que pedía, porque xa non sei... É moi difícil falar sobre unha moción sobre a que non coñecemos o contido.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Dígolles, señoría, señora Castro, en canto á promoción da redución da produción de lixo, que tamén o plan de reciclaxe dos envases lixeiros vai contemplado no novo plan de xestión.



En definitiva, señorías, imos seguir colaborando cos concellos. Imos seguir demandándolle ao Goberno central que cumpra co que este Parlamento lle pediu, que basicamente é a retirada deses tres impostos cos que se penaliza toda a cidadanía galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pechan os autores das mocións, respectivamente, por tempo de tres minutos. En primeiro lugar, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: A verdade é que eu pensaba que ese retiro espiritual —e tamén material, que nos consta que houbo tamén a parte material— de luxo en Sober ía facelo recapacitar, pero ¡nanay! Vostedes seguen *erre que erre* —ou *erra que erra*— enrocados en posicións negacionistas, en posicións que podemos cualificar de «terraplanismo ambiental»; (*Aplausos.*) de negación de todos os cambios que hai que establecer na sociedade para ter un mundo un pouco máis habitable. E os residuos teñen moito que ver con todo iso.

E miren, as súas trampas ao solitario, señorías do Partido Popular, señor Trenor, cóntenllas a outros ou cóntenas no telexornal. Aquí no Parlamento non cola. Non cola esa mentira do corenta por cento de asunción da subida, do taxazo, que anunciou aquí o señor Rueda que ían aplicar. Porque, miren, dese suposto corenta por cento, o engano do Fondo ambiental, do Fondo de cooperación local, nós non o tragamos, porque iso non compensa para nada a subida do canón. Iso vai a outra partida, a outros fondos. En todo caso, servirá para aplicar medidas novas de fomento da reciclaxe ou o que sexa, pero non é para compensar a suba do canón, para nada. Polo tanto, non cola, señor Trenor.

E despois a vostedes, pola presión social-institucional, non lles quedou máis remedio que propoñerlle á Fegamp unha rebaixa de 13 euros; é dicir, que o canon pasaría de 108 a 95 euros no caso de aplicar unha serie de medidas que vostede nos contou aquí, que en todo caso son moi discutibles. Estarán agora sometidas ao debate entre a Xunta e a Fegamp. Eu creo que é moi mellorable esa proposta. En todo caso, é unha pequena rectificación sobre o sablazo que vostedes propuxeron nesa reunión.

A realidade, por moito que vostedes queiran negalo, é que Galiza está á cola do Estado e de Europa e que incumprimos toda a normativa habida e por haber. Porque estamos no 21 por cento da reciclaxe cando debiamos estar no cincuenta por cento. E xa lle dixen: hai comunidades con políticas globais non municipais como Cataluña, como Navarra, como o País Vasco ou como A Rioxa que están por riba do cincuenta por cento. É dicir, que se pode facer. Pódese facer con políticas valentes, como están facendo noutras partes do Estado e de Europa. Polo tanto, póñanse as pilas e asuman que hai que cambiar a política de residuos.

E, mire, vuelle dicir unha cousa, para que vexa a nosa oferta sincera dunha negociación e dun diálogo nesta materia. En Galicia hai tres sistemas, que son: Sogama, Nostián e Lousame ou o do Barbanza. Todos teñen eivas e todos teñen elementos que funciona mal, pero seguro que dos tres hai aspectos que se poden aproveitar. Pois sentemos nunha mesa todas as institucións deste país, todos os grupos políticos do país, se fai falta nunha ponencia parlamentaria, para analizar cales son esas eivas, cales son esas dificultades e cales son os



cambios que hai que facer para cambiar a política de residuos e para ter unha política de residuos á altura do século XXI, homologable co mellor que se está facendo en Europa. Nós puxemos sobre a mesa algunhas experiencias novidasas e positivas que se están facendo en Galiza. Poñan vostedes outras, falamos e cambiamos todo o que haxa que cambiar, que é practicamente todo; pero con valentía e con vontade de diálogo, cousa que vostedes non demostran.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Señora Castro, tres minutos tamén.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor Trenor, teño que darlle as grazas por admitir que todo o que dixo a conselleira foi trola, porque a verdade é que está ben que polo menos o admita. Iso de: «os socialistas menten máis...» Aquí non se trata de quen mente menos ou quen mente máis; aquí trátase de que a conselleira sexa honesta cos concellos e coa cidadanía, e non o foi. Pero ben, moitas grazas por admitilo vostede.

E falaba vostede de que nós só mirabamos os concellos pequenos, que hai grandes concellos que poden eles xestionarse sós. Non, señor Trenor, a Xunta goberna para os concellos pequenos, pero tamén para os concellos grandes, aínda que non teñan a súa cor política. Goberna para todos. Bueno, debería gobernar para todos, porque na práctica xa vemos que non o fai, ¿non?

Dicía vostede que non sabe o que vai votar. Vostede vai votar as propostas da parte dispositiva que xa leu e que planteamos, porque a transacción non muda o fondo do que nós queremos e que explicamos. Se vostede estivese atento ás nosas intervencións —porque intervimos previamente— sabería os termos da transacción, porque os aclaramos perfectamente tanto o señor Bará coma min. (*Aplausos.*) Pero non se preocupe, que agora o mirará tamén.

E, señor Trenor, di vostede que votaron en contra desta lei. Non, non é certo, vostedes non votaron en contra deste imposto. Vostedes asumiron este imposto na aprobación da lexislación estatal. É máis, como vostede parece que non me escoitou na anterior intervención, voullo repetir: non só pediron isto, senón que tamén pediron que se compaxinase con outros gravames de carácter local ou de carácter autonómico. Polo tanto, ¿que pretendían? Gravar dobremente a incineración en Galicia, porque así xustificaban aínda máis a suba do canon de Sogama.

Di vostede que este imposto estatal desincentiva a reciclaxe e gustaríame que o explicase. Porque vostede lanzou esta frase ao aire, que o imposto desincentiva a reciclaxe, pero non explicou por que. Tería que explicarmos a min, á señora Von Der Leyen tamén e a toda a Comisión Eu-



ropea, que estableceu este imposto —e di— «como medida para incentivar a prevención e o reciclado e evitar outras opcións menos desexables». Pero, bueno, igual vostedes saben máis.

Falou tamén do Plan de residuos, dese plan de residuos galego que xa contempla todas estas medidas. Pois miren, eu dígolle unha cousa: se a Xunta de Galicia cumprise o Plan de xestión de residuos urbanos do ano 2010, que tiña un período de vixencia 2010-2022, outro galo cantaría. *(Aplausos.)* Porque non estaríamos aquí falando dun índice de incineración do 61 por cento, nin un índice de reciclaxe do 18 por cento. Ogallá non só estivera no papel.

Ao final é difícil chegar a un acordo con vostedes, porque vostedes seguen o argumentario do Partido Popular; ese argumentario de Mariano Rajoy, que xa escoitamos esta fin de semana como dicía que os tapóns das botellas de plástico dificultaban as cousas para xerar riqueza e emprego, obviando totalmente o problema que están a causar no medio ambiente os plásticos dun só uso, con ese negacionismo do cambio climático e esa nula conciencia medioambiental que está a demostrar todo o Partido Popular. E logo criticaba tamén a conselleira, que dicía: «Sánchez quere ser o máis verde e cumprir co Pacto verde europeo». ¡Ah! ¿A Xunta do Partido Popular non quere cumprir co Pacto verde europeo? Entón, ¿por que contratou o ano pasado Sogama un informe externo de case novecentos mil euros, en teoría co obxecto de cumprir con este pacto europeo?

Eu non entendo nada, señorías do Partido Popular, o único que lles pedimos é que se sumen vostedes a este cambio que propoñemos. Temos que deixar de estar á cola de España en nivel de reciclaxe e temos que avanzar cara a unha xestión de residuos máis sostible, como así nos manda non só a lei estatal, senón tamén a lexislación europea.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre o balance das políticas de normalización lingüística

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Jose Luís Ferro Iglesias, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutive polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar, antes de que remate o ano, un diálogo con todas as forzas políticas parlamentarias, no marco do Pacto pola lingua, de cara a procurar os consensos necesarios que permitan seguir impulsando e prestixiando o uso do galego en todos os contextos.»)



O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

«O idioma é a chave coa que abrimos o mundo». Así comeza un poema moi coñecido do noso querido e admirado poeta nacional, Manuel María. E hoxe o BNG con esta moción que-remos traer aquí unha chave. Unha chave para abrimos a lingua galega ao mundo, para lle abrimos a porta a un futuro próspero e cheo de mil primaveras máis. Mais, como todas as chaves, é unha chave que precisa de mans que activen esa función de apertura. Por iso, dende xa convidamos o conxunto de deputados e deputadas desta Cámara a ser chave para instar o Goberno do Partido Popular para se colocar dunha vez por todas do lado da maioría social e institucional que reiteradamente lle pide un «si» a favor do galego.

Porque é hora de pasarmos dos anuncios aos feitos. Esta foi a nosa intención no pasado pleno coa interpelación que lle formulamos ao conselleiro. Preguntámoslle a concreción das medidas dese pacto pola lingua que anunciou aquí en sede parlamentaria no pasado mes de maio. E o conselleiro, á hora de respondernos, limitouse a acusar o BNG de falta de intelixencia por facer esta interpelación, de dicir que esta deputada na súa intervención estaba «demasiado crispada e un pouco alterada». Menos mal que a mediateca desta Cámara é boa proba do ridículo que se pode facer cando un se limita a ler o ditado do escribán e esquece facer seguimento do que é a dinámica propia do debate aquí ao vivo. (*Aplausos.*) Cando eu apelei á necesidade de recuperarmos o consenso que o Partido Popular dinamitou, o conselleiro retratouse falando de imposicións unilaterais. Eu supoño que foi a voz da conciencia, que lle recordou esa imposición unilateral contra todo o mundo, contra todos, do Partido Popular, aprobando en solitario e na soidade máis absoluta ese decreto da vergoña, que hoxe sabemos que cumpriu a súa función, que foi que a escola aínda fose máis desgaleguizadora.

Cando eu falei de aproveitar a potencialidade da diversidade creativa en galego, que está a crear literatura, música, audiovisual, ferramentas de novas tecnoloxías, etc., desde a autoestima dunha lingua considerada sen límites nin fronteiras, o conselleiro revolveuse co tópico da Galicia monocolor; debe ser desa única visión que se dá desde o azul PP. Cando eu insistín na necesidade de construímos de verdade un pacto social pola lingua, o conselleiro acusoume de seguir unha estratexia da confrontación; mágoa que renunciase o conselleiro no pleno anterior a esa oportunidade que lle brindabamos de concretar como ía ser, que cronograma, que obxectivos ía perseguir para chegarmos a ese pacto pola lingua, e simplemente decidise dedicar o seu tempo a atacar o BNG e a falar doutras cousas —por suposto, ¡como non!, faino sempre o PP—: do señor Sánchez, da AP-9 e incluso de Altri. Iso si, non me respondeu a unha pregunta que eu lle fixen de se realmente leu o informe de expertos do Consello da Cultura Galega, que falan desa gravísima afectación sobre o patrimonio cultural da macrocelulosa de Altri, nomeadamente sobre o Camiño de Santiago.

En definitiva, o que aquí vimos foi un novo conselleiro atado a vellos discursos ou que, cando menos, parece que non pode actuar desde a liberdade para activar, para impulsar unha nova política lingüística, de diálogo e de consenso verdadeiro, a favor do galego. E teño que dicir



que a súa desautorización máxima chegou a esta Cámara hoxe pola mañá, na comparecencia do presidente Rueda, de máis dunha hora e media de primeira intervención, na que non tivo oportunidade para reivindicar e comprometer ese pacto pola lingua nesta Cámara; ¡menuda desautorización do conselleiro! (*Aplausos.*)

Ao conselleiro na súa intervención molestoulle que nós, desde o BNG, désemos outra vez aquí datos negativos sobre a situación da lingua galega. Mais, con modestia, eu creo que non lle molestou iso; o que lle molestou é que sabe que non son datos do Bloque Nacionalista Galego, senón que son datos das principais institucións culturais e lingüísticas do país.

Só vou lembrar o recente informe do Consello de Europa, o sexto informe, que volve recordearlle obrigas ao Goberno do Partido Popular, ou o propio comunicado da Real Academia Galega do 25 de setembro, que di: «A Real Academia Galega insta as autoridades galegas e executaren as recomendacións de acción inmediata do Consello de Europa para a lingua do país.»

O que non pode ocultar —e seguramente iso tamén lle molestaba ao conselleiro— é que non puido apoiar na súa intervención ningún dato positivo froito da política lingüística do PP. E isto é para incomodar, despois de quince anos gobernando, que non haxa nin sequera unha soa medida que realmente poida demostrar que foi positiva para o avance na normalización do galego.

Mais, en calquera caso, enfadado ou non, o que non pode ocultar é —insistimos— o clamor social e institucional, que afirma que a política antigalega e antigaleguista deste Partido Popular ten consecuencias moi nefastas para o futuro da lingua.

E eu recordaba, preparando esta intervención, unha pregunta que lle fixeron unha vez a Castelao; dicíanlle que por que debuxaba unha realidade galega triste, gris e decadente, e el respondeu de forma moi contundente: porque non teño vocación de estupefaciente. No BNG tampouco hoxe en día temos vocación de estupefaciente. Por iso non imos deixar de evidenciar o antigaleguismo do Partido Popular e o seu intento, conseguido, de prohibir o galego, algo que só fixo antes nin máis nin menos que a ditadura franquista.

Non imos calar tampouco nesta Cámara a acción e a actitude dun presidente Rueda insumiso ás leis que protexen o galego e sumiso á liña do Partido Popular máis reaccionario, imposto desde Génova, que obriga incluso os deputados e as deputadas da bancada popular a votar nesta Cámara, no Parlamento galego, en contra do uso do galego no Congreso e no Senado. Ímosllo recordar sempre, como llelo recorda a maioría da sociedade galega.

Non sabemos se tamén desde Génova xa está chegando o recado para a bancada popular de que abandonen o uso do galego nas súas intervencións de representación pública nesta Cámara. Sería unha pena que o señor Santalices, o presidente deste Parlamento, tivese que deixar de dicir que xa non somos o único Parlamento do Estado onde só se usa o galego nas nosas intervencións públicas.



Ben, finalmente, o conselleiro nos últimos minutos da súa réplica atopou un momentíño para centrarse no pacto pola lingua; é dicir, que seríamos convocada a oposición antes de fin de ano. E tamén nos deixou un recado ao BNG; dixo literalmente: espero que no BNG estean preparados para poder sentarse para poder discutir sobre este pacto que necesita Galicia.

Hoxe non está o conselleiro, pero eu quero responderlle aquí. Señor conselleiro, poña día e hora, aí estará o BNG para traballar polo diálogo, polo consenso e por conseguir ese pacto social pola lingua. Claro que no BNG estamos preparadas, estamos comprometidas e non nos imos levantar desa mesa mentres non consigamos recuperar o consenso e ese pacto pola lingua. En calquera caso, á vista —insisto— da intervención do presidente Rueda hoxe, que en absoluto dixo que ese pacto pola lingua vai ser unha liña prioritaria para o 2025, como estamos preparadas nesta moción, nós avanzamos cinco compromisos para recuperar ese consenso e empezar a traballar nese pacto pola lingua.

O primeiro, impulsar un proceso participativo, amplo e plural para avaliar o desenvolvemento e o cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística e, por suposto, actualizar aquelas medidas de reforzo positivo para o galego que son necesarias para a sociedade do século XXI.

En segundo lugar, revisar e actualizar a Lei de normalización lingüística, porque é un traxe de 1983 que evidentemente non responde ás necesidades sociais e sociolingüísticas do século XXI.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: En terceiro lugar —vou rematando—, elaborar un novo decreto que regule a aprendizaxe de e desde a lingua galega, que elimine a discriminación do galego conforme di a Lei de normalización lingüística, o Plan xeral e, por suposto, a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias.

En cuarto lugar, eliminar o artigo 7 do Anteproxecto de lei...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...de servizos dos medios públicos, referido a esa redución, ao propósito de reducir a presenza e o uso da lingua galega na CRTVG.

E, en quinto e último lugar, desenvolver na súa totalidade a iniciativa Xabarín pola programación infantil e xuvenil en galego nos contidos audiovisuais, resultado dunha ILP que foi aprobada por unanimidade no Parlamento galego en maio de 2021.

Estes cinco puntos desta moción son os que sometemos a aprobación e confiamos en que voten a favor.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Ferro Iglesias.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, boa tarde a todos e a todas.

Cando naceu o Plan de normalización lingüística da lingua galega, a nosa lingua xa conseguira pasar do ámbito familiar ao oficial, á Administración, á Radio, á Televisión, ao ensino, á sanidade, etc., etc. O plan tratou de renovar a nosa política lingüística e adecuala aos novos tempos, para que o galego puidese enfrontarse aos retos e exixencias da sociedade da comunicación e para que a nosa lingua avanzase sen problemas coa axuda das novas tecnoloxías.

Dicía o Plan do 2004 que o galego, como fala maioritaria, debe ser a lingua de uso normal e preferente de Galicia, sen prexuízo de que coñezamos ben o castelán, lingua á que non debemos renunciar nunca porque tamén é nosa, e tamén o inglés e outras linguas que empecen a ser introducidas no coñecemento dunha sociedade cada día máis permeable e globalizada. Un plan da lingua galega non debe ter como obxectivo desprazar unha ou outra lingua nin impedir que os galegos aprendamos outros idiomas, senón que debe servir para que calquera poida vivir plenamente en galego, tal e como recoñecen a Constitución e o Estatuto de autonomía, que garanten que en Galicia temos dúas linguas oficiais. (*Aplausos.*)

E está claro que nunha sociedade bilingüe cada persoa pode sentir unha afinidade especial por unha das dúas linguas, xa sexa por razóns emocionais, culturais ou persoais; de seguro que xa todos saben que lingua prefiro eu; pero amar unha lingua, señorías, non implica rexeitar a outra. Por iso os parlamentarios do Grupo Popular falamos a lingua que queremos e cando queremos, non soamente temos que falar galego por ser a lingua oficial do Parlamento. (*Aplausos.*)

Pola contra, o empuxe que dirixiu a política lingüística de Galicia nos últimos anos foi deseñar un modelo cordial e integrador, porque as linguas son pontes entre culturas e cidadáns, nunca deben ser muros. O conselleiro da Lingua traballa para poñer en marcha novas medidas e así seguir impulsando o galego. E tamén quere contar con vostedes para chegar a un pacto da lingua; para iso pide un diálogo de cara a procurar os consensos necesarios que permitan seguir impulsando e prestixiando o uso do galego en todos os contextos; de aí a emenda de substitución que presentamos. O conselleiro xa lles anunciou nesta Cámara que conta coa súa colaboración. Está poñendo data: antes de que remate o ano, e acaba de chegar, señorías, tomou posesión o 15 de abril, hai pouco máis de cinco meses; non sei que máis queren.

Para este pacto da lingua, certamente a consellería terá que achegar posicións e vostedes terán, señorías, que revisar o seu pesimismo e dramatismo no que respecta ao uso do galego. Todos defendemos o galego, vostedes e nós, señorías, e ninguén ten a verdade absoluta.



Claro que non se trata de negar a existencia de problemas, pero o futuro do galego tamén depende da imaxe que proxectamos á sociedade. Se acotío predicamos as debilidades da nosa lingua, o que o cidadán medio percibirá é que el debe apostar por outra lingua distinta ao galego. Polo tanto, non debemos practicar nin o vitimismo nin o propagandismo exaxerado. *(Aplausos.)*

O recente informe da lingua do Consello de Europa sinala aspectos, por suposto, que se deben mellorar, pero tamén recoñece o alto índice de protección que as linguas cooficiais teñen en España, moi por riba do que é habitual noutros países europeos. O galego é a lingua cooficial con máis uso de todas elas e contamos co índice de competencias e de coñecemento máis alto de toda a historia.

Falan vostedes do Decreto do plurilingüismo. Eu, que xa levo uns anos nesta Cámara, xa lles teño escoitado de todo. Chamáronlle farsa, decreto da vergoña, que hoxe volveron repetir. Faláron do timo do plurilingüismo, e un ano antes das pasadas eleccións dixeron que non estaba tan mal, que estaban a favor do plurilingüismo, pero a verdade é que os debín entender mal, porque ao chegar ás eleccións apostaron claramente sen complexos polo monolingüismo, e xa saben o que aconteceu: que gañamos os que apostamos claramente e sen complexos pola liberdade e polo bilingüismo cordial. *(Aplausos.)*

O outro día un compañeiro deputado desta Cámara, do meu grupo, por suposto, fíxome unha pregunta que me fixo pensar; díxome: oe, ti que levas os asuntos de lingua, ¿como me explicas que cada vez que o Bloque sobe un pouquiño, un pouquiño en deputados, o galegofalante perde?, é dicir, hai menos galegofalantes. Pois non sei, creo que llelo dixeron á mañá xa aquí: que abafan o galego, de tanto que o apertan.

Miren, señorías do PSOE e señoría do Grupo Mixto, non lle vaian ao rebufo ao Bloque Nacionalista Galego, non lle fagan seguidismo, colaboren co Goberno galego para elaborar un bo plan da lingua. Píddolle pola lingua, porque a nosa lingua ten entidade suficiente e non merece ser imposta. *(Aplausos.)*

Tampouco son eu quen lle teña que pechar a porta ao Bloque Nacionalista Galego, por suposto. Oxalá se sumen, vanos convocar, como xa saben, escoiten e aporten, consensúen e fagan algo polo noso idioma. Pero a verdade é que teñen que aclararse un pouco, señorías. Porque, miren, estiven revisando o seu programa, e na páxina 17 empezan a dicir: «Debemos construír un grande acordo nacional pola lingua galega.» Iso é o que propomos nós hoxe. Na seguinte páxina, claro, xa van á derogación total do Decreto do plurilingüismo, e un pouco máis adiante, na páxina 37, xa falan claramente de inmersión lingüística, ensino totalmente en galego; como se fala pouco galego hai que obrigar a que o ensino sexa cen por cen galego. ¿Que pasa? Que temos unha Constitución e temos un Estatuto de autonomía que recoñece dúas linguas.

Miren, eu póñolles un exemplo. Hai pouca xente que vai a misa, cada día menos, están perdendo feligreses. Pois entón tamén pode chegar alguén que diga: ¡bah!, imos saltar o tema este da Constitución, de que somos un Estado aconfesional, e imos obrigar a todos a ir a



misa. A vostedes seguro que non lles parecería ben, a min tampouco, jeh!, a min tampouco. (*Aplausos.*) Pero non me parece ben iso nin me parece ben o outro, que abafemos unha das linguas que temos.

Como comprenderán, señorías, teñen un problema de credibilidade —xa acabo, presidenta—, xa non saben nin sabemos ninguén onde están, se están nun nacionalismo moderado ou están nun independentismo.

Pero de verdade, de verdade llelo digo de corazón, que agardo e desexo que cheguemos a un entendemento, polo ben da nosa lingua, para que deixe de ser unha arma política, non o merece. É a lingua de todos, é a lingua de toda Galicia, é unha riqueza que temos todos os galegos, un motivo de orgullo que temos e debemos coidar e potenciar todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Comunicame o voceiro do Grupo Mixto que renuncia ao seu turno de intervención e, por conseguinte, ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Julio Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes, presidenta.

Deputados e deputadas.

Señor Ferro, tómolle a palabra. Imos ir falar ao ministerio para que fagan un cambio na lei educativa e a ensinanza de relixión non pase a ser unha optativa de obrigada oferta en todos os colexios. (*Aplausos.*) Imos o Partido Popular e o Partido Socialista, e a ver se dunha vez logramos que a relixión católica estea nos colexios, pero voluntaria, para quen queira, e non de oferta voluntaria.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vou falar do galego agora, non se preocupen, e vou falar do galego desde a posición do Partido Socialista, sen facer seguidismo en absoluto de ningunha outra organización política que non sexa o Partido Socialista de Galicia.

O posicionamento ante o uso, disfrute, difusión e consolidación dunha lingua é algo tan relevante como o feito de protexer na pinacoteca nacional monumentos catalogados, ou incluso o Camiño de Santiago. A lingua que nos chegou ata nós é unha estrutura cultural, fainos diferentes e enriquecéonos ante a vida e o seu devir, ten que ser parte do futuro, porque é o dereito que teñen as xeracións futuras. Poderíamos dicir que é unha cuestión de crer nunha política lingüística ou non facelo, pero é moito máis, é saber que temos unha dupla de oportunidades, de desenvolvernos fronte á creación literaria, a ciencia, as relacións sociais e a economía.

Poderíase ter feito moito. O Partido Popular leva quince anos no Goberno da Xunta de Galicia e a cuestión é que en Galicia nestes últimos quince anos experimentouse o maior retroceso no uso do galego en todos os niveis sociais, chegando á menor proporción de falantes da



historia, mentres que en comunidades como o País Vasco teñen incrementado dunha forma importante os falantes actuais.

Rechazouse por parte do Partido Popular un acordo histórico entre as tres forzas políticas —que hoxe tamén estamos aquí no Parlamento, estamos no hemicycle—, un acordo que foi da man dun exministro franquista, de Manuel Fraga, que entendeu a oportunidade, a valía e a categoría patrimonial da normalización do galego.

O que se solicita nesta moción non é nin máis nin menos que o que xa tiñamos alcanzado nun acordo histórico, e que foi sabotado polo tacticismo político do Goberno de Núñez Feijóo e do Partido Popular desde Madrid, e mesmo que levou a non apoiar, como xa se comentou pola representante do BNG, a utilización do galego no Congreso dos Deputados.

Botando a vista atrás, este seguidismo de Núñez Feijóo a unha organización como era Galicia Bilingüe ano 2009, que seguiu as directrices do Partido Popular a nivel nacional, facendo crer que existía aquí en Galicia unha imposición do galego, ou unha liberdade para elixir —dicían eles—, todo iso por unha manifestación de arredor de tres mil persoas polas rúas de Compostela, fixo que todo o Partido Popular, o Goberno de Feijóo naquel momento, se puxera detrás destas pancartas e polo tanto empezara —digamos— a lingua galega a perder o prestixio social e que se iniciara ese proceso de involución no uso desta lingua.

Ademais, argumentábase, como dixo o señor Ferro hoxe aquí, o feito de que iamos ir a un decreto —digamos— de trilingüismo, como di vostede, respectuoso, harmónico.

Xa para empezar, ese concepto de enfrontar a ensinanza do galego coa ensinanza e a aprendizaxe do inglés, como se foran cuestións dicotómicas, cando non é dicotómico en absoluto, senón que se potencia unha aprendizaxe das distintas linguas, foi o que teoricamente vostedes explicaban polo feito de que así se podía aprender galego e todos os nosos estudantes ían ter unhas competencias en inglés moitísimo maiores. Fracaso; non se conseguiron todos os obxectivos que se plantexaban nesa estratexia de aprendizaxe do idioma inglés nas nosas aulas. E, lamentablemente, produciuse un descenso, unha rotura dese consenso ao redor do galego, que trae como consecuencia un descenso da utilización do galego a todos os niveis.

De feito, unha institución como a Real Academia Galega levou aos tribunais o Goberno con esa Lei de normalización lingüística. Recordo que a Real Academia Galega é a institución responsable de traballar e protexer a nosa lingua galega, e polo tanto foi a que enarborou no inicio esta oposición a esta proposta deste trilingüismo harmónico, ou como queiran vostedes chamalo.

Desde entón a lingua galega non fai máis que empeorar, e non porque o digamos nós, os partidos da oposición, nin porque o diga o Partido Socialista, senón porque o din organismos que están preocupados precisamente polo desenvolvemento das distintas linguas —digamos— minoritarias na nosa Comunidade Europea.



Desde o Consello Europeo, que xa se comentou por parte de Mercedes Queixas, xa se lle reclamou á Xunta unha maior protección para a lingua galega; recomendacións, por certo, que a Xunta de Galicia non atendeu. Pero tamén a perda de falantes, a perda tamén de coñecemento dos galegos e das galegas da lingua galega, foi posta de referencia ou de relevancia polo Consello da Cultura Galega, que apunta xa que esta idea falaz de que se estaba facendo a imposición do galego provocou un desafecto cara á lingua entre os mozos e mozas.

Volven vostedes aos mesmos argumentos: a inmersión, a imposición. Por favor, renóvense, teñan polo menos novas ideas, e, sobre todo, recoñezan que as políticas aplicadas nos últimos quince anos non só non favoreceron o desenvolvemento do galego, senón todo o contrario.

A Real Academia Galega, tamén de novo no ano 2018, saca un informe onde se di que o sistema educativo onde se aplica o decreto do trilingüismo non só non favorece o incremento do uso do galego, senón que actúa en sentido inverso, actúa como un elemento para reducir a utilización do galego polos nosos nenos e nenas.

Estamos por tanto convencidos de que ten que ser xa a volta ao consenso que hai agora máis de vinte anos tiñamos e que desde o ano 2009 non existe. Non pode existir involución que nos leve a vivir nun falso amor á lingua. ¿Que sentido ten que celebremos o 17 de maio a festa das nosas Letras Galegas cando despois construímos e temos estratexias, leis e políticas que van en contra da nosa lingua? É unha total e absoluta contradición.

É necesario rectificar o Anteproxecto, que xa se dixo aquí, da lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Sen entrar noutros aspectos deste anteproxecto que xa teñen que ver co tema da liberdade de prensa, é necesario suprimir o artigo 7, como xa se comentou aquí. Non se pode seguir con este retroceso, que supón que na Televisión de Galicia, que é un elemento fundamental para o desenvolvemento e utilización da lingua, se dea acceso a outras linguas distintas ao galego. Estamos novamente renunciando a ese propósito fundacional da Compañía de Radio e Televisión de Galicia, que era fundamentalmente poñer de referencia, de valor e de prestixio social a nosa lingua.

E tamén, dentro deste cometido da Compañía de Radio e Televisión de Galicia, é necesario, como xa comentou a representante do BNG, desenvolver a coñecida como iniciativa Xabarín, para a programación infantil e xuvenil en galego nos contidos audiovisuais, que foi aprobada neste Parlamento por unanimidade. Polo tanto, o Partido Popular e o Goberno do Partido Popular deberían ser os primeiros interesados en poñer en práctica aquelas decisións unánimes deste Parlamento.

En definitiva, señorías, do que se trata é de recuperar o pacto de consenso, recuperar ese acordo histórico de hai vinte anos, actualizándoo por suposto, defender a nosa lingua para que volva de novo ser recuperado ese prestixio, e fóra de estratexias e fóra de distintos estados de ánimo político, traballar para a construción e protección do patrimonio lingüístico de Galicia...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.



O señor ABALDE ALONSO: ...—si, xa remato, presidenta—, ser conscientes da responsabilidade política que temos de preservar o que recibimos para transmitilo ás xeracións futuras.

Temos ante todo unha inmensa e rica responsabilidade, e este Parlamento estou seguro de que non lle vai fallar a Galicia, e imos facilitar entre todos que o Goberno chegue a un acordo e un pacto pola lingua.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da moción, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, o agradecemento en nome do Grupo Parlamentario do BNG ao Grupo Socialista, por manifestar o seu apoio e o seu voto favorable a estes cinco puntos desta moción, que queren pois ser esa primeira chave de paso para empezarmos a traballar nese pacto social pola lingua, que está, efectivamente, no noso programa, nun programa que segue público, ao que calquera persoa pode acceder, como o propio señor Ferro. Outra cousa é o programa do Partido Popular. ¿Onde está? Pero nós non temos nada que esconder, é público e calquera o pode consultar, e estamos moi agradecidas de que vostede o consulte.

Mire, señor Rueda, aquí é que hai un problema xa de base que vén de moi atrás, e é un problema de deberes e dereitos. Fíxese: a Constitución española, que vostede mencionou, fala do deber que temos de coñecer o castelán, e o Estatuto de autonomía noso actual fala do dereito a usar o galego; en ningún sitio se fala do deber de coñecer o galego, e de aí veñen e emanan moitísimos problemas e moitísimas desigualdades e falta de liberdades que temos hoxe en día. Iso é importante, non perdamos a perspectiva. Claro que igual vostedes pois se apuntan á proposta do BNG de modificar o Estatuto e recoller que as dúas linguas teñan un rango de oficialidade completa e permanente.

Ben, eu quería dicirlle —de verdade, a ver se queda claro hoxe— que iso que vostedes falan do bilingüismo cordial e harmónico non existe, é como os Reis Magos, non existen —espero que non esteamos en horario infantil e que poidamos dicir isto—. Non existen, de verdade, non, non existen, de verdade. Cando queiran unha clase de sociolingüística, eu douna sen ningún problema, estarei encantada e ademais de balde (*Aplausos.*)

Non, miren, o bilingüismo, lección 1 da sociolingüística, o bilingüismo ou é substractivo ou é aditivo. Busquen nun manual de sociolingüística. O substractivo é o que practica o Goberno, o que escolleu o Partido Popular, e o aditivo é o que escollemos no BNG desde sempre. E non hai máis, non disimulen, porque se poden tapar as mentiras de moitas maneiras, pero mentiras seguen sendo.

E fala vostede de credibilidade, de honestidade, de amor pola lingua deste Partido Popular. E eu creo que o problema que teñen vostedes —e que non saben como saír desa maraña que



teñen montada consigo mesmos — é precisamente a falta de credibilidade. Fíxese: o mesmo día que o conselleiro de Lingua aquí no anterior pleno dicía que ía contactar coa oposición antes de acabar 2024 para buscar un pacto polo galego, o mesmo día e á mesma hora, no Senado (*A señora Queixas Zas mostra un documento.*), «*el PP tumba en el Senado la pretensión de los socios del Gobierno de extender el uso de las lenguas cooficiales.*» ¡Votaban en contra do uso do galego! (*Aplausos.*) Entón, ¿quen pode crer no seu amor divino pola lingua cando o materializan sempre en medidas en contra? Non teñen credibilidade ningunha.

Fala vostede de igualdade e de liberdade sempre. A min explíqueme, señor Ferro: ¿que igualdade e que liberdade hai cando Henrique —a quen lle mando un afectuoso saúdo—, ademais de pelexar cun problema oncolóxico gravísimo, ten que pelexar todos os días porque os seus consentimentos estean en galego? ¿Onde está a liberdade e a igualdade? Explíqueme onde está a igualdade e a liberdade para Lois, que chega á casa dicindo...:

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...«*como me gustaba Coñecemento do Medio, e agora non me gusta Science!*». ¿Por que? Pois porque lle impoñen aprender Coñecemento do Medio, que é unha materia que tiña que ser en galego, en inglés. Explíqueme iso, señor Ferro. Explíqueme como unha alumna se acaba de graduar en Química na USC e, de corenta materias, tivo catro en galego, durante catro anos. Explíqueme: ¿de que igualdade e de que liberdade para o galego estamos a falar?

Efectivamente, necesitamos moito máis tempo para argumentar e para dialogar.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: E —xa remato— non me quedou claro se vostedes van votar a favor, como deputados e deputadas galegas, destas cinco medidas propositivas; non quedou claro.

O que si —remato— eu comecei cun verso de Manuel María que di que o idioma é a chave coa que abrimos o mundo. E remato cunhas palabras de Luísa Villalta, á que creo que moitos de vostedes descubriron este ano. Dixo Luísa Villalta —e remato—: «*É ben sabido que somos xente emigrante...*»...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Queixas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

É que ten tres minutos. Eu síntoo moito, pero é que... *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* A ver, tivo unha intervención... *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* (*Murmurios.*) Señora Queixas..., *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Rematou o seu tempo, señora Queixas. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* (*Murmurios.*) Pero isto non é normal. (*Risos.*)

(Aplausos.)



Teño que recoñecer que é incómodo intervir e interromper cando alguén está falando. (*Murmurios.*) Pasouse dous minutos, vinte segundos. (*Murmurios.*) A ver, e isto con toda honestidade. Entón, pode haber un pouco de flexibilidade, pero todo o mundo ten que saber os tempos que ten. (*Murmurios.*) E sei que nesta nova lexislatura pois hai algunhas cousas que, ben... (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.*) Precisamente vostede agora eu creo que debería de escoitar, con todo cariño tamén, se mo permite, que me gustaba o poema, pero ten que ser dentro do seu tempo. (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.*)

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López, sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción non se presentou ningunha emenda. E para defendela, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Dende o PSdeG, dende o Grupo Parlamentario Socialista, dixemos que nesta lexislatura iamos facer unha oposición útil e construtiva. E que é útil pois os datos o reflicten. Dende o PSdeG puxemos novamente na axenda o financiamento local, estamos a falar de financiamento local. E así se demostraba hai uns días nos medios de comunicación nunhas declaracións que facían distintos alcaldes e alcaldesas, de distintas cores políticas, que falaban de que non querían ser mendigos dos recursos, porque así se consideran os alcaldes e as alcaldesas: mendigos dos recursos, para poder levar a cabo políticas públicas.

Hoxe mesmo tamén o señor Rueda falou de financiamento local, pouco, moi pouco, pero falou de financiamento local, o cal é en si xa positivo. A mágoa é que desaproveitou o discurso de hoxe, a súa comparecencia, para mostrar unha maior implicación coas entidades locais. Falou de que ía asumir 20 millóns a Xunta para pagar o canon de Sogama, pero non falou doutras cuestións que direi dentro dun momentíño. Falou tamén do SAF, que poñía eses 12 euros, a pesar de que custa o servizo 21 euros agora; eses 12 euros que tampouco di de onde vén o financiamento que poñen entre o Goberno de España e a Xunta, sendo a Xunta responsable dese 50 por cento, que non asume. Si falou desa débeda do SAF de 2.500 millóns de euros, pero olvidouse de dicir que era unha débeda acarreada de M. Rajoy. (*Aplausos.*) E o que si que é certo é que reduciu nun máis do 6 por cento o que se lle adica á dependencia. Esta é a realidade.

E falou dun proxecto estrela que vai ter en colaboración cos concellos, denominado Pulmóns verdes. Pois dígolles dende aquí, señorías, que non chega nin a alvéolo, porque 3 millóns de euros que dixo que ía destinar —así lle entendín— para os concellos pois non supón nin 10.000 euros por concello. O Concello de Lugo só en mantemento de zonas verdes xa lle adica máis deses 3 millóns que lle vai adicar o señor Rueda a todos os concellos de Galicia. E isto



é a mostra realmente de como ve o Goberno do Partido Popular ese financiamento local. Non sei se con eses 3 millóns de euros o que pretenden é pagar poinsettias do Nadal, que será para o que dea.

E o señor Rueda falou dun novo marco económico, que a Xunta superou —dixo— a barreira dos 600 millóns de euros, pero esqueceuse tamén de dicir que non os executa na súa totalidade. No último exercicio pechado foron máis de 100 millóns os que non lles destinou aos concellos de Galicia, 100 millóns que despois van para esa bolsa común e que despois utilizan de xeito discrecional e arbitrario.

Por certo, xa lle adiquei eu máis tempo a dicir o que dixo o señor Rueda que o que fixo o señor Rueda no discurso desta mañá. E o que hai que ter é coherencia, porque sen a coherencia non hai credibilidade, e o problema é que os concellos de Galicia xa non cren nin ao señor Rueda nin ao Partido Popular.

E o señor conselleiro nesa interpelación falou de Pedro Sánchez, ¿como non?, tema moi recorrido e manido neste plenario; falou do Goberno central, dos males e doenzas que ten o Goberno central; falou dun incremento de financiamento dende o ano 2011 ao 2024, que pasou de 390 millóns aos 600; pero tamén se olvidou de dicir que dende o ano 2011 ata o ano 2019 quedou conxelado o financiamento ao Goberno local, unha realidade. Ben, o señor conselleiro chamou «blindaxe», blindaran as aportacións ao Goberno local. Curiosamente, nese período do 2011 ao 2019, que coincide tamén co Goberno de M. Rajoy —voulles explicar, porque ao mellor non saben de quen estou falando, vén sendo Mariano Rajoy (*Aplausos.*)—. A realidade é que ese incremento sobre o papel non é realidade, porque non se chega a materializar.

E falou de financiamento, dese Fondo de Cooperación, pero falou moi pouquiño o señor conselleiro tamén nesa interpelación dos convenios, das subvencións; isto que despois dan pola porta de atrás, isto que dan de maneira discrecional e isto que dan aos concellos do Goberno do Partido Popular para calar bocas, para que falen pouquiño, para que non griten moito. Porque, se non, súmanse ás voces críticas de alcaldes e alcaldesas socialistas, e algún do BNG, que si manifestan que esta situación é insostible. É imprescindible que os concellos teñan voz. O debate e a negociación do financiamento ten que contar e ten que incorporar o mundo local.

Dende o PSdeG, que temos unha tremenda convicción municipalista, porque cremos na Administración local, porque cremos que os alcaldes e as alcaldesas son os grandes transformadores das sociedades e que son garantes da mellora da vida e da calidade de vida dos cidadáns, así o vemos. E non en van os alcaldes e alcaldesas socialistas gobernan a maioría dos galegos e das galegas, porque no eido local nos dan a súa confianza, porque, como digo, saben que somos garante do benestar e transformadores das sociedades. (*Aplausos.*)

E a realidade é que as entidades locais están infrafinanciadas. Nesa interpelación poñía moitos exemplos —que non vou reiterar todos aquí, pero nalgúns eu creo que hai que seguir incidindo—, porque, no tema da educación, falar das garderías, cando a Xunta financia o 100 por cento das garderías privadas, pero non así as dos concellos; ou cando falan dos co-



lexios, e hoxe o señor Rueda falaba das súas fillas, que non van ter que pagar matrícula universitaria, pero olvídase deses nenos e nenas, deses papás e desas mamás que teñen que asumir o custo dos libros porque non quere poñelos gratuítos cando é ensinanza obrigatoria e cando os había cando entrou o señor Feijóo no seu día a gobernar a Xunta de Galicia —é unha realidade—; ou eses comedores, que asumen tamén os concellos para poder poñer medidas de conciliación enriba da mesa.

E fala do SAF, pero xa está afogando os concellos. Concellos como o de Dodro, que saía recentemente que asume o 21 por cento do SAF do seu orzamento, do seu orzamento adícalle o 21 por cento; ou o de Xermade, que supón o 30 por cento do seu orzamento. Acabarán os concellos en bancarrota se non facemos unha boa distribución dos recursos e se non facemos esa redistribución xusta e equitativa.

Podemos falar de Sogama tamén, que dicía recentemente o presidente que a Xunta sae ao rescate dos concellos, cando foi realmente Sogama, por incapacidade e a penalización que se lle puxo dende Europa, o que fai que teñan que asumir, e fala de que vai asumir ese 60 por cento; ou eses 20 millóns —que dicía o presidente da Xunta— en detrimento dos concellos porque llo vai quitar do Fondo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...Galego de Cooperación.

Remato, presidenta.

Segundo a Fegamp, a asunción de gastos improprios ascende a 600-700 millóns de euros. Por certo, a directora xeral de Administración Pública falaba de «datos sen rigor», pon en cuestión os datos que veñen da Fegamp, datos sen rigor, pero que chega á escandalosa cifra de 600-700, e que se viu empeorado coa inflación nos servizos que están prestando os concellos sen que as transferencias correntes nin as de capital acompañen ese incremento.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Finalizo.

Os alcaldes non poden ser mendigos de recursos, teñen que ser xestores do público.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto, señor Ojea.

(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Tamén renuncia á súa intervención.



Quenda do grupo do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Óscar Insua Lema.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

Boas tardes de novo, señorías.

Vaia por diante que dende o noso grupo pois imos apoiar a moción que agora debatemos, porque non se pide nada novo; unha vella demanda dos concellos galegos, de todas as cores políticas, das que o PP fai oídos xordos —como Netanyahu—, é dicir, dende que governa a Xunta, dende 2009.

Os problemas que está sufrindo a gran maioría dos concellos galegos por falla dun xusto financiamento das súas economías pois non é unha novidade para o Goberno, e os anos pasan sen que a Xunta pareza disposta a resolver a curto prazo unha demanda unánime no municipalismo. A resolución sobre financiamento local, sobre autonomía e competencias locais e desenvolvemento estratéxico, aprobada na última asemblea da Fegamp, celebrada xa hai un ano, case un ano, analiza a situación actual e resume perfectamente cales son os retos a superar nesta lexislatura.

O financiamento local, un problema estrutural que se agrava debido ao inmovilismo financeiro do Estado e das comunidades autónomas. Hai que engadir a continua atribución de competencias impropias das entidades locais, que xa veñen anunciando unha posible crise a nivel municipal. E non temos problema en recoñecer, efectivamente, que aquí tamén ten culpa o Estado.

Vostedes falan seguido da Lei de benestar animal e, efectivamente, nós estamos de acordo, pero non vin ningunha iniciativa do Grupo Popular no Congreso pedindo máis financiamento para os concellos. Non a fixeron. Pediron a retirada da lei, pero, ben, despois da campaña que fixeron vostedes para adoptar animais, eu creo que non se pode pedir realmente a retirada da Lei de benestar animal.

O artigo 142 da tan aclamada Constitución española, que establece que as facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás corporacións respectivas e nutrirse fundamentalmente dos tributos propios e da participación nos do Estado e das comunidades autónomas. Ese artigo é incumprido de forma reiterada polas administracións encargadas de repartir os fondos de financiamento. Os maiores incumpridores da Carta Magna son os maiores defensores de que non se toque. Normal, vostedes están cómodos co papel mollado aprobado no ano 1978.

E o artigo 9.7 da Carta europea de autonomía local tamén establece que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión das subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais no seu propio ámbito da competencia. Mais a realidade é que, en contra do establecido tamén no acordo da Comisión Galega de Cooperación Local, no que se especificaba o carácter incondicionado do Fondo de Cooperación Local, este acadou o ano pasado o maior nivel de condicionamento, segundo se des-



prende dos estudos da propia Fegamp, xa digo, da Fegamp, onde están todos os partidos políticos.

O propio Goberno admite na memoria dos orzamentos de 2024 que no ano 2023 xestionou o Fondo de Cooperación Local 143,4 millóns de euros, mentres que din que puxeron á disposición dos concellos 564. Ben, o conselleiro de Presidencia estes días falaba dos 150 millóns do fondo e dos 600 millóns de transferencias directas aos concellos. Das subidas dun 38 por cento tamén falaba hoxe o presidente. Ben, despois virán coas comparacións, como fan sempre co tema dos números do Bipartito. Non se preocupen, que xa me adianto eu a traérllelos para que non os saquen vostedes despois aquí, para que enchan ben o peito do ben que o fan.

Miren, no ano 2002, co bipartito, co bipartito das boinas e dos birretes, destinaban 26 millóns de euros ao Fondo de Cooperación Local e 12 millóns ao fondo adicional. Claro, comparado cos 150 millóns do fondo base e dos 30 do fondo adicional, pois ¡manda truco, eh! Mire que ben o facía o señor Manuel Fraga Iribarne, que ben o facía o Partido Popular no ano 2002. Porque eu creo que tamén son os números cos que o poden comparar realmente. (*Murmurios.*) Claro, claro, non se ría, porque vostedes poden ir tamén para atrás, non teñen que parar soamente no ano 2009, ¿non? Pois iso, comparen co bipartito das boinas e dos birretes.

Miren, señorías, como dicía Mark Twain, outro americano tamén como Lincoln, existen tres tipos de mentiras: as mentiras, as mentiras malditas e as estatísticas. E son estas últimas as que practica o PP con total impunidade e con absoluta manipulación e coa TelePP, claro, de altavoz desas mentiras, ao mellor estilo de Goebbels. Ben, xa demostrou a señora Prado pola mañá como se xoga coas estatísticas, a respecto da intervención que tivo cando falou do informe.

Mentiras como as que dixo hoxe o presidente da Xunta, o señor Rueda, ao afirmar que a competencia do SAF é municipal. Mentira, mentira e mentira. (*Aplausos.*) Mentira, mentira e mentira. Xa llelo expliquei na comisión, non me miren así. É dicir, a Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, aprobada polo PP no ano 2013, que non sei... Míranme todos abraizados. É dicir, cando gobernaba un tal Raxoi, un tal Montoro, é dicir, modificaron a Lei de bases e eliminaron as competencias en servizos sociais aos concellos, elimináronas. Soamente deixaron emerxencia social. E todo o que ía en contra desa norma queda derogado. Non sei se o saben. Non, non, non fagan así, que é así. Isto é de 1º de Dereito. Os concellos non teñen competencias en servizos sociais; iso si, a disposición transitoria segunda di que se poden delegar as competencias, pero con cartos, pero con cartos, que é o que está pasando. A competencia é da Xunta e os concellos estana executando por delegación das comunidades autónomas.

E aquí en Galiza, de feito, aquí, cando se quere facer unha escola infantil, por exemplo, necesita autorización da Xunta de Galiza, porque a competencia é súa. Non, non se ría, que é así. Non, igual non se acorda xa, pero pregúntelle a algún alcalde do PP cando quere facer unha escola infantil; ten que pedir autorización á Xunta de Galiza.



En fin, e, mentres tanto, o Goberno galego pois pérdese en divagacións sobre financiamento autonómico, que é fundamental para estruturar este financiamento local. E veña darlle voltas coa famosa Comisión Técnica de Delimitación de Competencias entre a Xunta e a Fegamp. Outro exemplo de que a Xunta non está polo labor de delimitar nada e menos de incorporar eses acordos nos orzamentos de 2025.

Miren, o pasado ano a directora xeral da Administración Local anunciaba o inicio dos traballos desa Comisión Técnica de Delimitación Competencial, encargada de avaliar os estudos da Xunta, no marco dun acordo coa Universidade de Santiago, e o presentado pola Fegamp, co obxectivo, efectivamente, de clarificar as competencias da Administración autonómica e local. Pois a comisión técnica quedou encargada de contratar as conclusións a semana pasada, o día 4, o venres. ¿E que pasou? Que avisan un día antes e din que non van, que non lles deu tempo, que non lles deu tempo de ter posición a respecto da delimitación das competencias en materia educativa, emerxencia, sanidade e SAF.

Hai que ser moi impresentables para facer isto, para non presentarse. Entón, o que está claro é que vostedes dende logo non queren delimitar competencias, porque tampouco queren incluír nos orzamentos de 2025 as competencias que teñen que asumir.

A autonomía local non se pode entender sen autonomía financeira, como así se ten sinalado no Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, polo que é preciso dar unha solución definitiva a un problema que se acentúa a diario e que leva esperando xa vinte anos, un problema que se resolve cun financiamento axeitado, incondicionado e estable dos concellos galegos.

Miren, vostedes repiten e repiten que foron os galegos os que os votaron hai seis meses e os colocaron na maioría que teñen hoxe. É certo. Mesmo tamén que foron os galegos e as galegas os que non queren que gobernen na maioría dos concellos. Asímanos, porque non gobernan nos concellos máis poboados. Pero asegúrolles que quen vai rematar coa súa teima van ser os concellos galegos, os concellos do rural, contra esta asfixia que vostedes están fomentando, pero van ser os seus propios alcaldes e alcaldesas.

Hai vinte anos xustos, no 2004, xa se revolveron no pisito os de Ourense, con Baltar á fronte; primeiro aviso do esquecemento rural. O ano pasado reuníronse nun restaurante do interior, que non transcendeu moito pero sábese, rexedores de Lugo e de Ourense descontentos coas políticas discriminatorias...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor INSUA LEMA: ...do PP de Rueda; segundo aviso. E eu dígolles que á terceira vai ser a vencida.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor INSUA LEMA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: A ver se consigo acabar a intervención en tempo e non protagonizo o segundo caso de ocupación do atril da tarde, ¿verdade?

Pero quero comezar dando as grazas por seguir co ton amable. A verdade é que facía tempo que no Grupo Popular non escoitabamos tantas loanzas sobre o presidente Fraga. A verdade é que teñen motivos para facelo e eu agradézollo profundamente, profundamente, de verdade que si. *(Aplausos.)*

Tamén lle agradezo un certo rigor, por certo, cando falan de vitorias electorais nas municipais. Pois á saída van e falan coa miña compañeira, coa señora Candia, ou co señor Vereza, e explícanlles o que é gañar unhas eleccións. Outra cousa son as cousas que fan despois vostedes... *(Murmurios.)* Claro, claro, xa vemos esa maioría estable da que disfruta o Concello de Santiago. Están encantados os picheleiros, señorías, encantados, ¡vamos! *(Aplausos.)* De verdade que é unha broma de mal gusto.

Mire, eu teño que comezar lamentando que un debate da importancia do financiamento se aborde de xeito tan pueril, frívolo, tan falto de obxectividade. Porque eu creo que todos poderíamos coincidir na necesidade de revisar o financiamento das entidades locais, pero cun pouco de rigor, sen banalizalo.

Falar de competencias impropias asumidas polos concellos sen mencionar as competencias municipais asumidas impropriamente por outras administracións é simplemente ridículo, non é útil, non é construtivo e, dende logo, non é nada coherente, señora Méndez.

Eu creo que o municipalismo galego precisa que abordemos un debate rigoroso sobre o deslinde de competencias, sobre o financiamento necesario para exercer esas competencias e sobre a corresponsabilidade de todas as administracións á hora de aportar recursos a ese financiamento. Vostedes, en troques de facer iso, preferiron acudir a esta Cámara a repetir falsos mantras, que levan moitos anos por certo con eles, sen aportar, iso si, datos que os respalden, obviando a información obxectiva que todos temos ao noso alcance, simplemente porque esa información acredita que están faltando á verdade.

Señores, a Xunta de Galicia está a realizar a maior transferencia de recursos aos concellos da súa historia. E este é un feito obxectivo, incontestable e avalado polos datos contables dos sucesivos orzamentos. Un esforzo que se concreta nos 602 millóns de euros que a Xunta transferiu aos concellos galegos neste ano, incidindo especialmente naqueles concellos que máis o precisan.

Aquí falouse moitas veces de incorporar as subvencións ao Fondo de Cooperación Local. Soa moi ben, despois hai que baixar á realidade. A min tocoume facelo nun momento en que tiven esa competencia, esa responsabilidade, e, claro, despois baixabas, mirabas as axudas e, claro, estaban as vías de fondos europeos, hai que retiralas porque non se poden incorporar ao fondo. Claro, cando falas de retirar as axudas aos plans xerais e incorporalas ao fondo, claro, hai concellos que xa teñen plan xeral e outros que non, e, polo tanto, créase



unha discriminación. O mesmo pasa co saneamento, coa auga. Pero, claro, hai que falar en serio destes temas.

Mire, o compromiso do Goberno autonómico cos concellos foi acompañado, por certo, polo primeiro intento serio por deslindar as competencias impropias que están a prestar Xunta e concellos e iniciar un diálogo construtivo que nos permitira chegar a unha situación equilibrada.

A resposta de socialistas e nacionalistas a este esforzo foi o boicot, a negativa ao diálogo. E, por certo, si, ese informe que lles gusta moito, que valora en 600 millóns as competencias impropias dos concellos e que ignora por completo o gasto autonómico en competencias municipais. Que se pida un maior esforzo á Xunta a min paréceme que é lexítimo. Que se faga ao mesmo tempo que se está apoiando unha proposta de financiamento autonómico que reduce sensiblemente o orzamento do que desfrutaríamos os galegos é un exercicio de puro cinismo.

En fin, non vou reiterar o que dixeron hoxe aquí sobre o Foro Económico de Galicia, pero, como parece ser que hai certas dúbidas sobre o compromiso da Xunta de Galicia, voume remitir ao informe do Observatorio Municipal Galego, asociado a Rede Localis, da que forma parte o tan nomeado hoxe señor Leiceaga; voules ler un parágrafo que creo que lles interesará.

«Un exercicio moi interesante é comparar a evolución temporal dos importes medios de transferencias correntes entre os distintos niveis da Administración que máis aportan aos concellos galegos, o autonómico e o central. A aportación autonómica nos concellos galegos é un 40 por cento superior á estatal. Ademais, conséntase como esta maior aportación está centrada naqueles municipios con menor poboación, ao representar as transferencias autonómicas un 88 por cento máis que a estatal neste grupo de concellos». —Interesará tamén seguro que ao señor Ojea—. «Atendendo á análise provincial, destaca o maior esforzo orzamentario autonómico fronte ao estatal nos concellos das provincias con menor poboación. As transferencias autonómicas son un 95 por cento maior que as estatais no caso de Ourense e un 91 por cento» —interesáralle, señora Méndez— «no caso da provincia de Lugo».

A min sorpréndeme que vostedes ignoren estas circunstancias. Como me sorprende que fale aquí de competencias impropias municipais e obvies as que teñen os concellos. Non as invento eu, están na Lei de bases do réxime local.

O municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias as seguintes materias: urbanismo. Pois o planeamento, a xestión, a protección e xestión, a disciplina urbanística; no medio urbano, o tratamento de residuos sólidos urbanos e a protección contra a contaminación, o abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación, o tratamento de augas residuais, as estruturas viarias, Policía Local, protección civil, prevención e extinción de incendios, transporte colectivo urbano e un longo longo etcétera, onde vostede sabe que a Xunta fai un importante esforzo que vostede, por razóns que a min se me escapan, está empeñada en negar.



E despois xa escoitamos algunhas cousas que, en fin, sorprenden. Mire, que a Administración local galega precisa de máis recursos e dunha mellor distribución dos esforzos é unha realidade. E eu creo que para poder mellorar a calidade dos veciños que viven neses concellos pois non teñan ningunha dúbida de que sempre atoparán os concellos un aliado na Xunta. Pero hai que recordar algunhas cousas.

Mire, cando se desplomou a recadación, a Xunta estivo aí blindando o Fondo de Cooperación Local. É que, señora Méndez, o Fondo de Cooperación Local é unha porcentaxe da recadación. E cando se desplomou a recadación a Xunta fixo unha aportación durante eses anos que vostede mencionou superior aos 60 millóns de euros, para que os concellos non pasaran dificultades; iso chámase compromiso. Cando chegaron as crises provocadas polos incendios, ¿verdade? —recordará—, ou polas inundacións, quen estivo ao lado dos concellos foi a Xunta de Galicia, non, por certo, o Goberno central. Cando xurdiron as dificultades da reforma local, foi a Xunta a que fixo unha reforma á súa vez aquí autonómica, para corrixir algúns problemas derivados dela.

Mire, a subida de custos do SAF foi suplementada cunha aportación que acordamos todos os grupos aquí, en sede parlamentaria, en sede parlamentaria, e a Xunta non só cumpriu, senón que adiantou un ano o cumprimento deses compromisos. O problema é que, ao mesmo tempo e por decisións derivadas exclusivamente da xestión estatal, se encaixou notoriamente a prestación do SAF, que, por certo, señorías, é municipal. Mire, é municipal porque está incluída nunha lei que aprobaron, por certo, durante o Goberno bipartito.

Mire, señora Insua, eu pediríalle un pouco de respecto. Que me veña dar aquí leccións sobre lexislación estatal está moi ben. Cando se aprobou a Lei de racionalización, este Parlamento aprobou unha lei de medidas urxentes derivadas da aprobación da Lei de racionalización, que polo que vexo vostede non leu, porque, se a lese e soubese como conservaron as competencias grazas a esa lei os concellos, non diría aquí as salvaxadas que acaba de dicir, amosando un descoñecemento profundísimo da lexislación que emana deste Parlamento. Se vai exercer vostede de deputado, polo menos teña un mínimo decoro de estudar os antecedentes, (*Aplausos.*) que dende logo os descoñece por completo, por completo.

Mire, de feito, naquel momento houbo unha xuntanza entre o presidente da Xunta e o presidente da Fegamp, entón tamén un socialista, e chegaron a un acordo. Leo: «O rexedor do Barco (Ourense) foi quen urxiu a reunión da Comisión Galega de Cooperación Local para traballar na redacción da nova Lei de bases do réxime local de Galicia, aínda consciente» —manifestou— «da necesidade de agardar a lei de reforma...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... estatal.» Porque ese era o compromiso: que había unha lei galega que se ía dar a coñecer e presentar unha vez modificada a lexislación estatal e con ela por certo, tamén o financiamento. Que, por certo...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



O señor PAZOS COUÑAGO: ...nese acordo, que o mencionou moitas veces hoxe a señora Pontón, tamén se dicía que reclamabamos inmediatamente un novo financiamento local. Como case todo, a vostedes esas cousas se lles esquecen e por iso vén aquí...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...en vez de resolver o problema dos concellos, sinceramente, a dicir cousas que os deberían de facer ruborizar cando menos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Peché para a autora da proposición. Ten a palabra novamente dona Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Dicía o señor Pazos: «poderíamos falar de revisar o financiamento». Di vostede que o seu partido forma parte do Goberno; é o Goberno, debería revisar o financiamento e subilo progresivamente, tal e como se acordou aquí no Parlamento, porque a progresión (*Aplausos.*) non a están levando a cabo. E falaban deses 600 millóns de euros, que —sigo insistindo— non executan na súa totalidade, —e apuntaba— incidindo naqueles concellos que máis o precisan. Pero é curioso que só o precisen os concellos do Partido Popular, eses pluses, eses incrementos e eses convenios que só levan os concellos do Partido Popular.

E citou vostede en varias ocasións, xa se citou hoxe aquí, eu invítoos a ler o último artigo do señor Leiceaga, do pasado sábado, 5 de outubro, hai tres días, que fala tamén do financiamento local e de que os concellos se teñen que sentar na mesa para poder ter tamén as mesmas condicións que o resto, e non só falar de financiamento autonómico, que nós tamén dicimos de falar.

E cando poña un exemplo, señor Pazos, como puxo o exemplo de Lugo co tema da deputación, dígaos todo; falou por exemplo do que se investiu, porque o fan vostedes en moitas ocasións, pero olvídense de dicir que, por exemplo, no caso da Deputación de Lugo foi con fondos do Goberno central de Zapatero e cun goberno da Xunta do PSdeG. Porque, claro, falar de que asumen competencias que non lles corresponden... (*Murmurios.*) Do auditorio poderíamos falar, incluso hoxe haberá momentos para falar do auditorio *ex profeso* aquí, que teríamos para poñelos colorados.

En todo caso, porque o que pretenden é que se me consuma o tempo, pero a colleita éche ben claraña. Agradecer ao BNG o seu apoio. Non temos claro que vai facer o Partido Popular. O que si que temos claro é que o compromiso cos concellos non o teñen, o compromiso co financiamento local non o teñen. Que os concellos deixen de estar mendigando e pasen a ser persoas que xestionan os recursos non o ven. E o que se pide na moción é moi claro: que a Xunta de Galicia, co acordo coa Fegamp, incremente o financiamento a través do Fondo Galego de Cooperación, iso si, con criterios obxectivos, para incrementar a autonomía financeira



das entidades locais e que non se vexan obrigados a asumir esas competencias impropias que a Xunta de Galicia non está a exercer e está a trasladar aos concellos pola porta de atrás, facendo que os concellos non poidan ter esa autonomía local que necesitan e precisan para dar-lles solución ás necesidades dos veciños e das veciñas, dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non foi aceptada. Solicitouse tamén a votación por puntos, pero non a acepta.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38; abstencións, 8. O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Neste caso, en que foron mocións con debate acumulado, comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se presentaron emendas.

(*O señor Bará Torres pide a palabra.*)

¿Perdón? Si.

O señor BARÁ TORRES: Quería aclarar que no debate explicamos que había unha proposta transaccionada que funde as propostas do BNG e do PSOE e, polo tanto, pedimos que se vote esa transacción.

O señor PRESIDENTE: A ver o letrado, como facemos esta cuestión, como o resolvemos.



¿Coñecen todos os grupos a proposta? ¿Coñécena? Se a coñecen, entón poderémolle dar o visto bo á votación. Votámolas por separado, ou, se queren, votamos xunto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Entón, votamos unha. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Vale, debate acumulado, e votamos unha transacción. Perfecto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas mocións.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non se acepta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? ¿Acéptaa ou non a acepta? ¿Está de acordo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. Pero está ben a cuestión, está ben matizado o asunto; ao final non é nada.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre o balance das políticas de normalización lingüística.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista a través de dona Lara Méndez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López, sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións e continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que retome con carácter permanente a Tarxeta Básica

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Presidente.

Deputadas, deputados.

Boas tardes a todas e a todos.

A Xunta de Galicia puxo en marcha en xullo do ano 2020 a Tarxeta Básica, para atender as persoas máis vulnerables fronte aos efectos socioeconómicos da crise sanitaria da covid-19, unha medida impulsada polos movementos sociais que loitan contra a pobreza e dirixida ás persoas e familias galegas que se atopan en situación de vulnerabilidade económica; unha medida reivindicada dende anos antes da súa implantación por parte de asociacións que loitan contra a pobreza ou a favor dos colectivos máis vulnerables; unha tarxeta para cubrir as necesidades básicas das familias con carencias severas que veu complementar outras axudas de emerxencia que teñen en marcha algúns concellos de Galicia.

Non obstante, o 30 de xuño do ano 2022 a Xunta de Galicia anunciou que cancelaba esta Tarxeta Básica, argumentando que a pandemia xa pasou, e deixaba na cuneta familias en risco de exclusión social, nun contexto socioeconómico tan ou máis complexo que o que se provocou coa pandemia da covid-19. E dicimos nun contexto tanto ou máis complexo porque as familias aínda sufrían as consecuencias da pandemia e se estaba coas consecuencias derivadas da guerra de Ucraína.

En Galicia xa era desfavorable de por si, xa que o 23,6 por cento dos galegos e das galegas no ano 2022 estaban en risco de pobreza ou exclusión social. Son datos do Informe do ano 2023 sobre o Estado da Pobreza, indicadores da Axenda Europea 2030. Pero ese informe tamén nos di que o 6,8 por cento estaban en situación de carencia material severa. Isto tradúcese en que hai máis de 636.000 galegos e galegas vivindo por baixo do umbral da pobreza.



E sen entrar a desagregar moitos datos, quero indicar que crece a brecha de xénero, que as persoas que viven en fogares con menores economicamente dependentes rexistran taxas moito máis elevadas que o resto para os principais indicadores que miden a pobreza e a vulnerabilidade. É dicir, que a taxa de pobreza de fogares con menores é superior á taxa de fogares sen menores.

Nos últimos anos a pobreza severa nas zonas rurais é superior á das zonas urbanas, pero, se profundamos no gasto, atopámonos con que os cidadáns que están nesas condicións se privan de necesidades básicas en alimentación para poder facer fronte ao pagamento da vivenda, xa que está a absorber máis do 40 por cento dos ingresos das familias. E isto afecta o 24 por cento da poboación; si, o 24 por cento da poboación, porque a política nefasta da Xunta de Galicia en materia de vivenda para as persoas vulnerables incrementou a especulación e converteuse nun auténtico aspirador de rendas no noso país. E todo isto sen entrar noutros aspectos que son prohibitivos para moita xente, como é permitirse substituír roupa estropeada por nova, participar en actividades de ocio ou permitirse a conexión a Internet. Pero, ademais, ter un fillo e vivir no rural é un factor de empobrecemento en Galicia, e ser muller, un factor de risco adicional por caer na exclusión social. E podemos dar un último dato: o 44,3 por cento da poboación ten dificultades para chegar a final de mes.

Pero se estes son os datos do ano 2022 do informe que eu citei —e que non son bos—, a Enquisa de condicións de vida do ano 2023 do Instituto Nacional de Estatística sinalábanos que as taxas de pobreza e de exclusión social se incrementaron; ademais, é a porcentaxe máis elevada da última década, de acordo coa serie que recolle o INE. Esta é a triste situación que está a vivir moita xente en Galicia. E Galicia, polo tanto, non só retrocedeu no indicador xeral, senón que empeorou en dous dos tres parámetros que integran a coñecida taxa Arope.

Todos estes datos son datos cuantitativos, pero o que poñen de manifesto é o fracaso das políticas económicas, o fracaso das políticas de fomento do emprego, o fracaso das políticas de vivenda e, en definitiva, o fracaso da política social da Xunta de Galicia, tanto de Feijóo como de Rueda. Porque despois xa de quince anos de goberno non foron capaces de diminuír as desigualdades que tiñamos, e todo o contrario, incrementaron a fenda inicialmente existente. E esta situación, xa case estrutural, de consolidación da pobreza do noso país, fixo que Galicia estea en peor situación para afrontar pequenas crises sociais ou económicas.

Pero o que aínda é máis duro é que sabemos que se non existisen transferencias do Estado a Galicia, a situación de pobreza se ampliaría a case a metade da poboación. Por isto, por mal que lle sente ao Partido Popular, por mal que lle sente á Xunta de Galicia, terán que recoñecer que o Goberno de España contribúe de forma moi decisiva a que o índice de pobreza en Galicia sexa moi inferior; e, se non nos axudase economicamente —ao Goberno de Galicia, insisto— moito peor o estarían pasando miles e miles de galegos e de galegas.

Neste contexto, os socialistas solicitamos que se debe retomar o carácter permanente da Tarxeta Básica cun obxectivo principal, que é garantir as necesidades básicas das persoas máis vulnerables que se atopan en situación de carencia material severa. Tamén algúns mo-



vementos sociais se suman a esta reivindicación, porque din que esta iniciativa non soamente ten que ser permanente, senón, sobre todo, que ten que servir para que persoas e familias que a perciben pasen canto antes a un sistema de garantía de ingresos a partir do ingreso mínimo vital e da Risga.

Se este plantexamento se vota hoxe aquí a favor e a Xunta o pon en marcha, estaríamos, como galegos e galegas, dando un paso imprescindible pola dignidade das persoas; non só pola prestación en si, senón pola privacidade das familias perceptoras e polo poder desta medida contra a estigmatización. Pero tamén, se aprobamos esta medida e a Xunta a pon en marcha, de paso estaremos tamén botando unha man aos comercios de proximidade.

Remato xa, e remato pedíndolles aos grupos que aprobemos hoxe esta medida para pór en marcha a Tarxeta Básica cun carácter permanente.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Vaia por diante que imos votar a favor, desde o Bloque Nacionalista Galego, desta iniciativa. Agora explicarei tamén algunhas matizacións para o debate. Porque, efectivamente —diciáo a señora Espinosa—, agora coa taxa Arope, coa última taxa Arope publicada, temos un cuarto da poboación galega en risco de pobreza ou exclusión social, se non está xa nesta situación.

E, dito así, ¿é moito ou é pouco? Son máis de 688.000 persoas; é máis poboación que a que vive nas dúas principais cidades do país, que iso é unha auténtica barbaridade e, no fondo, do que estamos falando son de persoas que non teñen garantidos os ingresos básicos para poder manter unhas condicións de vida dignas, como merece calquera persoa nunha democracia avanzada como é a nosa.

E o máis grave —diciámolo desde o Bloque Nacionalista Galego, non hai moito, na Comisión 5ª— é a situación na que se atopan os fogares que teñen persoas menores de idade ao seu cargo. Falamos de máis de 93.400 nenas e nenos —¡nenas e nenos!— que viven nunha situación nas súas casas onde non entran ingresos suficientes para ver cubertas as súas necesidades básicas. Unha desas necesidades, por certo, que atinxe ao 21,5 por cento dos fogares galegos, das casas deste país, é non poder manter a unha temperatura adecuada o seu domicilio.

E, neste contexto, hai que volver denunciar que o Partido Popular, o Goberno do PP na Xunta de Galiza, acaba de suprimir o complemento autonómico a ese Bono Social Térmico. Pero é que non é só que supriman o complemento autonómico a ese Bono Social Térmico, cando había 80.000 familias, ou máis de 80.000 familias que necesitaban esa axuda para poder



pagar a factura da luz, agora que nos vén o inverno, e, por exemplo, para ter a calefacción posta, é que mentres suprimían ou suprimen ese bono, ese complemento autonómico ao Bono Social Térmico, mentres suprimían esa Tarxeta Básica, que atendeu a máis de 50.000 persoas —cos datos da propia Xunta de Galiza—, o Goberno do Partido Popular dedicouse a facer agasallos fiscais á porcentaxe máis rica de galegas e de galegos. Perdooulles a eses grandes patrimonios deste país —cos datos da Axencia Tributaria na man— 23 millóns de euros, que serían fundamentais para poder seguir dispoñendo e despregando toda unha batería de axudas e de políticas dirixidas a garantir as condicións de vida máis elementais e fundamentais para unha parte da poboación; insisto, para un cuarto da poboación galega que hoxe se atopa en situación de pobreza e de exclusión social, ou en risco de padecela.

E, diante desa situación, dicía que iamos matizar algunha cuestión desde o BNG. O PP suprimiu a Tarxeta Básica que creara a propia Xunta, pero o Goberno do Estado español creou un programa, que se chama Programa de asistencia material básica, que está financiado con fondos europeos e que basicamente é o mesmo. Tardou bastante tempo en poñerse en marcha. Comezou a funcionar aínda agora en 2024, e está previsto que sexa transferida a súa xestión de maneira íntegra ás comunidades autónomas. Funciona exactamente igual, porque é unha tarxeta moedeiro que está conveniada coa Cruz Vermella e que garante que nunha serie de establecementos se poidan adquirir unha serie de materiais. Nós, dende o BNG, xa vimos reclamando desde hai moito tempo que a xestión deste tipo de prestacións, de axudas ou de programas que van directamente ligados a competencias que son exclusivas da Xunta de Galiza, ten que ser transferida aos territorios, aos gobernos autonómicos; no noso caso, á Xunta de Galiza. É a onde queremos chegar desde o BNG.

Este debate ten que darse na súa integridade sobre a necesaria reforma da Lei de inclusión social de Galiza do ano 2014. Isto é algo que o Partido Popular leva prometendo a bombo e prato desde maio de 2021, pero, unha e outra vez —unha e outra vez ata chegar a hoxe, que é outubro de 2024—, nunca se trouxo esa reforma da Lei de inclusión social de Galicia. Nós, dende o BNG, levamos desde maio de 2021 reclamando o impulso desa reforma, porque hoxe as situacións de vulnerabilidade e as situacións de pobreza ou de exclusión social non son as dos anos noventa. Hoxe hai moitísima xente que ten un posto de traballo, que cobra unha nómina ao final de mes e á que eses cartos que recibe polo traballo que fai no seu centro non lle serven, non lle chegan para cubrir as súas necesidades básicas. A pobreza mudou e as ferramentas que necesitan impulsarse desde o ámbito público para atender esa nova realidade deben ser actualizadas.

Por iso, nós unha das cuestións que levamos tanto tempo —insisto— reclamando desde o BNG é impulsar unha reforma integral desa Lei de inclusión social tantas veces prometida, e anunciada incluso. Eu xa levo un tempo aquí e en abril de 2022 o PP díxonos que ía estar a finais dese ano; en abril de 2023, dicíanos que practicamente estaba rematada e que ían mandala xa ao Parlamento; e o 19 de setembro deste ano 2024, que volvemos levar a cuestión desde o BNG á Comisión 5ª, díxosenos que estaría en tramitación pronto. Unha vai perdendo a capacidade de crelles algo, pero, entre tanto, hai milleiros de persoas, milleiros de fogares, e entre eles moitas nenas e moitos nenos neste país, que se atopan nunha situación de emerxencia e que necesitan, por parte da súa Administración, do seu Goberno, resposta para poder —insisto— ver garantida a cobertura de necesidades básicas.



¿Cal é a proposta que facemos desde o BNG? Que se cre unha figura como a da Tarxeta Básica, sexa con fondos europeos, pero xestionados polo Goberno español, sexa con fondos propios ou con todos os recursos orzamentarios que se consigan mobilizar, e que se conciba esa Tarxeta Básica como unha ponte, como un recurso de emerxencia para garantir o acceso a recursos de primeira necesidade entre tanto se tramitan outro tipo de prestacións económicas de garantía de ingresos. E ao que hai que ir fundamentalmente neste país é á xestión por parte da Xunta de Galiza do ingreso mínimo vital con carácter urxente, con carácter áxil, para poder chegar con todas as garantías á poboación que o necesita, e a unificar o que foi a Risga no seu momento e o ingreso mínimo vital nunha renda galega de inclusión social e laboral que responda ás necesidades da poboación de hoxe, que garanta rendas básicas de inclusión a aquelas persoas que necesitan ingresos para poder transitar a un posto de traballo e que contemple rendas complementarias de ingresos ao traballo ou a outras prestacións —por exemplo, hai miles de pensionistas neste país que cobran pensións por debaixo do que lles custa a vida—. E, sobre todo, deben garantirse tamén prestacións complementarias de acceso á vivenda, porque hai moitísimas persoas neste país ás que lles sobra, de verdade, mes e alquiler e lles falta salario para cubrir unha necesidade básica e un dereito social fundamental como é o dereito á vivenda.

Creemos que o debate é máis global, que debe ser integral e que debe pasar por esa reforma urxente desa Lei de inclusión de 2014.

En todo caso, nós estamos de acordo en que se debe restituír esa figura —que, insisto, hoxe xa está en vigor—, porque hai un programa estatal que está en funcionamento —non sabemos por canto tempo—, pero temos que ir moito máis alá para dar resposta a un cuarto —¡que logo se di!, a un cuarto— da poboación deste país, a máis de 680.000 persoas, que hoxe non teñen os ingresos suficientes para ter unhas condicións de vida dignas. E iso non é democrático para unha sociedade, insisto, como a nosa, que debera estar nuns estándares moi superiores.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Espinosa, quen deixa tirados os máis vulnerables é o Goberno de Sánchez cando sobe o IVE dos alimentos, cando non quere baixar o IVE do peixe e da carne, cando non quere pagar o 50 por cento que nos corresponde da Lei de dependencia, cando mantén bloqueada por máis de tres anos a Lei de familia e cando fixo o mesmo coa Lei ELA; un goberno que ten en Galicia as estradas máis caras, o peor transporte ferroviario e que boicotea a instalación de empresas, de industrias e tamén a creación de emprego. Ese é o que deixa de verdade tirados os máis vulnerables, señoría. *(Aplausos.)*



Pola contra, a forma de axudar os vulnerables é dedicando 8 de cada 10 euros dos orzamentos a políticas sociais, a emprego, a educación e a sanidade, como fai a Xunta de Galicia. E non é que o diga a Xunta de Galicia, é que a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, no seu último informe, establece que en Galicia se adica a servizos sociais o 9 por cento máis que no resto de España no seu conxunto. E nos dous últimos anos, o orzamento de inclusión social subiu o 30 por cento, sendo o máis alto da historia.

Isto permite que en Galicia se adiquen á Risga 46 millóns de euros, beneficiando a 5.000 persoas; que teñamos as axudas de inclusión social, 5 millóns de euros e 4.000 persoas beneficiadas, e o complemento autonómico ás pensións non contributivas, que beneficia a 37.000 persoas; ou os programas de formación e inserción laboral a través de entidades sociais; ou os convenios como o que se fai coa Fundación La Caixa para menores e xoves ata 18 anos; ou, desde decembro pasado, que teñamos a Estratexia de inclusión social de Galicia. Así é como se axuda os máis vulnerables.

E, señora Rodil, o que se suprimiu foi o complemento do Bono eléctrico, pero non porque suprimiramos o complemento, senón porque o Goberno de Sánchez suprimiu o Bono eléctrico. Se non hai Bono eléctrico, non lle podemos poñer o complemento. E o que si hai, e o que si mantén Galicia e hai 80.000 beneficiarios, é o Bono térmico, señora Rodil. Sábeo perfectamente.

Respecto do ingreso mínimo vital, levamos dous anos pedindo que se nos transfira, que si se lles transfira a outras comunidades e a nós non se nos quere transferir. E mentres iso non pase, non podemos facer a Lei de inclusión social, porque teñen que ir compasados. Iso é o que está pasando.

Pero as axudas aos máis vulnerables non son só as axudas de inclusión social das que estamos falando e polas que Galicia está apostando máis que nunca na súa historia; axuda aos máis vulnerables é tamén ter o calendario de vacinación máis amplo de todo o mundo; ser tamén Galicia a primeira comunidade que ten as escolas gratuítas de 0 a 3 anos e que ten gratuítas as matrículas nas universidades; a Tarxeta Benvida, con axudas especiais cando nace un neno ou unha nena, e máis importantes para aqueles que teñen maior necesidade; o Bono Concilia Familia; as casas niño...

Vostede dicía, señora Espinosa, que hai que axudar no rural. Vostedes votaron en contra das casas niño e das casas do maior, que é a maior axuda para a conciliación no medio rural, a creación de emprego no rural e para axudar á conciliación. *(Aplausos.)*

Axudas á vivenda. Mire, no marco das medidas do Pacto da vivenda en Galicia, entre o ano 2021 e o ano 2023 adicáronse 8,9 millóns de euros ao Bono Alugueiro Social, favorecendo a 2.223 familias; co Bono vítimas de violencia de xénero, 1.099 axudas e 4,7 millóns de euros; co Programa de infravivendas, 64 axudas e 12 vivendas entregadas para persoas sen fogar, cun acordo entre a Consellería de Vivenda e a de Política Social. E vanse multiplicar por dous nesta lexislatura. O Goberno de Rueda xa ten garantido que, cando di as cousas,



as fai, e duplicará nesta lexislatura o número de vivenda pública; díxoo, ademais, esta mañá o presidente, con ese importante pulo que se lle quere dar á vivenda nos orzamentos de 2025.

O peor, o que teñen que facerse mirar, é a Lei de vivenda do Estado, que, como todas as leis que está facendo este Goberno, en vez de axudar aos quen vai dirixida, o que fai é entorpecer e poñer máis trabas. Iso é o que está pasando coa súa Lei de vivenda.

E imos falar de datos de pobreza, porque mentres haxa unha persoa que o necesita, mentres haxa unha persoa en risco de exclusión social, non podemos estar satisfeitos. Pero o certo é que en Galicia a situación continúa a ser máis favorable que na media española. A taxa Arope en Galicia é un punto inferior que na media nacional. Na pobreza infantil o informe publicado pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia di que Galicia é a cuarta comunidade autónoma con menor taxa de pobreza ou exclusión na infancia, e somos a comunidade con menor pobreza visual infantil en España.

Dende o 2008 Galicia baixou case sete puntos a taxa de pobreza infantil. E na enquisa sobre a situación dos fogares no terceiro trimestre, os datos do IGE revelan unha mellor situación das familias galegas con respecto á situación anterior.

¿Isto significa que a Xunta estea contenta? Non. ¿Que estea satisfeita? Non. Por iso, as políticas sociais seguirán sendo, como dixo o presidente, un ángulo central dos orzamentos do ano 2025. (Aplausos.) O Estado nin sequera os vai ter; non os tivo no 2024 e non nos vai ter no 2025. ¡Como vai axudar as familias máis desfavorecidas!

Falaban tamén das familias monoparentais, desas familias que se a Lei de familia vai adiante, tal como vostedes piden ou din, o que vai pasar é que van quedar fóra centos de familias que agora mesmo teñen o título de familias monoparentais e que en Galicia se están beneficiando de axudas precisamente por iso.

E imos á Tarxeta Básica. Mire, señora Espinosa, vostede aquí non o dixo, pero na exposición de motivos da súa iniciativa dise literalmente: «O 6 de xullo de 2020, logo da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Cruz Vermella, iniciouse a execución dun programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionadas pola covid». É dicir, é un programa extraordinario, unha medida temporal provocada pola covid nun momento no que a xente non podía saír traballar. Cando esa situación pasou, esta medida extraordinaria, como vostede mesmo reconece na exposición de motivos da súa proposición, sácase porque non existe a causa que a provocou. Pero, por certo, as únicas dúas comunidades que a puxeron en marcha foron Andalucía e Galicia, dúas comunidades do Partido Popular. E o que vostedes tampouco din é que cando se sacou esa tarxeta, dende ese momento, o incremento para políticas de inclusión social nos orzamentos de Galicia foi do 30 por cento.

Miren, queren mentir tanto, queren embarrar tanto, que sistematicamente os galegos e as galegas lles dan as espaldas, e, como sigan así, seguiranllas dando.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas de novo, señor presidente.

Bueno, agradecemos ao BNG o apoio a esta iniciativa. E, señora Rodil, efectivamente, se abrisemos o debate sobre a Lei de inclusión, daría para moito; preferimos centralo nesta iniciativa, pero incluso vou ir despois xa un pouquiño máis atrás e seguramente me vai entender perfectamente.

Mire, señora Arias, se todas esas políticas que vostede citou aquí que pon en marcha a Xunta de Galicia son tan maravillosas e teñen efectos tan positivos, como vostede trasladou aquí, ¿pódeme explicar por que retrocedemos en todos os índices?, porque non cuestionará para nada os índices Arope. Polo tanto, a medición das súas políticas é menos cero, porque cero nos mantería igual.

E non quero falar moito de Pedro Sánchez nin do Goberno de España, pero si... (*Murmurios.*) Non, non, pero si que lle vou dicir algo. Mire, quen puxo en marcha políticas para axudar a xente cando tivemos as consecuencias da covid foi o Goberno de España, quen puxo en marcha políticas cando tivemos as consecuencias da guerra de Ucraína foi o Goberno de España. Por certo, a Xunta de Galicia despois xa copiou algunha, como é pagar parte do transporte, pero non paga a contía que paga o Goberno de España, nin as cantidades que paga o Goberno de España. Copian e copian mal, e quedan escasos cando copian.

Pero imos ao que nos trae hoxe aquí. Señora Arias, eu non neguei, falei na miña intervención, efectivamente, de que era unha medida e falei de cando se puxo en marcha. Pero é que os datos que eu trouxen hoxe aquí xustifican a permanencia desa tarxeta. Naqueles momentos era excepcional, pero hoxe séguese xustificando.

Señora Arias, voulle dicir unha cousa: o Partido Popular ten unha tendencia clara a non crer na execución real dos dereitos sociais, e, pola contra, desenvolve unha querenza desaforada por practicar o que sempre se coñeceu como a «*caridad de los necesitados*». Desde o Partido Socialista non estamos dese lado.

Antes a señora Rodil —e por iso dicía que ía ir un pouquiño máis atrás— falaba da Lei de inclusión, pero eu voulle dar un exemplo máis claro, porque non foron capaces de pór en marcha o Plan estratéxico de servizos sociais aprobado polo Goberno bipartito. Nunca se levou á práctica e, como é lóxico, isto lévanos a que sexamos unha das comunidades autónomas peor valoradas polo Observatorio Estatal da Dependencia.

O señor Rueda, na súa sesión de control do Parlamento galego en xuño do 2022, dixo que a medida de pór en marcha a Tarxeta Básica se atopaba, efectivamente —e dígolle exacta-



mente cando o dixó—, nun momento excepcional, pero que o escenario cambiara. E eu dígolle que si; díxenllo antes, pero quero volverllo repetir: estamos de acordo, o escenario mudou, pero, desgraciadamente, mudou a peor. E é máis, o día anterior a que o Goberno da Xunta de Galicia suprimira a Tarxeta Básica ese Goberno tan malo de Pedro Sánchez do que vostede fala anunciaba o imposto ás compañías eléctricas e á banca e a gratuidade do transporte público, como dixeran antes e agora llo contextualicei.

Pero, ademais, vostedes son incapaces de facer a execución total dos orzamentos que aproban nesta Cámara. Polo tanto, esas medidas das que vostede fala tampouco resolven a situación, porque non chegan nin a pólas en marcha, e, como consecuencia, estamos falando xa dunha situación estrutural en Galicia.

E como fala dos fondos de Pedro Sánchez, tamén lle pregunto eu: ¿por que agocharon os cartos dos orzamentos de Galicia cando recibiron o Plan de choque da dependencia? ¿Por que os meteron na hucha e non nos aportaron á dependencia? Esa é a realidade, e esa é a realidade que vostede hoxe aquí non quere recoñecer.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ESPINOSA MANGANA: Remato, presidente, dicindo que dende os socialistas cremos que debemos traballar por erradicar a pobreza e a vulnerabilidade social e pór en marcha este instrumento eficaz para devolverlles a dignidade e a paz social a moitos galegos e a moitas galegas. O PP saberá de que lado está.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto quinto da orde do día.

Hai unha alteración da orde do día, neste caso unha interpelación.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Vaime permitir que, antes de empezar a interpelación, me dirixa ao voceiro do Partido Popular, o señor Pazos, que esta mañá —para sorpresa de ninguén— fixo aquí un exercicio



incualificábel: pretender arrastrar pola lama o nome dunha persoa intachábel, como é Pepe Díaz, dicindo que non ten estudos de economía acreditados. O señor Pepe Díaz é licenciado en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela, con excelentes notas, con excelentes cualificacións; unha mente brillante. Farían ben no Partido Popular en ler os seus escritos e os seus libros, onde demostra que esa teoría da dependencia que vostedes pretenden inocular ano tras ano no pobo galego non é tal, senón que vivimos do noso traballo e non de ningunha caridade de Madrid. (*Aplausos.*) ¡Hai que ter moi pouca vergonza!, ¡moi pouca vergonza! (*Aplausos.*) E agardo que vostede sexa quen de rectificar e restituír o nome, neste Parlamento, do que foi deputado e magnífico presidente da Comisión 3ª, de Economía. (*Aplausos.*) Hai que ter... Bueno, en fin, en fin, en fin...

Bueno, señor conselleiro, espero que na súa intervención me explique por que esta alteración da orde do día, porque nin o presidente do Parlamento nin o Partido Popular me soubo explicar por que vostede non pode vir mañá. Se hai unha cuestión de forza maior, todo o mundo o entende, mais o costume é que o Partido Popular deixe as súas iniciativas para que sexan as primeiras despois da sesión de control ao presidente da Xunta —unha práctica moi democrática, como todos e todas sabemos—. E traer un tema como a saúde mental á última hora da tarde pois parece o máis recomendable.

Bueno, eu, en todo caso, o que teño que dicirle é que os quince anos e medio de goberno do Partido Popular deixan a posición da atención á saúde mental nunha situación máis que preocupante. Os indicadores evolucionaron todos negativamente: o incremento da incidencia dos trastornos psíquicos, da taxa de suicidios, do aumento do consumo de psicofármacos...; todo iso foi en aumento ano tras ano. E, pola contra, os recursos asistenciais específicos seguen estando baixo mínimos. Houbo que agardar ata o ano 2017 para que o Partido Popular presentase neste Parlamento un plan de atención á saúde mental —ata o 2017, e volveron ao Goberno no ano 2009—, e no día de hoxe non sabemos cal é a avaliación dese plan, nin sabemos cales foron os resultados. O que si sabemos é que en Galiza no último ano computado quitáronse a vida 304 galegos e galegas, ese é o dato; é dicir, que ese plan non serviu para baixar o nivel de taxas de suicidio, que é un auténtico drama. Houbo que agardar ata o ano 2020 para que o Partido Popular presentase un Plan galego de saúde mental 2020-2024. Non sei cantos millóns de euros, non sei que cousas... Teño que dicirle —porque vostede é novo aquí, pero supoño que o sabe— que, aínda cumprindo todas as previsións do plan, non estaría nin na metade do que establecía o Goberno de Fraga no ano 1997 que era preciso para atender as necesidades a aquela altura —hai vinte e sete anos— en saúde mental. ¡Mira que desde aquela non choveu!: a crise de 2008, a pandemia e agora outra nova crise. E, no caso de que eses 200 profesionais estean todos facendo o que din vostedes que están facendo, non estarían nin sequera na metade do que era necesario hai vinte e sete anos. Esas son as políticas sanitarias do Partido Popular.

E, ao mesmo tempo, foron fechando hospitais psiquiátricos, onde os dereitos das persoas enfermas eran vulnerados, evidentemente, pero non crearon ningún sistema alternativo. O que si fixeron foi ingresar persoas con problemas mentais nas residencias para persoas maiores, sen persoal especializado en atención en saúde mental. Isto é un problema para elas, porque non están recibindo a atención precisa, e é un problema para as persoas maiores que están ingresadas nesas residencias. Isto é para entrar na primeira análise do balance.



A radiografía da situación en Galiza é a seguinte: houbo un momento moi importante da prevalencia dos problemas de saúde mental. Todos os estudos din que é exponencial. Os propios informes do Sergas din que 1 de cada 5 galegos mostrou algún problema de saúde mental ao longo da súa vida; isto hai uns anos, agora probablemente xa sexan 1 de cada 4 ou incluso 1 de cada 3. Tamén un aumento exponencial entre as crianzas e os adolescentes. Máis do 40 por cento din que teñen un problema de saúde mental; pero unha parte importantísima non pide axuda e a situación é dun aumento tamén dos intentos de suicidio en crianzas e en adolescentes e dunha prevalencia de moitos problemas de saúde mental. Hai listas de espera e dificultades para acceder aos servizos de saúde mental. A magnitude dos problemas, dende logo, é diametralmente inversa aos recursos que hai neste momento, con aumento dos casos de depresión, de ansiedade, de comportamentos de trastorno mental graves, de condutas alimentarias, de tentativas de suicidio; e só 1 de cada 3 persoas con trastorno mental —¡só 1 de cada 3!, dicíao antes— acode aos sistemas sanitarios. As persoas tardan en acudir e, cando chegan, encóntranse co sistema saturado; está saturada a atención primaria, co cal, ese acceso por atención primaria é tarde e sen resposta, e co colapso nos servizos de atención hospitalaria.

Os servizos de atención psiquiátrica son dos que teñen máis lista de espera de todo o sistema do Sergas. As últimas listas publicadas por vostedes, a 31 de decembro —sabe que tiñan que telas publicadas en xuño, pero ¡que máis dá!, as leis son para aplicarllas a quen consideren vostedes, pero non a si mesmos—, eran 10.431 persoas en listas de espera para a primeira consulta. Mais as realidades son que, por exemplo, na Área Sanitaria de Vigo, na unidade de saúde mental máis grande, que é a de Taboada Leal, están dando citas para a primeira consulta a catorce meses e, para as sucesivas, para oito e nove —atrévase a desmentilo e a ir dicírllelo aos profesionais— . ¡Catorce meses para as primeiras citas nalgúns casos e oito e nove de media para as sucesivas!

Atención infantoxuvenil. Dixo aquí solemnemente o presidente da Xunta hoxe pola mañá que había unidades infantoxuvenís en todas as áreas. Non é certo, en Pontevedra non a hai, están á espera de que se acaben as obras; e en Ourense non a hai, están en obras. Hai un persoal que está facendo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero non a hai, non está funcionando. Non me vale con que estean no papel. No papel non lle solucionan os problemas á xente. *(Aplausos.)* ¡Non lle solucionan os problemas á xente! *(Aplausos.)* Igual que non hai persoal docente para atender esas unidades infantoxuvenís; non hai persoal docente para garantir que eses nenos, esas crianzas e eses adolescentes teñan unha continuidade académica, senón que nalgúns casos teñen que tirar dos profesionais que están nas unidades de pediatría, pero son totalmente insuficientes. Polo tanto, son nenos e nenas con problemas de saúde mental e, por encima, están perdendo escolarización. Tampouco hai profesores, señor conselleiro. Non hai médicos, non hai psiquiatras... ¿Tampouco hai profesores? —pregunto—. Ao igual que en Ourense, que a unidade de Xeriatria segue tamén sen estar constituída e hai raquíuticos recursos asistenciais para adultos ingresados en residencias de maiores.

Eu supoño que vostede é consciente de que un problema de saúde mental, atendido en tempo e forma e cos recursos precisos, axuda a solucionar problemas. Cando non é así, o único que fai é enquistalos, cronificalos e deixar a xente tirada, con consecuencias letais e para moitos



irreversibles: déficits crónicos nos cadros de persoal... Estamos á cola en todos os profesionais relacionados coa saúde mental. Persoal de enfermería de saúde mental, hai 1-2 por cada 100.000; psicólogos, por 100.000 habitantes, na Unión Europea hai 18 de media; en Suecia e Dinamarca, 50; no Estado español, 6; e en Galiza, 5 —ou sexa, estamos á cola—. E en psiquiatras, o mesmo: en Galiza, 8,6; no Estado, 9,27; en Alemaña, 28; en Portugal, 14; no Reino Unido e Irlanda, 19; en Austria e Suecia, 22; en Francia, 23; en Noruega, 26... Nin de lonxe nos aproximamos ás medias e ás *ratios* de profesionais necesarios; pero non para cumprir unha estatística, senón necesarios para atender as necesidades de saúde da poboación galega, cada vez en aumento. Entón, non estamos nin de lonxe, despois dese magnífico Plan de saúde mental, que xa dixemos que era raquíptico e insuficiente e que non ía responder a esas necesidades.

Hai un aumento exponencial da prescrición de psicofármacos. Seguimos á cabeza do Estado, só por detrás de Asturias. E o que é máis grave é que, dentro desa prescrición, hai un sobrediagnóstico de enfermidades mentais nas mulleres. Hai un estudo realizado para as comunidades autónomas por un grupo de investigación do Departamento de Socioloxía da Universidade do País Vasco que conclúe que as mulleres están moito máis medicadas, con psicofármacos, que os homes; e, no caso de Galiza, di que o 50 por cento máis; que reciben o 50 por cento máis de psicofármacos que os homes. Unha muller entra con malestar, con molestias, con cansazo e sae con ansiolíticos; un home entra con eses síntomas e sae con volantes para facer probas diagnósticas e para ver de onde lle veñen. (*Aplausos.*) ¡Esa é a constante! Si, señor conselleiro, esa é constante que levamos denunciando aquí e que denuncian os informes que se están realizando. (*Aplausos.*) Vostede sabe que é así. (*Aplausos.*)

É, como lle dicía, preocupante o número de mortes por suicidio. Non conseguimos baixar de estar á cabeza; é un auténtico drama: 304 persoas no ano 2022. Temos un 12,28 por 100.000 habitantes fronte aos 7,74 do Estado español. Polo tanto, estamos, moi lonxe, señor conselleiro, de acadar uns obxectivos mínimos de protección da saúde mental. Por moitos anuncios que leven facendo, dende logo, eses anuncios non están resolvendo os problemas. E os datos son estes. Podería darlle moitísimos máis, pero son estes que lle acabo de dicir; como que, por exemplo, levan non sei cantos anos sen aumentar as prazas MIR —o PIR, en caso de Psicología Clínica— necesarias para que haxa, polo menos, un acompañamento e que se chegue á media do Estado —xa non dicimos á media de países da Unión Europea—. No ano 2021, vostedes só ofertaron 9 prazas de Psiquiatría, 6 de Psicología e 12 de Enfermería; e, no último ano, só 17 de Psiquiatría, 14 de Psicología e 20 de Enfermería. Podería darlle toda a relación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e, na maioría dos casos, hai máis prazas acreditadas que vostedes non ofertan —están aí os datos, señor conselleiro, non mo desminta—. Iso, ¿que significa? Que vostedes non planifican, que nin sequera teñen en conta cantos profesionais farían falta no inmediato —a curto, medio e longo prazo— para atender as necesidades de poboación e para atender o altísimo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRADO CORES: ...número de profesionais que se están xubilando, ao igual que no resto do Sergas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e que se van xubilar nos seguintes anos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Agardo que vostede me dea algunha explicación a esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Boa noite, señorías.

Señora Prado, quero manifestarlle a miña desculpa polo trastorno que lle causa o cambio de fecha e de hora; é por un problema persoal, e déixoo aí.

Grazas tamén por convidarme a falar das medidas que tomou a Consellería de Sanidade no eido da saúde mental. Ofréceme vostede a oportunidade de facer un repaso exhaustivo polo traballo que vén facendo o Goberno galego nunha materia que considera prioritaria, e tamén me ofrece vostede a posibilidade de poñer de relevo todas as medidas que se implementaron nos últimos anos, coincidindo coa celebración, o vindeiro día 10 de outubro, do Día Mundial da Saúde Mental.

En primeiro lugar, señoría, permítame botar a vista a atrás e observar todos os obxectivos xa cumpridos nos últimos catro anos grazas ao Plan de saúde mental 2020-2024, que aínda continúa vixente. Ao longo da miña intervención irei concretando, pero permítame que xa lle avance que os datos desmontan completamente a visión catastrófica —coma sempre— que vostedes se empeñan en debuxar da sanidade galega, e, neste caso concreto, da saúde mental. E, en segundo lugar, esta intervención dános a oportunidade de falar de futuro e das medidas que estamos a impulsar nos vindeiros anos no eido da saúde mental e que se enmarcarán nun novo plan de saúde mental para os vindeiros catro anos, que esta mesma mañá xa avanzaba o presidente da Xunta na súa comparecencia nesta Cámara.

Falaremos de futuro porque entendemos a importancia de outorgarlle ferramentas, sobre todo á xente moza; unha mocidade que, se ben é un dos colectivos máis vulnerables, tamén forma o colectivo con máis capacidade para cambiar o paradigma da saúde mental.



Quero remarcar o gran compromiso que temos na Consellería de Sanidade coa atención á saúde mental. Tan relevante é o noso compromiso que esta lexislatura quixemos deixar ben clara a aposta política do Goberno galego pola saúde mental, e por iso creamos unha subdirección xeral específica para reforzar as políticas da Xunta neste eido.

Señorías, coido que deberían coñecer vostedes sobradamente o Plan de saúde mental de Galicia poscovid 2020-2024 por todas as veces que se falou del nesta Cámara, pero, a xulgar polas súas palabras e as súas afirmacións, semellan ignoralo ou, cando menos, tratan inutilmente de menosprezalo.

O Plan de saúde mental 2020-2024 converteu a Galicia en pioneira en definir unha folla de ruta tan ambiciosa na saúde mental. É un plan cunha dotación orzamentaria de 83 millóns de euros para os catro anos, e isto supuxo incrementar os orzamentos en 17 millóns cada ano con respecto ao que xa se gasta en saúde mental de maneira ordinaria.

Polo tanto, señorías, lonxe do que vostedes din, non se trata dun plan baleiro, é un plan con investimentos, con medidas, con obxectivos e, ante todo, un plan que ofrece resultados.

Para a contratación de persoal o plan ten asignados 36 millóns de euros, que nos permitiron crear 244 prazas de profesionais de saúde mental. Teño que dicirle que no día de hoxe o 92 por cento desas prazas creadas están cubertas e o resto están vacantes pola falta de profesionais dispoñibles. Concretamente, creáronse 47 prazas de psicoloxía clínica, cunha cobertura do cen por cento, e 60 prazas de psiquiatría, das cales tan só unha non se logrou cubrir polo momento.

Apostamos pola contratación de profesionais, si, señora Prado. Por iso, non é de recibo que vostedes digan o que din, nin tampouco que empreguen o ton que empregan para falar de saúde mental, sabendo o pouco que vostedes fixeron no Bipartito e tendo en conta que este Goberno galego é o que máis investiu en saúde mental.

Mire, a media diaria de profesionais da saúde mental no ano 2009 era de 285. Agora, neste ano, a cifra é case o dobre, 557; incluíndo psiquiatras, psicólogos clínicos e enfermeiros especialistas.

A creación desas prazas supuxo a creación das novas unidades de saúde mental en Tui, Ordes, Oleiros e Ponteareas. Puxéronse en marcha sete unidades de prevención intensiva do suicidio, unha por área sanitaria. As unidades contan con persoal de psicoloxía, psiquiatría e enfermería, e establecen un prazo máximo de 72 horas para a atención en caso de valorarse de risco elevado.

Cumpríuse o compromiso de impulsar hospitais de día de saúde mental infantoxuvenil nas sete áreas sanitarias. E xa está tamén funcionando a Unidade de Hospitalización Psiquiátrica InfantoXuvenil do Hospital público Álvaro Cunqueiro, que cumprimenta ao de Conxo, para os pacientes do sur de Galicia. Trátase dunha unidade que supuxo un investimento de 1,3 millóns de euros e comezou a funcionar a finais do ano pasado con 12 camas.



Hai apenas dúas semanas tiven a oportunidade de visitar a nova Unidade de Psicoxeriatría no Centro de Saúde do Ventorrillo, que acaba de botar a andar e presta atención a persoas maiores de 65 anos con trastornos mentais. Tamén o pasado 23 de setembro entrou en funcionamento a nova unidade de atención a primeiros episodios de psicose no Hospital Abente y Lago, da Coruña.

Se falamos de *ratios*, tamén logramos un forte avance. Pasamos de 3,4 a 5,2 psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes. Isto supuxo aumentar un 50 por cento o cociente de profesionais de psicoloxía en tan só catro anos. E tamén se incrementou o cociente de psiquiatras, ata os 8,6 por cada 100.000 habitantes.

Este esforzo na contratación que estamos a facer dende a Xunta explícase porque incrementamos a oferta de formación sanitaria especializada nos últimos anos ata acadar o 100 por cento de todas as prazas acreditadas. Para ser máis exactos, comparado coa época do Bipartito, dobramos os psicólogos clínicos formados e multiplicamos por dez as prazas para a formación de enfermeiros de saúde mental. E pasamos das 22 prazas formativas ofertadas polo Goberno do Bipartito ás 56 prazas ofertadas polo Goberno do presidente Rueda.

En todo caso, señoría, precisamos que o Ministerio de Sanidade nos acredite máis prazas para formar máis profesionais de saúde mental. Se a vostedes lles preocupa a saúde mental tanto como din, deberían empezar por pedirlle isto ao Goberno de Pedro Sánchez, a quen vostedes sustentan.

Mire, desde a Consellería de Sanidade ofertáronse 175 prazas de difícil cobertura para a saúde mental. Estas son unhas prazas que, se fose polo seu voto ou polo voto do PSOE, non existirían. Vostedes opuxéronse ata en dúas ocasións a que se puidesen cubrir prazas de saúde mental, pero agora non teñen reparos en vir aquí reprochar a escaseza de psiquiatras en certas vilas. Esquecen que vostedes dixeron non ás leis de medidas extraordinarias para prazas de difícil cobertura, que permitiron convocar estas ofertas públicas de emprego. ¿Por que non lles explican isto aos galegos? ¿Por que non explican vostedes que dixeron que non a unhas medidas da Xunta que contribuirían a ofrecer unha mellor atención sanitaria aos galegos?

Falando do tema en concreto do suicidio, sorpréndeme que pregunte vostede se temos algún estudo sobre o suicidio en Galicia. Por suposto que si. Na Consellería de Sanidade traballamos con rigor e con datos, non con polemización e alarmismo, que é o que lles gusta — polo que parece — a vostedes.

E, precisamente, baseándonos nos estudos realizados e avaliando a situación da comunidade no ano 2017, deseñouse un plan de prevención de suicidio en Galicia. Este foi o primeiro plan autonómico en España destas características, con sete liñas estratéxicas e 37 medidas.

Polo tanto, señorías, gústelles ou non, somos pioneiros en impulsar medidas para tratar de atallar estas situacións, que son un drama para as persoas que as padecen e para as súas familias.

No marco deste plan estanse desenvolvendo actuacións en todos os niveis. Aí está o programa YAM, co que o Goberno galego, en colaboración coa Consellería de Sanidade, traba-



llamos na promoción da saúde mental e na prevención do suicidio na mocidade galega. Este é un programa de prevención do suicidio dirixido ao alumnado de 3º de educación secundaria e ten por obxectivo reducir as condutas suicidas e ampliar os recursos do Plan de prevención do suicidio de Galicia.

Mire, este plan de prevención foi deseñado no 2017; é dicir, hai sete anos. Resulta un tanto sorprendente que agora, en 2024, sete anos despois, o Ministerio de Sanidade faga anuncios cada certo tempo anunciando un novidoso plan de prevención do suicidio a nivel estatal. Así que, mentres a ministra de Sanidade insiste en que a saúde mental se arranxa só intervindo os prezos da vivenda, nós abordamos esta complexa realidade en toda a súa dimensión.

Polo tanto, os sermóns en saúde mental afórrenos vostedes se queren parar unha ministra e un executivo central que leva anos obviando un problema que o Goberno galego está a abordar como prioritario.

Polo momento, máis nada e moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Mire unha cousa, señor conselleiro, eu non sei se a vostede xa llo dixeron, pero eu xa lle dixen noutra ocasión que vostede non é un comentarista da Radio Galega que pasaba por aquí. Vostede é o conselleiro e ten competencias; ten competencias en sanidade, a maioría transferidas. E o que ten que facer vostede é dar solucións aos problemas.

E por moito que lle moleste que o BNG veña aquí falar de algo tan dramático e que afecta tantas persoas, tantos galegos e galegas, como é o tema da saúde mental, imos seguir facéndoo. Eu alégrome de que vostede veña aquí tan contento ás interpelacións do BNG porque lle dan a oportunidade de falar da saúde mental. Pois sería bo que vostede viñese por vontade propia, que é o que ten que facer, que explicase que está facendo *(Aplausos.)* e que non agardase a que teñamos que chamalo, que vostede non vén aquí salvo arrastrado. Só vén aquí arrastrado. Entón, se ten tanta preocupación, ¿que problema ten en contrastar as medidas que está poñendo en marcha co BNG, para que saibamos que é o que está poñendo en marcha?

E, mire, fan falta medidas, medios, persoal para que a saúde mental deixe de ser esa grande esquecida, porque é a grande esquecida do Partido Popular nestes quince anos e seis meses. E un diagnóstico certo — xa llo dixen antes — rápido e temperán é importante para solucionar os problemas e non deixar que estes podrezan.

Entón, mire, ter asistencia sanitaria diante dun problema de saúde mental está convertido en Galiza nun luxo ao alcance duns poucos, soamente ao alcance duns poucos. As listas de espera, a precariedade na atención e os prezos na sanidade privada... Necesítanse de 60 a 70 euros a sesión para unha boa atención, e necesítase unha sesión semanal. Estamos falando de 240-300 euros mensuais. Iso significa que soamente uns privilexiados poden ter



acceso en tempo e forma á saúde mental en Galiza. Ese é o balance das políticas sanitarias do Partido Popular en saúde mental.

Hai 10.431 persoas en lista de espera para unha primeira consulta cun psiquiatra, nalgúns casos esperando máis dun ano, e para as sucesivas, oito e nove meses en moitos casos. E 340 persoas sacáronse a vida en Galiza no último ano analizado. Estamos á cabeza no Estado no consumo de psicofármacos; á cabeza, especialmente as mulleres, e estamos á cola do Estado en número de profesionais especialistas en saúde mental. Este é o resultado das políticas sanitarias do Partido Popular.

E vostede dicía aquí que están elaborando un plan. Pois gustaríame que me explicase a min e ás persoas que nos están vendo con quen o están elaborando, porque no Colexio de Psicólogos non saben nada e a inmensa maioría dos profesionais que no Sergas se dedican á saúde mental non sabe nada, non os están consultando. Entón, gustaríanos saber con quen o están elaborando e se van encargarllo a unha empresa que faga un plan que poida valer para Murcia e para outro lado e pagarllo e presentalo como o Plan de saúde mental de Galiza.

Teño que dicirlle, señor conselleiro —vostede estaba aquí, pero igual estaba dedicado a outras cousas—, que o Bipartito deixou aprobado un plan de saúde mental; plan que vostedes —o Partido Popular—, cando chegaron, meteron nunha gabeta e non o volveron quitar, ¡non o volveron quitar! (*Aplausos.*) Entón, vostede, que acaba de chegar, que siga facendo referencia a algo que pasou hai xa case dezaseis anos di bastante pouco en favor seu; ¡di bastante pouco en favor seu! Dedíquese a traballar e a explicar o que fai. Coller os apuntes resesos dos seus antecesores e volver repetilos aquí, pois ben, se lle dá autocompracencia, adiante, eu estou por que todo o mundo desfrute da vida e a verdade é que eu non lle vou quitar ese pracer. Se a vostede lle dá satisfacción vir aquí falar do Bipartito, en vez de falar do que ten que facer, pois ben, fantástico; así, toma menos ansiolíticos e xa os deixa todos para as mulleres; xa llelos dan todas ás mulleres. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡É que é así, señor conselleiro! ¡É así! Entón, gustaríame saber con que plan de traballo e a quen están consultando, porque a miña información é que aos profesionais que operan neste país non llelo están consultando.

Polo tanto, eu o que lle quero dicir é que a escusa de que non teñen profesionais é cansina. Claro, eu díxenlle antes que vostedes levan case dezaseis anos, primeiro, non convocando prazas de profesionais especialistas en saúde mental; e logo, cando as foron convocando, cando foron ofertándoas na información MIR e PIR, foron moi por debaixo das que estaban acreditadas. E hoxe ¿cal é a valoración?, ¿cal é a análise dese plan de saúde mental do ano 2020-2024 ou do Plan do suicidio? Pedímolo aquí neste Parlamento moitas veces. ¿E sabe que fixo o grupo que sustenta vostede como insigne conselleiro? Votar en contra de que faciliten esa información; votar en contra de que nos faciliten cal é a avaliación deses plans. ¿Como queren que o coñezamos? ¿Por que teñen medo a presentar unha avaliación dun plan de atención ao suicidio? Chámanme a min alarmista. Dean os datos. A alarma son as persoas que teñen a familiares nesa situación e que o botan ao lombo porque non teñen continuidade na asistencia. Esa é a alarma, ese é o drama de moitas familias. ¡Ese é o drama de moitas familias, señor conselleiro! (*Aplausos.*)



Polo tanto, eu o que lle pido é que faga algo máis que botar balóns fóra, que presente os informes aquí desa avaliación, deses dous plans 2020-2024 —a punto de concluír—, que informe de con quen estaba elaborando ese plan de saúde mental e futuro e que cree nos centros de saúde prazas de psicoloxía clínica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e doutras especialidades, como son terapeutas ocupacionais, logopedas e traballadores sociais para que de verdade a atención primaria poida atender toda esa demanda, xa que unha de cada tres persoas que vai á atención primaria ten que ir por problemas coa saúde mental. E vostedes anunciárono; vostede anunciouno, o conselleiro anunciouno. Anunciouno no debate de investidura, e, ¿cal é a realidade? Que vostedes para o ano que vén soamente ofertaron unhas pírricas prazas de formación, igual que nos últimos anos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ¿Con que profesionais?, ¿cando?, ¿de que forma? ¿Con que orzamento van incorporar eses psicólogos clínicos en atención primaria, tan necesitados, señor conselleiro? Dea algunha cifra e algunha información que permita saber que están facendo para solucionar o dramático problema.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Prado, o Plan de saúde mental, loxicamente, faino a Subdirección de Saúde Mental, dependente da Dirección de Asistencia Sanitaria. Segundo, os plans avalíanse cando finalizan, e o Plan 2020-2024 non finalizou aínda. Iso, de entrada. (*Aplausos.*)

Señora Prado, por moito que vostede trate de enredar e extorsionar, os programas, as medidas, os feitos e os investimentos están aí, e iso non pode vostede cambialo. Repítolle, o Goberno galego está firmemente comprometido coa saúde mental. Temos feito moito traballo e seguiremos traballando con intensidade na promoción da saúde mental na infancia e na prevención do suicidio na mocidade galega, e, por suposto, seguiremos colaborando cos distintos colectivos e asociacións para unha abordaxe integral no coidado da saúde mental.



Na miña propia intervención falei de accións postas en marcha e de obxectivos cumpridos no eido da saúde mental. Permítame agora —que é o que queren— que avance algunhas liñas de acción coas que trataremos de mellorar a saúde mental dos galegos.

En primeiro lugar, elaboraremos —como xa dixen— un novo plan de saúde mental para os vindeiros catro anos, que nos permitirá afrontar con máis garantías os retos pendentes. Para iso, o primeiro que debemos facer é avaliar o plan aínda vixente, o que nos permitirá elaborar un novo plan máis ambicioso e adaptado ás necesidades actuais. Así, no futuro Plan de saúde mental incorporaremos psicólogos clínicos nos centros de saúde. O plan incluírá, polo tanto, a formación dunha rede de asistencia psicolóxica en atención primaria, que dependerá dos servizos de psiquiatría das áreas sanitarias e que estará coordinada por profesionais da psicoloxía clínica.

Outra medida na que traballamos é no aumento da idade de atención en psiquiatría infantojuvenil ata os 18 anos, e na creación dun programa de transición á idade adulta, contemplando as particularidades de todos os nenos, especialmente daqueles con trastornos do espectro autista. Neste colectivo específico, estamos valorando incrementar a idade ata, cando menos, os 21 anos. Isto farémolo no marco da recente creación da especialidade infantojuvenil, pola cal apostamos en Galicia, en liña co aumento dos hospitais de día e coa nova unidade de hospitalización do Álvaro Cunqueiro. A transición da especialidade infantojuvenil á de adultos pode supoñer un gran cambio para a mocidade, e dunha maneira máis global esperamos que lle resulte máis levadeiro.

Tamén crearemos axudas específicas para atender persoas con trastornos alimenticios, consignaremos máis axudas para as asociacións colaboradoras e poñeremos en marcha un plan para acabar co estigma social que rodea o suicidio e a enfermidade mental.

Insisto, señoría, en que no eido da saúde mental da mocidade temos traballado moito, e levamos traballando moito, porque somos conscientes de que é importantísimo traballar na saúde mental desde a xuventude e desde a infancia. Nese sentido, como xa indiquei, puxemos en marcha o Programa YAM para a formación en saúde mental dentro do ámbito escolar. Este programa parte dunha análise científica comprobada para a prevención do suicidio na mocidade. É un programa que conta con 2 millóns de euros de financiamento a través do Fondo Social Europeo, dedicados á contratación dos psicólogos e formadores, que comezaron o pasado curso a impartir programas nos centros escolares.

Tamén, en colaboración coa Consellería de Educación, temos en marcha o código Agarimo, un protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida. Con isto implementamos unha vía rápida para a atención de menores en risco antes de sete días. Trallamos, ademais, no eido das drogodependencias, poñendo todo da nosa parte para integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades de atención ás drogodependencias, agora municipais.

Señorías, o certo é que me gustaría traballar con máis axilidade neste aspecto, pero no día de hoxe seguimos pendentes de que a Fegamp cumpra coa folla de ruta pactada e designe os seus representantes nas mesas de traballo acordadas para a súa integración.



Vou rematando, pero non sen antes facer fincapé na importancia non só do tratamento, senón tamén da regularización psicosocial e laboral, que é crucial para evitar recaídas e mellorar a calidade de vida dos pacientes. Nesta liña, nos últimos anos financiáronse 65 novas prazas en centros de rehabilitación psicosocial e laboral, así como programas de intervención comunitaria de persoas con trastorno mental severo ou en risco de suicidio, e nos vindeiros redobraremos esforzos neste eido.

Como lle expuxen, non é tan só que cumpramos co que prometemos no pasado, senón que seguimos mirando ao futuro con ambición, buscando novos horizontes nos cales mellorar a atención á saúde mental en Galicia e facendo unha clara aposta pola saúde mental entre os máis novos.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)

¿Si, señor Pazos? ¿Para que quere a palabra?

O señor PAZOS COUÑAGO: Creo que por directísimas alusións, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, ten un turno.

Déanlle voz.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Eu creo que esta mesma mañá manifestei de maneira bastante clara o meu respecto pola traxectoria profesional, sindical e política do señor Díaz, porque nin eu nin ningún membro deste grupo parlamentario cualifica a ningunha persoa en función dos seus estudos ou do seu traballo. Non somos nós, non somos nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PAZOS COUÑAGO: Non recordo eu de cualificar a ninguén de «psicópata» ou de formar parte «dunha panda de psicópatas» nesta casa. ¡É que algúns teñen a pel moi fina! En calquera caso, si cuestionei a súa cualificación como experto na materia que abordamos, a de financiamento, e reitero que non é ningunha referencia no ámbito académico, e máis en comparación cos outros dez comparecentes que pasaron pola comisión pertinente.

Dende logo, polo de agora, como comprenderá, darei máis valor ás reseñas biográficas publicadas polo propio autor, que obvian calquera formación económica e que fan referencia ao seu traballo como economista no estaleiro de Astano, que ao que vaia manifestar a señora Prado nesta Cámara a título persoal.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Perdón. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, señora Prado, non ten a palabra. ¡Non ten a palabra! *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non lle dei a palabra. E, ademais, vostede sabe —e, como membro da Mesa debería sabelo aínda mellor— que as alusións teñen un turno de contestación da persoa aludida. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, perdón, non ten vostede a palabra. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Non ten... É igual. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* El foi aludido. Se hai outra cuestión, discutirase noutro foro. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non; non ten... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señora Prado, vostede reprochoume o outro día como presidía eu! ¡Imaxine se presidise vostede! *(Risos.) (Murmurios.)*

¡Home, por favor! Non me diga... Estoulle dicindo que non ten a palabra. O Regulamento di o que di e vostede segue e segue. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* E o outro día e recriminoume a min: «¡Vaia forma de presidir! ¡Por favor!» Deixemos a cousa aí. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

Quería comunicar outra cousa, e perdóeme que o faga. Hoxe tiveron coñecemento —hoxe pola tarde— do pasamento dun pintor, coñecido como Alexandro, que é Alejandro Gómez Cruz; un pintor ourensán que ten unha obra importante neste Parlamento. Polo tanto, eu quería dende aquí renderlle o noso recordo e o noso cariño.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Suspéndese a sesión.



Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

